



AGRUPACIÓN EUROPEA DE  
COOPERACIÓN TERRITORIAL  
**GALICIA  
NORTE DE  
PORTUGAL**  
AGRUPAMENTO EUROPEU DE  
COOPERAÇÃO TERRITORIAL

# Estudo das industrias culturais e creativas **en Galicia e o Norte de Portugal** realizado pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial



UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL  
*"Invertimos en su futuro"*



PROGRAMA  
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA  
ESPAÑA - PORTUGAL  
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA  
2007 - 2013



CCDRn  
COMISSÃO DE COORDENAÇÃO E  
DESENVOLVIMENTO REGIONAL DO NORTE



XUNTA  
DE GALICIA

Entidades colaboradoras:



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



ADDICT  
creative industries  
PORTUGAL



Primus  
Agência Metropolitana de Desenvolvimento Regional

## Índice de contidos

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>7</b>
<b>2</b>	<b>DAS INDUSTRIAS CULTURAIS ÁS INDUSTRIAS CREATIVAS</b> .....	<b>10</b>
<b>3</b>	<b>A DELIMITACIÓN E A CUANTIFICACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS: METODOLOXÍA EMPREGADA NO ESTUDO</b> .....	<b>16</b>
3.1	ANTECEDENTES DO TRABALLO DA AECT PARA ANALIZAR A DIMENSIÓN ECONÓMICA DAS ICC NA EURORREXIÓN .....	22
3.1.1	<i>Antecedentes en Galicia</i> .....	22
3.1.2	<i>Antecedentes en Portugal do presente traballo</i> .....	24
3.2	MODELO ADOPTADO NO TRABALLO PARA A ANÁLISE DOS DATOS .....	27
3.3	CLASIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES CONSIDERADAS NAS ICC DE ACORDO CO MODELO .....	38
<b>4</b>	<b>A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS GALEGAS</b> .....	<b>46</b>
4.1	O TECIDO EMPRESARIAL DAS ICC EN GALICIA .....	46
4.2	AS MAGNITUDES ECONÓMICAS DAS ICC EN GALICIA .....	51
4.3	O EMPREGO NAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS GALEGAS .....	64
4.4	OS DATOS ECONÓMICOS DA ARQUITECTURA EN GALICIA .....	74
4.4.1	<i>O volume de negocio dos servizos de arquitectura en Galicia</i> .....	75
4.4.2	<i>O resultado de explotación dos servizos técnicos de arquitectura</i> .....	76
4.4.3	<i>O emprego galego na arquitectura</i> .....	78
4.5	OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA .....	81
4.5.1	<i>O volume de negocio das artes escénicas en Galicia</i> .....	83
4.5.2	<i>O resultado de explotación</i> .....	84
4.5.3	<i>O emprego galego das artes escénicas</i> .....	86
4.6	OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES PLÁSTICAS EN GALICIA .....	89
4.6.1	<i>O volume de negocio nas artes plásticas en Galicia</i> .....	91
4.6.2	<i>O resultado de explotación nas artes plásticas en Galicia</i> .....	91
4.6.3	<i>O emprego nas artes plásticas en Galicia</i> .....	92
4.7	OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA .....	95
4.7.1	<i>A cifra de negocios do sector audiovisual galego</i> .....	99
4.7.2	<i>O resultado de explotación do audiovisual galego</i> .....	101
4.7.3	<i>O emprego da industria audiovisual en Galicia</i> .....	103
4.8	OS DATOS ECONÓMICOS DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS BIBLIOTECAS, MUSEOS, ARQUIVOS E O PATRIMONIO HISTÓRICO EN GALICIA.....	106
4.8.1	<i>O volume de negocio das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia</i> .....	108
4.8.2	<i>O resultado de explotación das empresas galegas das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio</i> .....	109
4.8.3	<i>O emprego galego das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio</i> .....	111
4.9	OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE DESEÑO.....	114
4.9.1	<i>O volume de negocio das empresas de deseño en Galicia</i> .....	116
4.9.2	<i>O resultado de explotación das empresas galegas de deseño</i> .....	117
4.9.3	<i>O emprego das empresas galegas de deseño</i> .....	118
4.10	OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE FOTOGRAFÍA .....	121
4.10.1	<i>O volume de negocio da fotografía en Galicia</i> .....	122
4.10.2	<i>O resultado antes de impostos das empresas de fotografía en Galicia</i> .....	124
4.10.3	<i>O emprego na fotografía galega</i> .....	125
4.11	OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA MUSICAL GALEGA .....	128

4.11.1	<i>O volume de negocio da industria musical en Galicia</i> .....	130
4.11.2	<i>O resultado de explotación da industria da música en Galicia</i> .....	132
4.11.3	<i>O emprego da industria musical galega</i> .....	133
4.12	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO EN GALICIA</b> .....	137
4.12.1	<i>O volume de negocio das empresas do produto gráfico</i> .....	139
4.12.2	<i>O resultado de explotación da industria do produto gráfico galego</i> .....	141
4.12.3	<i>O emprego da industria gráfica en Galicia</i> .....	143
4.13	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE PUBLICIDADE</b> .....	146
4.13.1	<i>O volume de negocio da publicidade en Galicia</i> .....	148
4.13.2	<i>O resultado de explotación da publicidade galega</i> .....	149
4.13.3	<i>O emprego galego relacionado coa publicidade</i> .....	151
4.14	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE RADIO</b> .....	154
4.14.1	<i>O volume de negocio das empresas de radio en Galicia</i> .....	156
4.14.2	<i>O resultado de explotación das empresas galegas de radio</i> .....	157
4.14.3	<i>O emprego das empresas galegas de radio</i> .....	158
4.15	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE TIC</b> .....	161
4.15.1	<i>O volume de negocio das TIC relacionadas coas ICC en Galicia</i> .....	163
4.15.2	<i>O resultado de explotación das empresas das TIC galegas do eido das ICC..</i>	165
4.15.3	<i>O emprego galego nas TIC</i> .....	167
<b>5</b>	<b>A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	<b>170</b>
5.1	<b>O TECIDO EMPRESARIAL DAS ICC NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	170
5.2	<b>AS MAGNITUDES ECONÓMICAS DAS ICC NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	175
5.3	<b>O EMPREGO NAS ICC NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	188
5.4	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA ARQUITECTURA NO NORTE DE PORTUGAL</b> ... 193	
5.4.1	<i>O volume de negocio dos servizos de arquitectura no Norte de Portugal</i> .....	194
5.4.2	<i>O resultado de explotación dos servizos técnicos de arquitectura no Norte de Portugal</i> .....	195
5.4.3	<i>O emprego na arquitectura no Norte de Portugal</i> .....	197
5.5	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES ESCÉNICAS NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	200
5.5.1	<i>O volume de negocio das artes escénicas</i> .....	202
5.5.2	<i>O resultado de explotación das empresas de artes escénicas</i> .....	203
5.5.3	<i>O emprego das artes escénicas</i> .....	205
5.6	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES PLÁSTICAS NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	208
5.6.1	<i>O volume de negocio nas artes plásticas no Norte de Portugal</i> .....	210
5.6.2	<i>O resultado antes de impostos nas artes plásticas no Norte de Portugal</i> .....	211
5.6.3	<i>O emprego nas artes plásticas no Norte de Portugal</i> .....	212
5.7	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	215
5.7.1	<i>A cifra de negocios do sector audiovisual do Norte de Portugal</i> .....	217
5.7.2	<i>O resultado de explotación do audiovisual no Norte de Portugal</i> .....	219
5.7.3	<i>O emprego da industria audiovisual no Norte de Portugal</i> .....	221
5.8	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS BIBLIOTECAS, OS MUSEOS, OS ARQUIVOS E O PATRIMONIO HISTÓRICO E A EDUCACIÓN CULTURAL NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	224
5.8.1	<i>O volume de negocio das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal</i> .....	226

5.8.2	<i>O resultado de explotación das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal</i> .....	227
5.8.3	<i>O emprego nas actividades dos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal</i> .....	228
5.9	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS DE DESEÑO DO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	231
5.9.1	<i>O volume de negocio das empresas de deseño no Norte de Portugal</i> .....	232
5.9.2	<i>O resultado de explotación das empresas de deseño do Norte de Portugal</i> .....	234
5.9.3	<i>O emprego das empresas de deseño do Norte de Portugal</i> .....	235
5.10	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS DE FOTOGRAFÍA DO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	238
5.10.1	<i>O volume de negocio da fotografía na rexión Norte</i> .....	239
5.10.2	<i>O resultado antes de impostos das empresas de fotografía no Norte de Portugal</i> .....	240
5.10.3	<i>O emprego na fotografía na rexión Norte</i> .....	242
5.11	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA MUSICAL NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	245
5.11.1	<i>O volume de negocio da industria musical no Norte de Portugal</i> .....	247
5.11.2	<i>O resultado de explotación da industria da música no Norte portugués</i> .....	248
5.11.3	<i>O emprego da industria musical no Norte de Portugal</i> .....	250
5.12	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	254
5.12.1	<i>O volume de negocio das empresas do produto gráfico do Norte de Portugal</i> .....	256
5.12.2	<i>O resultado de explotación da industria do produto gráfico no Norte de Portugal</i> .....	258
5.12.3	<i>O emprego da industria gráfica no Norte de Portugal</i> .....	260
5.13	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA PUBLICIDADE NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	264
5.13.1	<i>O volume de negocio da publicidade na rexión Norte</i> .....	265
5.13.2	<i>O resultado de explotación da publicidade no Norte portugués</i> .....	266
5.13.3	<i>O emprego relacionado coa publicidade no Norte de Portugal</i> .....	268
5.14	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DA RADIO NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	271
5.14.1	<i>O volume de negocio das empresas de radio no Norte de Portugal</i> .....	272
5.14.2	<i>O resultado de explotación das empresas de radio no Norte de Portugal</i> .....	273
5.14.3	<i>O emprego das empresas de radio no Norte portugués</i> .....	274
5.15	<b>OS DATOS ECONÓMICOS DAS TIC NO NORTE DE PORTUGAL</b> .....	277
5.15.1	<i>O volume de negocio das TIC no Norte de Portugal</i> .....	279
5.15.2	<i>O resultado de explotación das TIC do Norte portugués</i> .....	280
5.15.3	<i>O emprego nas TIC no Norte de Portugal</i> .....	282
<b>6</b>	<b>A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL</b> .....	<b>285</b>
<b>7</b>	<b>PRINCIPAIS REFLEXIÓNS EXTRAÍDAS DO ESTUDO E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN</b> .....	<b>301</b>
<b>8</b>	<b>ANEXOS</b> .....	<b>305</b>
8.1	ANEXO 1 .....	305
8.2	ANEXO 2 .....	308
8.2.1	<i>Arquitectura</i> .....	308
8.2.2	<i>Artes escénicas</i> .....	308
8.2.3	<i>Artes plásticas</i> .....	308
8.2.4	<i>Audiovisual</i> .....	309
8.2.5	<i>Bibliotecas, museos, arquivos</i> .....	309

8.2.6	<i>Deseño</i> .....	310
8.2.7	<i>Fotografía</i> .....	310
8.2.8	<i>Música</i> .....	310
8.2.9	<i>Produto gráfico</i> .....	311
8.2.10	<i>Publicidade</i> .....	311
8.2.11	<i>Radio</i> .....	311
8.2.12	<i>TIC</i> .....	312
<b>9</b>	<b>ÍNDICE DE TÁBOAS</b> .....	<b>313</b>
<b>10</b>	<b>ÍNDICE DE GRÁFICOS</b> .....	<b>318</b>
<b>11</b>	<b>GLOSARIO DE ACRÓNIMOS E INSTITUCIÓN</b> .....	<b>326</b>

## 1 INTRODUCCIÓN

Nun contexto de crise como o actual, onde se asiste á desaceleración da economía, ao debilitamento do sistema financeiro e á progresiva deterioración da situación económica e social, a cultura é un dos primeiros sectores que se ve afectado por estas circunstancias. O primeiro dos efectos desta conxuntura adversa fai referencia á redución na dotación orzamentaria orientada ás actividades culturais e creativas (en Galicia caeu case nun 50 % nos últimos tres anos e en Portugal o 15,11 %). Por outra banda, os consumos dos individuos contráense por unha menor dispoñibilidade de renda das familias e unha menor cota destinada ao lecer e, por último, as empresas achegan menos fondos a programas de patrocinios e mecenados ou á compra directa de servizos culturais e creativos.

O certo é que existe a opinión xeneralizada de que, en contextos de crise como o que se está a vivir na actualidade, as políticas públicas deberían poñer o acento nas medidas de carácter máis produtivo ou de infraestruturas, con especial incidencia no emprego e mantendo sempre o nivel de servizos sociais, e a cultura debería quedar relegada a un segundo plano en orde de importancia.

Co obxecto de demostrar o errado desta postura, este traballo pretende evidenciar con cifras concretas o potencial da cultura para crear crecemento e emprego, a súa consideración como industria e a importancia de investir neste sector para xerar valor engadido, riqueza e postos de traballo.

É nesta conxuntura, na que o emprego constitúe unha prioridade na axenda política, onde as industrias culturais e creativas (ICC) manifestan un bo comportamento neste aspecto, xa que adoitan ser intensivas en man de obra, dan traballo a persoal que na maioría dos casos goza dun bo nivel de cualificación e precisan dun baixo custo para a creación de novos postos de traballo polo baixo nivel de investimentos necesarios (frente a outros sectores de carácter claramente industrial)<sup>1</sup>. Os investimentos en infraestruturas que precisa o sector están xa realizados na maior parte dos casos (auditorios, incubadoras, patrimonio etc.) e moitos dos postos de traballo están vinculados á creatividade e á innovación e non tanto a dotacións físicas.

Outro aspecto que cómpre considerar nas ICC está relacionado co potencial do emprendemento nestes sectores, por non precisar de grandes investimentos e depender fundamentalmente do talento e da creatividade dos traballadores, ambos os dous recursos inmateriais e, polo tanto, ilimitados. Cabe destacar tamén a permanencia dos traballadores no sector, que practican unha especie de militancia, pois en caso de cesamento adoitan ou ben constituírse pola súa conta ou iniciar unha nova andaina nunha empresa que xa opera no mercado. En termos netos, estase a reter emprego en todas as industrias culturais e creativas, xa que a destrución de emprego nas empresas de maior tamaño se está a compensar co emprego autónomo. Por último, hai que referirse á posibilidade de transferencia e de irradiación desde o sector cultural e creativo cara a outros sectores. A creatividade e a innovación de base non tecnolóxica demostraron a súa capacidade de potenciar os sectores máis

---

<sup>1</sup> A temporalidade dos contratos destas actividades, suxeita a proxectos concretos e altamente estacionaria en moitos dos sectores, non se cuestiona e podería ser obxecto de intervención.

tradicionais, como poden ser o téxtil, a fabricación de mobles ou o sector vitivinícola, ademais dos innegables efectos positivos que producen no sector turístico.

De feito, a cultura como industria sitúase nos países máis industrializados entre os primeiros catro postos no relativo aos recursos internos mobilizados e á obtención de divisas nos mercados externos. Así pois, creceu en termos relativos moito máis que a maioría doutros sectores produtivos ou de servizos, de xeito que non só permite o autofinanciamento das actividades culturais que xeran, senón que obteñen delas importantes beneficios económicos.

Tamén merece especial atención a alta atomización nas ICC da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, característica que adoita ser considerada unha debilidade, pero que en momentos de crise e cambio permite unha maior flexibilidade e capacidade de adaptación ás novas circunstancias. Ademais, a dispersión da actividade das industrias culturais e creativas e a capilaridade do seu tecido produtivo converten o sector nun importante axente no reequilibrio territorial da Eurorrexión e de redistribución da renda.

Como se demostrará posteriormente, trátase dun sector cun crecemento máis rápido que a media da economía. Ademais, son moitos os sectores do tecido empresarial europeo que se ven beneficiados pola súa actividade, en especial no campo das tecnoloxías da información e das comunicacións e da innovación. Por outra parte, as industrias culturais e creativas constitúen na actualidade algúns dos sectores máis dinámicos da economía e o comercio mundiais e no futuro verán aumentado o seu dinamismo.

Precisamente neste punto hai que poñer o acento sobre a rápida e constante transformación que están a sufrir as ICC pola incorporación da dixitalización, as novas tecnoloxías e os cambios nos hábitos de consumo, fundamentalmente polo acceso multiplataforma aos contidos. Todo isto debe levar cara a unha reflexión sobre os efectos que estes cambios van ter sobre as empresas, de xeito que, de non ser adoptadas as políticas axeitadas, existe o risco de perder o tren, con consecuencias fatais para algunhas das ramas de actividade (como fotografía, edición de música, xornais ou libros, animación e videoxogos ou exhibición cinematográfica, por exemplo). Non obstante, a súa incorporación na axenda de prioridades dos gobernos permitiría converter estes cambios nunha grande oportunidade de carácter estratéxico para a Eurorrexión.

As ICC desempeñan, ademais, un papel de soporte para a cultura galega. Nun mundo globalizado, onde os produtos culturais galegos compiten no mercado coas grandes multinacionais do entretemento, só unha industria cultural forte pode ser garantía de supervivencia das manifestacións culturais galegas. Tamén é certo que os sectores máis competitivos nun futuro van ser os que teñan unha base de identidade local que permita xerar factores diferenciais arredor dela, nun mercado máis globalizado. A tendencia na que a arte, a ciencia e a tecnoloxía están a converxer nunha nova fórmula empresarial colaborativa e dixital facilita automaticamente os procesos de internacionalización.

Todo isto constitúe un reto para as políticas públicas. Co apoio preciso, as ICC poden converterse nun dos sectores máis estratéxicos para a Eurorrexión que contribúan a saír da crise actual. A cultura e a creatividade non deben ser vistas como parte do



problema, senón desde a óptica da solución. Faise preciso apoiar a produción cultural e o consumo en lugar de crear infraestruturas culturais, de xeito que se dote o sector de espazos de produción. É certo que as cifras das ICC demostran o inicio dunha etapa de contracción nas grandes variables económicas, pero isto é así porque toda a economía da Eurorrexión se está a contraer. Só se somos capaces de crear un sector cultural máis importante poderemos saír da crise.

Para rematar, cómpre referir que o modelo seguido no estudo que se presenta a continuación conta cunha orientación estritamente mercantil, por ser a fonte empregada en case todo o traballo<sup>2</sup> o Rexistro Mercantil, de maneira que reflicte a actividade da economía exclusivamente empresarial. Se a isto se lle engade a actividade asociada ao sector público e ao sector social, ademais da xerada polos empresarios individuais, o volume de negocio e o emprego poderían chegar a duplicarse. Polo tanto, pode afirmarse que, seguindo un enfoque conservador e de mínimos, o sector cultural e creativo representa polo menos as contías que nos seguintes apartados se presentan.

---

<sup>2</sup> Salvo nos casos do DIRCE do INE, a Contabilidade Nacional ou a Seguridade Social.



## 2 DAS INDUSTRIAS CULTURAIS ÁS INDUSTRIAS CREATIVAS

O papel do sector cultural e creativo na economía é aínda un gran descoñecido. Por unha banda, tradicionalmente non se lle concedeu demasiada importancia económica a este sector e, por outra, encontrámonos ante un panorama desolador en cuestión de ferramentas estatísticas que permitan medir esa contribución económica.

Segundo os traballos da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), a cultura pode definirse, de xeito amplo, como un conxunto de trazos espirituais, materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan a unha sociedade ou grupo social, que inclúe arte, literatura, pero tamén estilos de vida, sistemas de valores, tradicións e crenzas. Tamén se pode definir como un conxunto de valores que lles outorga ás persoas a posibilidade de ser e actuar. Polo tanto, pódense considerar cultura elementos como as ciencias, os medios de comunicación ou as tecnoloxías da información.

**Nas últimas décadas diversos organismos internacionais e en diferentes rexións e países realizaron esforzos por definir os alcances e impactos das actividades culturais ou creativas nas economías e sociedades locais,** o que implicou a necesidade de desenvolver un novo campo de análise como o da economía creativa. Estas análises pretenden mostrar que **as expresións, actividades ou produtos da esfera creativa teñen unha importancia destacable en termos de magnitudes económicas máis alá do valor simbólico que se lles poida adxudicar.** Preocupacións como as de dimensionar en termos económicos o cultural ou creativo xurdiron en xeral desde áreas da xestión pública cultural tanto locais como nacionais e en organismos internacionais vinculados a estes temas.

Neste contexto foi crecendo a comprensión sobre a necesidade de medir e analizar estas novas realidades e as súas implicacións sociais, políticas e económicas na xestión pública cultural e nos diferentes axentes da cultura para contar con elementos certos á hora de definir políticas para o sector. Como resultado destes procesos, en distintos países e cidades fóronse creando, dentro das áreas de xestión cultural, ou impulsadas por elas, unidades dedicadas a producir estatísticas e estudos culturais.

Dentro dese marco institucional leváronse a cabo estudos co obxecto de analizar os impactos económicos e sociais da cultura, para o cal previamente foi necesario delimitar o campo cultural. Aínda que a definición dos límites do sector cultural siga a ser motivo de debate, houbo avances nesas demarcacións, ás que contribuíron en gran medida os marcos de referencia de estatísticas culturais realizados pola UNESCO.

A definición conceptual que realizan organismos internacionais con liderado nestes temas, como a UNESCO, evolucionou ao longo do tempo. En 1982 este organismo consideraba que existe unha industria cultural cando os bens e servizos culturais se producen, reproducen, conservan e difunden de acordo con criterios industriais e comerciais, é dicir, en serie e aplicando unha estratexia de tipo económico, en vez de perseguir só unha finalidade de desenvolvemento cultural (UNESCO, 1982; Getino, 2008). Esta definición clásica das industrias culturais inclúe os sectores provedores de produtos culturais reproducibles ou difundidos de xeito masivo, como a industria cinematográfica, o sector editorial, os medios de comunicación ou a industria

fonográfica. Estes sectores diferéncianse dos que contan con procesos de produción máis artesanais nos que o produto final é único, como no caso das artes plásticas, ou repetible pero efémero, como pasa coas artes escénicas. Esa definición parte dunha concepción que distinguía entre economía e cultura como campos separados e dalgún xeito tamén doutra antiga separación: a das belas artes fronte á cultura de masas.

Atendendo á definición adoptada pola UNESCO, as industrias culturais son as que producen e distribúen bens ou servizos culturais que, considerados desde o punto de vista da súa calidade, uso ou finalidade específicas, encarnan ou transmiten expresións culturais, independentemente do valor comercial que poidan ter.

De acordo con esta definición e co comentado anteriormente, as industrias culturais presentan as seguintes características:

- Teñen como materia prima unha creación protexida por dereitos de autor, fixada sobre soporte físico ou electrónico.
- Nelas inclúense os bens e servizos culturais que son producidos, conservados ou difundidos en serie, con circulación xeralmente masiva.
- Posúen procesos propios de produción, circulación e apropiación social.
- Están adaptadas ás lóxicas do mercado e á comercialización, ou teñen o potencial para entrar nelas.
- E, por último, son espazos de integración e produción de imaxinarios sociais, conformación de identidades e promoción de cidadanía.

Independentemente do contido e da amplitude do concepto, as **industrias culturais presentan unha dobre faceta, xa que son á vez un recurso económico e unha fonte de identidade e cohesión social**, o que esixe abordalas cun dobre enfoque: por unha banda, aproveitando o seu potencial para contribuír ao desenvolvemento da economía e, por outra, para que este afianzamento económico propio favoreza as expectativas e intereses culturais dos membros dunha sociedade.

Nesta liña, os produtos culturais non só son portadores de identidade, valores e significado, senón que ademais son factores de desenvolvemento económico e social. Esta indisoluble dualidade cultural e económica das industrias culturais esténdese de xeito obrigado aos seus produtos que, por esa mesma razón, non poden ser considerados como meras mercancías de consumo ou entretemento.

A industrialización non vai en contra da creación, porque o que distingue un produto cultural doutros produtos de consumo é a súa dimensión simbólica. En cultura, o valor xérase no proceso de creación da idea e no desenvolvemento de prototipos. A produción industrial dun prototipo non engade valor cultural, aínda que si pode engadir valor económico e accesibilidade. O valor cultural ten que ver co talento e a creatividade, e este proceso é necesariamente artesán.

A produción cultural debe atopar o equilibrio entre a singularidade de cada experiencia cultural (un concerto, por exemplo) e a produción seriada de obxectos culturais (un libro) ou produtos electrónicos (un videoxogo). É certo que se asigna maior valor ao singular que ao producido en serie, pero a reprodución seriada fai accesibles moitos produtos que serían inviables como produtos únicos. Hai que ter en conta tamén a necesidade de satisfacer o incremento da demanda de produtos culturais que se deu

nas últimas décadas a causa de diversos factores (como o incremento no nivel de renda per cápita, a educación ou a democratización da cultura).

**Na definición actual, porén, xa se asumen as industrias culturais na súa dobre dimensión –cultural e económica–, e o termo aplícase ás industrias que combinan a creación, produción e comercialización de contidos que son inmateriais e culturais na súa natureza.** Estes contidos adoitan ser protexidas polos dereitos de autor e poden tomar a forma de bens ou servizos. Esta dobre natureza constrúe o perfil distintivo das industrias culturais (UNESCO, 2008).

Pero, neste contexto, a delimitación máis difusa, fundamentalmente, no que respecta á súa articulación coas actividades económicas de produción, distribución e consumo de bens e servizos, xa sexa no caso das que se relacionan máis estreitamente co núcleo duro dos bens culturais e que son incluídas na definición de industrias culturais, ou daquelas que incorporan de xeito relevante competencias asociadas á creación, diferenciación e desenvolvemento de elementos inmateriais nos restantes bens e servizos e que progresivamente son cubertas pola definición de industrias creativas.

É neste marco no que xorden máis recentemente as concepcións de industrias creativas e economía creativa<sup>3</sup>. A definición do sector cultural baseada nunha concepto restritivo de actividades culturais –limitadas ás distintas formas de preservación da memoria en termos de patrimonio e ao fomento da creación e difusión en termos artísticos– vai perdendo sentido. As dimensións do sector cultural agréndanse ao mesmo tempo que as súas fronteiras se tornan máis difusas, fundamentalmente no que respecta á súa articulación coas actividades económicas de produción, distribución e consumo de bens e servizos, xa sexa no caso das que se relacionan máis estreitamente co núcleo duro dos bens culturais e que se inclúen na definición de industrias culturais ou naquelas que incorporan de xeito relevante competencias asociadas á creación, diferenciación e desenvolvemento de elementos inmateriais nos restantes bens e servizos e que progresivamente son cubertas pola definición de industrias creativas. **O sector das industrias creativas, de acordo coa UNESCO, representa un conxunto máis amplo de actividades que inclúe as industrias culturais máis toda produción artística ou cultural, xa sexan espectáculos ou bens producidos individualmente.** Son as actividades nas que o produto ou servizo contén un elemento artístico ou creativo substancial (UNESCO, 2006).

Segundo a Conferencia das Nacións Unidas para o Comercio e o Desenvolvemento, nun documento pioneiro a nivel internacional (UNCTAD, 2008) —no sentido de que estima o valor do sector a unha escala internacional con base na cadea de valor e recoñece, paralelamente, o papel central deste no estímulo ao desenvolvemento humano—, as industrias creativas comprenden o ciclo de creación, produción e distribución de bens e servizos que utiliza o capital intelectual como *input* principal. Trátase dun conxunto de actividades baseadas no coñecemento que se centra nas artes, pero non se limita a elas.

Aínda cando ambas as definicións teñen puntos de contacto, é distinta a énfase na ruptura co estritamente cultural. A definición da UNESCO de industrias creativas

---

<sup>3</sup> Xorde en Australia en 1994 co lanzamento do informe *Nación Creativa* por parte do goberno daquel país e toma maior difusión a partir da súa aplicación na xestión pública cultural de Gran Bretaña desde 1997.

amplía o concepto orixinal de industrias culturais á produción de bens e servizos non industriais pero con base no cultural ou artístico, inclusive cando logo o estende ao creativo. Nesta mesma liña, a UNCTAD define máis claramente que se amplía o eixe desde o artístico ou cultural cara ao capital intelectual, sen limitarse polo tanto ao cultural.

A noción de sector cultural vaise, pois, agrandando neste contexto a partir dun núcleo duro centrado no concepto de produción e o consumo artístico irrepetible e, polo tanto, na esfera das belas artes e dos espectáculos (artes plásticas e escénicas), ao cal se suman, en primeiro lugar, as actividades de masificación e divulgación dos produtos artísticos e dos bens e servizos culturais (ligados, por exemplo, á edición e á distribución cinematográfica) e, posteriormente, aquelas nas que a cultura é un *input* nun modelo produtivo que se caracteriza pola utilización intensiva de coñecemento.

Segundo o documento xa mencionado da UNCTAD, as industrias creativas atópanse na intersección entre a arte, a cultura, os negocios e a tecnoloxía [...]. Abarcan desde a música, os libros, a pintura e as artes dramáticas, ata subsectores de alto índice tecnolóxico como a industria do cine, a radiodifusión, a animación dixital, os videoxogos ou a xeración de contidos para novas plataformas, incluíndo tamén os sectores orientados á prestación de servizos tales como a arquitectura e a publicidade.

As industrias creativas refírense, pois, ás actividades que teñen a súa orixe na creatividade individual, habilidade e talento e con potencial de creación de emprego e riqueza a través da xeración e explotación da propiedade intelectual. Este concepto de industrias creativas, orixinalmente desenvolvido polo Departamento de Cultura, Comunicación e Deporte do Reino Unido (DCMS), integra unha ampla listaxe de actividades bastante heteroxéneas entre si, como publicidade, arquitectura, artes plásticas e antigüidades, artesanía e xoiería, deseño, deseño de moda, cine, vídeo e audiovisual, software educativo e de lecer, música, artes escénicas, edición, software e servizos de informática e TV e radio. A lista permite pensar que o DCMS entendeu que estas actividades teñen unha característica común entre elas, xa que se basean na imaxinación e a creatividade individual, asociadas á habilidade e ao talento, e producen riqueza e postos de traballo a través da xeración e exploración de novos contidos e propiedade intelectual.

No traballo *The Economy of Culture in Europe*, elaborado para a Comisión Europea pola KEA European Research en 2006, ofrécense unha clasificación das actividades consideradas dentro das industrias creativas de acordo coa **teoría dos círculos**. Esta aséntase sobre a diferenciación dun sector cultural, constituído polos campos das artes tradicionais e das actividades culturais, e un sector creativo, que considera as actividades que usan a cultura como medio de engadir valor a produtos non culturais.

Atendendo a esta proposta, a economía da cultura defínese como un proceso de radiación, con base nun modelo centrado nun núcleo orixinario de ideas creativas, que irradia cara ao exterior nun proceso en que estas ideas se van combinando con cada vez máis *inputs* para producir unha gama de produtos cada vez maior<sup>4</sup>. Isto supón que as industrias creativas comprenden unha serie de actividades diversas que van desde os subsectores tradicionais ás de alto índice tecnolóxico ou ás orientadas á prestación

---

<sup>4</sup> Os autores do estudo conciben a economía da cultura constituída por varios círculos concéntricos arredor dun núcleo central de artes que inclúe produtos culturais non industriais.

de servizos. Deste xeito abranguen actividades tan diversas como arte folclórica, festivais, música, libros, pintura e artes dramáticas, industria do cine, fotografía, radiodifusión, animación dixital e videoxogos, deseño, arquitectura ou publicidade.

Táboa 1. Comparación dos distintos modelos empregados para o estudo das industrias culturais e creativas e actividades incluídas

British Council	Modelo dos textos simbólicos	Modelo de círculos concéntricos	Modelo da propiedade intelectual	Modelo UIS de comercio relacionado	Modelo americano das artes
<p>Baseado na creatividade, habilidade e talento e con potencial de creación de emprego e riqueza, a través da xeración de propiedade intelectual.</p> <p>Publicidade Arquitectura Artes visuais e antigüidades Artesanía e xoiería Deseño Deseño de moda Cine, vídeo e audiovisual SW educativo e de lecer Música Artes escénicas Edición SW e servizos informáticos TV e radio</p>	<p>Baseado nas actividades relacionadas coa produción industrial e divulgación de textos simbólicos.</p> <p><b>Sectores culturais do núcleo:</b></p> <p>Cine Internet Música Publicidade TV e radio Vídeo e xogos de ordenador</p> <p><b>Industrias culturais periféricas</b></p>	<p>Baseado na orixe e difusión de ideas creativas en son, texto e imaxe a partir do "core" de artes gráficas.</p> <p><b>Núcleo de artes creativas:</b></p> <p>Literatura Música Artes escénicas</p> <p><b>Outros sectores culturais principais:</b></p> <p>Cine Museos e bibliotecas</p>	<p>Baseado en industrias ligadas á creación, fabricación, produción, difusión de obras susceptibles de dereitos de autor.</p> <p><b>Núcleo sectores con dereitos de autor:</b></p> <p>Publicidade Cine e vídeo Música Artes escénicas Edición Software TV e radio Artes visuais e gráficas</p> <p><b>Sectores independentes con dereitos de autor:</b></p> <p>Material de gravación Electrónica de consumo Instrumentos musicais Papel Fotocop. e equipos fotográficos</p> <p><b>Sectores con dereitos de autor parciais:</b></p> <p>Arquitectura Téxtil Deseño Moda Xoguetes...</p>	<p>Baseado na presenza dos bens e servizos culturais no comercio internacional.</p> <p><b>Núcleo de bens e servizos culturais:</b></p> <p>Servizos audiovisuais Libros Royalties Música Patrimonio Prensa Gravación Videoxogos Artes visuais</p> <p><b>Bens e servizos culturais relacionados:</b></p> <p>Publicidade</p>	<p>Baseado nos negocios relacionados coa produción e distribución de bens artísticos.</p> <p>Publicidade Arquitectura Deseño Cine Museos Zoo Música Artes escénicas</p>

### 3 A DELIMITACIÓN E A CUANTIFICACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS: METODOLOXÍA EMPREGADA NO ESTUDO

**As industrias creativas constitúen un compoñente cada vez máis importante nas economías postindustriais baseadas no coñecemento.** A cultura como industria creceu en termos relativos moito máis que a maior parte dos outros sectores e ocupa nos países máis industrializados o terceiro ou cuarto posto en canto a recursos internos mobilizados e á obtención de divisas nos mercados externos, de xeito que non só autofinancian as actividades culturais que xeran, senón que obteñen delas importantes beneficios económicos.

Trátase, pois, dun sector en crecemento cun desenvolvemento máis rápido que o do resto da economía, á vez que move moitos outros sectores do tecido empresarial europeo, nomeadamente no campo das tecnoloxías da información e das comunicacións e da innovación<sup>5</sup>. Por outra parte, as industrias culturais e creativas constitúen hoxe en día algúns dos sectores máis dinámicos da economía e o comercio mundiais e están chamadas a incrementar o seu dinamismo no futuro<sup>6</sup>.

Pero as industrias culturais e creativas non só contribúen ao crecemento económico e á creación de emprego, senón que tamén actúan como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural.

O crecente impacto económico dos sectores da cultura e o lecer, ao actuar de arrastre sobre outros sectores, a súa importancia nos procesos de cohesión territorial e a súa maior presenza nas combinacións que permiten dar idea da calidade de vida dos cidadáns, convérteos en elementos estratéxicos para definir a competitividade dos territorios.

Durante a última década, diferentes gobernos de todo o mundo empezaron a recoñecer este feito e comezaron a desenvolver políticas específicas para a promoción das industrias creativas. Este crecente interese por este tipo de industrias, que durante un longo período de tempo foron consideradas como industrias marxinais, supuxo a proliferación de análises, estatísticas, mapeos e estudos sobre a relación entre as industrias creativas e o desenvolvemento económico, e facilitaron aos órganos legislativos de diferentes países os datos e información necesarios para a elaboración de políticas públicas neste ámbito.

Como se afirmaba no informe do Parlamento Europeo *Las industrias culturales y el empleo en los países de la Unión Europea*, se as industrias culturais teñen unha dimensión estruturadora, cando reforzan a cohesión dun territorio mediante o seu desenvolvemento socioeconómico e, ao mesmo tempo, unha dimensión de identificación, dado que consolidan as identidades culturais dos pobos europeos, as

---

<sup>5</sup> KEA European Affairs (2006): *La economía de la cultura en Europa*. Dirección General de Educación y Cultura de la Comisión Europea. Comisión Europea.

<sup>6</sup> Tanto é así que existen evidencias que confirman que as industrias creativas se atopan entre os sectores emerxentes máis dinámicos do comercio mundial.



instancias políticas comunitarias deberían ser capaces de poñer de manifesto o potencial deste sector traducíndoo en actos políticos<sup>7</sup>.

A importancia das políticas públicas dirixidas a todos os sectores das industrias culturais radica na antes comentada **dobre natureza destas actividades** tan particulares: por un lado, son sectores industriais que comparten as mesmas características que calquera outro sector industrial e, por outro, posúen unha característica fundamental que as diferencia do resto, que é a súa especificidade cultural.

As distintas canles a través das que os produtos culturais poden ter impacto sobre o desenvolvemento local poden resumirse en:

- Poder de atracción das actividades culturais<sup>8</sup>.
- Incremento dos ingresos locais e estímulo da economía.
- Capacidade de crear novos bens e servizos que serán vendidos maioritariamente fóra do territorio pero que retornarán como novos ingresos.
- Poder de crear un sistema de valores e referencias que poden albergar a comunicación entre diferentes grupos de persoas dentro dun territorio, ou a toma de riscos comúns.

Por todo iso, os programas de fomento das industrias culturais deben ter o propósito de xerar un coñecemento dos recursos culturais tamén nun sentido económico. A meta desde este punto de vista é a transformación da cultura nun recurso, a creación de postos de traballo, a xeración dunha maior riqueza e o desenvolvemento dun turismo sostible.

O sector cultural debe considerarse como un factor relevante para a economía produtiva. Os parámetros de comparación móstrano como un sector moi importante, que achega un 2,6 % do PIB da Unión Europea e cinco millóns de empregos na UE-27. Ata o momento, **as industrias culturais en España representarían cerca do 5 % do PIB en 2010 e emprego para 800 000 traballadores**. Tamén **en Galicia diferentes análises sitúan a súa contribución por riba do 2 % do PIB e do emprego**, porcentaxes superiores a sectores considerados clave como a pesca. **En Portugal, por outro lado, o sector cultural e creativo orixinou, no ano 2006, un valor engadido bruto (VAB) de 3,7 millóns de euros e é responsable do 2,8 % de toda a riqueza creada nese ano en Portugal, superior, por exemplo, á contribución das industrias alimentarias e de bebidas ou a téxtil e de vestiario**. No que se refire ao emprego, o sector cultural e creativo era responsable nese mesmo ano de cerca do 2,6 % do emprego nacional total<sup>9</sup>. É preciso poñer o acento en accións específicas para poder axudar a impulsar a economía creativa co fin de que achegue máis ao PIB e á xeración de emprego. Pero a consecución dos obxectivos

<sup>7</sup> O informe da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), Cultura e Desenvolvemento Local, xustifica este esforzo de estímulo das industrias culturais considerando a súa repercusión no desenvolvemento rexional e local. Neste informe sublíñase a importancia e o poder da creatividade e a cultura como motores para o desenvolvemento persoal e social, como indutores do crecemento económico, así como o seu papel fundamental no desenvolvemento da competitividade na sociedade do coñecemento e de modelar os territorios e as economías locais dun xeito á vez creativo e innovador.

<sup>8</sup> Estas actividades (restauración de monumentos, festivais, exhibicións) atraen a turistas e visitantes locais que consumirán bens e servizos.

<sup>9</sup> Augusto Mateus & Associados (2010). *O Sector Cultural e Criativo em Portugal*. Gabinete de Planeamento, Estratexia, Avaliación e Relacións Internacionais – Ministério da Cultura.

podería ser aínda mellor destinando recursos, desenvolvendo políticas e creando plataformas específicas para obter resultados.

En 2009, a Comunidade Europea publicou un estudo sobre o impacto da cultura no fomento das industrias creativas e a **influencia da creatividade no desenvolvemento económico e social das sociedades**. O estudo propón un conxunto de medidas concretas co obxectivo de crear unha Europa que promova a creatividade a través de incentivos que utilizan a cultura como motor de renovación social e económica. Máis recentemente, a Presidencia Española da Unión Europea promoveu, en Barcelona, o Fórum Europeo de Industrias Culturais, onde se proseguíu coa reflexión sobre a temática.

A partir de todos estes debates, entre as principais recomendacións para facer realidade este potencial creativo é posible destacar as seguintes:

- ❖ crear unha importante base de datos cuantitativos que sirvan de apoio na toma de decisións de lexisladores e reguladores;
- ❖ integrar na axenda de Lisboa o sector cultural e creativo co obxectivo básico de incrementar e mellorar o investimento en creatividade;
- ❖ utilizar e aproveitar ao máximo os programas de axudas existentes na UE;
- ❖ reforzar o mercado interno para as persoas, produtos e servizos creativos;
- ❖ fomentar a mobilidade de artistas, eliminar barreiras fiscais e sociais e adaptar as normas contables para promover a valoración dos activos intanxibles;
- ❖ promover a creatividade e a educación no mundo dos negocios desde a escola ata os niveis profesionais;
- ❖ dar pulo á relación entre creadores e tecnoloxía agrupando as distintas competencias en plataformas de creatividade;
- ❖ e posibilitar o emprego dos instrumentos financeiros do Banco Europeo de Investimentos.

Son cada vez máis os gobernos que recoñecen a importancia das industrias culturais e desenvolven diferentes políticas a nivel nacional e rexional para fomentar o seu crecemento e difusión.

Os obxectivos da cultura como sector económico, segundo se recollen no documento *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega* do Consello da Cultura Galega, serían:

- ❖ Consolidar e ampliar o sector económico cultural, de xeito que se poña en valor como fonte de riqueza o seu peso económico e de emprego, así como a súa capacidade de xerar valor engadido.
- ❖ Facilitar o acceso á cultura: a democracia cultural tamén ten unha dimensión económica, xa que aumentar a creatividade e o capital cultural significa ampliar as capacidades produtivas.
- ❖ Aproveitar o potencial da cultura como valor engadido para outros ámbitos.
- ❖ Liberar o potencial da cultura como activo clave para a innovación e para o cambio de patrón produtivo, sector estratéxico na sociedade do coñecemento.
- ❖ Promover a produción cultural propia e a súa exportación como valor intanxible.

En Portugal o *Plano Tecnológico* considera a innovación especialmente necesaria no que se refire á internacionalización da economía portuguesa e considera que o colectivo de creadores deberá ser posuidor do talento e da tolerancia que permitan innovar e apostar pola tecnoloxía, de xeito que o resultado final sexa o crecemento económico. Este documento define como principais obxectivos estratéxicos no capítulo das industrias creativas os seguintes:

- ❖ Divulgar e promover o concepto de industria creativa en Portugal;
- ❖ Consolidar a base de contidos culturais e informativos;
- ❖ Promover o potencial económico das industrias creativas polo acceso ao financiamento e aos recursos humanos;
- ❖ Promover as cidades creativas en Portugal.

Na rexión Norte de Portugal, a iniciativa *Norte 2015*<sup>10</sup> considera as industrias creativas como prioridade: a definición de medidas de políticas públicas de incentivo á organización e *networking*, á promoción, dinamización e monitorización destes sectores de actividade, na rexión Norte, poderán condicionar positivamente a súa estruturación e consolidación, concretando potencialidades económicas e empresariais relevantes e o reforzo, pola vía da exportación, da imaxe rexional.

A importancia desta área foi tamén destacada pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte (CCDR-N) no programa Norte 2020-Iniciativa Competitividade e Convergencia, onde se definen as áreas prioritarias e de maior potencial para o desenvolvemento da rexión na presente década e a través dos apoios concedidos polo ON.2-O Novo Norte á creación de infraestruturas creativas, a grandes actos ou a actividades e negocios baseados na creatividade e no talento artístico, que ascenden xa a cerca de 65 millóns de euros. O particular impacto da cultura e a creatividade no Norte luso está aínda materializado no constituído Clúster das Industrias Creativas, con sede na rexión.

Co fin de apoiar este crecemento, **as estatísticas desempeñan un papel de vital importancia á hora de brindarlles aos dirixentes unha idea máis clara do impacto que xeran estas actividades e de que xeito o sector público pode crear un contexto máis propicio que permita o agromar destas industrias.** Sen dispoñer aínda dunha metodoloxía internacional estandarizada, desenvolveuse en distintos lugares do mundo un conxunto de investigacións e análises exhaustivas, e certas prácticas e metodoloxías foron amplamente adoptadas como as imperantes.

Para aproveitar as oportunidades que ofrecen as industrias creativas, os gobernos necesitan, en primeiro lugar, definir e identificar os indicadores culturais que van ser medidos para logo desenvolver un mapeo que permita coñecer o comportamento e a situación das industrias culturais dentro das diferentes economías nacionais.

O presente traballo parte do recoñecemento da importancia fundamental que o sector das industrias culturais e creativas ten para a xeración de riqueza e emprego na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

---

<sup>10</sup> Iniciativa pública de preparación e definición da estratexia de desenvolvemento rexional do Norte de Portugal posterior a 2006, promovida conxuntamente pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte (CCDR-N) e o Consello Rexional do Norte.

Para iso, e a falta de cifras homoxéneas, relevantes e o suficientemente actualizadas para os dous ámbitos xeográficos propostos para o estudo, **o proxecto propónse a identificación dos actores que participan nas ICC en ambos os territorios, construíndo unha base de datos ou censo de axentes que permita con posterioridade cuantificar a importancia económica destas actividades a través dun labor de mapeo.**

Esta ferramenta, que supón un esforzo exhaustivo na identificación de todas as actividades económicas culturais relevantes, os actores, o emprego e os vínculos nunha área determinada, presenta unha vantaxe adicional, xa que no propio proceso xera externalidades positivas ao promover unha conciencia considerable arredor das ICC e ademais estimula a colaboración de diferentes axentes que forman parte, dun xeito ou doutro, das industrias culturais<sup>11</sup>.

Por outra banda, nos últimos anos a análise das industrias creativas deixou de apoiarse sobre o valor intrínseco de cada unha das súas expresións sectoriais e **comezou a orientarse cara ao modelo da cadea de produción** na que os subsectores perden a súa importancia en favor da súa posición na cadea.

O concepto de cadea de valor trata de identificar os procesos e operacións que achegan valor á empresa desde a creación da demanda ata que esta recibe o produto ou servizo. É un marco, unha ferramenta de información e coñecemento que permite identificar o conxunto de actividades por medio das cales un produto ou servizo é creado e vendido aos clientes, analizando como inflúe cada unha delas nos custos e nas vantaxes que supoñen fronte á competencia. Reflicte a interacción entre os distintos axentes que interveñen no proceso produtivo.

De feito, **o Creative Industries Production System (CIPS), que mide as actividades da industria creativa, divídese en catro segmentos que son os seguintes: orixe dos contidos, produción, distribución e consumo.**

Polo tanto, a clasificación en función da fase do proceso ou da cadea en que se sitúan as distintas actividades analizadas que vai ser empregada neste traballo é a seguinte:

- **Creación:** refírese aos procesos polos cales a materia creativa e os activos intelectuais son orixinariamente producidos. Esta fase inclúe todas as formas creativas (imaxes, ideas, planos, composicións, texto, xogos, títulos etc.).
- **Produción:** produción de prototipos que logo serán replicados.
- **Produción de bens de equipo:** fabricación de produtos asociados á produción creativa, como pinceis, ordenadores, cámaras fotográficas, instrumentos musicais etc.
- **Distribución:** actividades que levan os produtos e servizos creativos ao mercado, como reprodución de CD, distribución audiovisual, transporte e servizos de distribución dixital etc.
- **Comercialización:** exhibición dos produtos creativos xerados (teatro, salas de concerto, cines etc.) e venda polo miúdo de CD, xogos, libros ou produtos.

---

<sup>11</sup> UNESCO (2006): *Comprender las Industrias Creativas. Las estadísticas como apoyo a las políticas públicas.*

Pero o certo é que non sempre é posible asignar unha fase concreta do proceso a cada empresa da mostra, por operar moitas delas en varias das etapas, o que dificulta a explotación de variables como número de empresas, volume de negocio, resultado ou emprego atendendo a este criterio.

Polo tanto, no marco deste traballo este tipo de clasificación vai ser empregada para a análise de só algunhas das variables manexadas (relativas á afiliación dos traballadores), pois proporciona valiosa información sobre a repartición que cada unha das catro fases poida ter no total das ICC da Eurorrexión ou de cada un dos ámbitos xeográficos analizados.

Gráfico 1. A cadea de valor das industrias culturais e creativas



En definitiva, o modelo adoptado neste traballo comparte criterios con modelos anteriores (cadea de valor e círculos concéntricos, nomeadamente), pero, a diferenza destes, non foi creado obviando a realidade empresarial, senón que emana dun coñecemento da situación do tecido das ICC na Eurorrexión, de xeito que a partir dunha primeira busca por códigos de actividade (e de acordo coas epígrafes seleccionadas) se procede a unha reasignación (en moitos casos manual) de categorías segundo a principal liña de negocio, a engadir empresas que aínda operando baixo outros códigos principais prestan servizo nestes sectores ou a ratear os valores para compañías de epígrafes consideradas pero nas que boa parte da actividade non corresponde ás industrias culturais e creativas.

## 3.1 ANTECEDENTES DO TRABALLO DA AECT PARA ANALIZAR A DIMENSIÓN ECONÓMICA DAS ICC NA EURORREXIÓN

### 3.1.1 Antecedentes en Galicia

O estudo da dimensión económica das industrias culturais galegas ten o seu antecedente máis próximo no Observatorio Audiovisual Galego, dependente da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, que naceu a partir do *Libro Branco do Audiovisual en Galicia* e que ofrece unha serie histórica de datos económicos e financeiros das empresas que operan no sector audiovisual de Galicia desde 1994 a 2008 e de numerosos indicadores de actividade no eido audiovisual galego, configurándose como unha potente ferramenta para o diagnóstico do sector e o apoio ao deseño das políticas públicas do sector.

Xa en 2010 o Consello da Cultura Galega acometeu un traballo baixo o título *O sistema produtivo da cultura en Galicia* no que se pretenden mostrar diferentes aspectos da armazón do sistema produtivo empresarial da cultura galega: as actividades que o compoñen, a súa distribución territorial, a súa contribución á riqueza e á creación de postos de traballo, así como outras particularidades relacionadas co investimento, financiamento, rendibilidade ou gasto, entre outros.

Neste mesmo ano a Fundación Caixa Galicia desenvolveu unha investigación socioeconómica sobre as industrias culturais galegas no traballo *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*, un estudo que pretende ser un mapa integrador das industrias culturais que na actualidade se están desenvolvendo en Galicia.

Posteriormente a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) acometeu un ambicioso traballo baixo o título *As cifras da industria cultural en Galicia* que foi levado a cabo por EOSA Consultores. Este traballo pretendía afondar na dimensión das IC en Galicia nos últimos anos, para o cal se procedeu á creación dunha ampla base de datos de empresas e axentes galegos que desenvolven actividade nos sectores musical, audiovisual, das artes escénicas e no produto gráfico cos seus datos identificativos, de actividade, económicos e financeiros.

Algunhas das características deste traballo son as que se mencionan a continuación:

- Os **sectores incluídos** no estudo foron os seguintes: música (incluíndo edición, *management* ou representación de artistas, organización de actos e concertos, interpretación, fabricación e comercialización de instrumentos, comercialización de soportes de música e actividades auxiliares, fundamentalmente); audiovisual (producción de cine, vídeo, multimedia, animación e televisión, emisión de sinal televisivo, distribución de vídeo e cine e exhibición cinematográfica e actividades auxiliares, como sonorización e dobraxe, aluguer de equipos, escenografía etc.); artes escénicas (teatro, danza, circo e monicreques e actividades auxiliares) e produto gráfico (edición de libros, revistas e xornais, impresión de revistas e xornais, artes gráficas, acabados, deseño gráfico e publicidade, entre outras).
- Contouse cunha **ampla mostra de empresas para analizar** nas bases de datos elaboradas para o desenvolvemento do traballo: a partir dun censo de 2153 empresas localizadas para os códigos de actividade seleccionados,



posteriormente depurado para proceder á eliminación das empresas de tipo máis industrial e menos creativo, e considerando os socios das principais asociacións sectoriais existentes en Galicia, recompiláronse datos económicos de 1427 empresas para, polo menos, os tres últimos exercicios económicos dispoñibles completos naquel momento.

- As análises cuantitativas da información recollida na base de datos foron levadas a cabo cunha **rigoriedade** absoluta: a partir de datos económicos e financeiros extraídos das contas depositadas no Rexistro Mercantil e facilitadas polo Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade.
- Con iso, os datos e índices manexados para o desenvolvemento do traballo eran **homoxéneos e comparables** intersectorialmente (entre as distintas actividades consideradas), intrasectorialmente (dentro das actividades de cada sector estudado) e temporalmente (ao longo dos exercicios económicos analizados).
- A pesar de que o censo se eleva a 2153 axentes –incluíndo empresas (tanto autónomos como sociedades mercantís), asociacións empresariais e profesionais e institucións– e dado que a fonte de información son as contas depositadas no Rexistro Mercantil, **non se dispón de datos para os axentes que non adopten a forma de sociedades mercantís.**

A continuación recóllense a tres díxitos os códigos de actividade considerados no traballo levado a cabo pola Agadic para o estudo da dimensión das industrias culturais en Galicia.

Táboa 2. Códigos CNAE considerados para o estudo das industrias culturais da Agadic (CNAE 2009)

Epígrafe	Código
Artes gráficas e servizos relacionados con estas	181
Reproducción de soportes gravados	182
Fabricación de instrumentos musicais	322
Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	476
Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	581
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	591
Actividades de gravación de son e edición musical	592
Actividades de programación e emisión de televisión	602
Publicidade	731
Actividades de deseño especializado	741
Actividades de fotografía	742
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	900

A partir desta análise resultaba que en 2008 operaban en Galicia polo menos 2100 empresas nos sectores considerados dentro das industrias culturais (clasificadas de acordo con catro sectores: produto gráfico, industria musical, artes escénicas e



audiovisual). Delas, o 51 % dedicábase a actividades relacionadas co produto gráfico, outro 23 %, ao audiovisual, o 19 %, á música e o 7 %, ás artes escénicas.

Atendendo á agregación do volume de negocio destes catro sectores, a facturación galega das industrias culturais no ano 2008 ascendeu a 1000 millóns de euros, o que supoñía unha variación practicamente nula respecto ao exercicio anterior e un crecemento do 17 % en comparación co ano 2006.

O resultado agregado antes de impostos para as industrias culturais galegas é de signo negativo (-83 millóns de euros), consecuencia do forte lastre que a Televisión de Galicia supón para o sector audiovisual. De feito, detraendo os resultados da canle autonómica resultaba que os beneficios da industria audiovisual galega en 2008 ascendían a case 9 millóns de euros, de xeito que os resultados globais alcanzan a suma de 31 millóns de euros.

Por último, o emprego xerado polas industrias culturais galegas no ano 2009 equivalía a case 11 000 postos de traballo a tempo total, o que supoñía un crecemento do 12,67 % con respecto ao exercicio anterior.

### 3.1.2 Antecedentes en Portugal do presente traballo

Un primeiro antecedente deste tipo de traballos foi promovido pola Fundación Serralves, xunto coa Xunta Metropolitana do Porto, a Casa da Música e a Sociedade de Rehabilitación Urbana da Baixa Portuense baixo o título O estudo macroeconómico para o desenvolvemento de un cluster das industrias creativas na região do Norte. O estudo tiña como obxectivo presentar a situación do sector das industrias creativas na rexión Norte de Portugal.

Para este traballo considerouse o concepto de industrias creativas, orixinariamente desenvolvido polo Departamento de Cultura, Comunicación e Deporte do Reino Unido (DCMS), que, como xa se comentou, integra unha ampla listaxe de actividades. Os subsectores considerados no traballo son os que a continuación se indican.

Táboa 3. Subsectores considerados no *Estudo macroeconómico para o desenvolvemento de un cluster das industrias creativas na região do Norte*

Publicidade	Software educacional e de lecer
Arquitectura	Música
Artes plásticas e antigüidades	Artes escénicas
Artesanía e xoiería	Edición
Deseño	Software e servizos de informática
Deseño de moda	TV e radio
Cine, vídeo e audiovisual	

O estudo realizado baseábase nunha análise estatística dos indicadores de desempeño dos varios subsegmentos creativos con base en información cruzada a partir de tres bases de datos empresariais distintas (Informa Dun & Bradstreet, AEP e INE) e de informacións recollidas conxuntamente coas asociacións representativas de cada un dos segmentos.

En termos conceptuais, a análise efectuada tivo como base a cadea de valor das industrias creativas do DCMS. Esta cadea exprésase dunha forma lóxica e estruturada por varios niveis, en función do maior ou menor afastamento respecto das actividades creativas. Tendo como base esta estrutura conceptual, realizouse a recollida de datos estatísticos de empresas localizadas na rexión Norte de Portugal, estruturados de acordo cos niveis referidos, para obter a dimensión relativa de cada un deles en termos de número de empresas, traballadores e volume de negocios.

As empresas dos distintos subsectores que compoñen as industrias creativas foron, para esta análise, repartidas segundo o estado da cadea de valor ao que pertencen<sup>12</sup>. De acordo con este modelo, para os efectos da determinación do potencial económico do sector, consideráronse os sectores creativos correspondentes aos niveis 1 e 2 da cadea de valor.

Para aproximar o potencial do sector creativo para o desenvolvemento do territorio Norte de Portugal desde o punto de vista cualitativo e cuantitativo, o estudo considera tamén outros factores determinantes para a competitividade das industrias creativas, como son os lugares creativos, as persoas creativas, os clústers ou o sistema de propiedade intelectual. Este estudo culmina cunha proposta de tres eixes estratéxicos de orientación á formulación de políticas públicas de soporte e estímulo ao desenvolvemento da economía creativa da rexión: capacidade e emprendemento, crecemento dos negocios creativos e capacidade de atracción dos lugares creativos.

Este estudo foi adoptado pola CCDD-N (Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte) como Axenda Rexional das Industrias Creativas, onde se define o conxunto de prioridades de investimento no sector e do cal resultou un financiamento de cerca de 65 millóns de euros, concedidos polo Programa Operativo Rexional á creación de infraestruturas creativas, a grandes actos ou a actividades e negocios baseados na creatividade e no talento artístico.

A partir da realización deste estudo e como resultado do plan de acción alí proposto, xurdiu a creación da ADDICT (Axencia para o Desenvolvemento das Industrias Creativas<sup>13</sup>) e o recoñecemento formal, polo Goberno portugués, do Clúster Rexional de Industrias Creativas.

Por outra parte, o estudo *O sector cultural e creativo en Portugal*, promovido polo Ministerio de Cultura e presentado a principios do ano 2010, avalía por primeira vez con profundidade a relevancia económica do sector cultural e creativo en Portugal, recorrendo a unha metodoloxía que permitiu coñecer a contribución deste sector á riqueza e ao emprego nacionais.

A partir da definición de 'sector cultural e creativo' constátase o peso do sector na creación de riqueza e emprego, en particular as contribucións ao valor agregado bruto e ao emprego nacional. Debuxa tamén o retrato do tecido económico cultural e

---

<sup>12</sup> As empresas do nivel 1 da cadea de valor representan aquelas con actividades consideradas esencialmente creativas; as empresas do nivel 2 integran todas as actividades de soporte directo ás actividades de nivel 1; as do nivel 3 inclúen actividades de produción que apoian directamente o proceso creativo ou que son apoiadas por este; o nivel 4 inclúe todas as empresas con actividades de produción e venda por xunto de materias primas utilizadas polos restantes niveis da cadea de valor no proceso creativo e o nivel 5 representa as actividades menos creativas de toda a cadea de valor, onde se inclúen, por exemplo, as actividades de venda polo miúdo.

<sup>13</sup> Ten como misión constituírse como plataforma que, a través do coñecemento, información, promoción e coordinación do sector das industrias creativas, contribúa ao desenvolvemento do emprendemento e da economía creativa.

creativo portugués, concretamente a súa dinámica de crecemento, a dimensión e a distribución dos establecementos polas 30 rexións (NUTS III) de Portugal, a presenza de capital estranxeiro e as características do emprego, analizando ademais a posición de Portugal no comercio internacional de bens e servizos culturais e creativos. Propón, a modo de conclusión, un conxunto de recomendacións para estratexias no ámbito das políticas culturais.

Táboa 4. Composición do sector cultural e creativo considerada no estudo *O sector cultural e creativo em Portugal*

Sectores	Subsectores
Actividades culturais nucleares	Artes escénicas
	Artes plásticas
	Creación literaria
	Patrimonio histórico e cultural
Industrias culturais	Cine e vídeo
	Edición
	Música
	Radio e TV
	Software educativo e de lecer
Actividades creativas	Arquitectura
	Deseño
	Publicidade
	Servizos de software
	Compoñentes creativos noutras actividades

Fonte: *O sector cultural e creativo em Portugal*

Na delimitación do seu obxecto, o estudo considera o sector cultural nuclear, as industrias culturais e as actividades creativas (catorce sectores agregables en tres grupos de actividades, conforme á táboa superior).

## 3.2 MODELO ADOPTADO NO TRABALLO PARA A ANÁLISE DOS DATOS

Atendendo ao **modelo dos tres círculos** esbozado en apartados anteriores e **adoptado para o desenvolvemento deste traballo**, a economía da cultura defínese coma un proceso de radiación con base nun modelo centrado nun *núcleo* orixinario de ideas creativas que irradia cara ao exterior nun proceso en que estas ideas se van combinando con cada vez máis *inputs* para producir unha gama de produtos cada vez maior<sup>14</sup>.

- O *primeiro círculo* despois do núcleo inclúe as Actividades culturais, que son as actividades industriais cuxos *outputs* son exclusivamente culturais.
- O *segundo círculo*, nomeado como Actividades creativas, inclúe actividades cuxos *outputs* non son culturais, aínda que incorporan no proceso produtivo elementos culturais dos dous círculos anteriores.
- O *terceiro círculo*, separado dos restantes aínda que dependente destes e designado como Actividades relacionadas, inclúe as actividades estreitamente ligadas á cultura e á creatividade malia que os seus *outputs* non son culturais nin creativos, establecéndose a relación en virtude da produción e/ou venda de equipamentos cuxa función é exclusiva ou principalmente facilitar a creación, produción ou uso de bens culturais e creativos.

Gráfico 2. Modelo dos círculos e actividades consideradas dentro de cada un dos niveis



<sup>14</sup> Os autores do estudo conciben a economía da cultura constituída por varios círculos concéntricos arredor dun núcleo central de artes que inclúe produtos culturais non industriais.

Isto supón que as industrias creativas comprenden unha serie de actividades diversas que van desde os subsectores tradicionais ás de alto índice tecnolóxico ou ás orientadas á prestación de servizos. Deste xeito, abranguen actividades tan diversas como arte folclórica, festivais, música, libros, pintura e artes dramáticas, industria do cine, fotografía, radiodifusión, animación dixital e videoxogos, deseño, arquitectura ou publicidade.

As industrias creativas son, xa que logo, unha complexa suma de sectores e subsectores creativos e industriais cuxas fronteiras son difíciles de establecer e están suxeitas a un profundo debate intelectual e académico. Pero aínda que a definición da DCMS dos sectores que integran as industrias creativas fora por veces contestada, ten o mérito de posibilitar unha gran concienciación acerca da relevante contribución das industrias creativas ao desenvolvemento económico local, rexional e nacional. Ten, ademais, o mérito de promover o sector, defender a intervención e chamar a atención sobre sectores que, por si sós, carecerían de masa crítica e de poder de atracción ante os sectores público e privado.

Táboa 5. Actividades consideradas en cada un dos círculos do modelo


Actividades consideradas en cada un dos círculos				
Círculos	Sectores	Subsectores	Códigos CNAE	Códigos CAE
Core Arts	Artes visuais	Espazos expositivos	9003	90030
		Pintura Escultura		
	Artes escénicas	Teatro	9001	90010
		Danza	9002	90020
		Monicreques	9003	90030
		Circo	9004	90040
	Fotografía		7420	74200
	Patrimonio	Museos	9102	91020
		Bibliotecas	9105	91011
		Arquicos	9101	91060
Xestión de lugares e edificios históricos		9103	91030	
Sector cultural	Audiovisual	Produción de cine e vídeo	5915	59110
		Produción de televisión	5916	59110
		Exhibición cinematográfica	5914	59140
		Distribución de cine, vídeo e TV	5917 / 5918	59170 / 59180
		Posproducción e actividades auxiliares	5912	59120
		Programación e emisión de TV	6020	60200
	Radio		6010	60100
	Música	Fabricación de instrumentos	3220	32200
		Estudios de gravación	5920	59200
		Discografía	1820	18200
		Interpretación	9003	90030
		Comercio polo miúdo de música e instrumentos musicais	4763	47630
	Edición e impresión	Edición e impresión de xornais	1811 / 5813	18110
		Edición de revistas	5814	58140
		Edición de libros	5811	58110
		Impresión e artes gráficas	1812	18120
		Serigrafía		
		Rotulación		
Acabados		1814	18140	
Preimpresión		1813	18130	
Outras actividades editoriais	5819	58190		
Comercio polo miúdo de libros, xornais e revistas	4761	47610		
Sector creativo	Deseño	Deseño de moda	7410	74100
		Deseño gráfico		
		Deseño de interiores		
		Deseño de produtos		
	Arquitectura		7111	71110
	TIC	Portais web	6312	63120
		Videoxogos	5821	58210
		Reproducción de soportes gravados	1820	18200
Publicidade		7331	73310	

A economía creativa abarca, polo tanto, sectores e procesos que teñen como insumo a creatividade, sobre todo a cultura, para xerar no ámbito local e distribuír no ámbito global bens e servizos con valor simbólico e económico (A.C. Fonseca Reis, 2008).

Pero **este modelo dos círculos, tal e como foi concibido inicialmente polos seus creadores como estático e con compartimentos estanco entre os que non habería movementos, non se adapta totalmente á realidade actual destes sectores, dado que hai empresas que desenvolven actividades en máis dun círculo nun mesmo momento ou alternativamente segundo as circunstancias do mercado e son moitos os axentes que prestan servizos en máis dunha fase da cadea de valor.**

Polo tanto, **neste traballo óptase por un esquema dinámico próximo ao dos tres círculos, no que, aínda que para levar a cabo a análise cuantitativa cada empresa é catalogada nunha categoría de actividade segundo a súa liña de negocio principal en canto á facturación –o que lle supón asignarlle automaticamente un círculo–, non se ignoran as frecuentes interrelacións entre categorías de actividade, entre círculos do modelo e entre distintas fases do proceso produtivo.**

Gráfico 3. Adaptación do modelo dos círculos empregado no estudo das ICC e actividades consideradas no presente traballo dentro de cada un dos niveis





Como se presenta no gráfico que se achega, as categorías de actividade seleccionadas son as recollidas na táboa achegada anteriormente, que son arquitectura, artes plásticas ou visuais, artes escénicas, audiovisual, bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio, deseño, fotografía, música, publicidade, radio, produto gráfico (ou edición e impresión) e TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas. Os círculos serán os de Core Arts, Actividades culturais e Actividades creativas. E, finalmente, as fases do proceso serán creación, produción, distribución e comercialización.

Para completar esta descrición da metodoloxía adoptada no traballo e das actividades consideradas para a análise desenvolvida, ofrécese unha comparativa dos códigos considerados nos principais estudos relatados no apartado anterior.

Como se recolle na táboa 6, hai importantes diferenzas en canto ás actividades incluídas na análise cuantitativa levada a cabo en cada un dos estudos desenvolvidos no ámbito da Eurorrexión, que previamente se comentan no apartado de antecedentes do traballo.

Algunhas destas diferenzas en canto ás epígrafes consideradas están relacionadas co feito de que en dous dos casos comparados o traballo está centrado fundamentalmente nas industrias culturais e non se consideran todas as actividades creativas, o que deixa fóra a priori actividades como radio ou TIC. Outra das principais diferenzas estaría ligada á amplitude do enfoque, por incluír algunhas das análises actividades que poderían ser cualificadas como anexas (tales como as de comercialización ou de fabricación) fronte a outras que escollen as actividades de cada categoría cunha maior carga cultural (ou creativa, segundo o caso).

Considerando estas formas distintas de abordar a cuantificación do sector, é o estudo do sector cultural e creativo en Portugal, realizado por Augusto Mateus & Associados, o que inclúe un maior número de códigos de actividade, por considerar moitas de tipo industrial e de comercialización, todas elas relacionadas coas ICC pero con escaso contido cultural ou creativo.

O seguinte estudo con maior número de epígrafes tomadas en conta no seu modelo é o que aquí se presenta, que pretende tomar como referencia os demais traballos mencionados, recollendo de cada un deles os códigos que considera máis axeitados para abranguer as distintas etapas da cadea de valor (considerando, polo tanto, algunhas de fabricación e de comercialización, a maiores das de produción e distribución ou exhibición), dando cabida aos tres círculos abordados na metodoloxía pero sen abrir demasiado o abano de actividades para non desvirtuar os datos e ofrecer unha imaxe non demasiado real do sector. Ambos os traballos (tanto o que aquí se presenta como o das ICC en Portugal) teñen en conta tanto as industrias culturais como as actividades creativas, ademais das consideradas dentro do núcleo das artes (*Core Arts*), o que leva a traballar con maior número de códigos, como vén representado na táboa seguinte.

Os outros tres estudos considerados para a comparación que se achega (tanto o levado a cabo desde Agadic para as IC en Galicia, como o anterior do Consello da Cultura Galega ou o desenvolvido para a creación dun clúster das IC no Norte de Portugal) teñen en conta só as industrias culturais –aínda que este último si incorpora tamén algunhas actividades creativas–, pero existen importantes diferenzas en canto



ao grao de inclusión das que poderían ser consideradas como anexas<sup>15</sup>. Así, por exemplo, no traballo promovido pola Agadic só se analizan as categorías de produto gráfico (que inclúe impresión, edición, publicidade e deseño), audiovisual (cine, vídeo, televisión, multimedia, animación e videoxogos ou contidos para novas plataformas), artes escénicas (teatro, circo, maxia e danza) e música (considerando tamén a organización de actos, concertos e festivais, ademais da edición e reprodución, fabricación de instrumentos, interpretación...). Isto supón deixar fóra as artes visuais ou plásticas, as actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio ou a radio. No traballo do Consello da Cultura Galega o enfoque adoptado clasifica as actividades de acordo coas distintas fases da cadea de valor das IC, pero inclúe epígrafes que teñen que ver coa produción industrial de *inputs* do proceso produtivo cultural, como tintas, ordenadores, instrumentos, soportes magnéticos, aparellos receptores etc., de xeito que este traballo é o que lles concede máis importancia ás actividades auxiliares. Para rematar, na análise enmarcada no traballo para o desenvolvemento dun clúster das IC na rexión Norte, a selección de códigos lembra a adoptada polo Consello da Cultura Galega no seu estudo, aínda que deixa fóra actividades como artes escénicas, bibliotecas e sitios e monumentos históricos, deseño especializado, posprodución audiovisual ou creación artística e literaria, pese a que as empresas consideradas como máis representativas destas epígrafes son consideradas a maiores das integrantes da mostra inicial e incluídas nalgúns outros códigos dos analizados.

O que si cabe subliñar é a **novidade que supón o desenvolvemento das análises cuantitativas da importancia das ICC para Galicia e o Norte de Portugal de acordo cunha metodoloxía común e a conciliación nun único estudo dos datos para ambos os territorios, ofrecendo un enfoque integrador para a Eurorrexión e comparando as ICC nas dúas rexións.**

Hai que tomar en consideración tamén o momento en que cada un dos traballos foi desenvolvido, xa que a última revisión dos CNAE españois en 2009 e CAE portugueses en 2007 introduce novas actividades con código propio que ata entón viñan sendo incluídas en epígrafes moito máis amplas (como é o caso dos videoxogos ou os portais web).

Finalmente, é preciso comentar que neste traballo, a partir dunha primeira busca de empresas por códigos CNAE ou CAE nas bases de datos de pago consultadas, de acordo coas táboas que se inclúen no apartado seguinte, levouse a cabo un importante cribado das listaxes recibidas, de feito que foron desbotadas naqueles códigos máis amplos as compañías que non prestaban servizo nas ICC.

---

<sup>15</sup> No estudo para o desenvolvemento dun clúster das IC na rexión Norte non se incorporaron os códigos económicos de actividade CAE de moitas das actividades creativas de forma independente, pero si algunhas empresas de xeito individual nalgúns das categorías analizadas.

Táboa 6. Códigos de actividade considerados en cada un dos estudos previos desenvolvidos na Eurorrexión para o estudo das ICC

Ámbitos	CNAE Galicia	Epígrafe en Galicia	CAE Portug.	Epígrafe en Portugal	Estudo das IC de AGADIC	Estudo das IC do CCG	Estudo das ICC en Portugal	Cluster das IC na Região Norte	Estudo das ICC para a AECT
Arquitectura	7111	Servizos técnicos de arquitectura	71110	Actividades de arquitectura			X	X	X
Artes escénicas	9001	Escénicas	90010	Actividades das artes dos espectáculos	X		X		X
Artes escénicas	9002	Actividades auxiliares das artes escénicas	90020	Actividades de apoio às artes do espectáculo	X		X		X
Artes escénicas	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária	X	X	X		X
Artes escénicas	9004	Explotación de salas de espectáculos e actividades conexas	90040	Exploração de salas de espectáculos e activ. conexas	X	X	X	X	X
Artes escénicas	9499	Outras actividades asociativas	94991	Associações culturais e recreativas			X	X	
Artes gráficas	1811	Impresión de xornais	18110	Impressão de jornais	X	X	X	X	X
Artes gráficas	1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas	18120	Outra impressão	X	X	X		X
Artes gráficas	1813	Activ. de preimpresión e preparación de soportes	18130	Activ. de preparação da impressão e de produtos media	X	X	X	X	X
Artes gráficas	1814	Encadernación e servizos relac. coas mesmas	18140	Encadernação e actividades relacionadas	X	X	X	X	X
Artes gráficas	4761	Comercio polo miúdo de libros en establec. espec.	47610	Comércio a retalho de libros, em estabelec. espec.	X	X	X	X	X
Artes gráficas	4762	Comercio polo miúdo de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	47620	Comércio a retalho de jornais, revistas e artigos de papeleria, em estabelec. espec.	X	X	X	X	X
Artes gráficas	5811	Edición de libros	58110	Edição de livros	X	X	X	X	X
Artes gráficas	5813	Edición de xornais	58130	Edição de jornais	X	X	X	X	X
Artes gráficas	5814	Edición de revistas	58140	Edição de revistas e de outras publicacións periódicas	X	X	X	X	X
Artes gráficas	5819	Outras actividades editoriais	58190	Outras actividades de edição	X	X	X	X	X
Artes gráficas	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária	X	X	X		X
Artes visuais	4778	Comercio polo miúdo doutros produtos novos en establecementos especializados	47784	Comércio a retalho de outros produtos novos, em estabelec. espec.n.e.			X		
Artes visuais	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária	X		X		X

Ámbitos	CNAE Galicia	Epígrafe en Galicia	CAE Portug.	Epígrafe en Portugal	Estudo das IC de AGADIC	Estudo das IC do CCG	Estudo das ICC en Portugal	Cluster das IC na Região Norte	Estudo das ICC para a AECT
Audiovisual	2640	Fabric.de produtos electrónicos de consumo	26400	Fabric. de apar. recept. de rádio e de TV e bens de cons.		X	X	X	
Audiovisual	4643	Comercio por xunto de electrodom., aparellos de radio e de TV (inclúe discos, CD, DVD, cassetes)	46430	Comércio por grosso de electrodomésticos, aparelhos de rádio e de TV (inclui discos, CD, DVD e cassetes)		X	x		
Audiovisual	4743	Comercio polo miúdo de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados	47430	Comércio a retalho de material óptico, fotográfico, cinemat. e de instrum. de precisión, em estabelec. espec.		X	X		
Audiovisual	5912	Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de TV	59120	Activ. técnicas de pós-prod. para filmes, vídeos e programas de TV	X		X		X
Audiovisual	5914	Actividades de exhibición cinematográfica	59140	Projecção de filmes e de vídeos	X	X	X		X
Audiovisual	5915	Actividades de produción cinem. e de vídeo	59110	Produção de filmes, de vídeos e de programas de TV	X	X	X	X	X
Audiovisual	5916	Actividades de produción de programas de TV	59110	Produção de filmes, de vídeos e de programas de TV	X	X	X	X	X
Audiovisual	5917	Actividades de distribución cinem. e de vídeo	59130	Distribuição de filmes, de vídeos e de programas de TV	X	X	X	X	X
Audiovisual	5918	Actividades de distribución de programas de TV	59130	Distribuição de filmes, de vídeos e de programas de TV	X	X	X	X	X
Audiovisual	6020	Actividades de programación e emisión de TV	60200	Actividades de televisão	X	X	X	X	X
Audiovisual	6391	Actividades das axencias de novas	63910	Actividades de agências de notícias		X	X		
Audiovisual	7722	Aluguer de vídeos e cintas de vídeo	77220	Aluguer de cintas de vídeo		X	X		
Audiovisual	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária	X	X	X		X
Bibliotecas, museos...	9102	Actividades de museos	91020	Actividades dos museus	X	X	X	X	X
Bibliotecas, museos...	9103	Xestión de lugares e edificios históricos	91030	Actividades dos sítios e monumentos históricos	X	X	X		X
Bibliotecas, museos...	9105	Actividades de bibliotecas	91011	Actividades das bibliotecas	X	X	X	X	X
Bibliotecas, museos...	9106	Actividades de arquivos	91012	Actividades dos arquivos	X	X	X		X
Deseño	3212	Fabricación de artigos de xoiería	32122	Fabricação de artigos de joalharia e de outros artigos de ourivesaria				X	

Ámbitos	CNAE Galicia	Epígrafe en Galicia	CAE Portug.	Epígrafe en Portugal	Estudo das IC de AGADIC	Estudo das IC do CCG	Estudo das ICC en Portugal	Cluster das IC na Região Norte	Estudo das ICC para a AECT
Deseño	4339	Outros acabados de edificios	43390	Outras actividades de acabamentos de edificios					
Deseño	7410	Actividades de deseño especializado	74100	Actividades de design	X				X
Educación cultural	8552	Educación cultural	85520	Ensino de actividades culturais					X
Fotografía	2670	Fabricación de instrumentos de óptica e de equipos fotográficos	26700	Fabricação de instrumentos e equipamentos, ópticos e fotográficos		X			
Fotografía	7420	Actividades de fotografía	74200	Actividades fotográficas	X	X	X	X	X
Música	1820	Reproducción de soportes gravados	18200	Reprodução de suportes gravados	X	X	X		X
Música	3220	Fabricación de instrumentos musicais	32200	Fabricação de instrumentos musicais	X	X	X	X	X
Música	4763	Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	47630	Comércio a retalho de discos, CD, DVD, cassetes e similares, em estabelec. espec.			X		X
Música	5920	Actividades de gravación musical	59200	Actividades de gravação de som e edição de música	X	X	X		X
Música	8230	Organización de convencións e feiras de mostras	82300	Organização de feiras e exposições			X		
Música	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária	X	X	X		X
Produto gráfico	20302	Fabricación de tintas de impresión	20302	Fabricação de tintas de impressão		X			
Produto gráfico	46492	Comercio por xunto de libros, revistas e xornais	46492	Comércio por grosso de livros, revistas e jornais	X	X	X		X
Publicidade	7312	Servizos de representación de medios de comunicación	73120	Actividades de representação de médios de comunicação			X		
Publicidade	7320	Estudios de mercado e realización de estudos de opinión	73200	Estudos de mercado e sondagem de opinião				X	
Publicidade	7331	Axencias de publicidade	73110	Agências de publicidade	X		X	X	X
Radio	6010	Actividades de radiodifusión	60100	Actividades de rádio		X	X		X
TIC	1820	Reproducción de soportes gravados	18200	Reprodução de suportes gravados			X		X
TIC	2620	Fabricación de ordenadores e equipos	26200	Fabricação de computadores e de equipamento periférico			X	X	

Ámbitos	CNAE Galicia	Epígrafe en Galicia	CAE Portug.	Epígrafe en Portugal	Estudo das IC de AGADIC	Estudo das IC do CCG	Estudo das ICC en Portugal	Cluster das IC na Região Norte	Estudo das ICC para a AECT
TIC	2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	26800	Fabric. de suportes de informação magnéticos e ópticos		X	X		
TIC	4651	Comercio por xunto de ordenadores, periféricos e programas informáticos	46510	Comércio por grosso de computadores, equipamentos periféricos e programas informáticos			X		
TIC	4741	Comercio polo miúdo de ordenadores, unidades periféricas e programas inform. en establec. espec.	47410	Comércio a retalho de computadores, unidades periféricas e programas informáticos, em estabelecimentos espec.			X		
TIC	5821	Edición de videoxogos	58210	Edição de jogos de computador	X			X	X
TIC	5829	Edición doutros programas informáticos	58290	Edição de outros programas informáticos					
TIC	6100	Telecomunicacións	61000	Telecomunicações			X		
TIC	6201	Actividades de programación	62010	Actividades de programação informática			X	X	
TIC	6203	Xestión de recursos informáticos	62030	Gestão e exploração de equipos informáticos				X	
TIC	6209	Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática	62090	Outras actividades relacionadas com tecnologias de informação e informática				X	
TIC	6202	Actividades de consultoría informática	62020	Consultoria e programação informática			X		
TIC	6311	Proceso de datos, <i>hosting</i> etc.	63110	Actividades de processamento de dados, domiciliação de información e actividades relacionadas					
TIC	6312	Portais web	63120	Portais web					X
TIC	8299	Outras actividades de apoio ás empresas n.c.o.p.	82990	Outras actividades de serviços de apoio prestados às empresas n.e.			X	X	

Fonte: elaboración propia

Para completar a metodoloxía seguida no traballo, resta comentar a solución adoptada para adxudicar as afiliacións á Seguridade Social na comunidade galega nos códigos de actividade que afectan a máis dunha categoría, como poderían ser as actividades artísticas e literarias, a explotación de salas de espectáculos, a reprodución de soportes gravados, a educación cultural, as artes escénicas ou as actividades auxiliares ás artes escénicas. Isto permite non adxudicar todas as afiliacións dun código a unha única categoría e aproximarse máis ao que poida ser a repartición real dos traballadores nas ICC galegas.

Táboa 7. Rateo das afiliacións á Seguridade Social nos códigos que afectan a máis dunha categoría de actividade

CNAE 2009	Descrición-09	Sector	Carácter	Afil. sector
1811	Impresión de xornais	Edición e impresión	Produción	100%
1812	Outras actividades de impresión e artes	Edición e impresión	Produción	100%
1813	Servizos de preimpresión e preparación	Edición e impresión	Produción	100%
1814	Encadernación e servizos relacionados	Edición e impresión	Produción	100%
1820	Reprodución de soportes gravados	Música	Distribución	90%
1820	Reprodución de soportes gravados	TIC	Distribución	10%
3220	Fabricación de instrumentos musicais	Música	Bens de equipo	100%
4761	Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados	Edición e impresión	Comercialización	100%
4763	Comercio polo miúdo de gravacións de son	Música	Comercialización	100%
5811	Edición e impresión de libros	Edición e impresión	Produción	100%
5813	Edición e impresión de xornais	Edición e impresión	Produción	100%
5814	Edición e impresión de revistas	Edición e impresión	Produción	100%
5819	Outras actividades editoriais	Edición e impresión	Produción	100%
5821	Edición e impresión de videoxogos	TIC	Produción	100%
5912	Actividades de posproducción cinematográfica	Audiovisual	Produción	100%
5914	Actividades de exhibición cinematográfica	Audiovisual	Comercialización	100%
5915	Actividades de produción cinematográfica	Audiovisual	Produción	100%
5916	Actividades de produción de programas de TV	Audiovisual	Produción	100%
5917	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	Audiovisual	Distribución	100%
5918	Actividades de distribución de programas de TV	Audiovisual	Distribución	100%
5920	Actividades de gravación de son	Música	Produción	100%
6010	Actividades de radiodifusión	Radio	Distribución	100%
6020	Actividades de programación e emisión de TV	Audiovisual	Distribución	100%
6312	Portais web	TIC	Distribución	100%
7111	Servizos técnicos de arquitectura	Arquitectura	Creación	100%
7311	Axencias de publicidade	Publicidade	Creación	100%
7410	Actividades de deseño especializado	Deseño	Creación	100%
7420	Actividades de fotografía	Fotografía	Creación	100%
8552	Educación cultural	Música	Creación	50%
8552	Educación cultural	Artes escénicas	Creación	50%
9001	Artes escénicas	Música	Creación	20%
9001	Artes escénicas	Artes escénicas	Creación	80%

CNAE 2009	Descripción-09	Sector	Carácter	Afil. sector
9002	Actividades auxiliares ás Artes escénicas	Música	Creación	50%
9002	Actividades auxiliares ás Artes escénicas	Audiovisual	Creación	15%
9002	Actividades auxiliares ás Artes escénicas	Artes escénicas	Creación	35%
9003	Creación artística e literaria	Artes visuais	Creación	10%
9003	Creación artística e literaria	Música	Creación	50%
9003	Creación artística e literaria	Audiovisual	Creación	10%
9003	Creación artística e literaria	Artes escénicas	Creación	30%
9004	Xestión de salas de espectáculos	Música	Comercialización	100%
9102	Actividades de museos	Patrimonio	Comercialización	100%
9103	Xestión de lugares e edificios históricos	Patrimonio	Comercialización	100%
9105	Actividades de bibliotecas	Patrimonio	Comercialización	100%
9106	Actividades de arquivos	Patrimonio	Comercialización	100%

Fonte: elaboración propia



### 3.3 CLASIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES CONSIDERADAS NAS ICC DE ACORDO CO MODELO

Para abordar o traballo *Estudo das industrias culturais e creativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal* é fundamental partir dunha delimitación clara das actividades obxecto de análise. Iso precisa dunha fase previa de delimitación das actividades seleccionadas en ambas as rexións, considerando todas as industrias culturais e engadindo as actividades creativas máis claramente identificables e as actividades relacionadas que poidan ter un maior peso no sector.

Posteriormente, é necesario traducir estas actividades en códigos de actividade (CNAE 2009 en Galicia e CAE en Portugal). Adicionalmente faise preciso proceder á súa clasificación como actividades de núcleo, industrias culturais, actividades creativas ou actividades relacionadas, de acordo coa **teoría dos círculos concéntricos**. E finalmente asígnaselle unha **fase dentro da cadea de valor das industrias culturais e creativas** segundo sexan de creación, produción, distribución, comercialización ou de bens de equipo.

Acometer estas **clasificacións de carácter matricial** (cada actividade asígnase polo menos a un sector, que se enmarca dentro dun dos círculos e que ademais corresponde a unha fase da cadea de valor) vai permitir extraer conclusións a nivel territorial, segundo o sector, segundo sexa creativa ou cultural ou do núcleo central e segundo a fase da cadea produtiva.

Táboa 8. Clasificación matricial das actividades consideradas para o estudo das industrias creativas da Eurorrexión

Dominio	Subsector	Actividade	Fase da cadea				
			Creación	Produción	Distribución	Comercialización	Bens de equipo
Núcleo							
Industrias culturais							
Actividades creativas							
Actividades relacionadas							

Cabe comentar a dificultade de adoptar esta análise segundo as fases da cadea de valor, polo feito de que son moitas as empresas que na súa carteira de produtos/servizos inclúen liñas de negocio que corresponden a distintas fases: o nivel de especialización das empresas das ICC da Eurorrexión é, polo xeral e salvo honrosas excepcións, baixo, polo que os axentes adoitan encaixar en máis dunha fase do proceso produtivo, o que fai difícil a adopción deste modelo.

No Anexo 1 lístanse as actividades que se inclúen no estudo coas equivalencias dos códigos CNAE 2009 para Galicia e CAE para Portugal. A metodoloxía que se segue no traballo pretende facilitar a comparación entre as dimensións das ICC a ambos os dous lados do Miño, de xeito que o traballo sexa complementario aos estudos realizados pola AECT Galicia-Norte de Portugal.

Pero ao redor destas actividades seleccionadas hai outras no ámbito da comercialización e a fabricación de bens de equipo que posteriormente son empregadas ou incorporadas na xeración de contidos culturais e creativos e que non foron consideradas na análise levada a cabo. Son todos eles casos nos que, aínda que inclúen algunhas actividades que se enmarcan dentro das industrias creativas, acollen tamén algunhas outras que non se cinguen a este concepto, polo que a súa inclusión no mapeamento das Actividades creativas podería supoñer unha distorsión da realidade do sector.

Por outra banda, o **criterio de elección dunha empresa para integrar os directorios empresariais** nos que se basea este traballo ten que ver co peso que a facturación xerada polas actividades consideradas dentro das ICC ten dentro do volume de negocio total da empresa, de xeito que se a porcentaxe de ingresos de explotación destas actividades é inferior á metade non se ten en conta. Nos seguintes apartados detállase a clasificación das distintas actividades e o criterio seguido para a selección destas ou a non consideración dalgunhas outras.

Ademais, cando unha empresa presta servizo para máis dunha rama das analizadas, a **decisión de adxudicala a unha ou outra rama** responde ao peso que a facturación teña en cada unha delas, de xeito que cada empresa integraría a base de datos do sector onde teña a priori máis volume de negocio. O obxectivo destas decisións non é outro que o de evitar distorsións en canto ao tamaño do tecido empresarial en cada actividade e garantir que, aínda que non sexa factible detectar todos os axentes que operan en cada unha das actividades seleccionadas para o estudo, polo menos todos os elementos seleccionados para formar parte desa actividade operen nela. Dito con outras palabras, a cuantificación ofrecida para as ICC en cada un dos territorios abordados (Galicia e Norte de Portugal) é, polo menos, a que sae deste informe.

Como se comentou anteriormente, ademais da selección das actividades consideradas no estudo e as súas correspondencias cos códigos de actividade de ambos os territorios, é necesario tamén **asignar cada actividade a un sector, un círculo ou dominio e a unha fase da cadea de valor**. Para iso, cada actividade etiquétase en función de se corresponde ao núcleo, ás industrias culturais (círculo 1), ás actividades creativas (círculo 2) e ás actividades relacionadas (círculo 3).

Ademais, cada actividade enmárcase dentro dun sector (audiovisual, música, artes escénicas, produto gráfico, arquitectura, publicidade, TIC...) e de acordo con tal correspondencia asignáselle unha etiqueta. Adicionalmente cada actividade clasifícase en función de se se trata de creación, produción, distribución, comercialización ou de bens de equipo.

Pero tras este importante traballo de localización e selección dos axentes que van formar parte da base de datos empregada para o estudo, está a fase de cuantificación das distintas actividades para avanzar no coñecemento que as ICC teñen tanto en Galicia como no Norte de Portugal.

Como punto de partida para esta parte do traballo están todos os datos relacionados coa situación económica e financeira das empresas que operan nestes sectores. Para iso foi fundamental a achega de datos procedentes do Rexistro Mercantil e proporcionados polo Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade da Xunta de Galicia no caso galego, e SABI – Bureau Van Dijk

no Norte de Portugal, que permitiron a creación de bases de datos *ad hoc* moi completas para cada un dos grupos de actividades estudadas: arquitectura, artes escénicas, artes plásticas, audiovisual, bibliotecas, arquivos e xestión do patrimonio, deseño, fotografía, música, produto gráfico, publicidade e TIC.

A partir destas bases de datos extráese información sobre localización, ano de constitución, actividade, fondos propios, activo total, facturación, resultado antes de impostos e emprego. Da combinación destas variables saen índices como a rendibilidade económica, a produtividade por empregado ou a facturación por empresa, o resultado por empregado ou empresa ou o cadro medio das empresas. Ademais, extráense conclusións acerca da distribución xeográfica das empresas, a súa forma xurídica, a distribución por actividades, o peso no total das ICC etc. Por outra banda, e dado que esta análise se fai inicialmente para cada unha das actividades e en cada un dos dous ámbitos xeográficos abordados, permite posteriormente a comparación do peso absoluto e relativo de cada unha das ramas nos dous territorios e a participación de cada unha das actividades no total das ICC.

A maior parte destes datos só se actualiza con carácter anual e unha vez que as empresas depositen as súas contas anuais no Rexistro Mercantil e Rexistro Comercial (Depósito de Presentación de Contas e Información Empresarial Simplificada). Pero o feito de ter que contar cos datos oficiais supón un certo atraso na súa dispoñibilidade, xa que as empresas depositan as súas contas de cada exercicio económico na primeira metade do ano seguinte (comezan ao redor do mes de maio-xuño), polo que os directorios públicos non teñen incorporada toda esa información ás súas bases de datos ata finais de ano. Polo tanto, as explotacións económicas levan como mínimo un ano de atraso con respecto á data de peche das contas das empresas, o que explica que **os datos ofrecidos neste informe correspondan ao exercicio de 2009, último dato dispoñible ao peche da súa redacción.**

Finalmente, é preciso comentar que, para a estimación do volume de negocio e do emprego das distintas actividades obxecto de análise neste traballo, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil dos territorios estudados, óptase por considerar que para cada unha das empresas das que houbera datos dispoñibles para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo, polo que se lle adxudicaría o valor do ano anterior. Optaríase deste xeito por unha suposición conservadora e de mínimos, que permite así ofrecer estimacións para o exercicio de 2009 e non ter que rexeitar para a cuantificación das ICC os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos.


Cabe aquí tamén facer un resumo dalgúns desafíos que desde o punto de vista metodolóxico se foron atopando. Como xa foi referido, non existe unha taxonomía propia para a clasificación de actividades culturais e creativas en Portugal, polo que se fai necesario establecer unha correspondencia coa Clasificación de Actividades Económicas (CAE), o que orixina situacións que esixen, como xa se viu, filtros adicionais:

- 1) CAE ou CNAE que non corresponden integramente a actividades culturais ou creativas e, polo tanto, non poden ser totalmente incluídas e deben considerarse de xeito parcial;

- 2) CAE ou CNAE que poden pertencer a diferentes fases da cadea de valor (repetición horizontal);
- 3) CAE ou CNAE que figuran simultaneamente en diferentes subsectores do sector cultural e creativo (repetición vertical).

É importante engadir que os sistemas estatísticos nacionais e as bases de datos empresariais dispoñibles non permiten captar unha parte significativa do traballo artístico e cultural no sentido máis estrito, polo feito de asumir características propias, sexa de traballo asociativo, voluntario ou informal, sexa de traballo temporal, completo ou integrado baixo formas de *outsourcing*, pero non formal.

Gráfico 4. Representación dos tres ámbitos de actividade nas industrias culturais e creativas



Cómpre facer fincapé novamente en que neste traballo se analizan datos das empresas que operan nestas categorías de actividade extraídos do Rexistro Mercantil, é dicir, só se consideran as sociedades mercantís (sector empresarial). Isto ten varias implicacións:

- Estes datos non inclúen os traballadores por conta propia ou autónomos, aínda que a súa facturación, é, polo xeral, inferior á das sociedades.
- Non se consideran os datos das Administracións públicas, fundacións ou asociacións que, nalgúns sectores como os relacionados con bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio, presentan un gran volume de negocio.
- Os datos refírense só ás sociedades con domicilio social en Galicia, polo que non se inclúen empresas do resto do Estado español con sede en Galicia, como poden ser os grandes grupos editoriais ou de exhibición cinematográfica, algunhas empresas de aluguer de equipamentos (que contan con delegación na comunidade galega) etc.

A continuación preséntanse as actividades que se inclúen no estudo coas equivalencias dos códigos CNAE 2009 para Galicia e CAE para Portugal.

Táboa 9. Actividades incluídas no estudo e correspondencia cos códigos de actividade en Galicia e Portugal

Ámbitos	CNAE	Epígrafe en Galicia	CAE	Epígrafe en Portugal
Arquitectura	7111	Servizos técnicos de arquitectura	71110	Actividades de arquitectura
Artes escénicas	9001	Escénicas	90010	Actividades das artes dos espectáculos
	9002	Actividades auxiliares das artes escénicas	90020	Actividades de apoio às artes do espectáculo
	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária
	9004	Xestión de salas e espectáculos		
	9232	Explotación de salas de espectáculos e actividades conexas	90040	Exploração de salas de espectáculos e actividades conexas
Artes gráficas	1811	Impresión de xornais	18110	Impressão de jornais
	1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas	18120	Outra impressão
	1813	Actividades de preimpresión e preparación de soportes	18130	Actividades de preparación da impressão e de produtos media
	1814	Encadernación e servizos relacionados coas mesmas	18140	Encadernação e actividades relacionadas
	4761	Comercio polo miúdo de libros	47610	Comércio a retalho de libros, em estabelecimentos especializados
	5811	Edición de libros	58110	Edição de livros
	5813	Edición de xornais	58130	Edição de jornais
	5814	Edición de revistas	58140	Edição de revistas e de outras publicações periódicas
	5819	Outras actividades editoriais	58190	Outras actividades de edição
	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária
Audiovisual	5912	Activ. de posprod. cinemat., de vídeo e de progr. de TV	59120	Actividades técnicas de pós-produção para filmes, vídeos e programas de televisão
	5914	Actividades de exhibición cinematográfica	59140	Projecção de filmes e de vídeos
	5915	Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	59110	Produção de filmes, de vídeos e de programas de televisão
	5916	Actividades de produción de programas de TV		
	5917	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	59130	Distribuição de filmes, de vídeos e de programas de televisão
	5918	Actividades de distribución de programas de TV		
	6020	Actividades de programación e emisión de TV	60200	Actividades de televisão
	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária

Ámbitos	CNAE Galicia	Epígrafe en Galicia	CAE	Epígrafe en Portugal
Bibliotecas, museos, arquivos...	9102	Actividades de museos	91020	Actividades dos museus
	9103	Xestión de lugares e edificios históricos	91030	Actividades dos sítios e monumentos históricos
	9105	Actividades de bibliotecas	91011	Actividades das bibliotecas
	9106	Actividades de arquivos	91012	Actividades dos arquivos
Deseño	7410	Actividades de deseño especializado	74100	Actividades de design
Educación cultural	8552	Educación cultural	85520	Ensino de actividades culturais
	9499	Outras actividades asociativas	94991	Associações culturais e recreativas
Fotografía	7420	Actividades de fotografía	74200	Actividades fotográficas
Música	1820	Reproducción de soportes gravados	18200	Reprodução de suportes gravados
	3220	Fabricación de instrumentos musicais	32200	Fabricação de instrumentos musicais
	4763	Comercio polo miúdo de música e vídeo	47630	Comércio a retalho de discos, CD, DVD, cassetes e similares, em estabelecimentos especializados
	5920	Actividades de gravación musical	59200	Actividades de gravação de som e edição de música
	9003	Creación artística e literaria	90030	Criação artística e literária
Publicidade	7331	Publicidade	73110	Agências de publicidade
Radio	6010	Actividades de radiodifusión	60100	Actividades de rádio
TIC	5821	Edición de videoxogos	58210	Edição de jogos de computador
	6312	Portais web	63120	Portais web
	1820	Reproducción de soportes gravados	18200	Reprodução de suportes gravados

Deseguido lístanse as actividades excluídas para a análise do sector das ICC realizada no marco deste estudo. Como se comentaba anteriormente, todos eles son casos nos que, aínda que dan cabida a algunhas actividades que se enmarcan dentro das industrias creativas, acollen tamén outras que non se cinguen a este concepto, polo que a súa inclusión no mapeamento das Actividades creativas poderían supoñer unha distorsión da realidade do sector.

- Son ás veces epígrafes de comercialización polo miúdo de produtos novos en establecementos especializados, de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados ou de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados.
- Por outro lado, hai epígrafes de fabricación de ordenadores e equipos, de soportes magnéticos e ópticos ou de artigos de xoiería.
- Con estes mesmos condicionantes decidiuse eliminar os códigos correspondentes a actividades de deseño por estar incorporadas en epígrafes de fabricación, como o deseño de roupa, o de xoias, de produtos etc.
- Finalmente, hai un último grupo de epígrafes en torno ás TIC, como son as actividades de programación, de procesado de datos e aloxamento.



Táboa 10. Actividades excluídas no estudo e correspondencia cos códigos de actividade en Galicia e Portugal

Ámbitos	CNAE Galicia	Epígrafe en Galicia	CAE Portugal	Epígrafe en Portugal
Audiovisual	7722	Aluguer de vídeos e cintas de vídeo	772	Aluguer de bens de uso persoal e doméstico (incluíndo aluguer de videocassetes e discos)
Artes plásticas	4778	Comercio polo miúdo doutros produtos novos en establecementos especializados		
Artes gráficas	4762	Comercio polo miúdo de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	47620	Comércio a retalho de jornais, revistas e artigos de papelería, em estabelecimentos especializados
TIC	5829	Edición doutros programas informáticos	58290	Edição de outros programas informáticos
TIC	6201	Actividades de programación	62010	Actividades de programação informática
TIC	6311	Proceso de datos, <i>hosting</i> , etc.	63110	Actividades de processamento de datos, domiciliação de informação e actividades relacionadas
TIC	2620	Fabricación de ordenadores e equipos	26200	Fabricação de computadores e de equipamento periférico
TIC	2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	26800	Fabricação de suportes de informação magnéticos e ópticos
Deseño	3212	Fabricación de artigos de xoiería	32122	Fabricação de artigos de joalheria e de outros artigos de ourivesaria
Deseño	4339	Outros acabados de edificios	43390	Outras actividades de acabamentos de edifícios
Audiovisual	4743	Comercio polo miúdo de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados	47782	Comércio a retalho de material óptico, fotográfico, cinematográfico e de instrumentos de precisión, em estabelecimentos especializados

## 4 A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS GALEGAS

A continuación ofrécese unha análise das empresas que desenvolven a súa actividade dentro das industrias culturais, tanto a partir dos datos do Instituto Nacional de Estadística recollidos no Directorio Central de Empresas (Dirce), como os que se poidan extraer das distintas bases de datos creadas dentro deste proxecto a partir dos datos do Rexistro Mercantil.

### 4.1 O TECIDO EMPRESARIAL DAS ICC EN GALICIA

Segundo o Dirce, e de acordo co CNAE 2009, no ano 2011 había rexistradas 196 535 empresas en Galicia, o que representa un descenso do -3,36 % sobre o ano 2008, o primeiro dispoñible para esta nova clasificación das actividades empresariais.

Para a elaboración deste informe procedeuse a unha busca neste mesmo directorio das empresas dedicadas ás actividades comprendidas dentro das industrias culturais e creativas, atendendo aos códigos CNAE 2009 de dous ou tres díxitos que se corresponden con estas ramas, e que son as que a continuación se enumeran:

- 181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas
- 182 Reprodución de soportes gravados
- 322 Fabricación de instrumentos musicais
- 476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados
- 581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
- 582 Edición de programas informáticos
- 591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV
- 592 Actividades de gravación de son e edición musical
- 601 Actividades de radiodifusión
- 602 Actividades de programación e emisión de TV
- 631 Proceso de datos, *hosting* e actividades relacionadas; portais web
- 711 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería e outras actividades
- 731 Publicidade
- 741 Actividades de deseño especializado
- 742 Actividades de fotografía
- 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
- 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais

Cabe comentar que o feito de non contar con datos desagregados por comunidades a catro díxitos supón dar cabida nestas reflexións que se presentan a continuación a algunhas empresas con perfís non tan culturais, sobre todo nas epígrafes 582 (Edición de programas informáticos, dos que só interesaría a parte dedicada ao desenvolvemento de videoxogos e ao software cultural e educativo), 631 (Proceso de datos, aloxamento e actividades relacionadas; portais web, onde deberían considerarse só os axentes cunha actividade máis creativa, fundamentalmente da man da orixinalidade ou do carácter diferencial dos contidos xerados) e 711 (Servizos

técnicos de arquitectura e enxeñería e outras actividades..., da que só deberían ser incluídos os arquitectos).

En calquera caso, e de acordo con esta clasificación, resulta que **a principios do ano 2011 o número de empresas en Galicia que desenvolvía as súas actividades dentro das industrias culturais e creativas ascendía a 13 543, o que representa un 1,11 % máis que no ano 2010 e o 3,43 % máis que en 2008.** Isto xa supón, de entrada, unha tendencia de signo inverso á do total do tecido empresarial galego, que, como xa se comentou, neste intervalo experimenta unha caída do -3,36 %, e do -1,18 % no 2010-2011.

Táboa 11. Evolución das empresas das industrias culturais e creativas galegas segundo o código de actividade principal. 2008-2011

	2008	2009	2010	2011
Total grupos CNAE2009	203.374	201.263	198.874	196.535
Total industrias culturais	13.094	13.163	13.394	13.543
181 Artes gráficas e servizos relacionadas con estas	733	724	723	706
182 Reprodución de soportes gravados	53	51	46	46
322 Fabricación de instrumentos musicais	22	23	19	21
476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establec. especializ.	2.302	2.239	2.114	2.275
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	332	345	364	359
582 Edición de programas informáticos	81	81	45	54
591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV	327	347	310	321
592 Actividades de gravación de son e edición musical	4	4	2	6
601 Actividades de radiodifusión	44	46	36	37
602 Actividades de programación e emisión de TV	42	43	38	37
631 Proceso de datos, <i>hosting</i> e actividades relacionadas; portais web	96	118	227	239
711 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería e outras actividades	6.090	6.013	6.145	6.094
731 Publicidade	1.112	1.173	1.198	1.220
741 Actividades de deseño especializado	58	50	163	80
742 Actividades de fotografía	573	582	542	559
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.149	1.257	1.289	1.331
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras activ. culturais	76	67	133	158

Fonte: Dirce 2011. Instituto Nacional de Estadística

Por outra banda, **o peso relativo destas empresas no total do tecido empresarial de Galicia ascende no ano 2011 ao 6,89 %**, o que novamente segue unha tendencia crecente (en 2008 supoñía o 6,44 % do total de empresas que operaba en Galicia).

En canto á repartición segundo a súa actividade principal, resulta que **o grupo máis numeroso dentro do tecido empresarial deste macrosector é o que corresponde aos servizos de arquitectura e enxeñería, co 45 % do total das empresas culturais e creativas** (aínda que, como xa se dixo, desta epígrafe considéranse só dentro das ICC os servizos de arquitectura, deixando fóra a enxeñería, a arquitectura técnica, a promoción inmobiliaria ou a construción, a topografía etc.). O seguinte grupo sería o correspondente aos labores de Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados (venta de libros, discos e CD, artigos culturais e xornais e outras publicacións), que representa o 17 % do total. Trátase

dunha categoría que non xera contidos nin proporciona actividade creativa, pero que, pola contra, presta un importante servizo de asesoramento e prescrición, ademais de aproximación ao público dos produtos culturais previamente desenvolvidos por outros axentes da cadea de valor.

Gráfico 5. Evolución do tecido empresarial galego e das empresas das ICC. 2008-2011





Gráfico 6. Distribución das empresas galegas das ICC por actividade principal. 2011



O terceiro grupo en importancia é o das empresas dedicadas ás Actividades de creación, artísticas e de espectáculos, no que están recollidos os intérpretes e os creadores (músicos, actores, dobradores, bailaríns, magos, guionistas, escritores etc.) e que supoñen o 10 %. Moi próximo está o segmento de empresas de Publicidade, cun 9 %.

De acordo co modelo dos círculos comentado na metodoloxía, e atendendo á actividade principal desenvolvida polas empresas, **o 56,36 % das empresas das ICC galegas corresponde ás industrias culturais**, fronte a un 28,52 % das actividades creativas e un 15,12 % das Core Arts.

Por outra banda, **a variabilidade do número de empresas en cada un dos códigos de actividade considerados para o intervalo 2008-2011 é bastante dispar**. O grupo que máis crece é o 592 de Actividades de gravación de son e edición musical, que pasa de 4 a 6 empresas nestes anos, o que supón un incremento do 150 %. Outra que medra de xeito significativo é a 631 de Proceso de datos, aloxamento, portais web e actividades relacionadas, ao pasar de 96 a 239 empresas (148,96 % de variación). Deseguido estaría a 91 de Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, que pasa de 76 a 158, o que representa unha suba do 107 %. Con todo, no caso contrario tamén existen ramas de actividade nas que o número de axentes que prestan servizo nelas diminuíu, como é o caso do código 182 de Reprodución de soportes gravados, que pasou de 53 a 43 empresas (-13,21 %), ou o 602 de Actividades de programación e emisión de televisión, que mudou de 42 a 37 (-11,9 %).

**A maior parte destas empresas pertencentes ás industrias culturais está en réxime de autoemprego ou con menos de dez traballadores**, o que constitúe o universo das microempresas. De feito, no total do tecido galego o peso relativo das empresas sen persoal asalariado é dun 52,48 %, fronte ao 65,10 % deste grupo nas

industrias culturais e creativas<sup>16</sup>. Pola súa banda, as empresas das ICC galegas de entre un e nove empregados son o 32,12 % do total, mentres que no total das empresas galegas ascende a 43,12 %. Polo tanto, a porcentaxe de pequenas empresas de ambos os dous colectivos empresariais é bastante similar (99,38 % no total de empresas e 99,66 % para as ICC), aínda que cun peso superior de empresas sen traballadores asalariados nas segundas. Por outra parte, só o 0,34 % dos axentes empresariais conta cun cadro de máis de 50 empregados.

Gráfico 7. Taxas de variación no número de empresas nas ICC galegas segundo o código de actividade principal. 2008-2011





Gráfico 8. Distribución das empresas das ICC en Galicia de acordo co número de traballadores. 2011



Pero é que hai ramas de actividades culturais nas que todas as empresas teñen menos de dez traballadores, como é o caso de Fabricación de instrumentos ou Deseño especializado, Gravación de son e edición musical. Ademais, a única empresa galega das ICC de máis de 500 traballadores opera na epígrafe 602 de Programación e emisión de televisión. Existen tamén dúas empresas de Edición de libros, xornais e revistas de entre 200 e 499 traballadores e unha de Publicidade. Máis do 50 % das empresas sen asalariados desenvolve a súa actividade baixo o código 711 de Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico, e no 476 de Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados, outro 14,63 %.

Polo tanto, é posible inferir que **a industria cultural galega está bastante atomizada**, sobre unha base de pequenas empresas que xeran moito emprego, segundo se comenta na publicación *O capital da cultura*. Isto ten como consecuencia, por unha parte, un maior nivel de flexibilidade e adaptación ás circunstancias do mercado por parte destas empresas, pero, por outra, estas tamén teñen os problemas típicos das

<sup>16</sup> Isto non contravén as cifras de empresas facilitadas na segunda parte deste traballo, referidas ás compañías con contas depositadas no Rexistro Mercantil, onde só as que operan baixo a forma mercantil teñen a obriga de depositar as contas. Isto suporía non contar coas empresas baixo a fórmula de autoemprego, nin as cooperativas nin outras formas de sociedades non mercantís. Por iso, o que podería parecer unha incongruencia entre ambos os datos responde a distintas fontes de información.

firmas deste tamaño, especialmente no que se refire ás dificultades de acceder a algunhas fontes de financiamento e ás de saír a comercializar fóra de Galicia.

Táboa 12. Distribución das empresas da industria musical galega segundo o número de traballadores. 2011

	Total	Sen asalar.	De 1 a 9	De 10 a 49	De 50 a 199	De 200e 499	Mayor de 500
Total grupos CNAE2009 2011/2008	196.535	103.143	84.745	7.434	1.001	157	55
Total industrias culturais	13.543	8.816	4.350	331	45	4	1
181 Artes gráficas e servizos relacionados	706	240	411	50	5	0	0
182 Reprodución de soportes gravados	46	34	10	2	0	0	0
322 Fabricación de instrumentos musicais	21	13	8	0	0	0	0
476 Comercio polo miúdo de artigos culturais.	2.275	1.290	962	19	4	0	0
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	359	184	149	18	8	2	0
582 Edición de programas informáticos	54	35	13	6	0	0	0
591 Activid. cinematográficas, de vídeo e de TV	321	169	127	21	4	0	0
592 Gravación de son e edición musical	6	0	6	0	0	0	0
601 Radiodifusión	37	13	15	8	1	0	0
602 Programación e emisión de TV	37	16	11	6	3	0	1
631 Proceso de datos, <i>hosting</i> e portais web	239	136	96	6	1	0	0
711 Servizos técnicos de arquitectura e outras actividades	6.094	4.447	1.521	116	10	1	0
731 Publicidade	1.220	758	429	31	2	1	0
741 Deseño especializado	80	60	19	0	1	0	0
742 Fotografía	559	341	214	3	1	0	0
90 Activid. de creación, artísticas e espectáculos	1.331	1.018	282	27	4	0	0
91 Bibliotecas, arquivos, museos e outras activ. cult.	158	62	77	18	1	0	0

Fonte: Dirce 2011. Instituto Nacional de Estadística

## 4.2 AS MAGNITUDES ECONÓMICAS DAS ICC EN GALICIA

A continuación preséntase unha análise do censo de todas as industrias culturais e creativas galegas a partir das bases de datos xeradas dentro deste proxecto e que se alimentan de datos procedentes do Rexistro Mercantil facilitados polo Sistema de Información da Fundación para o Fomento da Calidade.

Deste traballo de análise resultan interesantes datos que permiten comparar os doce eidos de actividade abordados neste estudo (arquitectura, artes escénicas, artes plásticas, audiovisual, bibliotecas, museos, arquivos e xestión do patrimonio, deseño, fotografía, música, produto gráfico, publicidade, radio e TIC) e cuantificar de xeito conxunto todas as ICC en Galicia para establecer ademais comparacións con eses mesmos sectores no Norte de Portugal, co obxecto de evidenciar a importancia que estas ramas de actividade están a alcanzar na economía galega nos últimos anos e a súa capacidade para xerar recursos e emprego.

Como primeira parte deste traballo de agregación dos doce sectores das ICC en Galicia é posible extraer conclusións relativas ao número de empresas do censo co que se conta. De feito, **en 2009 operaban en Galicia polo menos 3814 empresas nos sectores considerados dentro das industrias culturais e creativas**. Delas, o 23,47 % dedicábase a actividades relacionadas co produto gráfico (artes gráficas, edición e impresión de xornais e revistas, preimpresión, distribución, edición de libros, acabados etc.); outro 19,35 %, á publicidade, o 12,72 %, á fotografía (tanto na parte creativa como na de comercialización e de laboratorio, e considerando a un numeroso colectivo de autónomos que opera nesta rama) e o 11,98 %, aos servizos técnicos de arquitectura.

Gráfico 9. Distribución das empresas das ICC en Galicia segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 10. Taxas de variación no censo de empresas das ICC por actividade. 2006-2009



A continuación estarían a industria musical (interpretación, organización de actos, representación de artistas, distribución, edición discográfica, venda de discos ou instrumentos ou actividades de apoio) co 10,46 % e o audiovisual (producción de cine, vídeo, televisión, animación, emisión de sinal de televisión, exhibición ou distribución de cine e vídeo, servizos de apoio á produción etc.) co 9,52 %. Outros sectores como artes escénicas, TIC relacionadas coas industrias culturais, deseño, radio ou



actividades de bibliotecas, arquivos, museos ou vinculadas co patrimonio histórico presentan porcentaxes inferiores ao 5 % do total das empresas galegas das ICC.

**A taxa media de variación no número de empresas para o total das ICC galegas é, para o período 2006-2009, do 28,97 %.** Pero son varios os sectores que demostran un crecemento superior no seu censo de empresas, como é o caso das dedicadas á Arquitectura, cun incremento do 46,67 % (fundamentalmente nos primeiros anos do intervalo), as artes escénicas (39,82 %), as TIC do eido das industrias culturais e creativas (39,73 %), a radio (37,93 %) ou a publicidade (32,47 %). As menores taxas corresponden aos sectores de artes plásticas (9,09 %), actividades de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (11,63 %) e produto gráfico (18,97 %).

Táboa 13. Empresas que operan nas ICC en Galicia e sector no que desenvolven a súa actividade. 2009

Variable	Empres. 2009	% sobre total ICC	Variac. 2008/09	Variac. 2006/09	Ano de constitu.	Capital social 2009	Círculo
Arquitectura	457	11,98%	7,58%	46,67%	2003	172.203	Act. creativas
Artes escénicas	189	4,96%	9,72%	39,82%	2002	8.842	Core Arts
Artes plásticas	13	0,34%	0,00%	9,09%	2002	92.500	Core Arts
Audiovisual	363	9,52%	4,70%	23,70%	2000	597.836	Ind. culturais
Biblio, museos, arq. e patrim.	37	0,97%	2,13%	11,63%	1999	124.733	Core Arts
Deseño	88	2,31%	4,94%	23,19%	2003	17.912	Act. creativas
Fotografía	485	12,72%	1,94%	28,46%	2001	22.391	Core Arts
Música	399	10,46%	4,47%	24,59%	2001	22.344	Ind. culturais
Produto gráfico	895	23,47%	3,78%	18,97%	1999	103.477	Ind. culturais
Publicidade	738	19,35%	4,68%	32,47%	2002	59.636	Act. creativas
Radio	40	1,05%	5,26%	37,93%	1996	331.468	Ind. culturais
TIC	110	2,88%	12,09%	39,73%	2004	127.748	Ind. culturais
Total ICC	3.814	100,00%	4,88%	28,97%	2001	128.077	Total ICC

Fonte: elaboración propia a partir das bases de datos elaboradas *ad hoc* para o estudo a partir de datos do Rexistro Mercantil

Se a variación no tecido empresarial se limita ao período 2008-2009, as taxas máis elevadas corresponden aos sectores das TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas (12,09 %), artes escénicas (9,72 %) e arquitectura (7,58 %).

A data media de constitución das empresas que desenvolven actividades dentro das industrias culturais e creativas galegas é 2001, e é nas Actividades de radiodifusión nas que a data media é inferior. Son tamén anteriores á media do sector os datos de creación dos axentes en todos os servizos arredor das Bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio e Produto gráfico (ambas as dúas en 1999).

Analizando o capital medio no ano 2009 (último dispoñible), a media das ICC galegas sería de 128 000 euros, pero cabe indicar que os sectores con capitalizacións superiores serían o de audiovisual (597 836 euros, a consecuencia do efecto da Televisión de Galicia) e radio (331 500 euros, polos datos da Radio Galega).

Gráfico 11. Rendibilidade económica de cada un dos sectores de actividade comprendidos nas ICC en Galicia. 2009





Gráfico 12. Distribución das empresas das ICC en Galicia segundo o círculo co que se corresponden. 2009



A rendibilidade económica media das ICC galegas é no ano 2009 do -6,8 %. A maior parte das actividades consideradas alcanzan taxas negativas, excepto os sectores de deseño e artes escénicas, co 4,85 % e o 5,73 %, respectivamente. Os valores máis negativos correspóndense con categorías con peores valores: artes plásticas (-24,1 %) e bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (-20,58 %).

Táboa 14. Variables relacionadas coa facturación das empresas das ICC en Galicia segundo o sector de actividade no que operan. 2009

Variables	Facturación	% sobre total ICC	Variación 2008/09	Variación 2006/09	Fact. por empreg.	Fact. por empresa	Círculo
Arquitectura	52.424.000	4,62%	-29,28%	-20,07%	80.159	171.882	Activ. creativas
Artes escénicas	14.010.972	1,23%	1,04%	56,18%	68.681	181.961	Core Arts
Artes plásticas	690.000	0,06%	-55,25%	-53,56%	57.500	76.667	Core Arts
Audiovisual	159.349.016	14,05%	-12,54%	-5,00%	63.324	675.208	Ind. culturais
Bibliot, museos, arquiv. e patrim.	34.025.000	3,00%	23,05%	65,43%	216.720	1.308.654	Core Arts
Deseño	41.313.000	3,64%	217,35%	259,50%	158.287	724.789	Activ. creativas
Fotografía	13.894.000	1,22%	-7,94%	-48,60%	63.154	146.253	Core Arts
Música	101.700.383	8,96%	1,94%	29,92%	127.285	496.099	Ind. culturais
Produto gráfico	481.523.000	42,44%	-4,74%	13,31%	90.119	818.888	Ind. culturais
Publicidade	186.893.000	16,47%	-11,43%	14,88%	120.266	582.221	Activ. creativas
Radio	18.242.009	1,61%	-9,35%	-12,18%	50.115,4	912.100	Ind. culturais
TIC	30.466.049	2,69%	2,65%	41,69%	60.568,7	499.443	Ind. culturais
Total ICC	1.134.530.429	100,00%	-3,75%	10,37%	93.023,5	522.843	Total ICC

Fonte: elaboración propia a partir das bases de datos elaboradas *ad hoc* para o estudo a partir de datos do Rexistro Mercantil

Cómpre facer un último apuntamento en canto a estes datos sobre o peso que cada un dos círculos considerados no modelo metodolóxico exposto en capítulos anteriores e empregado no estudo tería no censo total de empresas das ICC na comunidade galega. Considerando os datos do censo de empresas co que se conta para o estudo,

o 47,38 % das empresas desenvolve a súa actividade dentro do círculo das industrias culturais, o 34 % nas actividades creativas e o 18,98 % restante no Core Arts<sup>17</sup>.

Atendendo á agregación do volume de negocio destes doce sectores, **a facturación galega das industrias culturais e creativas no ano 2009 ascendeu a 1135 millóns de euros, o que supón unha variación do -3,75 % fronte ao exercicio anterior e un crecemento do 10,36 % sobre o ano 2006.**

Desta contía, o 42,5 % corresponde ás empresas gráficas (impresión e artes gráficas, rotulación, preimpresión, edición de libros, xornais e revistas, comercialización de produtos culturais etc.), seguido de publicidade co 16,47 %. Polo tanto, **o macrosector da produción gráfica (impresión, edición e publicidade, fundamentalmente) xeraría case o 60 % do volume de negocio das ICC en Galicia.** O audiovisual (cine, TV, vídeo e animación, exhibición, distribución e emisión de contidos) factura o 14,05 % do total, que co 1,61 % da radio e o 2,69 % das TIC que basicamente corresponde á xeración de contidos para novas plataformas, desenvolvemento de videoxogos e produción multimedia, dá como resultado **un peso agregado de aproximadamente un 17 % para o audiovisual.** Por outra banda, a industria musical é responsable do 8,96 % do volume de negocio, polo que xunto co 1,23 % das chamadas artes interpretativas permiten concluír que **as artes escénicas nun sentido amplo xeran o 10 % da facturación das ICC na comunidade galega.**

Gráfico 13. Distribución da facturación das ICC por actividade. 2009





Gráfico 14. Taxas de variación da facturación das ICC galegas por sector. 2006-2009




E continuando con estes datos, da comparación das taxas de crecements da facturación resulta que **o crecemento da facturación máis elevado no intervalo 2006-2009 corresponde ao deseño, co 259,5 %,** seguido de lonxe polas actividades ao redor das bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio, co 65,43 %, e as artes escénicas co 56,18 %. Pola contra, hai sectores con taxas de variación negativas, como é o caso das artes plásticas (-53,56 %), a fotografía (-48,6 %), a arquitectura (-20,07 %) ou a radio (-12,18 %).

Cando o intervalo observado se limita ao bienio 2008-2009, as taxas de variación redúcense de xeito importante, salvo novamente no deseño, que experimenta un

<sup>17</sup> Aínda que estas porcentaxes de empresas non coinciden exactamente coas comentadas no apartado do tecido empresarial desenvolvido a partir dos datos do Dirce, estas diferenzas débense a que nese caso a clasificación é máis afinada por ser esa análise por sectores (que resultan da agregación de ramas de actividade).

crecemento do 217,35 %, aínda que este incremento se debe á entrada no mercado dunha empresa dun gran grupo internacional dedicado á fabricación e distribución de roupa e complementos. Salvo as actividades relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio (23,05 %), as TIC relacionadas coas ICC (2,65 %), as industrias musicais (1,94 %) e as artes escénicas (1,04 %), todos os demais sectores mostran variacións de signo negativo. En calquera caso, **a variación media da facturación das industrias culturais e creativas na comunidade galega para o intervalo 2008-2009 é dun -3,75 %.**

Gráfico 15. Crecemento do número de empresas e do emprego no período 2006-2009 e facturación en 2009 segundo o sector de actividade



Na ilustración que se achega están representadas as taxas de variación do número de empresas e do emprego no intervalo 2006-2009. O tamaño das burbullas dá idea do volume de facturación de cada un dos sectores de actividade das ICC. Como se aprecia, **é o produto gráfico o sector con maior volume de ingresos en termos absolutos, pero o de deseño é, pola contra, o que demostra un maior crecemento no número de traballadores e o de arquitectura no tocante ao número de empresas.** As TIC relacionadas coas ICC, aínda tendo en 2009 unha facturación non demasiado importante en termos absolutos, parecen ser o sector con maior potencial en canto á constitución de novas compañías e ao volume de traballadores. No extremo contrario, o audiovisual, aínda contando cunha facturación de certo peso no total, presenta os índices de crecemento no tecido empresarial e no emprego inferior á media das ICC en Galicia.

Pero malia estes pesos relativos na xeración das rendas, as produtividades de cada sector difiren destas participacións, de xeito que **a facturación por empregado máis elevada corresponde ás actividades de bibliotecas, arquivos, museos e patrimonios, con 216 719,7 euros, seguida doutras como deseño (158 287,4), música (127 284,6) ou publicidade (120 265,8).** Pola contra, as facturacións por

traballador máis baixas correspóndense cos sectores de radio (50 115,4), artes plásticas (57 500,0), audiovisual (63 323,9) e artes escénicas (68 681,2).

Gráfico 16. Facturación por empresa dos sectores de actividade comprendidos nas ICC en Galicia. 2009





Gráfico 17. Distribución da facturación das ICC en Galicia segundo o círculo co que se corresponden. 2009



E se a relación se establece entre os ingresos e as empresas, extráese a produtividade por empresa, da que cabe dicir que **a media global de ingresos por compañía das industrias culturais é de 522 842,7 euros**. As empresas de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio logran en 2009 unha media de facturación por empresa de 1 308 653,8 euros. A continuación virían as de radio (912 100,5) e produto gráfico (818 887,8). Fronte a elas, artes plásticas (76 666,7), arquitectura (171 881,97), artes escénicas (181 960,7) e fotografía (146 252,6) alcanzan os valores máis baixos.

Cómpre facer un comentario sobre o peso que cada un dos círculos do modelo metodolóxico seguido no estudo ten no tocante ao volume de ingresos. **As industrias culturais son responsables do 69,75 % da facturación das ICC en Galicia, cun 24,74 % para as actividades creativas e o 5,52 % restante para o Core Arts.**

Gráfico 18. Resultado dos sectores comprendidos nas ICC en Galicia. 2009





Gráfico 19. Taxas de variación do resultado das ICC por actividade. 2006-2009



Refírese novamente polo seu interese o traballo *O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica*, do Consello da Cultura Galega, que apunta que na economía creativa a localización de actividade en ámbitos urbanos permite xerar riqueza no ámbito local, malia que a comercialización dos seus produtos non o sexa.

En relación con isto, o sector tende a que se cree un mercado dinámico a través de relacións empresariais a nivel local. Por último, aínda que resulta unha achega intanxible, os beneficios sociais da cultura tenden a fomentar a cohesión de grupos e rexións tradicionalmente desfavorecidos, beneficiándose da creatividade e o desenvolvemento a través da localización de talento, os rendementos locais de industrias con mercados máis amplos, a xeración de atractivos turísticos e a integración social.

**O resultado agregado antes de impostos para as industrias culturais e creativas galegas é de signo negativo (-81,5 millóns de euros)**, consecuencia do forte lastre que a Televisión de Galicia supón para o sector audiovisual e o volume de beneficios dunha das empresas de deseño incluídas na mostra. De feito, detraendo os resultados da canle autonómica resulta que os beneficios da industria audiovisual galega en 2009 ascenden a case -0,86 millóns de euros, de xeito que os resultados globais alcanzan a suma de 14,8 millóns de euros.

Con respecto ás taxas de variación do resultado para o intervalo temporal 2006-2009, e partindo dunha media das ICC galegas do 268,07 %<sup>18</sup>, obsérvase o **importante crecemento do beneficio nas actividades de deseño** (12 600,25 % de variación) ou en menor medida nas artes escénicas (332,22 %). Na maior parte das restantes industrias das ICC galegas, as variacións para este intervalo son de signo negativo e oscilan entre o -91,8 % da arquitectura ou o -82,63 % das TIC, e o -9,23 % das artes plásticas ou o .32,22 % do audiovisual.

Táboa 15. Variables relacionadas co resultado das empresas das ICC en Galicia segundo o sector de actividade no que operan. 2009

	Resultado	Variación 2008/09	Variación 2006/09	Result. por empreg.	Result. por empresa	Círculo
Arquitectura	1.423.000	-86,88%	-91,80%	2.175,84	5.431,30	Activ. creativas
Artes escénicas	596.000	-27,41%	332,22%	2.921,6	11.461,5	Core Arts
Artes plásticas	-279.000	-10,65%	-9,23%	-23.250,0	-46.500,0	Core Arts
Audiovisual	-97.154.236	12,18%	-32,22%	-38.608,3	-493.168,7	Ind. culturais
Bibliot, museos, arquiv. e patrim.	-1.412.000	-48,95%	6,27%	-8.993,6	-74.315,8	Core Arts
Deseño	24.030.000	4.630,31%	12.600,35%	92.069,0	858.214,3	Activ. creativas
Fotografía	-686.000	-104,78%	-19,01%	-3.118,2	-9.146,7	Core Arts
Música	830.000	-54,44%	-76,67%	1.038,8	5.684,9	Ind. culturais
Produto gráfico	-3.779.999	-	-	-707,5	-7.714,3	Ind. culturais
Publicidade	3.739.000	-33,83%	-60,30%	2.406,0	16.471,4	Activ. creativas
Radio	-9.007.005	-4,15%	-56,24%	-24.744,5	-375.291,9	Ind. culturais
TIC	197.002	-85,05%	-82,63%	391,7	4.925,1	Ind. culturais
Total ICC	-81.503.238	67,65%	268,07%	-1.547,8	-29.782,2	Total ICC

Fonte: elaboración propia a partir das bases de datos elaboradas *ad hoc* para o proxecto e a partir de datos do Rexistro Mercantil

Pero se só se analizan as taxas de variación entre 2008 e 2009, o deseño segue a ser unha actividade cun gran crecemento dos beneficios antes de impostos (4630,31 %) e,

<sup>18</sup> Media desvirtuada polo efecto da taxa de crecemento do resultado no sector de deseño no último ano pola constitución dunha empresa do grupo Inditex orientada aos labores creativos do grupo.



salvo o caso do audiovisual (12,18 % de variación positiva), **todos os demais sectores presentan variacións de signo negativo para o resultado**, de xeito que decrecen entre un -4,15 % a radio e un -104,78 % a fotografía.

Se este resultado se estuda por sector, advírtese como **as actividades de deseño (tanto gráfico como industrial ou téxtil e de complementos) son as que maiores beneficios xeran** (24 millóns de euros antes de impostos), e xunto coa publicidade (3,74 millóns), a arquitectura (1,42), a música (0,83), as artes escénicas (0,6) e as TIC relacionadas coas ICC (0,2) son capaces de ofrecer beneficios no exercicio 2009. As perdas máis avultadas proveñen dos sectores do audiovisual (-97,2 millóns de euros, -0,86 sen a TVG), da radio (-9), o produto gráfico (-3,8) e as actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (-1,4 millóns).

Gráfico 20. Resultado por empregado das ICC en Galicia. 2009





Gráfico 21. Resultado por empresa das ICC en Galicia. 2009



Os índices de resultado por empresa e por empregado (novamente desfigurados polos valores da Televisión de Galicia e da empresa de deseño do grupo Inditex) permiten **confirmar a importancia do sector do deseño en canto á capacidade das súas empresas e os seus traballadores para xerar beneficios**. O resultado medio global por empresa ascende a -29 782 euros e por empregado é de -1548 euros.

Gráfico 22. Distribución do emprego das ICC por actividade 2009





Gráfico 23. Taxas de variación do emprego das ICC galegas por sector. 2006-2009




Á marxe do sector audiovisual (-38 608 euros), **as perdas por traballador máis elevadas son as da radio (-24 745) e das artes plásticas (-23 250)**, e os beneficios por empregado de maior valor serían (sen contar o sector do deseño, cun beneficio



medio por traballador de 92 069 euros) para as artes escénicas (2922) e a arquitectura (2176). No tocante ao resultado por empresa, e sen considerar as perdas medias da industria audiovisual galega en 2009 (-493 169 euros), as seguintes de maior contía serían as da radio (-375 292). Na parte positiva da balanza figuran o deseño (858 214) e xa a distancia a publicidade (16 471) e as artes escénicas (11 462).

Gráfico 24. Crecemento da facturación e do emprego no período 2006-2009 e número de empresas en 2009 segundo o sector de actividade.



Na ilustración anterior, que recolle o crecemento dos ingresos e do emprego no período 2006-2009 e pondera o tamaño das esferas de acordo co tecido empresarial de cada sector, apréciase como as actividades incluídas na categoría do produto gráfico contan co tecido empresarial máis amplo en canto a número de axentes, seguido da publicidade, a fotografía, a arquitectura ou a música. Pero **os incrementos no tocante á facturación e ao emprego sitúan o deseño como o sector con máis proxección** (aínda que as taxas elevadas do sector fan recomendable non incluír estas actividades na representación gráfica), e a continuación estarían os de artes escénicas e TIC. No caso oposto situaríanse a fotografía e as artes plásticas, con crecementos tanto en emprego como en volume de ingresos inferiores á media das ICC galegas, e en menor medida a radio e o audiovisual.

Respecto á importancia que cada un dos círculos tería nestas cifras de resultado global manexadas, cabe comentar que **só no correspondente ás actividades creativas<sup>19</sup> as cifras son de signo positivo, cun valor de 29,2 millóns de euros. Pola contra, as Core Arts<sup>20</sup> suman unhas perdas totais de -1,8 millóns de euros e as industrias culturais<sup>21</sup>, -109 millóns de euros.**

<sup>19</sup> Arquitectura, publicidade e deseño.

<sup>20</sup> Artes plásticas e escénicas, fotografía e actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio.

<sup>21</sup> Industrias musicais e audiovisual, produto gráfico, radio e TIC.

**O emprego xerado polas industrias culturais e creativas galegas no ano 2009 supón aproximadamente 12 600 postos de traballo** equivalentes a tempo total, o que supón un crecemento do 2,7 % con respecto ao exercicio anterior e do 24,75 % sobre os valores de 2006. Polo tanto, é posible concluír que as industrias culturais e creativas contan cun importante potencial na creación de emprego en Galicia.

Táboa 16. Variables relacionadas co emprego das empresas das ICC en Galicia segundo o sector de actividade no que operan. 2009

Variables	Volume de emprego	% sobre o total ICC	Variación 2008/09	Variación 2006/09	Cadro medio	Círculo
Arquitectura	654	5,20%	-4,39%	38,85%	2,83	Activ. creativas
Artes escénicas	204	1,62%	7,85%	45,07%	3,34	Core Arts
Artes plásticas	12	0,10%	-20,00%	0,00%	2,00	Core Arts
Audiovisual	2.516	19,99%	1,73%	5,41%	13,60	Ind. culturais
Bibliot, museos, arquiv. e patrimonio	157	1,25%	15,94%	31,15%	8,26	Core Arts
Deseño	261	2,07%	110,48%	95,45%	5,44	Activ. creativas
Fotografía	220	1,75%	0,00%	11,11%	2,72	Core Arts
Música	799	6,35%	-0,89%	40,04%	4,93	Ind. culturais
Produto gráfico	5.343	42,45%	-1,82%	19,02%	10,64	Ind. culturais
Publicidade	1.554	12,35%	2,27%	14,81%	5,93	Activ. creativas
Radio	364	2,89%	-4,46%	2,54%	22,75	Ind. culturais
TIC	503	4,00%	5,59%	65,26%	10,93	Ind. culturais
Total ICC	12.587	100,00%	2,70%	24,75%	7,07	Total ICC

Fonte: elaboración propia a partir das bases de datos confeccionadas *ad hoc* para o estudo e de datos do Rexistro Mercantil

Afondando nestas taxas de variación, apréciase como **no intervalo 2006-2009 son as actividades de deseño (95,45 %) e de TIC (65,26 %) as que presentan un incremento do emprego en termos relativos maior**, seguidas das artes escénicas (45,07 %), as industrias musicais (40,04 %) e a arquitectura (38,85 %). Xunto a elas, actividades como as artes plásticas (0 %), a radio (2,5 %) ou a industria audiovisual (5,4 %) son as que ofrecen crecementos relativamente menores.

**Cando as taxas se refiren só ao período 2008-2009, as porcentaxes de variación tórnanse máis modestas**, e para unha media das ICC do 2,7 %, é novamente o deseño o que presenta un valor superior, co 110,48 % de incremento. Neste caso son varios os sectores de actividade con decrecementos no emprego, como é o caso da arquitectura (-4,39 %), as artes plásticas (-20 %), a música (-0,89 %), o produto gráfico (-1,82 %) e a radio (-4,46 %). As artes escénicas (7,85 %), as actividades relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio (15,94 %) e as TIC arredor das ICC (5,59 %) son as que presentan crecementos relativos maiores.

Gráfico 25. Cadro medio dos sectores das ICC en Galicia. 2009





Gráfico 26. Distribución do emprego das ICC en Galicia segundo o círculo co que se corresponden. 2009



Por outra banda, **estas cifras de emprego atenden a unha distribución sectorial moi próxima ao comentado para outras variables**, de xeito que o 42,45 % dos traballadores se corresponde coas actividades recollidas na categoría de produto gráfico, o 20 % coa industria audiovisual, o 12,35 % coa publicidade, e o 6,35 % coa industria musical.

Da relación entre o número de empresas coas que se conta con datos e o emprego que xeran é posible extraer algunhas conclusións sobre o cadro medio das compañías que operan nestes sectores. Sobre **unha media por empresa de 7,07 empregados para as industrias culturais e creativas galegas en 2009**, na radio dáse o cadro medio por empresa máis elevado, con 22,75 traballadores, seguido da industria audiovisual (con 13,6 traballadores, aínda que este valor está condicionado polos datos da TVG), das TIC (10,93), da industria gráfica e editorial (10,64, fundamentalmente polo efecto das cabeceiras dos xornais). Fronte a estas, os sectores cunha menor dimensión en termos de traballadores por empresa serían as artes plásticas (2 empregados), a fotografía (2,72), a arquitectura (2,83) e as artes escénicas (3,34).


Cómpre salientar que o feito de non dispoñer de datos para os axentes que adoptan a forma de empresarios individuais e sociedades civís, tan frecuentes nalgúns das ramas de actividade abordadas como as artes escénicas, a produción audiovisual ou a música, resta valor a este dato, aínda que permite unha mínima comparación entre os cadros de persoal das sociedades mercantís destes sectores.

Para rematar, cómpre apuntar que novamente **son as industrias culturais as que dan emprego a máis traballadores, co 75,67 % do total**, seguido das actividades creativas (19,61 %) e das Core Arts (4,71 %).

A ilustración que se achega representa as taxas de variación da facturación e o número de empresas no período 2006-2009 nos eixes e o volume de emprego en 2009 no diámetro das esferas. **Artes escénicas, TIC e publicidade son sectores que medran por riba da media das ICC galegas tanto nos ingresos como no número de empresas que desenvolven actividade neste sector. Pola contra, a industria audiovisual presenta valores inferiores á media nos dous casos.** Resulta relevante tamén o volume de emprego de sectores como produto gráfico,

audiovisual ou publicidade. As actividades de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio medran timidamente en canto a número de empresas, pero non así en volume de ingresos, cuxa taxa de variación é seis veces superior á media das ICC galegas.

Gráfico 27. Crecemento da facturación e do número de empresas no período 2006-2009 e volume de emprego en 2009 segundo o sector de actividade



A continuación achégase unha táboa coas principais variables para todos os sectores de actividade considerados neste estudo das industrias culturais e creativas en Galicia.

Táboa 17. Principais magnitudes dos distintos sectores das industrias culturais e creativas en Galicia. 2009

	Arquitectura	Artes escénicas	Artes plásticas	Audiovisual	Bibl., museo arquiv. e patrimonio	Deseño	Fotografía	Música	Produto gráfico	Publicidade	Radio	TIC	Total ICC
Número de empresas	457	189	13	363	37	88	485	399	895	738	40	110	3.814
% empresa/total ICC	11,98%	4,96%	0,34%	9,52%	0,97%	2,31%	12,72%	10,46%	23,47%	19,35%	1,05%	2,88%	100,00%
Variación 2008/2009	7,58%	9,72%	9,09%	4,70%	2,13%	4,94%	1,94%	4,47%	3,78%	4,68%	5,26%	12,09%	4,91%
Variación 2006/2009	46,67%	39,82%	9,09%	23,70%	11,63%	23,19%	28,46%	24,59%	18,97%	32,47%	37,93%	39,73%	28,97%
Empresas con datos	308	79	10	236	32	61	114	211	643	334	30	66	2.124
Ano de constitución	2003	2002	2002	2000	1999	2003	2001	2001	1999	2002	1996	2004	2001
Capital social 2009	172.203	8.842	92.500	597.836	124.733	17.912	22.391	22.344	103.477	59.636	331.468	127.748	128.077
Rendib. media 2009	-6,64%	5,73%	-24,12%	-4,29%	-20,58%	4,85%	-10,88%	-8,72%	-10,95%	-2,75%	-3,00%	-9,55%	-6,80%
Facturación	52.424.000	14.010.972	690.000,00	159.349.016	34.025.000	41.313.000	13.894.000	101.700.383	481.523.000	186.893.000	18.242.009	30.466.049	1.134.530.429
% fact./total ICC	4,62%	1,23%	0,06%	14,05%	3,00%	3,64%	1,22%	8,96%	42,44%	16,47%	1,61%	2,69%	100,00%
Variación 2008/2009	-29,28%	1,04%	-55,25%	-12,54%	23,05%	217,35%	-7,94%	1,94%	-4,74%	-11,43%	-9,35%	2,65%	-3,75%
Variación 2006/2009	-20,07%	56,18%	-53,56%	-5,00%	65,43%	259,50%	-48,60%	29,92%	13,31%	14,88%	-12,18%	41,69%	10,37%
Fact. por empregado	80.159,02	68.681,2	57.500,0	63.323,9	216.719,7	158.287,4	63.154,5	127.284,6	90.119,0	120.265,8	50.115,4	60.568,7	93.023,5
Fact. por empresa	171.881,97	181.960,7	76.666,7	675.207,7	1.308.653,8	724.789,5	146.252,6	496.099,4	818.887,8	582.221,2	912.100,5	499.443,4	522.842,7
Resultado	1.423.000	596.000	-279.000,00	-97.154.236	-1.412.000	24.030.000	-686.000	830.000	-3.779.999	3.739.000	-9.007.005	197.002	-81.503.238
Variación 2008/2009	-86,88%	-27,41%	-10,65%	12,18%	-48,95%	4630,31%	-104,78%	-54,44%	-	-33,83%	-4,15%	-85,05%	67,65%
Variación 2006/2009	-91,80%	332,22%	-9,23%	-32,22%	6,27%	12600,35%	-19,01%	-76,67%	-	-60,30%	-56,24%	-82,63%	268,07%
Result. por empregado	2.175,84	2.921,6	-23.250,0	-38.608,3	-8.993,6	92.069,0	-3.118,2	1.038,8	-707,5	2.406,0	-24.744,5	391,7	-1.547,8
Result. por empresa	5.431,30	11.461,5	-46.500,0	-493.168,7	-74.315,8	858.214,3	-9.146,7	5.684,9	-7.714,3	16.471,4	-375.291,9	4.925,1	-29.782,2
Volume de emprego	654	204	12	2.516	157	261	220	799	5.343	1.554	364	503	12.587
% emp./total ICC	5,20%	1,62%	0,10%	19,99%	1,25%	2,07%	1,75%	6,35%	42,45%	12,35%	2,89%	4,00%	100,00%
Variación 2008/2009	-4,39%	7,85%	-20,00%	1,73%	15,94%	110,48%	0,00%	-0,89%	-1,82%	2,27%	-4,46%	5,59%	2,70%
Variación 2006/2009	38,85%	45,07%	0,00%	5,41%	31,15%	95,45%	11,11%	40,04%	19,02%	14,81%	2,54%	65,26%	24,75%
Cadro medio	2,83	3,34	2,00	13,60	8,26	5,44	2,72	4,93	10,64	5,93	22,75	10,93	7,07

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

### 4.3 O EMPREGO NAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS GALEGAS

Para a análise dos datos de emprego das ICC en Galicia solicitouse da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos de afiliación por conta allea e por conta propia (autónomos) dos anos 2008-2010 para os códigos de actividade, de acordo coa clasificación CNAE-2009, que se consideran máis directamente relacionados coas industrias culturais e nos que unha elevada porcentaxe dos afiliados se corresponda coas actividades das industrias culturais. En virtude deste criterio, os códigos analizados son os seguintes:

1811	Impresión de xornais	5917	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo
1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas	5918	Actividades de distribución de programas de TV
1813	Servizos de preimpresión e preparación de soportes	5920	Actividades de gravación de son
1814	Encadernación e servizos relacionados coas mesmas	6010	Actividades de radiodifusión
1820	Reproducción de soportes gravados	6020	Actividades de programación e emisión de TV
3220	Fabricación de instrumentos musicais	7111	Servizos técnicos de arquitectura
4761	Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados	7410	Actividades de deseño especializado
4763	Comercio polo miúdo de gravacións de son e vídeo	7420	Actividades de fotografía
5811	Edición de libros	8552	Educación cultural
5813	Edición de xornais	9001	Artes escénicas
5814	Edición de revistas	9002	Actividades auxiliares ás artes escénicas
5819	Outras actividades editoriais	9003	Creación artística e literaria
5821	Edición de videoxogos	9004	Xestión de salas de espectáculos
5912	Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de TV	9102	Actividades de museos
5914	Actividades de exhibición cinematográfica	9103	Xestión de lugares e edificios históricos
5915	Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	9105	Actividades de bibliotecas
5916	Actividades de produción de programas de TV	9106	Actividades de arquivos

Os códigos relacionados coas actividades de artes gráficas e edición serían os 18.1, 58.1, 58.1 e 47.61; coas ramas musicais, 18.2, 32.2 e unha parte de 47.63, 59.2 e 90.04; co audiovisual estarían 59.1 e 60.20; coa radio, 6010; coas artes escénicas, 90.01 e 90.02 e unha parte de 90.04; coas ramas de biblioteca, arquivos e patrimonio o 91.0; coa arquitectura, o 71.11; co deseño, 74.11; coa publicidade, o 73.1; coa fotografía, o 74.2, e o 58.21 para os temas de multimedia, animación, videoxogos etc.

Segundo os últimos datos de afiliacións á Seguridade Social<sup>22</sup>, **no mes de marzo de 2011 un total de 21 263 persoas traballaba no sector das industrias culturais en Galicia.** A composición do sector das industrias culturais, así como o resto de datos do presente apartado, calculouse pola agregación dos datos dos CNAE considerados neste estudo e que aparecen recollidos nos anexos.

<sup>22</sup> Os datos empregados neste apartado, facilitados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, correspóndense coas cifras de afiliación do último día do mes de marzo de 2011. As cifras dos anos 2009 e 2010 correspóndense coas do último día do mes de decembro.

Tendo en conta que neste mes de marzo de 2011, os afiliados á Seguridade Social en todos os sectores da economía galega ascendían a 980 263 persoas, **as industrias culturais representan en Galicia, en termos de emprego, o 2,17 % do total.**

Táboa 18. Afiliacións á Seguridade Social nas industrias culturais e creativas en Galicia. Marzo de 2011

C 2009	Descrición-09	Xeral	Autónomo	Total
1811	Impresión de xornais	72	4	76
1812	Outras actividades de impresión e artes	2.122	562	2.684
1813	Servizos de preimpresión e preparación	435	161	596
1814	Encadernación e servizos relacionados	96	32	128
1820	Reproducción de soportes gravados	26	39	65
3220	Fabricación de instrumentos musicais	18	28	46
4761	Comercio polo miúdo de libros en establec. especial.	779	697	1476
4763	Comercio polo miúdo de gravacións	3	4	7
5811	Edición e impresión de libros	510	164	674
5813	Edición e impresión de xornais	1.597	39	1.636
5814	Edición e impresión de revistas	38	11	49
5819	Outras actividades editoriais	80	64	144
5821	Edición e impresión de videoxogos	87	41	128
5912	Actividades de posproducción cinematográfica	41	29	70
5914	Actividades de exhibición cinematográfica	308	19	327
5915	Actividades de produción cinematográfica	565	187	752
5916	Actividades de produción de programas de TV	165	18	183
5917	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	26	71	97
5918	Actividades de distribución de programas de TV	8	0	8
5920	Actividades de gravación de son e edición	18	15	33
6010	Actividades de radiodifusión	812	16	828
6020	Actividades de programación e emisión de TV	827	3	830
6312	Portais web	10	9	19
7111	Servizos técnicos de arquitectura	1.500	1.121	2.621
7311	Axencias de publicidade	1.950	842	2.792
7410	Actividades de deseño especializado	331	311	642
7420	Actividades de fotografía	289	634	923
8552	Educación cultural	1.101	130	1.231
9001	Artes escénicas	622	438	1.060
9002	Actividades auxiliares ás Artes escénicas	128	135	263
9003	Creación artística e literaria	46	363	409
9004	Xestión de salas de espectáculos	39	30	69
9102	Actividades de museos	127	21	148
9103	Xestión de lugares e edificios históricos	33	22	55
9105	Actividades de bibliotecas	150	8	158
9106	Actividades de arquivos	29	7	36
	<b>Total</b>	<b>14.988</b>	<b>6.275</b>	<b>21.263</b>

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social



En termos anuais, no ano 2009, 21 979 persoas estaban afiliadas á Seguridade Social no eido das industrias culturais e creativas. Esta cifra baixou no ano 2010 ata situarse en 21 454. A afiliación do sector presentou un comportamento similar ao do conxunto da economía produtiva galega.

Así, entre o ano 2009 e 2010 a afiliación reduciuse na pesca en 548 persoas (-2,47 %), na automoción baixou en 512 persoas (-3,20 %), no naval reduciuse en 936 (-11,40 %), na construción diminuíu en 5597 persoas (11,83 %) e nas industrias culturais e creativas diminuíu en 525 persoas (-2,39 %), a pesar de incluír neste dato toda a industria auxiliar, a diferenza dos outros sectores nos que se analizan as ramas principais.

Gráfico 28. Afiliados por sector de actividade nas ICC galegas. Marzo de 2011





Gráfico 29. Distribución da afiliación por sectores nas ICC galegas. Marzo de 2011




Cada un dos doce subsectores das industrias culturais e creativas presenta unhas dimensións e características propias. Por un lado, resulta que o código de actividade con maior número de afiliados en marzo de 2011 é o de Axencias de publicidade, co 13,13 % do total das ICC galegas, seguido de cerca por Outras actividades de impresión, co 12,62 % e Servizos técnicos de arquitectura co 12,33 %. Outras ramas cun certo peso serían a Edición e impresión de xornais, a Educación cultural (nomeadamente a relacionada coa música ou a danza), o Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados, as artes escénicas ou a fotografía.

Pero da análise da afiliación para cada un dos sectores, e partindo da agregación destes códigos de actividade, resulta que **o sector cunha maior afiliación é o de Edición e impresión, que supera os 7000 afiliados e representa o 35 % do sector.** Este subsector domina o sector, pois o segundo cun maior volume de afiliación é o de publicidade, con 2792 afiliados, seguido de arquitectura con 2621 afiliados e do audiovisual con 2347 afiliados. Os subsectores con menos peso no emprego son o de patrimonio (397 afiliados), TIC (154) e, por último, artes visuais (41 afiliados).

Respecto da variación da afiliación entre os anos 2009 e 2010 para os distintos subsectores, cada un mostra un comportamento distinto. Na seguinte ilustración represéntase a taxa de variación, tanto para o total das ICC galegas como para cada un dos sectores e de acordo cos dous posibles réximes de afiliación.

Gráfico 30. Crecemento da afiliación nas industrias culturais e creativas en Galicia. 2009-2010



As principais conclusións que se poden extraer destes datos son as seguintes:

- A pesar de que hai unha lixeira perda de emprego no sector, en liña co conxunto da economía, **en certos sectores hai creación neta e emprego**, como patrimonio, artes visuais e radio.
- Os sectores con maiores perdas de emprego son edición e impresión, arquitectura e TIC.
- **Nalgúns sectores con grandes descensos da afiliación no réxime xeral, hai unha compensación polo incremento do número de autónomos ou traballadores por conta propia.** Este é o caso dos sectores da música, arquitectura, publicidade e audiovisual.
- **O único sector con incrementos da afiliación tanto no réxime de autónomos como no de conta propia é o de deseño.**

No sector das industrias culturais e creativas conviven dous réximes distintos de afiliación á Seguridade Social, que son por conta propia (Réxime de autónomos) e conta allea (Réxime Xeral). Os datos de afiliación de cada un deles recóllense na seguinte táboa:

Táboa 19. Afiliacións á Seguridade Social nas industrias culturais galegas segundo o réxime


	2009	2010	2011 (marzo)
Réxime xeral	15.860	15.175	14.988
Réxime de autónomos	6.119	6.729	6.275
Total industrias culturais e creativas	21.979	21.904	21.263

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

O emprego por conta propia mostra un mellor comportamento que o emprego por conta allea. Así, mentres que entre os anos 2009 e 2010 no conxunto da economía galega se destruíu emprego, tanto por conta propia como por conta allea, no sector das industrias culturais **medrou o número de autónomos nun 2,61 %**.


Esta cifra ten unha especial importancia ao comparala coa diminución dun -2,39 % que se produciu no conxunto da afiliación do sector ou coa situación do Estado español para o total de afiliados, onde durante o período comprendido entre marzo de 2008 e marzo de 2011 se perderon máis do dobre de traballadores autónomos que no conxunto do resto de países da Unión Europea (UE)<sup>23</sup>.

Gráfico 31. Distribución da afiliación por réximes para cada un dos sectores de actividade. Marzo de 2011



A porcentaxe de autónomos sobre o total do emprego é, no sector, dun 29,51 %, moi por encima do 22,34 % de media da economía galega. A proporción entre un e outro réxime para cada un dos sectores no mes de marzo de 2011 pódese ver no gráfico anterior. O comentado crecemento do número de autónomos nun sector cunha alta porcentaxe de afiliados por conta propia como é este é indicador das posibilidades do autoemprego no sector das industrias culturais galegas.

Gráfico 32. Peso do traballo por conta propia no total de afiliados de cada sector das ICC en Galicia. Marzo de 2011



<sup>23</sup> Estas cifras forman parte dun informe elaborado pola Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos (ATA) con datos de Eurostat.

Na ilustración anterior represéntase, para cada un dos subsectores das industrias culturais e creativas, a porcentaxe de autónomos nun eixe e, no outro, o número total de afiliados. Así, non se observa ningunha tendencia nesa distribución.

Os sectores cunha maior porcentaxe de traballo autónomo son o de artes visuais, publicidade, arquitectura e artes escénicas, así como os da radio, audiovisual e patrimonio. Non hai relación inversa entre tamaño e porcentaxe de autónomos do sector, é dicir, os sectores con menor tamaño non presentan unha maior proporción de traballadores autónomos.


Táboa 20. Evolución das afiliacións nas industrias culturais galegas segundo a fase da cadea de valor. 2009-2011

	2009	2010	2011 (marzo)
Bens de equipo	35	42	46
Creación	10.150	9.891	9.941
Producción	7.603	7.301	7.153
Distribución	1.773	1.888	1.847
Comercialización	2.418	2.332	2.276
Total ICC	21.979	21.454	21.263

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

A cadea de valor, como modelo teórico, permite describir o desenvolvemento das distintas actividades do sector segundo a súa xeración de valor. No caso das industrias culturais, de acordo coa clasificación CNAE empregada e anteriormente descrita, descríbense cinco elos.

Gráfico 33. Distribución porcentual do emprego na cadea de valor. Marzo 2011



**En marzo de 2011, as actividades da cadea de valor das industrias culturais e creativas en Galicia estaban dominadas polas actividades de creación, con 9941 afiliados,** seguidas moi de cerca polas actividades de creación (7153 empregos). En terceiro lugar, as actividades de comercialización representaban 2276 afiliados, seguidas das actividades de distribución, con 1847 afiliados. Por último, segundo o menor volume de afiliados, atópanse as actividades de bens de equipo (46 afiliados), que, como se comentou anteriormente, se corresponden coa fabricación artesanal de instrumentos musicais.

No gráfico que se achega é posible ver a composición porcentual dos distintos elos da cadea de valor das industrias culturais galegas. A evolución do emprego en cada un dos elos da cadea de valor tivo un comportamento similar ao do sector no seu

conxunto. Nesta táboa representábase o comportamento do emprego, segundo a afiliación, nos últimos anos.

No elo de creación inclúense as actividades de creación artística de deseño; no elo de bens de equipo inclúese exclusivamente a fabricación (artesanal) de instrumentos musicais; no elo de produción atópanse as actividades de impresión, de edición de todo tipo de produtos culturais, así como a posproducción e gravación; no elo de distribución encádranse as actividades de reprodución de soportes gravados, a distribución cinematográfica e as actividades de distribución e programación e emisión de programas de televisión; por último, o elo de comercialización engloba as actividades de comercio e exhibición, así como a xestión de todo tipo de actividades e espazos culturais.

O sector das industrias culturais e creativas pódese descompoñer, nun primeiro nivel de análise, en industria cultural e industria creativa<sup>24</sup>.

Táboa 21. Evolución das afiliacións nas industrias culturais galegas segundo o sector. 2009-2011

	2009			2010			2011		
	Xeral	Autónomo	Total	Xeral	Autónomo	Total	Xeral	Autónomo	Total
Sector cultural	11.631	3.928	15.559	11.256	3.979	15.235	11.107	3.947	15.055
Sector creativo	4.229	2.191	6.420	3.919	2.300	6.219	3.881	2.328	6.209
Total ICC	15.860	6.119	21.979	15.175	6.279	21.454	14.988	6.275	21.263

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

En marzo do ano 2011 a afiliación do sector cultural ascendía a 15 055 persoas, mentres que a cifra de afiliados do sector creativo era de 6209 persoas. Isto representa un maior peso da afiliación do sector cultural (70,80 %) fronte ao sector creativo (29,2 %).

Afondando nestes aspectos relacionados co réxime de afiliación e os distintos sectores, cabe comentar que o 62,9 % dos autónomos desenvolve as súas actividades no eido cultural, e o 37,1 % restante nas creativas. Dentro do réxime xeral, a porcentaxe de traballadores afiliados que presta servizo nas actividades creativas é do 25,89 %, e dun 74,11 % nas culturais.

En canto á porcentaxe de autónomos sobre o total da afiliación, a proporción de traballo por conta allea é superior en máis de dez puntos no sector creativo respecto do sector cultural, ao representar, segundo os datos de marzo de 2011, o 37,5 % do total de afiliación do sector creativo, fronte a un 26,2 % do sector cultural.

A evolución da afiliación no sector tamén foi distinta, xa que o total de afiliados do ano 2010 sobre o ano anterior caeu, no sector creativo, un 3,13 %, un punto menos que no sector cultural, onde descendeu un 2,08 %. Ademais, no sector creativo, tanto o descenso de afiliados no réxime xeral como o incremento da afiliación no réxime de autónomos foron máis extremos.

<sup>24</sup> Actividades consideradas en cada un dos círculos do modelo: o sector cultural engloba as actividades do círculo de Core Arts e do Círculo 1(Actividades culturais), e o sector creativo coincide co círculo 2 (Actividades creativas).

Así, a substitución de traballo do réxime xeral por traballo por conta propia é moito máis intensa no sector creativo, sen dúbida ligado á creatividade inherente ao sector.

Gráfico 34. Afiliados dos sectores





Gráfico 35. Afiliados dos sectores cultural e creativo por modalidade. Marzo de 2011



Relacionando esta análise co punto anterior, a suma de Core Arts e o círculo 1 (actividades culturais) corresponderíase co sector cultural, e o círculo 2 (actividades creativas) corresponderíase co sector creativo.

Se as actividades culturais representaban o 71 % da afiliación do sector, esta porcentaxe divídese agora entre Core Arts e o círculo 1. O primeiro representa o 14 % da afiliación do sector e o segundo, o 57 %. Así, o círculo 1: actividades culturais é o que conta cun maior nivel de afiliación, seguido do círculo 2 de actividades creativas, co 29 % da afiliación e, por último, Core Arts.

Gráfico 36. Taxa de crecemento da afiliación por círculo. 2010/2009.





Gráfico 37. Taxa de crecemento da afiliación por sector. 2010/2009



Un segundo nivel de desagregación do sector das industrias culturais e creativas, segundo o modelo proposto na parte metodolóxica, atende á división do sector nos seguintes círculos:

- Core Arts
- Círculo 1: industrias culturais
- Círculo 2: actividades creativas

Respecto á afiliación do réxime de autónomos e do réxime xeral, a análise é similar á do apartado anterior, coa salvidade de que Core Arts é o círculo cun maior nivel de traballo autónomo. Así, o 42,8 % dos afiliados deste círculo cotiza no réxime por conta propia. Respecto á afiliación do réxime de autónomos e do réxime xeral, a análise é similar á do apartado anterior, coa salvidade de que Core Arts é o círculo cun maior nivel de traballo autónomo. Así, o 42,8 % dos afiliados deste círculo cotiza no réxime por conta propia, fronte ao 22 % do círculo 1 e o 37,4 % do círculo 2.

Gráfico 38. Afiliados por círculos. Marzo de 2011






Gráfico 39. Proporción entre afiliados do réxime xeral e autónomos por círculos. Marzo de 2011



Para rematar, a agregación de sectores que serve de base para este apartado, representa os sectores que se incluírían no caso de que unha clasificación económica reflectise o sector das industrias culturais e creativas como tal. Este exercicio permite engadir á análise a comparación do volume e da evolución do sector das industrias culturais con sectores tradicionalmente tractores da economía galega como son a pesca e acuicultura (CNAE 03), a automoción (CNAE 29 Fabricación de vehículos a motor...), o sector naval (CNAE 30 – Fabricación doutro material de transportes) ou a Construción de edificios (CNAE 41).



Gráfico 40. Afiliación por sectores en Galicia.



A partir desta obsérvase que:


- ❖ **As industrias culturais, en termos de emprego, son un sector comparable en importancia cos sectores máis tradicionais e relevantes do conxunto de Galicia.**
- ❖ O sector das industrias culturais tivo un **bo comportamento do emprego no período máis recente**, a pesar da actual situación de crise.
- ❖ Malia incluír na análise realizada para o emprego das ICC en Galicia a toda a industria auxiliar (que adoita ser a que sofre unha maior destrución de emprego en situacións de crise), **o sector presenta, en termos de emprego, un comportamento análogo aos núcleos troncais dos sectores tractores da economía galega**, como pode ser o de Fabricación de vehículos a motor.

#### 4.4 OS DATOS ECONÓMICOS DA ARQUITECTURA EN GALICIA

Nos parágrafos seguintes, dedicados á arquitectura como parte integrante das ICC galegas, recóllese a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade para as actividades principais, aínda que foi posteriormente completada con entradas alleas a estas epígrafes que enriqueceron esta listaxe inicial.

Para o desenvolvemento da análise exposta neste apartado as actividades seleccionadas responden ao código de actividade 7111 correspondente aos Servizos técnicos de arquitectura, que se enmarcarían no círculo correspondente a actividades creativas, e na fase de creación. De todas as empresas clasificadas nesta epígrafe, as que basicamente ofrecen servizos de consultoría e xestión de permisos e proxectos e aquelas outras de arquitectura técnica ou xefatura de obras foron descartadas por ter unha incidencia mínima da vertente creadora das súas actividades e estar máis orientadas a tarefas de promoción inmobiliaria, servizos de arquitectura técnica e xefatura de obras ou actividades de topografía ou medicións.

Gráfico 41. Distribución provincial das empresas de servizos de arquitectura en Galicia. 2009



A partir dos datos extraídos da explotación estatística desta base de datos, resulta que na comunidade galega había no ano 2009 un total de 458 axentes relacionados coa prestación de servizos técnicos de arquitectura, a maior parte deles empresas. Considerando que en 2006 os axentes ascendían a 318, isto representa un incremento no tecido empresarial deste sector do 44 % para o intervalo sinalado.

A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 54 % das empresas dedicadas á arquitectura, mentres que Pontevedra acolle o 29 %. Lugo e Ourense teñen ambas pesos relativos inferiores ao 10 %, aínda que estas cotas de participación no total do tecido empresarial do sector son superiores á media das ICC galegas. Por localidade, é A Coruña a que alcanza un peso superior sobre o total de empresas, co 26 %. A continuación estarían Vigo, co 13 %, e Santiago de Compostela, co 9 %. Lugo, Ourense e Pontevedra presentan cotas que oscilan entre o 5 e o 7 %.

En canto á data media de constitución destas empresas, 2003 é o ano medio de inicio de actividade. Ademais, o incremento no número de empresas entre 2006 e 2009 foi do 46,67 %.

A continuación ofrécese un avance das principais magnitudes dos servizos técnicos de arquitectura en Galicia nos anos 2006 e 2009.

Táboa 22. Principais magnitudes das empresas galegas de arquitectura en Galicia. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	65.584.200	52.424.000	-20,07%	173.610	1.423.000	719,65%
Arquitectura	65.584.200	52.424.000	-20,07%	173.610	1.423.000	719,65%
	Emprego			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	471	654	38,85%	318	457	43,71%
Arquitectura	471	654	38,85%	318	457	43,71%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se fará posteriormente para outros sectores das ICC, para a estimación do volume de negocio e do emprego dos servizos técnicos de arquitectura en Galicia, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>25</sup>.

#### 4.4.1 O volume de negocio dos servizos de arquitectura en Galicia

A actividade empresarial vinculada á arquitectura xerou en 2008 un volume de negocio total de 74,15 millóns de euros, o que representa unha variación do -3,43 % sobre o ano anterior. Xa en 2009, último ano dispoñible e de acordo coas estimacións levadas a cabo a facturación global desta actividade ascendeu a 52,42 millóns de euros, o que representa unha caída do -29,28 % fronte a 2008.

Táboa 23. Evolución da facturación das empresas galegas de arquitectura. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	15.132.000	65.584.200	77.499.000	74.128.000	52.424.000
Facturación empregado por	129.333,33	139.244,59	132.476,92	108.374,27	80.159,02
Facturación por empresa	180.142,86	290.195,58	300.383,72	254.735,40	171.881,97

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

<sup>25</sup> Os datos estimados para 2009 de facturación e emprego para as empresas das que non se dispoñía de datos ascenden a 47.

Aínda que para os datos anteriores a 2006 a mostra de empresas das que se dispón de información non é tan significativa nin os datos están tan completos, é posible comprobar como os servizos de arquitectura viñan experimentando un forte crecemento nestes últimos anos da man da burbulla inmobiliaria, alcanzan o seu punto de inflexión en 2007 con 76,8 millóns de euros e inician a partir dese momento unha tendencia decrecente en paralelo coa caída da promoción de vivendas e a redución do gasto público en infraestruturas.

No tocante á facturación media por empresa, é preciso sinalar que, ao igual que pasa co volume total de negocio, esta increméntase no período estudado ata o ano 2007, no que alcanza un valor de 0,3 millóns de euros, e a partir dese ano prodúcese un cambio de tendencia e pasa a mostrar valores decrecentes, que se sitúan en 0,255 millóns de euros en 2008 (e 0,17 millóns de euros en 2009<sup>26</sup>).

Gráfico 42. Evolución da facturación das empresas de arquitectura. 2005-2009





Gráfico 43. Evolución da facturación por empresa e a facturación por empregado das empresas de arquitectura. 2005-2009



A facturación por empregado, que dá unha idea da produtividade dos traballadores desta rama de actividade, segue unha tendencia decrecente nos catro últimos anos, ao pasar de case 0,14 millóns de euros en 2006 a 0,08 millóns en 2009. Esta evolución dos valores está relacionada co importante descenso no volume de facturación das empresas ou cunha caída no volume de emprego de menor intensidade.

#### 4.4.2 O resultado de explotación dos servizos técnicos de arquitectura

O resultado global antes de impostos das empresas galegas de servizos técnicos de arquitectura foi no exercicio 2009 de 1,4 millóns de euros, o que representa unha caída do -87 % con respecto ao ano anterior e confirma o cambio de tendencia que xa se comentou no apartado anterior referente á facturación destas empresas. De feito, o valor máximo no resultado global destas empresas dáse no ano 2007 con 17,8 millóns de euros de beneficio.

Estas cifras de beneficio agregado dan como media en 2009 un resultado de 5431 euros por empresa, que neste caso resulta manifestamente inferior aos

<sup>26</sup> Aínda que como son menos as empresas coas que se conta con datos, a significatividade do dato é menor.

correspondentes aos anos 2006, 2007 e incluso 2008, como se recolle na táboa que se achega.

Táboa 24. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de arquitectura. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	3.301.000	17.361.000	17.795.000	10.844.000	1.423.000
Resultado por empregado	28.213,68	36.859,87	30.418,80	15.853,80	2.175,84
Resultado por empresa	39.297,62	76.480,18	67.150,94	36.635,14	5.431,30

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O resultado por empregado nos servizos técnicos de arquitectura evidencia nos catro últimos anos unha importante deterioración, ao pasar de case 37 000 euros por traballador en 2006 a pouco máis de 2000 euros en 2009. Novamente a caída nos valores desta variable está claramente relacionada co descenso no resultado total antes de impostos e co menor descenso no número de traballadores nestas actividades.

Gráfico 44. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de arquitectura. 2005-2009





Gráfico 45. Evolución do resultado por empresa e do resultado por empregado das empresas de arquitectura. 2005-2009



Ademais, e como xa se advertiu no apartado anterior, faise necesaria unha lectura destes datos considerando a complicada situación económica pola que están a pasar todas as empresas que desenvolven a súa actividade ao redor do sector da construción, como é o caso que nos ocupa, pola forte caída na promoción, venda e construción de vivendas que se está a dar nestes últimos anos.

Táboa 25. Evolución das variables financeiras da arquitectura en Galicia. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	193.337	186.561	187.673	185.165	291.097
Activo total medio	301.268	299.520	293.840	180.143	290.196
Resultado por empresa	39.298	76.480	67.151	36.635	5.431
Rendibilidade económica media	14,15%	25,27%	20,24%	6,91%	-6,64%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se advirte nos datos recollidos na táboa que se achega coas variables financeiras, a rendibilidade económica das empresas dedicadas aos servizos técnicos de arquitectura pasa dun 25,27 % en 2006 a un -6,64 % en 2009, o que supón mudar dunhas cifras moi positivas a valores negativos que non fan senón afondar nos comentarios anteriores sobre a situación de todas as actividades vinculadas co sector da construción. De feito, aínda que tanto o activo total medio como os fondos propios medios manteñen valores, en termos globais, en consonancia ao longo de todo o período, o resultado medio si experimenta un franco retroceso, o que deteriora de xeito importante os valores da rendibilidade (que resulta do cociente entre o resultado antes de impostos e o activo total).

Cómpre facer un último comentario sobre o capital social inicial e o actual destas compañías (referido, claro está, ás que adoptan a forma de sociedades mercantís). No momento da súa constitución o capital social medio destas empresas é de 77 800 euros. Pero os datos para 2009 ascenden xa a 172 202 euros, o que supón máis que duplicar o valor desta variable e representa unha capitalización destas empresas.

#### 4.4.3 O emprego galego na arquitectura

Os servizos técnicos de arquitectura xeraron en Galicia no ano 2009 arredor de 650 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un descenso do -4,39 % sobre o ano anterior.

Táboa 26. Evolución do emprego das empresas galegas de arquitectura. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Emprego total	117	471	585	684	654
Cadro medio	2,49	3,04	3,21	3,24	2,83

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nos servizos técnicos de arquitectura en Galicia é crecente de 2005 a 2008, ao pasar de 117 traballadores no ano 2005 a 684 en 2008.

Gráfico 46. Evolución do emprego equivalente a tempo completo nas empresas de arquitectura de Galicia. 2005-2009





Gráfico 47. Evolución do cadro medio das empresas de arquitectura. 2005-2009



En 2009, último ano dispoñible para estes datos, aínda que o volume global de emprego é menor (654 traballadores de acordo coas estimacións levadas a cabo), a

caída no emprego é de menor importancia que a que se dá para o volume de negocio. Isto supón unha tendencia en termos de emprego un tanto distinta á que demostran o volume de negocio ou o resultado contable, que teñen en 2007 o punto de inflexión e a partir dese ano inician o descenso, o que parece indicar que o emprego leva polo menos un ano de atraso en canto á caída da actividade.

Contrariamente ao que ocorre con outras actividades dentro das ICC, os servizos técnicos de arquitectura presentan a priori un índice de temporalidade no emprego inferior ao do resto das actividades consideradas.

A táboa seguinte mostra as principais magnitudes dos servizos técnicos de arquitectura entre os anos 2005 e 2009. Nela apréciase a tendencia crecente de moitas das variables ata 2007, cando se produce un punto de inflexión e unha progresiva caída dos valores. É o caso da facturación ou o resultado antes de impostos. Pola contra, no caso do emprego total o cambio de tendencia atrásase polo menos un ano, e na rendibilidade adiantase a 2006, ano en que alcanza o seu máximo.

Seguidamente recóllense as principais magnitudes dos servizos técnicos de arquitectura en Galicia para o ano 2009, que ofrecen unha visión estática desta actividade para o último ano dispoñible.



Táboa 27. Principais magnitudes das empresas galegas de arquitectura. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Arquitectura	52.424.000,00	1.423.000,00	654,00	457	171.881,97	80.159,02	5.431,30	2.175,84	2,83

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 28. Principais magnitudes das empresas galegas de arquitectura. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	15.132.000	65.584.200	77.499.000	74.128.000	52.424.000
Resultado total	3.301.000	17.361.000	17.795.000	10.844.000	1.423.000
Emprego total	117	471	585	684	654
Fondos propios medios	193.337	186.561	187.673	185.165	291.097
Activo total medio	301.268	299.520	293.840	180.143	290.196
Rendibilidade económica media	14,15%	25,27%	20,24%	6,91%	-6,64%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.5 OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

Neste capítulo dedicado á dimensión económica das artes escénicas na comunidade galega as epígrafes de actividades seleccionadas para a análise son a 9001 e 9002 (Artes escénicas e Actividades auxiliares das artes escénicas, respectivamente), a 9003 (Creación artística e literaria na súa parte de representación e de creación de obras) e 9004 e 9232 para a parte de Xestión de salas e espectáculos e Explotación de salas de espectáculos e actividades conexas no tocante aos espazos de representación escénica. Todas elas enmarcaríanse no círculo de Core Arts.

De cara ao estudo da situación económica e financeira das empresas deste sector das artes escénicas e dentro do proxecto de vertebración do sector das ICC, creouse unha completa base de datos de axentes do sector, tanto empresas como institucións, que recolle os datos do Rexistro Mercantil proporcionados pola Fundación para o Fomento da Calidade. A partir da explotación estatística da base de datos, en Galicia había no ano 2009 un número aproximado de 200 empresas que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas. Destas, case a metade das empresas (45 %) dedícase ao teatro como actividade principal, o 10 % á danza (clásica, moderna ou tradicional), porcentaxe similar á dos monicreques ou das actividades consideradas como auxiliares ou de apoio. Menor importancia teñen a maxia, o circo ou as actividades de ensino relacionado (5 % cada unha delas).

Gráfico 48. Distribución das empresas de artes escénicas en Galicia segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 49. Distribución provincial das empresas galegas de artes escénicas. 2009



O estudo *O sector das artes escénicas de Galicia*, citado na publicación *O capital da cultura*, argumenta que a existencia dun importante número de empresas de produción teatral en Galicia se debe fundamentalmente á escaseza de traballo no sector, o que leva os profesionais do mundo da interpretación á creación de unidades empresariais de produción propias como fórmulas de autoemprego para saír así, en moitos dos casos, de situacións de desemprego que se alongan no tempo ou dunha constante inestabilidade laboral<sup>27</sup>. Polo tanto, e como xa se comentou no caso das ICC galegas,

<sup>27</sup> Así pois, estímase que máis do 60 % das empresas produtoras de espectáculos de artes escénicas en Galicia están constituídas como fórmula de autoemprego, sen contar cun cadro de traballadores estable.

a actividade das artes escénicas está bastante atomizada, característica que comparte co resto das industrias culturais.

Non é demasiado correcto falar de empresas auxiliares neste sector, agás no caso de empresas que proporcionan servizos técnicos de montaxe de escenarios ou de distribución, que son moi escasas e cun volume de negocio aínda incipiente no caso teatral. A escaseza de empresas que presten servizos auxiliares pode indicar, pois, a pouca madurez empresarial deste sector, que ou ben aínda non externalizou parte das súas funcións ou está a contratalas fóra de Galicia, aínda que esta limitación non é obstáculo para que en termos de facturación se convertan na actividade de maior peso relativo, como se verá despois.

A continuación expónse máis polo miúdo a situación das artes escénicas en Galicia desde o punto de vista económico.

Táboa 29. Principais magnitudes das empresas galegas de artes escénicas. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	9.020.170	14.010.972	55,33%	137.893	596.000	332,22%
Actividades auxiliares	2.809.107,44	4.226.000	50,44%	136.643	420.000	207,37%
Asociacións e institucións	n.d.	n.d.		n.d.	n.d.	
Circo	522.000,00	828.000	58,62%	-13.000	72.000	-653,85%
Danza	102.000,00	139.000	36,27%	-30.000	3.000	-110,00%
Ensino relacionado coas AA.EE.	255.000,00	638.000	150,20%	-9.000	17.000	-288,89%
Maxia	n.d.	27.000		n.d.	-5.000	
Monicreques	439.687,97	1.220.000	177,47%	-37.766	27.000	-171,49%
Outras actividades escénicas	242.000,00	384.000	58,68%	-85.000	-27.000	-68,24%
Sala de exhibición	170.000,00	325.485	91,46%	-21.302	107.000	-602,31%
Teatro	4.480.374,42	6.223.487	38,91%	197.317	-18.000	-109,12%
	Empregados			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	142,00	204,00	43,66%	156,00	201,00	28,85%
Actividades auxiliares	29,00	40	37,93%	18	20	11,11%
Asociacións e institucións	n.d.	n.d.		10	12	20,00%
Circo	22,00	34	54,55%	7	10	42,86%
Danza	3,00	2	-33,33%	15	20	33,33%
Ensino relacionado coas AA.EE.	10,00	10	0,00%	6	10	66,67%
Maxia	n.d.	n.d.		9	10	11,11%
Monicreques	11,00	12,00	9,09%	17	20	17,65%
Outras actividades escénicas	9,00	4,00	-55,56%	3	4	33,33%
Sala de exhibición	n.d.	n.d.		3	4	33,33%
Teatro	58,00	102,00	75,86%	68	91	33,82%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Como xa vén sendo habitual nas ICC galegas, a provincia da Coruña resulta ser a localización escollida pola maioría das empresas das artes escénicas (co 59 %) e Pontevedra acolle o 27 %. Nin Ourense nin Lugo chegan ao 10 %. Santiago de

Compostela é a localidade onde se localiza o 25,9 % das empresas da mostra; A Coruña conta co 12 %, Vigo co 6,5 % e Pontevedra e Ourense, co 4 %.

A data media de constitución das empresas de artes escénicas da mostra é 2002. Por outra banda, entre 2006 e 2009 a variación no número de axentes neste sector foi do 40 %; en 1990 só 11 destas empresas estaban constituídas coa razón social actual (o que non quita que desenvolveran a súa actividade baixo outra forma de personalidade xurídica, porque son moitas as que nos seus inicios tiñan presenza baixo fórmulas asociativas.

Como se vén facendo para outros sectores das industrias culturais e creativas, para a estimación do volume de negocio e do emprego das artes escénicas en Galicia, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2007, pero aínda non para 2008, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos<sup>28</sup>.

#### 4.5.1 O volume de negocio das artes escénicas en Galicia

A actividade empresarial vinculada ás artes escénicas xerou en 2009 un volume de negocio total de 14 millóns de euros, o que representa unha variación do 1,04 % sobre o ano anterior. Aínda que para os datos anteriores a 2006 a mostra de empresas das que se dispón de información non é tan significativa nin os datos están tan completos, o que si se deixa ver é un importante crecemento da facturación nestas actividades, que inclúen o teatro, a danza, o circo ou os monicreques. Ademais, a variación dos ingresos no intervalo 2006-2009 ascende ao 204,8 %.

Táboa 30. Evolución da facturación das empresas galegas de artes escénicas. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	9.020.170	11.149.475	13.943.372	9.695.000
Facturación por empregado	63.522	65.585	73.002	68.388
Facturación por empresa	145.487	159.278	198.005	188.588

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

En 2009 o incremento do volume de ingresos é máis modesto que nos exercicios anteriores. Esta desaceleración da taxa de variación do volume de negocio destas empresas está claramente influenciada pola actual conxuntura económica e o descenso da renda dispoñible da poboación, que repercute nun menor gasto dedicado ao lecer.

A distribución da facturación por actividade principal apunta o teatro como a forma de representación que é capaz de xerar máis volume de negocio, co 29 % do importe facturado, pese a que a actividade con maior importancia en canto ás rendas xeradas é a de auxiliar e de apoio (escenografía, montaxe, loxística, iluminación etc.), co 42 %.

<sup>28</sup> En total son 26 as empresas para as que se estimaron os datos de facturación e emprego para o exercicio 2009 partindo dos datos do ano anterior.

Cabe sinalar a menor importancia relativa dos monicreques, circo, danza ou maxia con respecto ao número de empresas, aínda que é preciso indicar, por unha parte, o crecemento destas disciplinas no total do volume de negocio do sector e, por outra, a dificultade para dispoñer de datos económicos destas empresas, que moitas veces desenvolven a súa actividade baixo a forma xurídica de empresario autónomo ou de sociedade civil, circunstancia esta que non permite concederlles a importancia que merecen.

Gráfico 50. Comparación da facturación media de cada actividade dentro das artes escénicas galegas. 2009





Gráfico 51. Distribución do peso das distintas actividades dentro da facturación das artes escénicas en Galicia. 2009



Estes diferentes pesos en canto ao número de empresas e de facturación provocan diferenzas moi significativas na facturación media das empresas<sup>29</sup>. A media máis elevada corresponde ás actividades de apoio ou empresas auxiliares (301 858 euros), que está moi por encima da media do sector, que ascende a 181 961 euros<sup>30</sup>. Das escénicas, é o circo o que ten un volume de negocio medio maior, seguido dos monicreques e o teatro. A maxia sería a que factura menos por termo medio.

A facturación por empregado pasa de 63 500 euros en 2006 a 68 400 en 2009, cunha traxectoria claramente ascendente ata 2008 e unha posterior caída no ano seguinte.

No capítulo dedicado ás artes escénicas da publicación *O capital da cultura*, do Consello da Cultura Galega, apúntase que cerca do 62 % das compañías de teatro posúe unha facturación anual inferior a 100 000 euros, cálculo que, malia que se realiza con datos pertencentes a un 32 % das compañías, resulta bastante aproximado. A porcentaxe aumenta no caso das compañías que se dedican aos espectáculos de danza, monicreques ou maxia.

#### 4.5.2 O resultado de explotación

O beneficio antes de impostos das empresas galegas de artes escénicas foi no exercicio 2009 de 0,596 millóns de euros, o que representa unha variación do -

<sup>29</sup> É preciso sinalar que para o cálculo da facturación media por empresa só se considera o número de empresas das que se dispón de datos.

<sup>30</sup> É conveniente comentar que algunhas destas empresas prestan servizo tamén á industria audiovisual ou á musical, aínda que o criterio de inclusión nun ou noutro sector é o da actividade que supoña unha porcentaxe maior dos ingresos.

27,41 % con respecto ao ano anterior e supón un cambio na tendencia ascendente dos tres anos anteriores. Se a taxa de crecemento se calcula para o período 2005-2009, o valor ascende ao 29,83 %. A pesar do descenso de 2009 fronte ao ano anterior, os datos referendan a tendencia ascendente que viña mostrando este sector ata 2008.

Táboa 31. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de artes escénicas. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	137.892,65	405.618,97	821.000,00	596.000,00
Resultado por empregado	971,08	2.385,99	4.298,43	2.893,20
Resultado por empresa	2.337,16	6.054,01	14.137,93	11.461,54


Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O peso relativo máis elevado nos beneficios das artes escénicas en Galicia corresponde ás actividades de apoio e auxiliares, que xeran 420 000 euros de resultado. Seguen en importancia as salas de exhibición (107 000 euros) e o circo (72 000). A maxia, o teatro e outras actividades escénicas obteñen resultados negativos.

Estas cifras de beneficio agregado dan como media un resultado de 11 462 euros por empresa, que neste caso resulta inferior ao correspondente ao ano 2008, que ascendía a 14 138 euros. Esta caída neste índice obedece a un maior incremento do número de empresas que o do resultado antes de impostos, e probablemente dunha redución na marxe comercial.

Gráfico 52. Evolución do resultado antes de impostos dentro das artes escénicas galegas. 2005-2009



Ademais, e como xa se advertiu no caso das actividades anteriores, faise necesaria unha lectura destes datos considerando a complicada situación económica pola que están a pasar as empresas na actualidade e a caída do consumo das familias, a mudanza dos hábitos culturais, as novas tecnoloxías..., circunstancias que provocan unha diminución dos ingresos das empresas.

Deseguido coméntanse os índices financeiros das empresas de artes escénicas en Galicia no intervalo 2006-2009.

Os fondos propios medios nestas empresas incrementáronse de 2006 a 2008, pois pasaron de 31 430 euros en 2006 a 54 670 en 2008, para logo descender a 42 890 euros en 2009. Igual tendencia segue o activo total, que crece de 2006 a 2008, para caer en 2009. De feito, o valor do activo total medio de 2009 é inferior ao de 2006. Nesta mesma liña vai tamén o resultado medio por empresa.

Pola contra, a rendibilidade adopta valores negativos en 2006 e 2008 e mostra unha maior oscilación que as outras variables financeiras antes comentadas polos cambios interanuais dun signo a outro. Finalmente, en 2009 a rendibilidade económica das empresas de artes escénicas é do 5,73 %.

Táboa 32. Evolución das variables financeiras das empresas galegas de artes escénicas. 2005-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios	31.431,01	35.560,27	54.698,41	42.888,89
Activo total	137.917,67	140.151,33	156.619,05	121.574,07
Resultado por empresa	2.337,16	6.054,01	14.137,93	11.461,54
Rendibilidade económica	-4,61%	7,40%	-7,96%	5,73%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O capital social medio no momento da constitución destas empresas é de 5000 euros en termos medios, fronte a 8800 euros en 2009. Isto supón unhas cifras menores que as doutros sectores das ICC, o que implica unha inferior capitalización, posiblemente como consecuencia da maneira en que nace a maior parte destas empresas, como fórmula de autoemprego.

### 4.5.3 O emprego galego das artes escénicas

As artes escénicas en Galicia xeraron en 2009 arredor de 210 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un crecemento do 7,85 % sobre o ano anterior e confirma a importancia que está a adquirir este sector, como o resto das ICC, en Galicia.

Táboa 33. Evolución do volume de emprego das empresas galegas de artes escénicas. 2005-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	142	170	191	206
Cadro medio	4,06	3,78	3,86	3,34

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas artes escénicas en Galicia é claramente crecente nos últimos catro anos e pasa de 142 traballadores no ano 2006 a 206 en 2009, o que ofrece unha taxa de crecemento do 45 % nese intervalo (un 15 % interanual). Este aumento pode vir da man do incremento da actividade motivado polo incipiente crecemento do público que acode a estas manifestacións culturais nos últimos anos.



Tal e como acontece noutras actividades incluídas dentro das ICC, trátase dun sector no que o índice de temporalidade no emprego é elevado, pois está moi vinculado ás producións ou á celebración de actos, que teñen un arranque e un final claramente definidos. Pero tamén hai que dicir que, pese ás cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, o movemento de contratacións laborais deste sector é elevado, por ser unha actividade intensiva en persoal na súa vertente de interpretación.

Gráfico 53. Evolución do emprego nas artes escénicas galegas. 2005-2009





Gráfico 54. Distribución do peso das distintas actividades dentro do emprego das artes escénicas en Galicia. 2009



No tocante á distribución por actividade do peso relativo no emprego total das artes escénicas, en 2008 a actividade que alcanza unha maior participación no total é a de teatro, co 50 % dos postos de traballo xerados nese ano (64 % en 2006), seguida polas empresas de apoio e servizos auxiliares (19 %) e o circo (17 %). Isto reforza novamente a característica da concentración arredor das actividades de representación teatral, como xa se comentou no caso do tecido empresarial ou da facturación.

O cadro medio destas empresas pasa de catro empregados en 2006 a tres en 2009, despois de tres anos consecutivos con este valor. Isto comporta unha variación pouco representativa en termos absolutos, pero non tanto desde o punto de vista relativo. Ademais, supón un cadro medio reducido, en comparación coa maior parte dos sectores comprendidos nas ICC en Galicia, posiblemente vinculado á reducida profesionalización destas actividades e ao elevado nivel de temporalidade destas.

Táboa 34. Principais magnitudes das empresas galegas de artes escénicas. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	14.010.971,65	596.000,00	204,00	189	181.960,67	68.681,23	11.461,54	2.921,57	3,34
Actividades auxiliares	4.226.000,00	420.000,00	40,00	20	301.857,14	105.650,00	32.307,69	10.500,00	3,33
Circo	828.000,00	72.000,00	34,00	10	207.000,00	24.352,94	24.000,00	2.117,65	11,33
Danza	139.000,00	3.000,00	2,00	20	139.000,00	69.500,00	3.000,00	1.500,00	2,00
Ensino relacionado	638.000,00	17.000,00	10,00	10	106.333,33	63.800,00	5.666,67	1.700,00	2,00
Maxia	27.000,00	-5.000,00	0,00	10	27.000,00		-5.000,00		0,00
Monicreques	1.220.000,00	27.000,00	12,00	20	174.285,71	101.666,67	6.750,00	2.250,00	2,00
Outras actividades escénicas	384.000,00	-27.000,00	4,00	4	192.000,00	96.000,00	-13.500,00	-6.750,00	2,00
Sala de exhibición	325.484,90	107.000,00	0,00	4	162.742,45		107.000,00		0,00
Teatro	6.223.486,75	-18.000,00	102,00	91	155.587,17	61.014,58	-750,00	-176,47	3,19

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 35. Principais magnitudes das empresas galegas de artes escénicas. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	9.020.169,83	11.149.474,63	13.943.371,65	14.087.971,65
Resultado total	137.892,65	405.618,97	821.000,00	596.000,00
Emprego total	142,00	170,00	191,00	206,00
Fondos propios medios	31.431,01	35.560,27	54.698,41	42.888,89
Activo total medio	137.917,67	140.151,33	156.619,05	121.574,07
Rendibilidade económica media	-4,61%	7,40%	-7,96%	5,73%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.6 OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES PLÁSTICAS EN GALICIA

Para abordar a parte do traballo correspondente ás artes plásticas en Galicia como rama das ICC a epígrafe considerada é a 9003 de Creación artística e literaria, onde entre outros estarían os creadores de artes plásticas como a pintura ou a escultura. Nalgún caso inclúense datos sobre galerías de arte e entidades dedicadas á intermediación na venda de arte que se localizaron operando noutros códigos pero das que se dispoñía de información. En calquera dos casos, estas actividades corresponden á fase de creación e ao círculo de Core Arts.

Resulta en calquera caso un tanto inconsistente falar de tecido empresarial no eido das artes plásticas en Galicia cando son tan poucas as empresas que integran a base de datos confeccionada para o proxecto, xa que moitos dos que desenvolven a súa actividade dentro destas liñas adoptan a figura de empresarios individuais, ou ás veces nin tan sequera iso, por non tratarse dunha actividade profesional.

Para a análise da base de datos, as categorías de actividade empregadas son as de Galerías de arte, Pintura, Escultura e Asociacións e institucións relacionadas co sector.

En total son 16 os axentes localizados a partir das fontes de información empregadas neste estudo que operan no eido das artes plásticas en Galicia, dos que 13 xa existían en 2009 e os outros tres teñen unha data de constitución posterior.

O ano de constitución destas empresas é, por termo medio, 2002 e, como cabe esperar cun número de empresas tan reducido, o incremento entre 2006 e 2009 do tecido empresarial deste sector foi do 10 %.

Gráfico 55. Distribución das empresas das artes plásticas en Galicia segundo a actividade que desenvolven, 2009.





Gráfico 56. Distribución provincial das empresas das artes plásticas en Galicia, 2009.



Neste sector de actividade é Pontevedra a provincia con maior presenza de empresas nas artes plásticas, co 55 % do total, mentres que A Coruña acolle o 36 %. Lugo non chega ao 10 % e Ourense non conta con empresas neste eido. Vigo é a cidade que acolle o maior número de empresas destas ramas, o 38 %.

Cunha presenza mínima de canles de difusión, cunha vertebración difusa, cun asociacionismo feble e cun certo escurantismo á hora de falar de números e mercado, é natural que se aluda á debilidade do sector das artes plásticas respecto doutros sectores das industrias culturais, segundo explica David Barros en *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais en Galicia*.

Por outra banda, as galerías de arte, dedicadas á comercialización e intermediación entre artistas e compradores de arte, supoñen o 58 % dos axentes que operan no sector, seguido de Pintura e Asociacións e institucións, co 17 % cada unha delas, e da escultura, co 8 %. As galerías de arte son un eixe fundamental para a comercialización da obra artística. Teñen no sector unha importancia económica extraordinaria e desenvolven un importante labor sociocultural baseado na promoción e exhibición do traballo dos artistas.

A pesar, pois, das carencias da mostra empregada para o estudo no caso deste sector de actividade e das súas peculiaridades, a continuación expónse a situación das artes plásticas en Galicia desde o punto de vista económico. Cómpre sinalar que algunhas actividades que finalmente foron clasificadas baixo a categoría de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio histórico, relacionadas coa restauración e conservación de obras de arte ou co ámbito expositivo, ben poderían ter cabida nesta outra de artes plásticas, pero foron recollidas na outra base de datos e, polo tanto, non computan nos datos expostos neste apartado.

Como se recolle no estudo *O capital da cultura*, a etapa de crise e recesión económica mundial afecta ao mercado das artes dentro e fóra de Galicia, aínda que moitos dos datos ofrecidos correspondan a momentos e anos de maior normalidade e estabilidade económica.

Táboa 36. Principais magnitudes das empresas galegas de artes plásticas. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	1.217.000	690.000	-43,30%	-169.414	-279.000	64,68%
Asociacións e institucións	-	-	-	-	-	-
Escultura	n.d.	108.000,00		n.d.	3.000,00	
Galerías de arte	1.186.000	577.000	-51,35%	-172.414	-282.000	63,56%
Pintura	31.000	5.000,00	-83,87%	3.000	n.d.	-100,00%
	Empregados			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	12,00	11,00	-8,33%	10	11	10,00%
Asociacións e institucións	-	-	-	1	2	100,00%
Escultura	n.d.	3,00		1	1	0,00%
Galerías de arte	12,00	8,00	-33,33%	7	7	0,00%
Pintura	n.d.	n.d.		1	1	0,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Neste caso tamén, para a estimación do volume de negocio e do emprego das artes plásticas en Galicia, pártese dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade. Para os casos en que había dispoñibilidade de datos para 2008 pero aínda non para 2009, e co obxecto de poder dar un avance dos datos deste último exercicio, considerouse que tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo e adxudicouse o valor destas variables no ano anterior.

Trátase dunha hipótese que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos<sup>31</sup>.

#### 4.6.1 O volume de negocio nas artes plásticas en Galicia

A actividade empresarial vinculada ás artes plásticas xerou en 2009 un volume de negocio total de 0,69 millóns de euros, o que representa unha diminución do -55,25 % sobre o ano anterior.

A pesar de que a escaseza de datos nesta rama de actividade das ICC non permite extraer moitas conclusións, e aínda tendo en conta a elevada concentración do volume de negocio nuns poucos axentes, é posible concluír un descenso na importancia económica que as artes plásticas alcanzan nestes últimos anos.

Táboa 37. Evolución da facturación das empresas galegas de artes plásticas. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	913.000	1.488.000	2.153.784	1.544.000	691.000
Facturación por empregado	91.300	124.000	102.561	102.933	57.583
Facturación por empresa	121.333	152.125	211.976	145.444	76.667

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

De novo a escaseza de datos fai pouco útil o comentario sobre a distribución da facturación por actividade, o valor da produtividade por empregado ou a facturación por empresa no caso das artes plásticas. Cómpre sinalar simplemente o peso que as actividades de intermediación entre creadores e compradores, recollida baixo a etiqueta de Galerías de arte, ten no volume de negocio total deste sector, con máis do 80 % da facturación xerada.

Gráfico 57. Evolución da facturación das artes plásticas en Galicia. 2005-2009





Gráfico 58. Distribución do peso das distintas actividades dentro da facturación das artes plásticas en Galicia. 2009



#### 4.6.2 O resultado de explotación nas artes plásticas en Galicia

O resultado global antes de impostos das empresas galegas de artes plásticas foi no exercicio 2009 de -291 000 euros, o que representa unha variación do -10,65 % sobre

<sup>31</sup> Finalmente estimáronse os datos de facturación e emprego para o exercicio 2009 de tres empresas.

o ano 2008 e dá continuidade a unha evolución que segue unha liña de pendente negativa iniciada xa en 2006. Se a taxa de variación se calcula para o período 2006-2009, o valor ascende a -64,68 %.

De novo, a escaseza de datos e as poucas empresas que integran a mostra considerada fan aconsellable non afondar na análise destes valores.

Táboa 38. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de artes plásticas. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	-254.265	-266.414	-172.856	-263.000	-291.000
Resultado por empregado	-25.426	-22.201	-8.231	-17.533	-24.250
Resultado por empresa	-58.816	-169.414	-21.107	-15.556	-46.500

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

### 4.6.3 O emprego nas artes plásticas en Galicia

As artes plásticas xeran en Galicia pouco emprego por conta allea en equivalente a tempo completo, aínda que isto non obsta para que o colectivo de autónomos ou de xente que de forma non profesional se achega a estas disciplinas sexa amplo.

Táboa 39. Evolución do volume de emprego das empresas galegas de artes plásticas. 2005-2009


	2005	2006	2007	2008	2009
Emprego total	10,00	12,00	21,00	15,00	12,00
Cadro medio	2,50	2,00	2,38	2,50	2,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas artes plásticas en Galicia tivo o seu punto de inflexión en 2007, momento en que alcanzou un máximo de 21 traballadores. Pero en 2009, último ano dispoñible, son 12 os empregados que desenvolven a súa actividade neste campo.

Gráfico 59. Evolución do emprego nas artes plásticas galegas. 2005-2009



Como xa se comentou anteriormente, nas artes plásticas podería haber un amplo colectivo de artistas e xeradores de contidos nos campos da pintura ou da escultura

de carácter afeccionado, ou para os que este tipo de actividades non constitúe o seu principal medio de vida. Tamén é certo que con eles convive outro grupo de creadores consolidados que fai das artes plásticas o seu medio de vida pero que desenvolve a súa actividade baixo a forma de empresarios individuais ou autónomos. Estas características dificultan a cuantificación da importancia en termos económicos das artes plásticas en Galicia ou en calquera contexto xeográfico.

Deseguido preséntanse as grandes magnitudes das artes plásticas na comunidade galega no ano 2009 (último dispoñible) e a evolución dalgunhas destas para o intervalo 2005-2009.



Táboa 40. Principais magnitudes das empresas galegas de artes plásticas. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	690.000,00	-279.000,00	12,00	10	76.666,67	57.500,00	-46.500,00	-23.250,00	2,00
Actividades auxiliares	108.000,00	3.000,00	3,00	1	108.000,00	36.000,00	3.000,00	1.000,00	3,00
Circo	577.000,00	-282.000,00	9,00	7	82.428,57	64.111,11	-56.400,00	-31.333,33	1,80
Danza	5.000,00	0,00		2			0,00		0,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 41. Principais magnitudes das empresas galegas de artes plásticas. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	651.000,00	1.488.000,00	2.153.783,68	1.544.000,00	691.000,00
Resultado total	-254.264,71	-266.414,45	-172.855,55	-263.000,00	-291.000,00
Emprego total	10,00	12,00	21,00	15,00	12,00
Fondos propios medios	163.328,08	55.203,30	38.568,80	60.100,00	-158.000,00
Activo total medio	344.003,69	263.766,92	257.272,15	290.500,00	227.428,57
Rendibilidade económica media	-17,97%	-6,54%	-2,74%	-10,59%	-24,12%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.7 OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA

Segundo as cifras da Federación de Produtores Audiovisuais de España (FAPAE), a facturación das produtoras galegas en 2008 supuxo o 4,4 % da facturación total do audiovisual en España (en 2007 esta porcentaxe foi do 3,2 %). Este peso relativo sitúa a Galicia como a quinta comunidade en canto a peso relativo no volume global de negocio audiovisual en España, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía e Comunidade Valenciana, e confirma a perda de peso no total do audiovisual estatal. No que se refire ao emprego, o peso relativo de Galicia elévase ata o 8 %, polo que ascende un posto na lista de comunidades.

Para a análise levada a cabo no marco deste estudo para as ramas de audiovisual e de acordo coa metodoloxía seguida xa nos apartados anteriores, as epígrafes consideradas son as que corresponden aos códigos 59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV e 60.20 Actividades de programación e emisión de TV, ademais doutros axentes engadidos a maiores por estar a prestar servizo no sector aínda que operando baixo outros códigos de actividade. Ademais destes códigos, engadíronse algúns axentes que operan, fundamentalmente, ao redor das actividades auxiliares ou de apoio (sonorización e dobraxe, aluguer de equipos, iluminación, posproducción etc.) e algunhas dedicadas á animación que desenvolven a súa actividade baixo códigos relacionados coas TIC. Todas elas están enmarcadas no círculo de actividades culturais e corresponden, dependendo de que se trate en concreto, ás fases de produción, difusión ou comercialización.

Así as cousas, no ano 2009 estaban operando en Galicia 409 axentes dentro do sector audiovisual galego, o que supón un crecemento do 18,9 % sobre os existentes en 2006. Destes axentes, 376 son empresas, o que supón que o 8 % destes integrantes do audiovisual galego son asociacións e institucións relacionadas co sector, o que denota unha elevada estruturación do sector e un camiño a prol do asociacionismo.

Gráfico 60. Distribución das empresas do audiovisual galego por actividade 2009





Gráfico 61. Distribución das empresas do audiovisual galego por provincias 2009



Dentro do grupo correspondente ás empresas, a categoría de actividade con máis peso é a de produción de cine, vídeo e televisión, cun 50 % do total, seguida das empresas de servizos auxiliares, co 13 %, e as televisións locais, co 9 %. Con pesos menores figuran grupos como os de exhibición de cine (7 %), animación (6 %), dobraxe e sonorización (4 %), distribución videográfica e cinematográfica (3 %) ou televisións autonómicas ou nacionais con espazo de desconexión, co 2 %.

Do dito anteriormente pódese deducir que o 56,38 % das empresas que operan na industria audiovisual galega desenvolve tarefas de produción, xa sexan de cine, vídeo, televisión ou animación. A estas súmase o 17,02 % que desenvolve servizos de apoio a estas actividades de xeración de contidos (e que ofrecen servizos de dobraxe, sonorización, distribución de equipos, iluminación, *casting*, montaxe, posproducción...). A emisión de sinais de televisión adquire un peso menor (11,17 %) e, por último, sitúase a distribución e a exhibición, co 9,84 % das empresas.

Pero é importante apuntar que o audiovisual nunca foi só audiovisual e que o seu eido de acción abrangueu por tradición a profesionais das máis variadas materias: escritores e guionistas, decoradores, deseñadores, técnicos en iluminación, fotógrafos etc. Ademais, dun tempo a esta parte estase a confirmar que o audiovisual xa non se concibe sen a participación directa de profesionais das novas tecnoloxías do coñecemento, tanto no que se refire á preparación e rodaxe da obra en cuestión, como ao que atinxe logo á distribución, á proxección e á promoción, e de xeito moi importante á xeración de contidos para novas plataformas que afondan na visión de produto 360º que se está a dar noutros campos das ICC.

No tocante á distribución xeográfica das empresas do audiovisual galego, a provincia da Coruña é a localización máis frecuente das empresas galegas da industria audiovisual, co 62 % do total, seguida a distancia de Pontevedra, co 22 %, e, por último, e cun peso moito menor, Ourense co 8 % e Lugo co 6 %. Aínda que cidades como A Coruña, Santiago de Compostela ou Vigo acollen boa parte das empresas do sector, algúns concellos do seu contorno como Ames, Teo, Oleiros ou Culleredo teñen pesos moi superiores aos que presentan noutras actividades das ICC.

Gráfico 62. Distribución das empresas do audiovisual por ano de constitución





Gráfico 63. Distribución das empresas do audiovisual galego por tamaño. 2009



Respecto á data de constitución dos axentes que operan neste sector, o ano 2000 é a media para esta variable. A produtora máis antiga data de 1979 e nestes anos

constituíronse algunhas outras a partir da iniciativa dalgúns dos protagonistas das primeiras actividades de afeccionados no eido do audiovisual galego, como Xavier Villaverde, Juan Pinzás, Manuel Castelo Agra, Aurelio López Piñeiro ou outros realizadores desa época. Pero moitas destas primeiras empresas foron refundadas e novamente constituídas baixo outra razón social, polo que son poucas as que continúan a manter a actividade baixo a mesma denominación. A partir dos datos das empresas das que se dispón de data de constitución, cabe concluír que na última década se constituíu o 51,2 % das empresas do sector, aínda que o 10 % xa operaba baixo esa mesma denominación antes de 1990. Trátase, pois, dun sector dinámico no que están a emerxer novas empresas, fundamentalmente vinculadas ás novas tecnoloxías, e moitas delas como *spill overs* a partir doutras xa existentes que continúan a desenvolver as súas actividades.

A continuación preséntanse os principais datos da industria audiovisual galega:

Táboa 42. Grandes magnitudes das empresas da industria do audiovisual galego. 2006-2009

Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	167.732.922	159.349.016	-5,00%	-73.476.988	-97.154.236	-32,22%
Animación	7.106.661	6.248.705	-12,07%	-1.505.178	-3.353.245	-122,78%
Asociacións e institucións	-	-	-	-	-	-
Distrib. de cine ou vídeo	14.556.616	7.842.000	-46,13%	580.498	-549.000	
Dobrax e sonorización	5.677.999	4.858.000	-14,44%	851.087	167.000	-80,38%
Ensino	280.414	327.000	16,61%	-7.673	6.000	-178,20%
Exhibidora de cine	13.851.248	16.741.960	20,87%	-197.675	290.000	
Outros servizos auxiliares	11.953.532	11.335.000	-5,17%	1.075.569	789.000	-26,64%
Produtora de cine, vídeo ou TV	66.673.776	59.993.820	-10,02%	5.096.602	1.571.009	-69,18%
TV autonómica ou estatal	42.041.568	45.265.018	7,67%	-76.803.129	-94.716.000	-23,32%
TV local	5.591.108	6.737.513	20,50%	-2.567.090	-1.359.000	47,06%
Subsector	Empregados			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	2.387	2.516	5,41%	344	409	18,90%
Animación	161	167,50	4,04%	17	22	29,41%
Asociacións e institucións	-	-	-	32	32	0,00%
Distrib. de cine ou vídeo	54	50,00	-7,41%	9	11	22,22%
Dobrax e sonorización	148	106,00	-28,30%	15	16	6,67%
Ensino	10	4,00	-61,24%	21	21	0,00%
Exhibidora de cine	186	186,00	-0,09%	26	26	0,00%
Outros servizos auxiliares	129	117,00	-9,25%	35	48	37,14%
Produtora de cine, vídeo ou TV	837	828,91	-0,93%	149	190	27,52%
TV autonómica u estatal	660	892,00	35,15%	8	9	12,50%
TV local	202	165,00	-18,47%	32	34	6,25%

Fonte: Observatorio Audiovisual Galego, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Coma nos casos anteriores, para a estimación do volume de negocio e do emprego da industria audiovisual en Galicia pártese dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade. Para os casos en que non había

dispoñibilidade de datos para 2009 pero si para 2008, e co obxecto de poder ofrecer un avance dos datos deste último exercicio, considerouse que tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo, e adxudicouse o valor destas variables para o exercicio anterior. Son hipóteses que permiten establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos<sup>32</sup>.

Segundo estas condicións, é posible afirmar que no ano 2009 no sector audiovisual galego operaban case 400 empresas dedicadas á produción de contidos, á súa distribución e exhibición, á emisión de sinal de televisión e á prestación de servizos auxiliares, cunha facturación conxunta de case 159 millóns de euros e un volume de emprego próximo aos pouco máis de 2500 traballadores.

Ademais, a táboa na que se recollen as grandes magnitudes do audiovisual galego pon de manifesto a importancia en termos relativos das actividades de produción cinematográfica e televisiva e, en menor medida, das empresas auxiliares, en calquera das catro variables consideradas. Así mesmo, permite adiviñar o forte crecemento das actividades de exhibición cinematográfica e da televisión nalgunhas das variables neste período de 2006-2009<sup>33</sup>.

É posible concluír que a industria audiovisual galega, como o tecido empresarial galego en xeral, está bastante atomizada. Con todo, esta atomización constitúe unha das maiores eivas do sector empresarial audiovisual (un número de empresas moi elevado), ademais da escasa dimensión das compañías (demasiado pequenas, moitas nin sequera pasan de dous socios e practicamente non teñen traballadores por conta allea). A conxunción destes dous factores impide que actúen as economías de escala (coas que tanto se abaratan os custos de produción) e que se acade un tamaño mínimo de viabilidade, esa dimensión a partir da cal unha empresa obtén beneficios no mercado grazas a que ten unha axeitada estrutura de custos de produción.

O traballo *O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica*, do Consello da Cultura Galega, apunta que é posible unha valoración ambivalente sobre o tamaño das empresas culturais en xeral e audiovisuais en particular: por unha banda, as empresas pequenas e as microempresas teñen unha serie de vantaxes recoñecidas relativas á flexibilidade, á rapidez na toma de decisións e á capacidade de adaptación ao mercado. Parece, xa que logo, que existe certa relación entre a volatilidade de moitos dos produtos ofrecidos e o tamaño das empresas da cultura; pero, pola contra, é ben sabida a dificultade que este tipo de iniciativas teñen para obter financiamento, o que incide negativamente na súa capacidade de expansión en todos os ámbitos.

---

<sup>32</sup> As empresas para as que se estimaron os datos de 2009 de facturación e emprego ascenden a 32.

<sup>33</sup> Cabe subliñar que os valores das distintas variables estudadas para a Televisión de Galicia desvirtúan as cifras tanto para o total da industria como para a rama de emisión de televisión, polo que sempre que se pode se ofrece unha análise excluindo a esta empresa.

### 4.7.1 A cifra de negocios do sector audiovisual galego

A industria audiovisual galega xerou en 2009 un volume de negocio total de 159 millóns de euros, o que representa unha variación do -12,54 % sobre o ano anterior. Se a lectura se leva a cabo sen considerar o volume de negocio da canle autonómica, a caída da facturación sería dous puntos menor (-10,66 %).

Estas cifras veñen a confirmar un cambio de tendencia tras un período prolongado de crecemento constante que viña sendo estudado desde o Observatorio Audiovisual Galego e que se inicia en 1994 (primeiro ano do que se dispón de información). É no ano 2007 cando se dá este punto de inflexión e se inicia unha caída dos ingresos destas empresas que comezou como incipiente pero está a gañar en importancia.

O presuposto da cadea pública galega para 2010 foi de 136 millóns de euros, o que representa unha baixada do 7,1 % con respecto a 2009. Desta partida, 115,8 millóns proveñen da Xunta de Galicia, unha cantidade algo inferior á inicialmente solicitada de 127 millóns. A achega publicitaria representa o 12,2 % dos presupostos (16,6 millóns), cunha tendencia descendente nestes últimos anos pola caída da contratación das empresas e pola fragmentación das audiencias que fan que sexa necesario repartir a demanda de espazos publicitarios entre máis canles.

É importante aclarar que entre as dez empresas con maior facturación do ano 2009 hai algunhas empresas independentes dedicadas á produción como Productora Faro, Continental Producciones ou Bambú Producciones, e se a selección se amplía ás vinte maiores xa aparecen Filmanova, Vaca Films, Ficción Producciones ou Pórtico de Comunicaciones. Nestas listaxes figuran tamén empresas de exhibición cinematográfica (como Multicines Plan Galicia ou Ciproga) e de emisión de sinal de TV (como Televisión de Galicia, a empresa galega de maior dimensión da industria audiovisual, ou Medios Audiovisuales de Galicia do Grupo Voz).

Táboa 43. Evolución da facturación das empresas galegas do audiovisual. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	149.015.230	167.732.922	184.607.176	182.188.998	159.349.016
Facturación total sen TVG	127.254.245	144.660.436	162.343.439	162.331.998	145.022.016
Fact. por empregado	73.216	70.261	78.997	73.655	63.324
Fact. por empreg. sen TVG	82.190	83.460	97.687	91.426	80.193
Fact. por empresa	897.682	864.603	854.663	820.680	675.208
Fact. por empresa sen TVG	771.238	749.536	755.086	734.543	617.115

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Outro feito que se debe considerar é a perda de importancia relativa da Televisión de Galicia no total do negocio orixinado polo audiovisual galego: en 1995 a canle autonómica xeraba o 35,51 % do total da cifra de negocio do sector; no ano 2000 esta porcentaxe era do 30,78 % e en 2005 de só o 14,60 %, porcentaxe que descendeu ata o 7,98 % en 2008. Este feito débese á dimensión económica que están a lograr algunhas das produtoras galegas, como é o caso de Voz Audiovisual, CTV, Editorial

Compostela, Productora Faro, Continental Producciones, Filmanova, Filmax Animation, Bambú Producciones ou Bren Entertainment.

De acordo coa clasificación empresarial e segundo a fase da cadea de valor na que operan, as empresas produtoras representan o 38 % do total (66,24 millóns), seguido das emisoras de TV, tanto local como autonómica ou nacional, con 52 millóns de euros (o 33 %). A porción restante repártese entre o 16 % das exhibidoras e distribuidoras (24,6 millóns de euros) e o 10 % das industrias auxiliares e de apoio (16,2 millóns).

Son moitos os cambios no eido do audiovisual que se produciron nestes últimos anos, fundamentalmente da man da dixitalización e do apagamento dixital, que obrigou a moitas das produtoras a introducir novas tecnoloxías e á adquisición de equipamentos. Pero o certo é que as reformas que se produciron no sector audiovisual ata o momento non foron capaces de estimular o sector da produción. Algunhas das novas cadeas non conseguiron alcanzar os seus obxectivos de audiencia e ingresos e están a anunciar xa fortes recortes na compra de programas.

Gráfico 64. Distribución da facturación no audiovisual galego segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 65. Evolución da facturación das empresas do audiovisual galego. 2005-2009



Este peso das actividades cambiou ao longo deste tempo; unha análise máis detallada por actividade permite extraer algunhas conclusións ao respecto. A exhibición cinematográfica, que levaba algúns anos experimentando unha tendencia decrecente, da man do progresivo peche das vellas salas de cine e a chegada de grandes grupos de exhibición (que non contan con domicilio social en Galicia, polo que o seu volume de negocio non computa no sector audiovisual galego), así como da caída progresiva dos espectadores nas salas de cinema, recuperou peso relativo no intervalo 2005-2009, ao pasar de 6,04 % a 10,51 %, aínda que é certo que unha boa parte dos seus ingresos son atípicos, procedentes da venda de espazos publicitarios nos cines ou da restauración, pero as cifras reflicten a incorporación á oferta de novos espazos multiplex de titularidade galega. Pola contra, a distribución de cine e vídeo, que experimentou un importante crecemento nos anos anteriores, perdeu peso, pois pasou do 9,22 % en 2005 ao 4,92 % en 2009. Aquí inflúen, por unha parte, a caída da demanda das pequenas salas de cine como consecuencia do seu peche progresivo e,



por outra, a caída da asistencia ás salas e a menor demanda de vídeos e DVD por mor do incremento da oferta de contidos na televisión e os efectos da piratería.

A aparición das novas canles de TDT de carácter autonómico (Popular Televisión e V Televisión) leva a un incremento na cota de mercado da emisión de TV. As televisións locais incrementan o seu peso no intervalo 2005-2009, ao pasar do 3,69 % ao 4,23 %, pero posiblemente o agromar de novas canles de TDT e a fragmentación da audiencia actual leve a un descenso desta porcentaxe nos próximos anos.

A produción de cine, vídeo e televisión vén mantendo o seu peso na facturación do sector ao redor do 37 %. A animación, que aparecía como unha actividade claramente emerxente, cun importante crecemento en anos anteriores, como consecuencia da delicada situación financeira que están a vivir algunhas das principais empresas galegas desta rama está a sufrir unha importante deterioración no seu peso relativo, ao pasar do 7,47 % en 2005 ao 3,92 % en 2009.

As actividades de dobraxe e sonorización, que viviron o seu momento forte en Galicia arredor de 1994, e decaeron a finais da década de 1990, tras unha lenta recuperación, situáronse no 3 % en 2009. A recente inauguración de modernas instalacións dotadas das últimas tecnoloxías permite esperar un novo crecemento do peso das actividades de dobraxe e sonorización.

#### 4.7.2 O resultado de explotación do audiovisual galego

O resultado agregado das empresas que integran o sector audiovisual e das que se dispón de datos ascendeu no ano 2009 a -97 150 236 euros, o que implica unha certa recuperación fronte ás perdas do ano 2008, aínda que confirma os malos resultados globais do audiovisual galego.

Táboa 44. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas do audiovisual. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Resultado total	-70.789.432	-73.474.988	-79.407.526	-110.625.934	-97.150.236
Result. total sen TVG	1.565.635	4.531.856	5.064.542	3.429.066	-856.236
Result. por empregados	-34.781	-30.778	-33.980	-44.724	-38.607
Result. por empregado. sen TVG	1.011	2.615	3.047	1.931	-473
Result. por empresa	-445.217	-390.835	-378.144	-514.553	-493.169
Result. por empresa sen TVG	9.909	24.224	24.219	16.010	-4.389

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Pero se este cómputo se fai sen considerar a Televisión de Galicia, que xera unhas perdas importantes e desvirtúa as cifras globais do sector, as perdas redúcense a -0,8 millóns de euros, cunha importante caída do -125 % sobre o exercicio anterior.

Desta cifra agregada, as empresas dedicadas á produción de cine, vídeo e televisión son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos, con 1,6 millóns de euros, seguidas en importancia relativa, aínda que a unha certa distancia, pola

prestación de servicios auxiliares (sonorización, dobraxe, iluminación, aluguer de equipos, *casting*, escenografía etc.), que proporcionan case 0,78 millóns de euros de beneficio contable.

A emisión de televisión vén sendo en todos os anos estudados deficitaria en termos contables, tanto na súa vertente local como na autonómica, como consecuencia fundamentalmente do déficit da TVG. Pero a chegada das novas canles autonómicas da man da TDT e os servizos de televisión do operador de cable abren novas posibilidades e axudan parcialmente a compensar as perdas avultadas da canle autonómica. Finalmente, a distribución e a exhibición incorren neste exercicio en perdas (-0,26 millóns), pero chama a atención que estas cifras negativas proveñen non tanto da parte de exhibición de cine como da distribución de cine e vídeo.

Inmersos nunha conxuntura económica adversa, cunha redución importante nos presupostos das Administracións e das canles públicas de televisión, un menor investimento na publicidade televisiva e unha caída da actividade de produción que leva parella un descenso na demanda de servizos auxiliares, é evidente a contracción dos resultados contables das empresas que operan na industria audiovisual galega.

Gráfico 66. Evolución do resultado antes de impostos das empresas do audiovisual galego. 2005-2009





Gráfico 67. Evolución do resultado antes de impostos sen a TVG das empresas do audiovisual galego. 2005-2009



O capital social medio actual destas empresas ascende a case 600 000 euros, significativamente maior que os 167 000 que tiñan por termo medio no momento da constitución. Isto é consecuencia dun proceso de capitalización, da man da necesidade de incrementar os investimentos en equipamentos para estas empresas e a necesidade de ter un apoio para a asunción de proxectos de maior calado.

Deixando fóra da análise o ano 2009, para o que non se conta cos datos de activo total e fondos propios das principais empresas, factor que desvirtúa a media cara a valores menores, si se aprecia entre 2005 e 2008 unha leve caída para os activos totais e un ascenso de maior intensidade para os fondos propios.

O resultado medio por empresa presenta valores negativos en todos os exercicios analizados e alcanza o seu máximo en 2008 cun valor de -514 553,18 euros. Pero se desta cifra global se descontan as avultadas perdas da Televisión de Galicia, o resultado por compañía muda de signo e adopta valores positivos (en 2009 as perdas por empresa sen TVG ascenden a -4389 euros, pero faltan datos do resultado de

varias das grandes empresas do sector, de maneira que este dato carece de representatividade).

Táboa 45. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas do audiovisual. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	4.299.840,68	4.230.038,12	4.196.080,98	4.180.859,11	1.492.939,74
Fondos propios medios	595.928,69	794.310,83	1.513.907,30	1.705.467,06	629.553,96
Resultado por empresa	-445.216,55	-390.835,04	-378.144,32	-514.553,18	-493.168,71
Resultado por empresa sen TVG	9.909	24.224	24.219	16.010	-4.389
Rendibilidade media	-7,33%	0,96%	0,13%	-3,88%	-4,29%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A rendibilidade económica oscila no intervalo 2005-2009 entre os valores de -7,33 % e -4,29 %, e presenta o índice máis elevado en 2006, co 0,96 %, e o mínimo en 2005, co -7,33 %.

#### 4.7.3 O emprego da industria audiovisual en Galicia

As actividades desenvolvidas pola industria audiovisual mantiveron en 2009 pouco máis de 2500 empregados equivalentes a tempo total. Ademais, isto supón un incremento do 2,14 % sobre o ano anterior e de máis do 50 % desde o inicio da década. Se deste total se reduce o cadro da Televisión de Galicia, as cifras resultantes roldan os 1800 empregados. Aínda que a canle autonómica incrementou de xeito importante o número de empregados, isto foi por unha sentenza que obrigou a empresa a incorporar como traballadores propios a persoas que viñan traballando desde hai anos desde produtoras galegas para a TVG. Por iso, aínda que existe un importante crecemento no volume de traballadores da televisión autonómica en 2008, a variación global dos empregados do audiovisual galego non se incrementou do mesmo xeito.

Táboa 46. Evolución do emprego das empresas galegas do audiovisual. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Emprego total	2.035,29	2.387	2.337	2.474	2.516
Emprego total sen TVG	1.548,29	1.733,28	1.661,88	1.775,55	1.808,41
Cadro medio	14,23	14,92	13,43	14,47	13,60
Cadro medio sen TVG	10,90	10,90	9,61	10,44	9,83

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Aínda que a tendencia do emprego audiovisual galego é máis ou menos crecente ao longo do período 2000-2009 houbo anos nos que se deron leves descensoes nesta variable, como en 2001, 2004 ou 2007. Pola contra, hai outros nos que se experimentaron importantes crecementos, como son 2003 ou 2006. Cabe comentar que se trata dun sector no que o índice de temporalidade no emprego é elevado, dado

que está moi vinculado ás producións, que teñen un arranque e un final claramente definidos. Pero tamén hai que dicir que, pese ás cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, o movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado, sobre todo nas producións de ficción (cine e series de TV, fundamentalmente) ou nas actividades de dobraxe.

Gráfico 68. Distribución do emprego no audiovisual galego segundo a actividade principal, 2009





Gráfico 69. Evolución do volume de emprego das empresas do audiovisual galego, 2005-2009



Aínda que nos últimos anos a maior porcentaxe dos empregados se correspondía coas actividades de produción, tanto en equivalentes a tempo total como en canto ás contratacións, en 2009 a televisión está a recuperar o seu papel como responsable en boa medida do emprego directo do sector, co 42 %. Aínda así, a produción é a segunda fase da cadea de valor que máis emprego xera, co 40 % dos traballadores do sector. Con pesos relativos menores estarían os servizos auxiliares (9 %) e a exhibición cinematográfica e a distribución de cine e vídeo, co 9 %.

Por outra banda, o 78 % das empresas das que se conta con dato de emprego ten menos de 10 traballadores e outro 10 % ten entre 10 e 24 empregados. Isto denota pouca estrutura para emprender proxectos dunha certa envergadura e obriga á busca de socios e coprodutores para levalos a cabo.

A crecente concentración de empresas podería conducir nun futuro a que o sector audiovisual acadase un nivel de produción máis amplo e estable. Isto, en principio, significaría que a man de obra se puidese especializar, accedese a mellores condicións laborais e vise aumentados os seus salarios.

Por último, como queira que o audiovisual depende en gran medida dunha forte división do traballo, dunha alta especialización da súa man de obra, combinada cunha flexibilidade absoluta, esta industria precisa dun tipo de traballadores moi especial (e tamén moi vocacional).

Táboa 47. Grandes magnitudes do sector audiovisual en Galicia. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	159.349.016	-97.154.236	2.516	409	675.208	63.324	-493.169	-38.608	13,60
Animación	6.248.705	-3.353.245	168	22	446.336	37.306	-304.840	-20.019	13,96
Asociacións e institucións	-	-	-	32	-	-	-	-	-
Distribuidora de cine ou vídeo	7.842.000	-549.000	50	11	871.333	156.840	-61.000	-10.980	6,25
Dobraxa e sonorización	4.858.000	167.000	106	16	441.636	45.830	16.700	1.575	10,60
Ensino	327.000	6.000	4	21	163.500	81.750	6.000	1.500	2,00
Exhibidora de cine	16.741.960	290.000	186	26	797.236	90.011	18.125	1.559	10,94
Outros servizos auxiliares	11.335.000	789.000	117	48	343.485	96.880	28.179	6.744	3,90
Produtora de cine, vídeo ou TV	59.993.820	1.571.009	829	190	526.262	72.377	16.365	1.895	9,87
TV autonómica ou estatal	45.265.018	-94.716.000	892	9	6.466.431	50.746	-23.679.000	-106.184	148,67
TV local	6.737.513	-1.359.000	165	34	269.501	40.833	-61.773	-8.236	10,31

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Táboa 48. Grandes magnitudes do sector audiovisual en Galicia. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación	149.015.230	167.732.922	184.607.176	182.188.998	159.349.016
Facturación sen TVG	127.254.245	144.660.436	162.343.439	162.331.998	145.022.016
Resultado	-70.789.432	-73.474.988	-79.407.526	-110.625.934	-97.150.236
Resultado sen TVG	1.565.635	4.531.856	5.064.542	3.429.066	-856.236
Emprego	2.035	2.387	2.337	2.474	2.516
Emprego sen TVG	1.548	1.733	1.662	1.776	1.808
Fondos propios medios	595.929	794.311	1.513.907	1.705.467	629.554
Activo total medio	4.299.841	4.230.038	4.196.081	4.180.859	1.492.940
Rendibilidade económica	-7,33%	0,96%	0,13%	-3,88%	-4,29%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

## 4.8 OS DATOS ECONÓMICOS DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS BIBLIOTECAS, MUSEOS, ARQUIVOS E O PATRIMONIO HISTÓRICO EN GALICIA

Neste capítulo dedicado aos datos económicos correspondentes ás actividades relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e xestión e conservación do patrimonio na comunidade galega partindo dos datos do Rexistro Mercantil, recóllense as reflexións xurdidas da análise das cifras correspondentes aos axentes que desenvolven a súa actividade nas epígrafes do grupo 91 (Actividades de museos, Xestión de lugares e edificios históricos, Actividades de bibliotecas e Actividades de arquivos). Todos eles enmarcaríanse no círculo de Core Arts e corresponden á fase de comercialización dentro da cadea produtiva das ICC.


A dificultade deste grupo de actividades radica en que en moitos dos casos a xestión dos arquivos, museos, bibliotecas ou patrimonio é de carácter público ou lévase a cabo a través de fundacións ou asociacións culturais, o que dificulta a obtención de datos económicos e financeiros destas por non ter obriga de depositar as súas contas no Rexistro Mercantil, que constitúe a principal fonte de información para este traballo.

As categorías de actividade empregadas no traballo son as que responden aos títulos das epígrafes CNAE deste sector, é dicir, Actividades de museos, Actividades de bibliotecas, Actividades de arquivos e Xestión de lugares e edificios históricos, ademais da de Asociacións e institucións relacionadas co sector.

Gráfico 70. Distribución das empresas galegas relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio segundo a actividade que desenvolven. 2009



Gráfico 71. Distribución provincial das empresas galegas nas actividades relacionadas cos museos, bibliotecas, arquivos e xestión do patrimonio. 2009



A partir da explotación estatística da base de datos, en Galicia había no ano 2009 un número aproximado de 33 empresas que desenvolvían a súa actividade nestas ramas. O resto, ata 52 (que é o número de axentes que integran a base de datos elaborada *ad hoc* para o proxecto) serían asociacións e institucións, o que reafirma a importancia que estas figuras teñen no sector e a forte presenza pública.

Destes axentes (neste caso a análise desenvolverase incluíndo as figuras de carácter non mercantil), o 21 % dedícase a labores relacionados cos museos (xestión, conservación, adquisición de obras etc.), o 19 %, á xestión de lugares e edificios

históricos, o 13 %, a actividades de arquivos (catalogación, dixitalización, documentación etc.), o 10 %, a bibliotecas (catalogación, clasificación, xestión etc.) e o 37 % restante corresponde a asociacións e institucións do sector, xeralmente de carácter cultural ou que se dedican á prestación deste tipo de servizos ou ostentan a titularidade dalgúns destes espazos.

Aínda que non están categorizadas as empresas que poden prestar servizos de apoio a estes labores, o certo é que moitos dos axentes incluídos nos grupos anteriores desenvolven actividades que poderían ser consideradas como auxiliares ás de bibliotecas, arquivos, museos ou xestión do patrimonio, como poderían ser as de catalogación, dixitalización, adquisición de obras, restauración etc. Pero as poucas empresas localizadas que operan baixo estes códigos fan pensar na idoneidade de consideralas dentro da actividade principal e non das secundarias.

A continuación expónse máis polo miúdo a situación das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia desde o punto de vista económico.

Táboa 49. Principais magnitudes das empresas galegas das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	20.382.000	33.953.000	66,58%	-1.474.539	-1.330.000	-9,80%
Actividades de arquivos	505.000	293.000	-41,98%	-253	36.000	
Actividades de bibliotecas	913.000	1.541.000	68,78%	92.534	45.000	-51,37%
Actividades de museos	955.000	1.763.000	84,61%	221.007	-1.718.000	-877,35%
Asociacións e institucións	63.000	5.825.000	9146,03%	-1.000	52.000	
Xestión de lugares e edificios históricos	17.946.000	24.531.000	36,69%	-1.786.826	255.000	-114,27%
	Empregados			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	119	157	31,93%	42	52	23,81%
Actividades de arquivos	8	8	0,00%	7	9	28,57%
Actividades de bibliotecas	37	57	54,05%	4	7	75,00%
Actividades de museos	15	18	20,00%	16	18	12,50%
Asociacións e institucións	1	0	-100,00%	7	7	0,00%
Xestión de lugares e edificios históricos	58	74	27,59%	8	11	37,50%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

E como xa se vén facendo neste traballo para outros sectores das ICC galegas, e co obxecto de non ter que rexeitar os axentes dos que, a pesar de ter datos para 2008, aínda non estean dispoñibles en 2009, optouse por asignar o mesmo valor para a facturación e o emprego que no ano anterior, considerando que o crecemento destas variables é nulo<sup>34</sup>.

<sup>34</sup> En total son oito as empresas con datos estimados para a facturación e o emprego no ano 2009.



Como xa vén sendo habitual nas ICC galegas, e neste caso con maior peso do acostumado, a provincia da Coruña resulta ser a localización escollida pola maioría das empresas das actividades relacionadas cos museos, arquivos, bibliotecas e patrimonio (co 63 %), mentres que Pontevedra acolle o 29 % e Ourense, o 8 % restante. En Lugo non se detectou ningunha empresa que ofrezca servizos nestas epígrafes. Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo son as cidades onde a presenza destas empresas é maior.

O ano medio de constitución destes axentes é 1999, o que permite concluír unha maior antigüidade na prestación destes servizos que na maior parte das ICC en Galicia. O incremento no número de empresas para o intervalo 2006-2009 foi do 11,62 %.

#### **4.8.1 O volume de negocio das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia**

A actividade empresarial vinculada aos museos, arquivos, bibliotecas e a xestión e recuperación do patrimonio xerou en 2009 un volume de negocio total de 34,5 millóns de euros na súa vertente privada, o que representa unha variación do 23,05 % con respecto a 2008. Aínda non contando con moita información sobre as empresas da mostra antes de 2006, parece poder apreciarse unha suave tendencia ascendente, a pesar de haber unha pequena caída en 2008 que se recupera ao ano seguinte cunha certa variación positiva sobre as cifras do exercicio anterior, pero de menor magnitude con respecto a 2007.

Táboa 50. Evolución da facturación das empresas das actividades relacionadas con museos, bibliotecas, arquivos e xestión do patrimonio en Galicia. 2005-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	20.860.000	33.468.883	28.044.000	34.509.000
Facturación por empregado	110.000,00	170.983,61	257.452,95	203.217,39
Facturación por empresa	860.292	1.327.195	1.102.400	1.308.654

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O certo é que estas actividades, que como se comentou anteriormente están moi vinculadas ás contribucións da Administración, xa sexa de tipo local, autonómico ou estatal, poden ser unhas das que máis estean a sufrir as consecuencias dos recortes dos presupostos e a menor asignación de partidas orzamentarias a este tipo de actividades.

Cando se procede á distribución da facturación de acordo coa actividade principal desenvolvida por cada axente (e atendendo só á clasificación estritamente por actividade), resulta que a que é capaz de xerar un maior volume de negocio é a das Actividades de museos, co 5 %, aínda que unha moi boa parte do seu negocio vén recollido na categoría de Asociacións e institucións por ser levado a cabo desde fundacións, asociacións e incluso sociedades mercantís de carácter autónomo pero dependentes da Administración. As Actividades de bibliotecas serían a seguinte

categoría con maior peso relativo, co 4 %. E xa por último estarían as Actividades de museos e a Xestión de lugares e edificios históricos, co 1 % cada unha delas. O certo é que este último tipo de servizo é prestado na maior parte das ocasións por institucións dependentes das Administracións públicas (concellos, deputacións, Xunta de Galicia ou Goberno central, segundo sexa o caso). Nel poderían clasificarse algunhas das asociacións ou institucións da mostra que agora están na outra categoría da base de datos, o que en calquera caso pon o acento sobre a riqueza do patrimonio histórico galego e a súa capacidade para xerar valor engadido.

Gráfico 72. Evolución da facturación das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2009




Gráfico 73. Distribución do peso das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2009



Pero o grupo denominado como Asociacións e institucións relacionadas co sector (que inclúe a asociacións profesionais ou empresariais, fundacións de carácter cultural e asociacións que xestionan recursos culturais, esencialmente), que supón o 89 % da facturación total, sería o que adquire un maior peso relativo, aínda que presenta un carácter horizontal que toca a todas e cada unha das actividades das outras categorías (xa que a clasificación neste caso respondería máis ao tipo de axente e non tanto á actividade desenvolvida).

A facturación por empregado e por empresa destas actividades mostra unhas variacións interanuais que non sempre coinciden no signo coas da facturación total. De feito, a facturación por empresa alcanza o seu máximo, no período 2006-2009, no ano 2007, mentres que a facturación por empregado ten o punto de inflexión en 2008 e a facturación global presenta o maior valor do intervalo en 2009.

#### 4.8.2 O resultado de explotación das empresas galegas das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio

O resultado antes de impostos das empresas galegas dedicadas ás actividades relacionadas cos museos, bibliotecas, arquivos e xestión do patrimonio foi no exercicio 2009 de -1,4 millóns de euros, o que representa unha variación do -49 % con respecto a 2008 e dá continuidade ao descenso operado no exercicio anterior.

Estas cifras de beneficio agregado ofrecen un valor medio por empresa de -74 300 euros, bastante por riba en valor absoluto do obtido para 2008 e tamén de signo

negativo. O valor do resultado por empregado segue a mesma tendencia que as outras dúas variables e continúa nun proceso de empeoramento progresivo que se vén dando para todas elas desde 2007.

Táboa 51. Evolución do resultado antes de impostos das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	-1.506.385	321.262	-948.000	-1.412.000
Resultado por empregado	-12.347,42	2.471,25	-6.869,57	-8.825,00
Resultado por empresa	-65.494,99	12.552,59	-40.038,46	-74.315,79

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estes valores negativos están desvirtuados polas perdas da Fundación Museo do Mar de Vigo e, de feito, de non ser consideradas estas, o resultado global antes de impostos para o sector sería de 215 000 euros. Tanto é así, que as actividades de Xestión de lugares e edificios históricos, bibliotecas e arquivos son capaces de xerar beneficios en 2009.

Gráfico 74. Evolución do resultado antes de impostos dentro das actividades galegas relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio 2005-2009



Novamente convén facer unha lectura destes datos sen deixar de lado a complicada situación económica pola que están a pasar as empresas na actualidade e a caída do consumo das familias, a mudanza dos hábitos culturais, as novas tecnoloxías..., circunstancias que provocan unha diminución dos ingresos das empresas.

O capital social destas empresas no ano 2009 era, en termos medios, de 124 700 euros, cifra elevada debido ao efecto que as cifras do Museo do Mar exercen na subida da media do sector.

Táboa 52. Evolución das principais variables financeiras das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	53.448	150.819	1.435.838	1.474.750
Resultado por empresa	-65.495	12.553	-40.038	-74.316
Activo total medio	107.796	2.774.068	2.786.319	2.860.036
Rendibilidade económica	19,76%	8,73%	3,65%	-6,42%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Os fondos propios medios e o activo total medio para estes axentes que conforman a base de datos deste sector crecen no intervalo 2006-2009 un 39,52 e un 37,02 %, respectivamente, e marcan os seus máximos no final do período estudado. Pola contra, o resultado medio chegou ao seu punto de inflexión en 2007 e desde aí iniciou un importante descenso. Estas evolucións levan a unha progresiva deterioración na rendibilidade económica, que pasa do 19,76 % en 2006 ao -6,42 % en 2009.

### 4.8.3 O emprego galego das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio

As actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia xeraron en 2009 arredor de 160 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o que representa un crecemento do 15,94 % sobre o ano anterior. Trátase da primeira das tres variables principais para este sector (facturación, resultado e emprego), que mostra unha tendencia continua (neste caso crecente) nestes catro anos.

Táboa 53. Evolución do volume de emprego das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2005-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	122	130	138	160
Cadro medio	7,44	7,06	7,11	8,26

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Así pois, e como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas actividades que xiran arredor da xestión dos museos, arquivos, bibliotecas e patrimonio en Galicia é crecente nos últimos catro anos, posto que pasa de 122 traballadores no ano 2006 a 160 en 2009. Isto supón unha taxa de crecemento do 31,14 % nese intervalo (10 % interanual).

Gráfico 75. Evolución do emprego das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2006-2009





Gráfico 76. Distribución do peso das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2009



Ao contrario do que podería pasar noutros sectores como o audiovisual, a música ou as artes escénicas, que desenvolven as súas actividades moi da man do desenvolvemento de proxectos concretos, no caso das relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio o emprego gozaría dunha certa estabilidade ao longo do ano, ao non estar tan suxeito á temporalidade nin a execucións determinadas polo prazo.

No que fai referencia á distribución do peso relativo no emprego total segundo a actividade desenvolvida pola empresa, en 2009 a rama que alcanza unha maior participación no total do emprego é, tal e como acontecía coa facturación, a correspondente ás asociacións e institucións relacionadas co sector, co 45 % dos traballadores do sector. Seguen en orde de importancia as Actividades de bibliotecas, co 35 % do emprego, e as Actividades de museos, co 8 %.

Deseguido ofrécense dúas táboas coas principais magnitudes das empresas que desenvolven actividades arredor dos museos, bibliotecas, arquivos e xestión de patrimonio e edificios históricos.

Táboa 54. Principais magnitudes das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	34.025.000	-1.412.000	157	52	1.308.653,85	216.719,75	-74.315,79	-8.993,63	8,26
Actividades de arquivos	293.000	36.000	8	7	58.600,00	36.625,00	12.000,00	4.500,00	2,00
Actividades de bibliotecas	1.497.000	45.000	55	5	499.000,00	27.218,18	15.000,00	818,18	27,50
Actividades de museos	1.626.000	-135.000	12	11	180.666,67	135.500,00	-22.500,00	-11.250,00	1,71
Asociacións e institucións	30.248.000	-1.445.000	71	19	6.049.600,00		-361.250,00		
Xestión de lugares e edificios históricos	361.000	87.000	11	10	90.250,00	32.818,18	29.000,00	7.909,09	3,67

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 55. Principais magnitudes das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio en Galicia. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	770.000	20.860.000	33.468.883	28.044.000	34.509.000
Resultado total	255.996	-1.506.385	321.262	-948.000	-1.412.000
Emprego total	7	122	130	138	160
Fondos propios medios	53.448	150.819	1.435.838	1.474.750	2.165.850
Activo total medio	107.796	2.774.068	2.786.319	2.860.036	4.098.100
Rendibilidade económica media	19,76%	8,73%	3,65%	-6,42%	-20,58%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.9 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE DESEÑO

Para o estudo dos datos das empresas dedicadas ao deseño, a selección dos códigos de actividade considerados non foi fácil, por formar parte estes labores de industrias tan dispares como poden ser a xoiería, o téxtil, as artes gráficas, o audiovisual, as TIC ou a fabricación de produtos. A base de datos confeccionada *ad hoc* para levar a cabo a análise incluída neste documento conta fundamentalmente con empresas de deseño gráfico, máis especializadas ou polo menos máis facilmente identificables, por estar moitas das outras facetas do deseño incorporadas en empresas dedicadas á produción industrial, sen contar con razón social propia ou nas que estes labores de deseño non constitúen unha parte significativa do total da súa facturación. Pero non por iso se pode concluír que Galicia non conta con empresas dedicadas ao deseño de tipo industrial. De feito, nos últimos anos estanse a constituír compañías especializadas en deseño de roupa ou complementos fundamentalmente, pero tamén de xoias e outros produtos.

As categorías de actividade consideradas para a clasificación dos axentes neste sector serían as de Deseño gráfico, Actividades de deseño especializado, Ensino relacionado co deseño e Asociacións e Institucións relacionadas co sector.

Como vén recollido na táboa que se achega ao final deste apartado, Galicia contaba en 2009 cun mínimo de 88 axentes dedicados a tarefas de deseño ou nas que este representa a maior parte da súa facturación, o que supón un incremento do 23,19 % no tecido empresarial sobre o ano 2006.

Gráfico 77. Distribución dos axentes galegos de deseño segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 78. Distribución provincial dos axentes galegos do eido do deseño. 2009



Atendendo á clasificación dos axentes dedicados a temas de deseño segundo a súa actividade principal, advírtese que o peso relativo máis importante corresponde aos labores de deseño gráfico, que inclúe a aquelas empresas que se encargan do deseño da imaxe corporativa, o deseño web, a maquetación etc., e que representa o 68 % do tecido empresarial sectorial. Pola contra, as actividades de deseño especializado (categoría que dá acubillo a profesionais e empresas de animación, téxtil, xoias, produtos etc.) supoñen o 30 % das empresas de deseño. Importancias pouco



representativas terían os axentes dedicados ao ensino no eido do deseño ou as asociacións e institucións relacionadas.

No tocante á localización dos integrantes da mostra, a provincia da Coruña acolle o 55 % dos axentes e Pontevedra, o 28 %. Lugo e Ourense, con presenzas menos significativas, supoñen o 8 e o 9 %, respectivamente. As empresas de deseño gráfico están máis dispersas ao longo da xeografía galega, con presenza en núcleos de poboación máis pequenos. No caso do deseño especializado, este parece estar máis relacionado coa actividade industrial ou produtiva e ten maior presenza en zonas como Vigo, Santiago ou A Coruña, pero tamén Fene, Arteixo ou Mos.

A data media de constitución destes axentes é o ano 2003. Convén comentar que máis de vinte das empresas da mostra son de 2009 ou posteriores, o que indica unha importante incorporación de empresas de nova creación ao tecido do sector. Por outra banda, a taxa de variación no tocante ao número de axentes entre 2006 e 2008 foi do 25 %.

A continuación expónse máis polo miúdo a situación das actividades de deseño en Galicia desde o punto de vista económico.

Táboa 56. Principais magnitudes das empresas galegas de deseño. 2006 e 2009

Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	11.839.001	41.508.000	250,60%	314.253	24.023.000	7544,49%
Activ. de deseño especializado	2.925.000	30.906.000	956,62%	88.000	23.637.000	26760,23%
Asociacións e institucións	-	-	-	-	-	-
Deseño gráfico	8.914.001	10.602.000	18,94%	226.253	386.000	70,61%
Ensinso relacionado	n.d.	n.d.		n.d.	n.d.	
Subsector	Empregados			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	138	263	90,58%	73	89	21,92%
Activ. de deseño especializado	44	181	311,36%	23	27	17,39%
Asociacións e institucións	-	-	-	1	1	0,00%
Deseño gráfico	94	82	-12,77%	48	60	25,00%
Ensinso relacionado	n.d.	n.d.		1	1	0,00%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

De acordo coa metodoloxía do traballo, tal e como se vén facendo para outros sectores das ICC galegas, e co obxecto de non ter que rexeitar os axentes dos que, aínda tendo datos para 2008, non teñan dispoñibles os de 2009, optouse por asignar o mesmo valor para a facturación e o emprego que no ano anterior, considerando que o crecemento destas variables é nulo<sup>35</sup>.

<sup>35</sup> Finalmente estimáronse os ingresos e o emprego de 28 axentes para o exercicio 2009 a partir dos datos do ano anterior.

### 4.9.1 O volume de negocio das empresas de deseño en Galicia

As actividades de deseño xeraron en Galicia en 2009 un volume de negocio total de 41,3 millóns de euros.

Como se aprecia na táboa que se achega, a tendencia global da facturación das actividades de deseño en Galicia no período 2006-2009 é crecente e pasa de 11,6 millóns de euros en 2006 a 41,3 en 2009. A taxa de variación da facturación neste período elévase ao 254 %, cun valor de 217 % en 2008-2009. Este salto no volume de negocio está moi relacionado cunha empresa do Grupo Inditex dedicada ao deseño de roupa que se constituíu no ano 2009, polo que nos anos anteriores non computaba ingresos (que con toda seguridade ata entón estarían incluídos noutra empresa do grupo onde a importancia relativa destas actividades non sería maioritaria no volume total de ingresos).

Táboa 57. Evolución da facturación das empresas de deseño en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	11.667.001	12.617.250	13.018.000	41.313.000
Facturación por empregado	86.422,23	94.158,58	104.983,87	158.287,36
Facturación por empresa	197.745,78	221.355,26	245.622,64	724.789,47

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Por outra banda, cabe comentar como a categoría de deseño gráfico presenta un crecemento continuado ao longo destes catro anos, mentres que a de deseño especializado, aínda seguindo unha liña ascendente, presentan certos altibaixos. Convén subliñar a preocupación cada vez maior das empresas polos temas de deseño, tanto no referente aos seus produtos como na súa imaxe fronte a terceiros.

Gráfico 79. Evolución da facturación das empresas de deseño en Galicia. 2006-2009





Gráfico 80. Distribución do peso das actividades de deseño en Galicia. 2009



En canto á distribución da facturación de acordo coa actividade principal desenvolvida por cada axente, resulta que é a de Actividades de deseño especializado a que adquire en 2009 unha maior importancia, cun 74 %, debido fundamentalmente ao peso que a empresa de deseño de roupa do Grupo Inditex ten. De feito, en 2008 esta categoría representaba un cuarto do volume de ingresos do sector, o que supón

triplicar o seu peso relativo nun ano. Polo tanto, o deseño gráfico supón un 26 % dos ingresos totais do sector do deseño en Galicia no ano 2009.

E tal como vén acontecendo coa facturación total, a facturación por empresa e por empregado tamén segue unha evolución claramente crecente. A facturación media por empresa mostra un aumento máis pronunciado no intervalo 2008-2009 que o que experimenta a facturación por empregado, por ser o incremento anual no número de traballadores superior ao do número de empresas e, en calquera caso, a variación nos ingresos moi superior á das outras dúas variables.

#### 4.9.2 O resultado de explotación das empresas galegas de deseño

O resultado antes de impostos das empresas galegas dedicadas ao deseño foi no exercicio 2009 de 24 millóns de euros, o que representa un crecemento de máis do 4600 % con respecto a 2008 e confirma o bo momento do sector, que, aínda sen considerar os datos da empresa do Grupo Inditex, mostra resultados positivos.

Táboa 58. Evolución do resultado antes de impostos do deseño en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	314.253	419.609	501.000	24.023.000
Resultado por empregado	1.579,51	2.944,85	4.096,77	92.068,97
Resultado por empresa	3.614,13	7.046,60	9.584,91	858.214,29

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras de beneficio agregado ofrecen un valor medio por empresa de 0,858 millóns de euros, bastante por riba en valor absoluto do obtido para 2008. Idéntica conclusión se podería extraer do valor do beneficio por empregado, que ascende en 2009 a 92 070 euros. Aínda obviando os valores da empresa Zara Deseño, as tres variables relacionadas co resultado seguen unha tendencia crecente no período 2006-2009.

Gráfico 81. Evolución do beneficio antes de impostos das empresas de deseño en Galicia. 2006-2009





Gráfico 82. Distribución do beneficio das empresas de deseño en Galicia segundo a actividade principal. 2009



En canto á distribución do beneficio para cada unha das dúas categorías de actividade consideradas, en 2009 as actividades de deseño especializado eran

responsables do 98 % do beneficio xerado neste sector, fronte a un 2 % do deseño gráfico. Paga a pena a consideración do peso de cada unha das ramas de actividade no resultado total en 2006 e a comparación co do ano 2009, por invertirse os pesos (en 2006 era o deseño gráfico a categoría con maior cota, cun 59 %).

Táboa 59. Evolución das principais variables financeiras do deseño en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	60.514	38.713	50.547	89.065
Activo total medio	199.465	181.874	198.167	1.222.710
Resultado por empresa	3.614,13	7.046,60	9.584,91	858.214,29
Rendibilidade económica	5,64%	4,59%	1,01%	4,85%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

De acordo cos datos recollidos na táboa anterior, tanto os fondos propios como o activo total ou o resultado por empresa experimentaron un incremento no período 2006-2009, fundamentalmente no que respecta ao beneficio por empresa. Esta evolución favorable dos índices económicos das empresas galegas do sector do deseño trae consigo un incremento da rendibilidade, que pasa do 1,01 % en 2008 ao 4,85 % en 2009. En calquera caso, este índice viña mostrando unha certa deterioración desde 2006, ata o punto de que en 2008 alcanza o seu mínimo para o intervalo estudado.

O capital social no momento da constitución destas empresas e o que teñen en 2009 apenas presenta variación, pois pasa de 14 550 ao inicio a 17 650 en 2009. Isto permite concluír, por unha parte, o elevado capital social medio destas empresas, superior ao da maioría dos sectores das ICC galegas e, por outra, os poucos movementos no capital e as reservas destas compañías.

#### 4.9.3 O emprego das empresas galegas de deseño

As empresas galegas dedicadas ao deseño xeraron en 2009 arredor de 260 empregos en equivalente a tempo completo, o que supón máis que duplicar a cifra de traballadores do ano anterior.

Táboa 60. Evolución do volume de emprego das actividades de deseño en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	135	134	124	261
Cadro medio	2,81	2,98	2,95	5,44

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se ve nos datos recollidos nesta táboa, a tendencia do emprego nas actividades relacionadas co deseño en Galicia é crecente nos últimos catro anos e pasa de 135 traballadores no ano 2006 a 261 en 2009. Isto supón unha taxa de crecemento do 95 % nese intervalo (30 % interanual). Non obstante, como ocorre coas variables ata agora tratadas, o crecemento máis forte é o que se dá no período

2008-2009 da man da incorporación da empresa de deseño do grupo Inditex á mostra, aínda que neste caso a magnitude do incremento é menor.

Gráfico 83. Evolución do emprego nas empresas de deseño en Galicia. 2006-2009





Gráfico 84. Distribución do peso do emprego nas actividades de deseño en Galicia. 2009



En canto á distribución do peso relativo no emprego total segundo a clasificación das actividades desenvolvidas pola empresa, en 2009 a rama que alcanza unha maior participación no total do emprego é, tal e como acontecía coa facturación ou o resultado, a de actividades de deseño especializado, co 69 % do total, co 31 % restante para o deseño gráfico. Non se dispón de datos económicos relacionados co ensino nestes campos.

Ao contrario do que podería pasar noutros sectores, e tal e como ocorre en actividades como arquivos, museos, bibliotecas ou patrimonio, fotografía, radio ou edición e artes gráficas, no caso das actividades de deseño o emprego gozaría dunha certa estabilidade ao longo do ano, ao non estar tan suxeito á estacionalidade nin a execucións determinadas polo prazo (máis alá da entrega do traballo ao cliente).

A continuación preséntanse dúas táboas coas principais magnitudes das empresas que desenvolven actividades relacionadas co deseño en Galicia.

Táboa 61. Principais magnitudes das actividades de deseño en Galicia. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	41.313.000	24.030.000	261	88	724.789,47	158.287,36	858.214,29	92.068,97	5,44
Actividades de deseño especializado	30.906.000	23.637.000	181	27	1.717.000	170.751,38	1.477.312,50	130.591,16	10,65
Asociacións e institucións	-	-	-	1	-	-	-	-	-
Deseño gráfico	10.407.000	393.000	80	59	266.846,15	130.087,50	32.750,00	4.912,50	2,58
Ensino relacionado co deseño	n.d.	n.d.	n.d.	1	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 62. Principais magnitudes das actividades relacionadas co deseño en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	11.667.001	12.617.250	13.018.000	41.313.000
Resultado total	314.253	419.609	501.000	24.023.000
Emprego total	135	134	124	261
Fondos propios medios	60.514	38.713	50.547	89.065
Activo total medio	199.465	181.874	198.167	1.222.710
Rendibilidade económica media	5,64%	4,59%	1,01%	4,85%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.10 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE FOTOGRAFÍA


A continuación preséntase o apartado correspondente á rama de fotografía como parte integrante das ICC galegas, extraído da análise da información extraída da base de datos confeccionada para este estudo a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade.

Para o desenvolvemento da análise exposta neste apartado as actividades seleccionadas responden ao código de actividade 7420 correspondente a Fotografía, que se enmarcan no círculo de Core Arts e na fase de creación.

En total, son 485 as empresas incorporadas á base de datos elaborada. O primeiro que chama a atención é o elevado número de empresarios individuais que conforman a mostra, de xeito que supoñen o 67 % das empresas localizadas. O seguinte grupo con máis peso corresponde ás sociedades mercantís (S.L. e S.A.), co 26 % dos axentes. Con cotas pouco significativas estarían outras formas de personalidade xurídica, como sociedades civís, comunidades de bens ou sociedades cooperativas, que non chegan ao 2 % en ningún dos casos.

Por outra parte, no ano 2006 había 453 empresas, o que supón un incremento do 7,28 % para o período 2006-2009.

Gráfico 85. Distribución provincial das empresas de fotografía en Galicia. 2009



A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 46 % das empresas dedicadas á fotografía, mentres que Pontevedra acolle o 34 %. Lugo e Ourense teñen ambas pesos relativos do 10 %, aínda que estas cotas de participación no total do tecido empresarial do sector son superiores á media das ICC galegas. Con respecto á distribución por concellos, Vigo acolle o 15,34 % dos establecementos galegos de fotografía, A Coruña, o 13,1 %, Ourense, o 6,13 %, Santiago, o 5,11 %, Lugo, o 4,7 %, Ferrol, o 3,48 % e Pontevedra, o 3,27 %. Pero ademais desta presenza nas sete grandes cidades galegas, a maior parte dos concellos da comunidade conta con polo menos unha empresa de fotografía, o que implica unha moi elevada dispersión xeográfica da mostra.

En canto á data media de constitución destas empresas, o 2001 é o ano medio de inicio de actividade, aínda que convén poñer o acento sobre a falta de dispoñibilidade



deste dato para os empresarios mercantís, polo que sería máis correcto dicir que 2001 é, de media, o ano de inicio da actividade das compañías galegas de fotografía.

A continuación ofrécese un avance das principais magnitudes dos servizos fotográficos en Galicia, nos anos 2006 e 2009.

Táboa 63. Principais magnitudes das empresas galegas de fotografía en Galicia. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	27.032.339	13.894.000	-48,60%	-576.436	-686.000	19,01%
Asoc. e institucións	-	-	-	-	-	
Fotografía	27.032.339	13.894.000	-48,60%	-576.436	-686.000	19,01%
	Emprego			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	198	220	11,11%	454	488	7,49%
Asoc. e institucións	-	-	-	1	3	200,00%
Fotografía	198	220	11,11%	453	485	7,06%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se fará posteriormente para outros sectores das ICC, para a estimación do volume de negocio e do emprego dos servizos fotográficos en Galicia, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>36</sup>.

#### 4.10.1 O volume de negocio da fotografía en Galicia

A actividade empresarial vinculada á fotografía xerou en 2009 un volume de negocio total de 13,9 millóns de euros, o que representa unha caída do -7,9 % sobre o ano anterior.

Táboa 64. Evolución da facturación das empresas galegas de fotografía. 2005-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	27.032.339	24.925.977	15.093.000	13.894.000
Facturación por empregado	136.526,96	134.735,01	68.604,55	63.154,55
Facturación por empresa	342.181,50	289.836,94	165.857,14	146.252,63

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Aínda que antes de 2006 os datos dispoñibles carecen de significatividade estatística por non dispoñer de información tan completa, é posible comprobar como os servizos de fotografía veñen sufrindo unha importante deterioración nos catro últimos anos,

<sup>36</sup> Os datos estimados para 2009 de facturación e emprego para as empresas das que non se dispoñía de datos ascenden a 18.

posiblemente a consecuencia da imparable substitución da fotografía en formato tradicional pola dixital, que xa non precisa dos servizos de revelado para a súa visualización.

A fotografía química ou tradicional precisaba dun revelado do negativo ou película para poder ver a imaxe final. Isto obrigaba a maioría da xente a desprazarse á tenda de fotografía para que lle revelasen o seu negativo. Pero a fotografía dixital é inmediata, xa que permite ver os resultados obtidos sobre unha pantalla, de xeito que cada toma pode visualizarse e despois conservarse ou eliminarse no caso de que non se considere correcta.

Por outra banda, as facilidades no uso das cámaras compactas, na manipulación e na almacenaxe, ademais da inmediatez da fotografía dixital, supuxeron o auxe da fotografía dixital en detrimento da química. En definitiva, a fotografía dixital permitiu a democratización da fotografía<sup>37</sup>.

Por todo isto e, como non, pola actual conxuntura económica que contrae o consumo en case todos os mercados de produtos e servizos e tende a darlle prioridade á satisfacción das necesidades máis inmediatas e pospoñer as máis relacionadas co lecer, o descenso do volume de negocio destas empresas no intervalo 2006-2009 foi do 48,6 %.

Tanto a facturación media por empresa como a facturación media por empregado veñen ofrecendo unha tendencia similar á comentada. De feito, a facturación por traballador pasa de 0,14 millóns de euros en 2006 a 0,063 en 2009. En paralelo, a facturación por empresa redúcese de 0,34 millóns en 2006 a 0,15 en 2009. É no caso da facturación media na que a deterioración para o intervalo estudado é maior, porque a pesar de caer o volume de ingresos, continúan a constituírse empresas dedicadas á fotografía nestes últimos anos, e porque a caída da facturación é máis rápida que a do emprego.

Gráfico 86. Evolución da facturación das empresas galegas de fotografía. 2006-2009





Gráfico 87. Evolución da facturación por empresa e da facturación por empregado das empresas galegas de fotografía. 2006-2009



A facturación por empregado, que dá unha idea da produtividade dos traballadores desta rama de actividade, segue unha tendencia decrecente nos catro últimos anos, ao pasar de case 0,14 millóns de euros en 2006 a 0,08 millóns en 2009. Esta

<sup>37</sup> Poucas son as familias no ámbito europeo que non dispoñen dunha cámara dixital.

evolución dos valores está relacionada co importante descenso no volume de facturación das empresas ou cunha caída no volume de emprego de menor intensidade.

#### 4.10.2 O resultado antes de impostos das empresas de fotografía en Galicia

O resultado global antes de impostos das empresas galegas de fotografía foi no exercicio 2009 de -0,69 millóns de euros, o que representa unha caída do -104,18 % con respecto ao ano anterior e confirma o mal momento deste sector nos últimos anos.

Como xa se comentou no caso dos ingresos de explotación, o sector galego da fotografía está vivindo nos últimos anos unha contracción da súa actividade, que se ve reflectida tamén nunha diminución progresiva dos resultados antes de impostos. De feito, a caída no intervalo 2006-2009 é dun -19 %. Estas cifras de beneficio agregado dan como media en 2009 unhas perdas de -3118 euros por empregado, que neste caso resulta manifestamente inferior aos correspondentes aos anos 2007 e incluso 2008, como se recolle na táboa que se achega.

Táboa 65. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de fotografía. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	-576.436	-23.559	-335.000	-686.000
Resultado por empregado	-2.911,29	-127,35	-1.522,73	-3.118,18
Resultado por empresa	-7.685,81	-283,84	-3.806,82	-9.146,67

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O resultado por empresa nos servizos fotográficos evidencia nos catro últimos anos unha importante deterioración, ao pasar de case -7685 euros por traballador en 2006 a pouco menos de -9100 euros en 2009.

Gráfico 88. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de fotografía. 2006-2009





Gráfico 89. Evolución do resultado por empresa e do resultado por empregado das empresas galegas de fotografía. 2006-2009



Ademais, e como xa se advertiu no apartado anterior, faise necesaria unha lectura destes datos considerando a complicada situación económica pola que están a pasar todas as empresas en Galicia e os efectos da fotografía dixital nestes negocios.

Como se observa nos datos recollidos na táboa que se achega coas variables financeiras, a rendibilidade económica das empresas dedicadas aos servizos fotográficos pasa dun -11,02 % en 2006 a un -10,88 % en 2009. Aínda que nos catro anos os valores deste índice foron de signo negativo, o certo é que variaron tanto nun sentido ascendente (en 2007) como descendente (en 2006 e 2008), o que dentro dunha traxectoria negativa supón un ritmo un tanto errático.

Táboa 66. Evolución das variables financeiras da fotografía en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	38.403	34.480	20.474	16.756
Activo total medio	409.236	353.871	181.000	187.463
Resultado por empresa	-7.686	-284	-3.807	-9.147
Rendibilidade económica media	-11,02%	-16,86%	-8,58%	-10,88%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Os fondos propios descenderon ao longo destes catro anos, pois pasaron de 38 400 euros en 2006 a 16 800 en 2009. Pero o activo total, que viña mostrando variacións negativas desde 2006 e chegou a un valor de 181 000 en 2008, iniciou de novo unha senda ascendente en 2009, ao pasar a 187 500 euros.

Convén facer un último comentario sobre o capital social actual destas compañías (referido, claro está, ás que adoptan a forma de sociedades mercantís). No momento da súa constitución o capital social medio destas empresas é de 7180 euros. Pero os datos para 2009 ascenden xa a 22 630 euros, o que supón case triplicar o valor desta variable. O certo é que non todo o incremento desta variable pode deberse a un proceso de capitalización no seo destas empresas, senón que parte desta diferenza pode vir tamén do feito de que algunhas delas levan moitos anos operando e no intre en que foron constituídas ese capital adquiría unha certa dimensión.

### 4.10.3 O emprego na fotografía galega

Os servizos fotográficos xeraron en Galicia no ano 2009 arredor de 220 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un estancamento sobre o ano anterior.

Táboa 67. Evolución do emprego das empresas galegas de fotografía. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	198	185	220	220
Cadro medio	3,05	2,94	3,01	2,72

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nos servizos fotográficos en Galicia é crecente entre 2006 e 2009, dado que pasa de 198 traballadores no ano 2006 a 220 en 2008 e 2009. Hai que considerar o elevado peso que os empresarios individuais, ao igual que outras formas de empresa como sociedades civís e comunidades de bens, tanto pola dificultade para acceder aos seus datos (por non ter a obriga de depositar as contas no Rexistro Mercantil, fonte fundamental de información para este estudo), como pola necesidade de considerar a eses traballadores por conta propia que neste sector constitúen un colectivo con moita presenza.

Gráfico 90. Evolución do emprego equivalente a tempo completo nas empresas de fotografía de Galicia. 2006-2009





Gráfico 91. Evolución do cadro medio das empresas galegas de fotografía. 2006-2009



Contrariamente ao que ocorre con outras actividades dentro das ICC, a rama de fotografía presenta a priori un índice de temporalidade no emprego inferior ao do resto das actividades consideradas por tratarse maioritariamente de persoal que atende os establecementos abertos ao público para a prestación de servizos de revelado e/ou impresión, fotografía en estudio e reportaxes fotográficas etc.

Respecto ao cadro medio das empresas desta rama, permanece máis ou menos estable e rolda estes catro anos os tres traballadores por conta allea e equivalentes a tempo completo por empresa.

Por último, a táboa seguinte mostra as principais magnitudes dos servizos de fotografía entre os anos 2006 e 2009. Nela apréciase a tendencia decrecente de todas as variables desde 2006 e unha progresiva caída dos valores.

Seguidamente recóllense as principais magnitudes dos servizos fotográficos en Galicia para o ano 2009. Neste caso ofrécese unha visión estática dos servizos de fotografía para o último ano dispoñible.

Táboa 68. Principais magnitudes das empresas galegas de fotografía. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	13.894.000	-686.000	220	485	146.252,63	63.154,55	-9.146,67	-3.118,18	2,72
Asociacións e institucións	-	-	-	3	-	-	-	-	-
Fotografía	13.894.000	-686.000	220	485	146.252,63	63.154,55	-9.146,67	-3.118,18	2,72

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 69. Principais magnitudes das empresas galegas de fotografía. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	27.032.339	24.925.977	15.093.000	13.894.000
Resultado total	-576.436	-23.559	-335.000	-686.000
Emprego total	198	185	220	220
Fondos propios medios	38.403	34.480	20.474	16.756
Activo total medio	409.236	353.871	181.000	187.463
Rendibilidade económica media	-11,02%	-16,86%	-8,58%	-10,88%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.11 OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA MUSICAL GALEGA

A finais da década de 1970, o único ámbito que existía no sector musical galego era basicamente o das empresas produtoras-editoras. Pero estas, como apunta Eloi Caldeiro no capítulo destinado á música do informe *O capital da cultura*, ao promover os seus artistas, propiciaron a aparición doutras empresas ou actividades que viñeron complementar e pechar o circuíto básico da industria musical. Trátase da gravación dos discos (estudios de gravación), distribución de soportes gravados, loxística de espectáculos (son, luces, escenarios) e representantes, que procuran lugares para que os artistas ofrezan os seus concertos, ademais da organización de actos. O certo é que para completar a análise da música en Galicia desde o punto de vista da súa importancia económica cómpre incluír nos axentes do sector os artesáns que constrúen os instrumentos con que executan a música os artistas. Por último, considéranse tamén como integrantes da industria cultural as empresas que comercializan instrumentos e soportes gravados de música (CD e vinilos, fundamentalmente).

Na táboa seguinte recóllese a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal. Ese censo de empresas foi elaborado a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade e para as actividades principais, aínda que foi posteriormente completada con entradas alleas a estas epígrafes que enriqueceron esta listaxe inicial. Os códigos considerados corresponden ás actividades de Reprodución de soportes gravados (18.20) e Actividades de gravación musical (59.20) en canto á creación e distribución de soportes gravados, Fabricación de instrumentos musicais (3220) na produción, o Comercio polo miúdo de música e vídeo (47.63) e Xestión de salas e espectáculos na comercialización e a organización de eventos e a Creación artística e literaria (90.03) no tocante á parte creativa e de interpretación.

Gráfico 92. Comparación do número de axentes segundo a actividade principal na industria musical galega. 2009





Gráfico 93. Distribución provincial dos axentes da industria musical galega. 2009



Como xa se aprecia no gráfico, o grupo máis numeroso é o dedicado á Comercialización de soportes gravados ou instrumentos musicais, que supón un 18 %



das empresas localizadas que integran a base de datos manexada para a extracción destes resultados. Moi de cerca está o grupo de representación de artistas, cun 17 % (no que as orquestras desempeñan un papel importante apoiado na relevancia que teñen as verbenas en Galicia), a organización de actos (concertos, encontros musicais, festivais etc.), co 14 %, e as empresas e a edición musical ou discográfica, co 12 %.

A continuación detállanse as principais variables económicas da industria musical galega para os anos 2006 e 2009.

Táboa 70. Grandes magnitudes das empresas da industria musical galega. 2006-2009

Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	78.277.848	101.700.383	29,92%	3.556.947	830.000	-76,67%
Actividades auxiliares	15.149.715	9.591.000	-36,69%	1.057.211	-86.000	
Asociacións e institucións	0	0		0	0	
Comerc. de soportes sonoros e instrumentos	11.976.466	9.899.300	-17,34%	319.678	-80.000	
Discográfica	19.677.040	45.186.193	129,64%	932.467	526.000	-43,59%
Distribución	0	148.000	-	0	n.d.	-
Ensino	2.681.581	2.648.000	-1,25%	69.533	148.000	112,85%
Estudio de gravación	623.903	671.965	7,70%	29.646	-9.000	
Fabricación de instrumentos	257.000	306.000	19,07%	5.000	7.000	40,00%
Interpretación	1.792.182	1.190.070	-33,60%	-144.875	-160.000	10,44%
Organización de actos	13.134.986	16.108.129	22,64%	369.640	364.000	-1,53%
Representación de artistas	12.984.975	15.951.727	22,85%	918.648	120.000	-86,94%
Subsector	Empregados			N.º de empresas		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	571	799	40,04%	364	424	16,48%
Actividades auxiliares	108	113	4,58%	33	39	18,18%
Asociacións e institucións	-	-	-	18	25	38,89%
Comerc. de soportes sonoros e instrumentos	64	55	-14,06%	76	76	0,00%
Discográfica	26	77	196,15%	44	50	13,64%
Distribución	-	3	-	-	1	-
Ensino	95	82	-13,23%	23	26	13,04%
Estudio de gravación	8	12	50,00%	18	19	5,56%
Fabric. de instrumentos	6	9	50,00%	12	13	8,33%
Interpretación	18	36	100,00%	35	43	22,86%
Organización de actos	132	187	41,67%	45	59	31,11%
Representación de artistas	114	225	97,37%	60	73,00	21,67%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil facilitados polo Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais

Continuando cos datos extraídos da explotación estatística da base de datos do estudo, é posible analizar a distribución provincial das empresas da industria musical galega. A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 45 % das empresas musicais, mentres que Pontevedra acolle o 40 %. Lugo e Ourense teñen o 9

e o 6 %, respectivamente. Vigo é a cidade que acolle a máis empresas da mostra, co 16,27 %, seguida moi de cerca da Coruña, co 14,86 %, ou Santiago de Compostela, co 11,56 %. Outras cidades con certa presenza de empresas da industria musical galega serían Pontevedra (5,19 %), Ourense (4,01 %), Lugo (3,77 %) ou Pontearreas (3,3 %). Outras localizacións con peso relativo de certa significatividade son Caldas de Reis ou Cambre (seis empresas cada unha) ou A Estrada (oito empresas).

A data media de constitución destas empresas é 2001. A partir da análise do ano de creación destas compañías resulta que o 61,51 % das empresan son posteriores ao ano 2000, o que denota unha elevada xuventude no tecido empresarial da industria da música en Galicia. Só o 1,32 % é anterior a 1980. Ademais, a taxa de crecemento das empresas do tecido da industria musical galega para o período 2006-2009 foi do 25 %.

Para o desenvolvemento dos cálculos da importancia económica destas empresas considerouse que, para cada unha delas das que había datos dispoñibles para o ano 2008 pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento cero, polo que o dato incorporado será o do ano anterior, como xa se vén facendo para outros sectores<sup>38</sup>.

#### 4.11.1 O volume de negocio da industria musical en Galicia

A industria musical galega xerou en 2009 un volume de negocio total de 101,7 millóns de euros, o que representa unha variación do 1,94 % sobre o ano anterior.

Táboa 71. Evolución da facturación das empresas galegas da industria musical. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	44.737.058	78.277.848	94.962.472	99.762.523	101.700.383
Facturación por empresa	379.128	442.248	502.447	516.904	496.099
Facturación por empregado	118.474	137.197	143.665	123.743	127.285

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil facilitados polo Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais

A teor dos datos analizados xa se deixa ver un importante crecemento da facturación nos últimos anos, que chega ao 75 % en 2005-2006 e que se veu reducindo con taxas de crecemento menores. Entre os anos 2005 e 2009 a taxa de crecemento acumulada foi do 227,33 %, moi superior ao resto das industrias culturais galegas e incluso que a maior parte dos sectores produtivos galegos.

Se a análise do negocio musical en Galicia se leva a cabo desde a óptica da actividade principal de cada empresa, resulta que a de maior peso relativo no tocante á facturación é a de edición musical e discográfica, cun 44 %, seguidas xa de lonxe pola representación de artistas (incluída a actividade dos axentes das orquestras musicais) e a organización de actos (concertos, festivais musicais etc.), co 16 % cada un deles. A comercialización de instrumentos musicais e soportes sonoros (CD e vinilos, fundamentalmente), que segundo se dixo é o grupo máis numeroso de empresas en canto á actividade principal, representa só o 10 % do volume de ingresos. Por outra banda, a interpretación musical orixina en Galicia só o 1 % da

<sup>38</sup> En total son 53 as empresas para as que se estiman os datos de 2009 para facturación e emprego a partir de 2008.

facturación, aínda que cabe considerar que parte do movemento xerado por esta actividade se factura a través das empresas de representación de artistas e estes, á súa vez, adoitan ser empresarios individuais. Tamén cómpre sinalar a pouca transparencia que hai nalgunhas alternativas interpretativas, fundamentalmente no eido da industria de verbenas.

Gráfico 94. Evolución da facturación das empresas da industria musical galega. 2005-2009





Gráfico 95. Distribución por actividade da facturación da industria musical galega. 2009




No tocante á evolución destes pesos relativos das distintas actividades, cabe comentar o drástico descenso da cota de mercado da comercialización de instrumentos e soportes gravados, que pasa do 24,89 % en 2005 ao 9,73 % en 2009. No mesmo sentido, as actividades auxiliares e de apoio (montaxe, iluminación, son, aluguer de equipos etc.) pasan do 29,32 % ao 9,73 % neste mesmo período. Pola contra, as actividades discográficas e de edición musical pasan do 25,14 % en 2006 ao 44,43 % en 2009. A representación de artistas tamén segue unha traxectoria descendente, aínda que en menor medida (ao pasar do 18,87 % en 2005 ao 15,69 % en 2009. No caso da organización de actos (macroconcertos, festivais, exposicións etc.), nestes anos viña oscilando entre o 17 e o 18 %, pero en 2009 caeu no seu peso relativo ata o 15,84 %, o que pode deberse ao menor presuposto das Administracións e das grandes empresas dedicado a estas actividades, o que ocasiona unha menor contratación destes servizos.

A facturación por empresa caeu neste último ano, ao pasar de 517 000 en 2008 a 496 000 euros en 2009, o que supón un certo cambio de tendencia. Isto obedece fundamentalmente a que o ritmo de creación de empresas na industria musical galega é superior á taxa de crecemento do volume de ingresos por unha contracción no consumo das familias e dos presupostos das Administracións, como se comentou no parágrafo anterior. Os ingresos por empresa máis elevados corresponden á edición musical, aínda que no inicio do intervalo estudado as actividades de apoio adquirían unha certa dimensión en canto á súa capacidade para xerar ingresos.

Pola contra, a facturación por empregado, que levaba desde 2005 incrementándose e sufrira un certo retroceso en 2008, volveu incrementarse en 2009, cando se situou en 127 285 euros. Neste caso a leve contracción na capacidade xeradora de emprego xoga a favor desta variable e supón que menos empregados equivalentes a tempo completo son capaces de facturar máis.

Gráfico 96. Comparación das facturacións medias por empresa na industria musical galega. 2009



#### 4.11.2 O resultado de explotación da industria da música en Galicia

O resultado global antes de impostos das empresas que operan na industria musical galega ascende no exercicio 2009 a 0,83 millóns de euros, o que representa unha redución do -54,4 % con respecto ao ano anterior e supón unha continuidade na tendencia descendente que se iniciou en 2006, ano en que logrou un máximo de 3,5 millóns de euros.

Desta cifra agregada, e tal e como xa acontecía co volume de negocio, as empresas dedicadas á edición musical e discográficas son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos, con 0,526 millóns de euros. O seguinte grupo de empresas sería o que presta servizos de organización de actos musicais e culturais, con 0,364 millóns de euros, e a representación de artistas, que alcanzou un resultado antes de impostos de 0,12 millóns de euros. Ramas como a comercialización de soportes gravados e instrumentos musicais, as actividades auxiliares e de apoio, a interpretación musical ou os estudos de gravación obtiveron resultados negativos de maior ou menor contía.

Táboa 72. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas da industria musical. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	1.840.394	3.556.947	3.536.239	1.821.849	830.000
Resultado por empresa	15.729,86	20.679,92	19.645,77	10.530,92	5.684,93
Resultado por empregado	4.873,80	6.234,24	5.349,83	2.259,77	1.038,80

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Se a variable se analiza en termo medio, advírtese que o resultado por empresa para o total do sector ascendeu en 2009 a 5680 euros, pouco máis dun terzo do alcanzado

en 2006. Unha evolución negativa moi semellante segue o resultado por empregado, que presenta un valor de 1040 euros en 2009, menos dun cuarto do valor do ano 2006 para esta mesma variable. A conxuntura económica xeral, a caída das vendas da música en soporte físico e o menor gasto das Administracións na organización de actos culturais (entre os que se atopa a música) estarían detrás desta evolución adversa dos valores relacionados co resultado das empresas.

Gráfico 97. Evolución do resultado antes de impostos das empresas da industria musical galega. 2005-2009





Gráfico 98. Evolución do resultado por empresa e por empregado das empresas da industria musical galega. 2005-2009



Para rematar, da comparación dos valores e a distribución do resultado contable entre as distintas actividades en 2005 e 2009, último ano dispoñible, extráense algunhas conclusións de interese. As actividades relacionadas coa distribución musical, como consecuencia da progresiva dixitalización da produción e incluso da distribución, están a mudar de xeito importante, cunha deterioración nos resultados contables. Tamén é relevante a contracción dos resultados globais das empresas de comercialización. As actividades que teñen que ver coa representación de artistas, que, como xa se comentou, están a incrementar de xeito global os seus ingresos por facturación, pola contra están a reducir os seus resultados contables neste período 2005-2009. Por outra banda, a interpretación logrou resultados negativos antes de impostos nos cinco exercicios obxecto de estudo.

### 4.11.3 O emprego da industria musical galega

A industria musical galega xerou en 2009 un volume equivalente a tempo completo de 800 empregos, o que representa unha variación sobre o ano anterior do -0,89 %, pero confirma a importancia que está a adquirir este sector en Galicia.

Táboa 73. Evolución do emprego das empresas galegas da industria musical. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Emprego	377,61	570,55	661,00	806,21	799,00
Cadro medio	4,78	4,64	4,72	5,27	4,93

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A xulgar polos datos recollidos na táboa adxunta, a tendencia do emprego na industria musical galega é claramente crecente desde o inicio da década e pasa de 378

traballadores no ano 2005 a 799 en 2009 (para os anos anteriores a 2005 a mostra de empresas das que se teñen datos é bastante inferior á empregada en anos posteriores).

Tal e como ocorre noutras actividades das ICC, como podería ser no audiovisual, as artes escénicas ou a música, trátase dun sector no que o índice de temporalidade no emprego é elevado, porque está moi vinculado ás producións ou á celebración de actos (máis frecuentes nos meses de verán), que teñen un arranque e un final claramente definidos. Pero tamén hai que dicir que, pese ás cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, o movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado, sobre todo no tocante á actividade das orquestras, a celebración de macroconcertos e festivais e a organización das festas nos concellos galegos.

En 2009 as actividades que alcanzan un maior peso relativo no volume total de emprego son a representación de artistas, cun 28 % dos traballadores (equivalentes a tempo completo) e a organización de actos e espectáculos, cun 23,4 %. Seguen por orde decrecente as actividades auxiliares (iluminación, son, aluguer de equipos etc.), cun 14,14 %, e as actividades auxiliares e de apoio, cun 13 %. Estas tres actividades representaban o 63 % do volume de emprego da industria galega da música en 2008, o que supón unha importante concentración do emprego en función da actividade principal da empresa.

A pesar de que no intervalo 2005-2008 as actividades de comercialización, tanto no que se refire a instrumentos como a aquelas relacionadas coa venda de soportes gravados, tiveron certa importancia na xeración de emprego na industria musical galega, o seu peso relativo está a descender desde hai anos, debido fundamentalmente á crecente dixitalización da música, que supón un importante menoscabo nas vendas de soportes gravados tradicionais. A ensinanza musical, na súa vertente empresarial (o que deixa fóra a todas as escolas municipais de música ou a moitos dos conservatorios superiores), é outra das que está a mudar a súa importancia relativa no número de traballadores do sector.

Gráfico 99. Evolución do emprego nas empresas da industria musical galega. 2005-2009





Gráfico 100. Distribución do emprego por actividade na industria musical galega. 2009



Pola contra, a organización de actos revélase como unha actividade emerxente da man dos numerosos festivais de música que se están a organizar na comunidade galega e que supoñen un importante movemento de traballadores.

Co relación ao cadro medio destas empresas, nestes cinco anos mantense arredor dos cinco empregados por empresa como media. Nas dedicadas ás tarefas de apoio e auxiliares e naqueloutras de ensino no eido musical é nas que o número de traballadores por axente é máis elevado, con 6,28 e 7,45, respectivamente. Tamén estarían por riba da media as de edición musical (5,92), organización de actos (5,84) e representación de artistas (5,23).

A continuación preséntanse as táboas co resumo das principais magnitudes das industrias musicais en Galicia. Na primeira delas ofrécese unha foto fixa para o ano 2009 das principais variables económicas segundo a actividade principal desenvolvida e, deseguido, outra coa evolución no intervalo 2005-2009 das principais variables económico-financeiras destes axentes.

Táboa 74. Grandes magnitudes da industria musical en Galicia. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio
Total	101.700.383,28	830.000,00	799,00	424,00	496.099,43	127.284,58	5.684,93	1.038,80	4,93
Auxiliar	9.591.000,00	-86.000,00	113	39	479.550,00	84.876,11	-6.142,86	-761,06	6,28
Comercialización	0,00	0,00	0	25	0,00		0,00		0,00
Discográfica	9.899.300,00	-80.000,00	55	76	366.640,74	179.987,27	-3.636,36	-1.454,55	2,29
Distribución	45.186.192,79	526.000,00	77	50	2.151.723,47	586.833,67	37.571,43	6.831,17	5,92
Ensinanza	148.000,00	0,00	3	1	148.000,00	49.333,33	0,00	0,00	3,00
Estudio de gravación	2.648.000,00	148.000,00	82	26	176.533,33	32.292,68	11.384,62	1.804,88	7,45
Actos	671.964,78	-9.000,00	12	19	83.995,60	55.997,07	-2.250,00	-750,00	2,40
Fabric. de instrumentos	306.000,00	7.000,00	9	13	306.000,00	34.000,00	7.000,00	777,78	4,50
Interpretación musical	1.190.070,29	-160.000,00	36	43	54.094,10	33.057,51	-11.428,57	-4.444,44	2,77
Representación	16.108.128,60	364.000,00	187,00	59,00	402.703,22	86.139,73	13.481,48	1.946,52	5,84
Sen clasificar	15.951.726,82	120.000,00	225	73	319.034,54	70.896,56	3.243,24	533,33	5,23

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: datos de 2009 provisionais

Táboa 75. Grandes magnitudes da industria musical en Galicia. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	44.737.058,12	78.277.847,63	94.962.471,65	99.762.522,62	101.700.383,28
Resultado total	1.840.393,96	3.556.946,76	3.536.238,68	1.821.848,99	830.000,00
Emprego total	377,61	570,55	661,00	806,21	799,00
Fondos propios medios	94.757,96	79.674,95	85.711,93	80.426,14	110.263,89
Activo total medio	371.331,45	349.519,24	423.308,30	469.057,52	593.404,11
Rendibilidade económica	-0,86%	2,73%	2,05%	1,67%	-8,72%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: datos de 2009 provisionais



## 4.12 OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO EN GALICIA

Basicamente a análise desenvolvida para a extracción das conclusións recollidas neste apartado fai referencia ás empresas que operan baixo os códigos de actividade do grupo 18.1 (Impresión de xornais, Outras actividades de impresión e artes gráficas, Actividades de preimpresión e preparación de soportes e Encadernación e servizos relacionados coas mesmas) ou do 58.1 (Edición de libros, Edición de xornais, Edición de revistas e Outras actividades editoriais), ademais da parte de comercialización recollida no código 47.61 (Comercio polo miúdo de libros) e a creativa do 90.03 (Creación artística e literaria). A maiores hai algunhas empresas que desenvolven a súa actividade baixo outros códigos pero cuxa consideración se estimou pertinente. Estas empresas enmárcanse dentro do círculo de Actividades culturais e corresponden ás fases de produción e distribución, xunto coa parte de comercialización.

Gráfico 101. Distribución das empresas do produto gráfico en Galicia segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 102. Distribución provincial das empresas galegas do produto gráfico. 2009



En total, operan no sector gráfico galego 895 empresas que ofrecen produtos ou servizos gráficos, como impresión, rotulación, serigrafía, acabados, edición e impresión de xornais, revistas e libros ou comercialización de libros, xornais e revistas. Na táboa que se presenta ao final deste apartado vén recollida a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo, segundo a súa actividade principal.

Como se aprecia no gráfico que se achega, de entre as empresas que forman parte da base de datos manexada para a extracción desta información, o 46 % ten como actividade principal a impresión e as artes gráficas en xeral. Os seguintes grupos máis numerosos corresponden á comercialización de libros, xornais e revistas (15 %) e á edición de libros (13 %). Despois virían actividades como as relacionadas cos xornais (5 % e que inclúen tanto a edición como a impresión) ou coas revistas (4 %), a rotulación (4 %), a serigrafía (3 %) ou os acabados (2 %).

A continuación detállanse as principais variables económicas da industria gráfica galega.

Táboa 76. Grandes magnitudes das empresas da industria do produto gráfico galego. 2006-2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2008	% crec	2006	2008	% crec
Total	424.966.800	481.506.000	13,30%	24.755.445	-3.779.999	
Acabados	3.671.000	3.608.000	-1,72%	-212.514	-45.000	
Auxiliar	33.366.000	43.084.000	29,13%	-404.653	-45.000	88,88%
Comercial.	23.523.000	14.303.000	-39,20%	339.811	5.000	-98,53%
Deseño gráfico	20.992.946	25.662.000	22,24%	816.947	705.000	-13,70%
Distribución	3.828.000	2.953.000	-22,86%	311.941	-174.000	
Edición	164.368.478	213.809.000	30,08%	18.524.900	-5.324.999	
Impresión	n.d.	n.d.		n.d.	n.d.	
Outros	134.145.375	137.335.000	2,38%	4.805.170	1.288.000	-73,20%
<i>Embalaxe</i>	8.934.000	10.630.000	18,98%	601.257	193.000	-67,90%
Preimpresión	11.774.000	12.957.000	10,05%	-586.721	-61.000	89,60%
Publicidade	1.049.000	503.000	-52,05%	-80.491	-14.000	82,61%
Revistas	14.668.000	12.516.000	-14,67%	596.155	-284.000	
Rotulación	4.647.000	4.146.000	-10,78%	43.641	-23.000	
	Empregados			N.º de empresas		
	2006	2008	% crec	2006	2008	% crec
Total	4.490	5.343	19,00%	695	895	28,78%
Acabados	78	83	6,41%	13	17	30,77%
Auxiliar	407	421	3,44%	117	136	16,24%
Comercial.	70	63	-10,00%	9	10	11,11%
Deseño gráfico	149	242	62,42%	91	112	23,08%
Distribución	57	48	-15,79%	29	39	34,48%
Edición	1.492	2.189	46,72%	40	48	20,00%
Impresión	n.d.	n.d.		1	1	0,00%
Outros	1.668	1.750	4,92%	355	408	14,93%
<i>Embalaxe</i>	104	117	12,50%	36	52	44,44%
Preimpresión	95	112	17,89%	4	4	0,00%
Publicidade	17	14	-17,65%	6	6	0,00%
Revistas	263	217	-17,49%	31	35	12,90%
Rotulación	90	87	-3,33%	23	27	17,39%

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Seguidamente ofrécese algúns comentarios sobre a distribución destas empresas conforme á súa localización. A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 49 % das empresas, mentres que Pontevedra acolle o 36 %. En Ourense e Lugo sitúanse o 7 e o 8 %, respectivamente. En canto ás localidades con maior presenza de empresas deste sector, A Coruña é a que acumula maior número de compañías no seu termo municipal, co 18,77 %, seguida de Vigo, co 15,42 %, e Santiago de Compostela, co 11,17 %. Importancias menores, aínda que representativas, alcanzan Pontevedra (5,59 %), Lugo (5,47 %), Ourense (3,69 %), Mos ou Arteixo (con 2,23 % cada unha delas). En calquera caso, cabe poñer o acento sobre a dispersión no tocante a estas empresas, xa que son moitos os concellos galegos que contan con

imprentas, serigrafías, empresas de rotulación ou as dedicadas a algunha actividade de edición, pero todos eles contan polo menos con algún establecemento dedicado á comercialización de libros, xornais e revistas.

O ano de constitución destas empresas é, en termos medios, o 2001. O 15,5 % do total do tecido empresarial creouse antes de 1990, e o 44,76 % é de entre 2001 e 2010. Por outra banda, a taxa de crecemento no número de empresas para o período 2006-2009 foi do 19 %.

Para levar a cabo os cálculos da importancia económica destas empresas de artes gráficas e edición considerouse que para cada unha delas das que había datos dispoñibles para o ano 2008 pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento cero, polo que o dato incorporado será o do ano anterior, como xa se vén facendo para outros sectores<sup>39</sup>.

#### 4.12.1 O volume de negocio das empresas do produto gráfico

A industria gráfica galega xerou en 2009 un volume de negocio total de 481,5 millóns de euros, o que representa unha variación negativa do -4,74 % sobre o ano 2008, e 13,31 % desde 2006. Esta caída das vendas pode vir da diminución da actividade produtiva das empresas galegas por mor da crise, que ten importantes consecuencias no sector que nos ocupa por ser este provedor do primeiro, e pola redución do gasto público executado polas Administracións a consecuencia da redución dos presupostos. De feito, os clientes das empresas do sector gráfico adoitan ser outras empresas do tecido produtivo (cartelería empresarial, identidade corporativa, embalaxe, rotulación, serigrafía, etc.) ou en menor medida a Administración (publicacións oficiais, cartelería etc.), e non tanto o público final, salvo no caso do libro e das publicacións periódicas. Ademais, con respecto a estes, nos últimos anos estase a dar unha caída no número de lectores de xornais e revistas en formato tradicional (papel) en favor do electrónico.

Táboa 77. Evolución da facturación das empresas galegas do produto gráfico. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación	424.966.800	491.117.613	505.490.000	481.523.000
Facturación por empresa	769.867,39	839.517,29	891.516,75	818.887,76
Facturación por empregado	94.985,87	102.744,27	92.869,74	90.105,35

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Aínda considerando que os datos anteriores a 2006 non son tan completos como os dos tres anos seguintes, apréciase un crecemento constante na facturación destas empresas, que alcanzou o seu punto de inflexión en 2008, momento en que xa comeza a decrecer levemente o volume de negocio.

Cando esta distribución da facturación se analiza considerando as actividades principais desenvolvidas polas empresas, resulta que a actividade con maior peso no sector do produto gráfico galego é, en termos de volume de negocio, a relacionada

<sup>39</sup> En total son 111 as empresas para as que se estiman os datos de 2009 para facturación e emprego a partir de 2008.

cos xornais, tanto a impresión como a edición, cun 44 %. A seguinte máis importante é a de impresión e artes gráficas, cun 28 %. Con participacións claramente menores na facturación estarían a comercialización de libros, revistas e xornais (9 %) e a edición de libros (5 %).

Gráfico 103. Evolución da facturación das empresas do produto gráfico en Galicia. 2006-2009





Gráfico 104. Distribución do peso das distintas actividades dentro da facturación do produto gráfico en Galicia. 2009



Afondando nestes volumes de facturación por actividade principal, cómpre apuntar que o traballo *Comercio interior del libro en España 2009*, da Federación de Gremios de Editores de España, proporciona datos de facturación das empresas en canto ás vendas interiores de libros, e asigna a Galicia un volume de vendas en España de 33,68 millóns de euros en 2009<sup>40</sup>, o que representa un 1,9 % máis que no ano anterior.

Por outra banda, cabe facer unha mínima comparación das facturacións medias por empresa para cada unha das actividades, que difire de xeito importante como consecuencia da heteroxeneidade no tamaño e tipo de empresas que se enmarcan dentro deste sector, no que conviven compañías de edición ou impresión de xornais con empresarios autónomos e pequenas empresas dedicadas á impresión ou ás artes gráficas ou pequenas editoriais non especializadas. Xa se comentou a importancia das empresas cuxa actividade xira ao redor dos xornais, que ten o seu reflexo nos 5,63 millóns de euros de media de facturación por empresa. Con magnitudes superiores ao millón de euros están tamén as compañías de preimpresión (3,24 millóns) e a distribución de libros e revistas (2,4 millóns de euros). A facturación media do total do sector do produto gráfico galego é de 818 877 euros.


En canto á facturación por empregado, esta variable iniciou en 2007 unha senda descendente, ao pasar de 102 744 euros por empregado a 90 105 en 2009.

É preciso aclarar que a prensa en Galicia está a vivir momentos de grandes cambios, co cesamento de múltiples cabeceiras como *A Nosa Terra*, *A Peneira*, *Galicia Hoxe* ou *Xornal de Galicia*. A causa deste cambio de rumbo é unha mestura de tres

<sup>40</sup> A partir dunha enquisa levada a cabo entre os editores do Estado. Esta mesma fonte permite facer unha repartición en canto á importancia que as distintas materias teñen no total da facturación de edición de libros: case o 45 % é atribuíble en 2009 ás vendas de libros de texto non universitario e un 12 % á literatura, lectura infantil e xuvenil e dicionarios e enciclopedias.

elementos: a crise dos medios de comunicación, a conxuntura económica global e a falta de apoios institucionais.

Gráfico 105. Comparación das facturacións medias por empresa na industria do produto gráfico galego. 2009



#### 4.12.2 O resultado de explotación da industria do produto gráfico galego

O resultado global antes de impostos das empresas que operan no sector do produto gráfico galego elevouse a -3,7 millóns de euros no exercicio 2009, o que representa un cambio de signo no valor desta variable, que pasa a ter perdas de xeito global.

Desta cifra total agregada, as empresas dedicadas a tarefas relacionadas cos xornais, que ata agora eran as que xeraban un maior volume de beneficios antes de impostos en termos relativos, pasan a achegar a maior proporción das perdas globais no exercicio 2009. Pola contra, o maior dos pesos relativos de signo positivo corresponde ás empresas dedicadas á impresión e ás artes gráficas, que inclúe preparado de pranchas, impresión en pequeno e gran formato, impresión dixital etc., con 1,3 millóns de euros de beneficio contable.

Táboa 78. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas do produto gráfico. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	24.755.445,44	33.096.592,82	15.333.000,00	-3.782.999,00
Resultado por empresa	44.604,41	56.769,46	26.712,54	-7.714,28
Resultado por empregado	5.533,18	6.923,97	2.817,01	-707,90

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe


Dentro dos cambios nos pesos relativos das distintas actividades, tanto na facturación como no resultado contable, cómpre ter en conta a caída na venda de xornais (e o incremento de lectores destes en formato electrónico), a mellora nos índices de hábitos de lectura da poboación, a aparición do libro electrónico, a cada vez maior presenza da impresión dixital (incluso dentro do tecido produtivo alleo a este sector), a preocupación crecente das empresas pola súa identidade corporativa etc.

En 2009, último exercicio económico dispoñible, a tendencia que se viña dando nestes anos cambia de signo no tocante ao resultado das empresas de edición e impresión de xornais, que viña sendo a rama que xeraba un maior volume de beneficios en números absolutos. Así, o resultado desta rama de actividade pasa de 18 933 830 euros en 2007 e 7 671 000 euros en 2008 a -5 325 000 euros en 2009. Esta cantidade é moi superior á que corresponde ao resto das ramas de actividade recollidas baixo a denominación de produto gráfico, tanto agora que é de signo negativo como cando no seu momento foi positiva.

Por outra banda, son as empresas dedicadas á impresión e ás artes gráficas as que xeran un maior beneficio en 2009, a pesar de que o valor absoluto desta variable está a minguar nestes últimos anos. De feito, pasa de 6 172 241 en 2007 a 1 288 000 euros en 2009, o que supón reducirse nunha quinta parte en só dous anos. Tras estes dous comentarios estarían o incremento de lectores da prensa dixital e a diminución nas vendas de exemplares de xornais en formato tradicional, así como a caída na actividade económica que trae consigo un descenso da demanda de servizos de artes gráficas e impresión.

O resultado medio por empresa ascende en 2009 a -7715 euros, moi por debaixo dos 56 770 de 2008. Novamente cómpre incidir na heteroxeneidade destas empresas do sector do produto gráfico, circunstancia común ao resto do Estado, onde grandes rotativos de xornais e importantes editoriais conviven con pequenas empresas de artes gráficas.

Gráfico 106. Evolución do resultado antes de impostos na industria do produto gráfico galego. 2006-2009



O resultado medio por empregado para o total do sector é de case -710 euros de perdas antes de impostos por traballador, e o índice máis elevado corresponde á rama de edición de libros, con case 3000 euros, e a continuación outras actividades de edición, con 1650 euros. Tamén se sitúa por riba da media o grupo dedicado á

impresión e ás artes gráficas (736 euros) e a distribución de libros e revistas (80 euros).

### 4.12.3 O emprego da industria gráfica en Galicia

O sector galego do produto gráfico xerou en 2009 un volume equivalente a tempo completo de 5344 empregos, o que supón un descenso sobre o ano anterior do -1,8 %.

Táboa 79. Evolución do emprego das empresas galegas do produto gráfico. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	4.474	4.780	5.443	5.344
Cadro medio	10,01	9,94	11,53	10,64

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A xulgar polos datos recollidos na táboa adxunta, a tendencia do emprego no sector do produto gráfico galego, que viña sendo crecente desde o inicio da década, alcanzou o máximo en 2008 e para o ano 2009 presenta unha pequena caída do -1,8 %, unha variación de menor magnitude que a operada pola facturación ou o resultado.

Gráfico 107. Evolución do emprego das empresas do produto gráfico en Galicia. 2006-2009





Gráfico 108. Distribución das distintas actividades no emprego do produto gráfico en Galicia. 2009



En canto á repartición dos traballadores de acordo coa actividade principal da empresa, novamente a edición e impresión de xornais xera o maior volume de emprego, co 41 %. A continuación estarían as actividades de impresión e artes gráficas, co 33 %. Do resto das categorías, e exceptuando a de comercialización, que representa o 8 %, o resto teñen pesos relativos reducidos.

O cadro medio das empresas que operan neste sector adquire valores bastante superiores ao que vén sendo habitual no resto das ICC galegas e presenta un valor de 10,6 traballadores por empresa para 2009. A media de traballadores de acordo coa actividade principal das empresas desvela grandes diferenzas dependendo da categoría de que se trate, de xeito que a edición e impresión de xornais presenta un cadro medio de 64 traballadores, a embalaxe, 28 ou a distribución, 13, mentres a

edición de revistas ten en termos medios tres traballadores, ou catro as tarefas de preimpresión.

Gráfico 109. Comparación dos cadros medios na industria do produto gráfico galego. 2009



Convén sinalar que non están incluídos nestas reflexións os empresarios individuais, que pese a que a priori se poida pensar que non teñen demasiada presenza nestas ramas de actividade, tirarían un pouco á baixa desta cifra. Os cambios fundamentais nos pesos relativos das distintas categorías no emprego total entre 2006 e 2009 danse na impresión e as artes gráficas, que pasa do 37,15 % ao 32,75 % neses catro anos, e na impresión e edición de xornais, que seguindo unha tendencia de sentido contrario pasa do 33,23 % ao 40,97 %.

Por outra parte, este sector é quizais o que dá máis estabilidade ao emprego, por ter un carácter máis industrial nalgunha das súas actividades e non depender da temporalidade das producións como outras industrias creativas, tales como a musical, as artes escénicas ou o audiovisual.

Deseguido recóllense dúas táboas coas principais magnitudes do sector do produto gráfico en Galicia.



Táboa 80. Grandes magnitudes da industria do produto gráfico en Galicia. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	481.506.000	-3.779.999	5.343	895	818.887,76	90.119,03	-7.714,28	-707,47	10,64
Acabados	3.608.000	-45.000	83	17	360.800,00	43.469,88	-6.428,57	-542,17	8,30
Comercialización	43.084.000	-45.000	421	136	519.084,34	102.337,29	-652,17	-106,89	5,85
Distrib. de libros e revistas	14.303.000	5.000	63	10	2.383.833,33	227.031,75	2.500,00	79,37	12,60
Edición de libros	25.662.000	705.000	242	112	371.913,04	106.041,32	11.949,15	2.913,22	4,65
Edición de revistas	2.953.000	-174.000	48	39	147.650,00	61.520,83	-14.500,00	-3.625,00	3,43
Edición e impr. de xornais	213.809.000	-5.324.999	2.189	48	5.626.552,63	97.674,28	-161.363,61	-2.432,62	64,38
Ensino relacionado	n.d.	n.d.	n.d.	1	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
Impresión e artes gráficas	137.335.000	1.288.000	1.750	408	490.482,14	78.477,14	5.389,12	736,00	7,20
Outras activ. de edición	10.630.000	193.000	117	52	425.200,00	90.854,70	9.190,48	1.649,57	6,88
<i>Embalaxe</i>	12.957.000	-61.000	112	4	3.239.250,00	115.687,50	-20.333,33	-544,64	28,00
Preimpresión	503.000	-14.000	14	6	125.750,00	35.928,57	-3.500,00	-1.000,00	3,50
Rotulación	12.516.000	-284.000	217	35	417.200,00	57.677,42	-11.360,00	-1.308,76	7,75
Serigrafía	4.146.000	-23.000	87	27	218.210,53	47.655,17	-1.437,50	-264,37	4,58

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: datos de 2009 provisionais

Táboa 81. Grandes magnitudes da industria do produto gráfico en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	424.966.799,91	491.117.612,67	505.490.000,00	481.523.000,00
Resultado total	24.755.445,44	33.096.592,82	15.333.000,00	-3.782.999,00
Emprego total	4.474,00	4.780,00	5.443,00	5.344,00
Fondos propios medios	269.744,97	301.502,69	382.815,07	323.919,19
Activo total medio	791.505,78	809.685,77	938.272,26	895.113,13
Rendibilidade económica	4,04%	1,47%	0,95%	-10,95%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: datos de 2009 provisionais

## 4.13 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE PUBLICIDADE

O apartado seguinte está dedicado á situación da publicidade en Galicia. As empresas publicitarias teñen diferentes perfís profesionais, dependendo do tipo de actividades que desenvolven. Así, das axencias que conforman o tecido empresarial do sector publicitario galego, unhas centran o seu traballo en tarefas fundamentalmente creativas ou de consultoría, outras xestionan ou distribúen e difunden a publicidade a través dos múltiples soportes e outras ofrecen servizos integrais de comunicación.

A información facilitada procede fundamentalmente da análise das contas das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade e para as actividades principais, aínda que foi posteriormente completada con entradas alleas a estas epígrafes que enriqueceron esta listaxe inicial.

Para o desenvolvemento da análise exposta as actividades seleccionadas responden fundamentalmente ao código de actividade 73.11 de Publicidade, do que foron excluídas as empresas dedicadas só ao aluguer de paneis e espazos publicitarios, á fabricación de rótulos e algunhas outras de carácter marcadamente industrial. Por outra banda, as orientadas á publicidade en internet, no caso de que esta liña de negocio sexa compartida con outras tarefas de programación, recóllense na base de datos de TIC. Co mesmo criterio, as de servizos integrais e comunicación cunha forte incidencia no deseño, están integradas na base de datos de deseño. E, finalmente, algunha empresa que realiza publicidade en soporte audiovisual estaría na base de datos deste último sector.

Gráfico 110. Distribución das empresas galegas de publicidade segundo a data de constitución





Gráfico 111. Distribución provincial das empresas galegas de publicidade. 2009



A partir das conclusións extraídas da explotación estatística desta base de datos, resulta que na comunidade galega había, no ano 2009, 738 axentes que desenvolvían a súa actividade no eido da publicidade. A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 43 % das empresas dedicadas aos temas publicitarios, mentres que Pontevedra acolle o 40 %, polo que se trata da actividade onde Pontevedra alcanza un maior peso no tecido empresarial sectorial. Lugo e Ourense teñen o 10 e o 7 %, respectivamente. Vigo é a cidade con máis empresas nela

domiciliadas, co 23,04 % do total dos axentes, e a continuación figuran A Coruña, co 16,67 %, e Santiago de Compostela, co 9,62 %.

Como apunta Alberto Pena en *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais en Galicia*, as estruturas do sector publicitario galego son, en xeral, moi pequenas e existe unha gran dependencia dos principais anunciantes, no que ocupa o primeiro lugar a Xunta de Galicia, que investiu, a través dos diferentes departamentos do Goberno autonómico, unha media anual de arredor de catro millóns de euros en campañas publicitarias nos últimos anos.

Por outra parte, e seguindo co recollido neste informe, houbo algunhas empresas que, para gañar en competitividade, decidiron adaptarse á nova dinámica das concentracións para poder traballar noutros escenarios máis alá de Galicia, como é o caso de Imaxe, asociada coa axencia internacional Ogilvy&Bassat. Outras optaron polo sobredimensionamento e así en 2006 naceu Mil Ciento Cincuenta Empresas, cabeceira que agrupa a axencia publicitaria BAP&Conde, Congo Producciones — produtora de web e multimedia—, FBI —empresa especializada en consultoría e branding— e IMAM Estudios de Mercado e Impulsores —dedicada á promoción de vendas e organización de actos<sup>41</sup>. Alberto Pena considera que, malia o estendido minifundismo das axencias publicitarias galegas, as novas empresas de publicidade están a responder con eficacia aos novos retos da especialización profesional.

A data media de creación destas empresas sitúase no ano 2002. De feito, o 62 % dos axentes da mostra foi creado despois do ano 2000 e só o 6,5 % se constituíu antes da década de 1990. A taxa de variación do número de empresas que operan nesta rama entre 2006 e 2009 foi do 32,47 %, e dun 4,68 % entre 2008 e 2009.

A continuación recóllense as principais magnitudes das empresas de publicidade en Galicia para o ano 2006 e 2009, último dispoñible ao peche deste informe.

Táboa 82. Principais magnitudes das empresas de publicidade en Galicia. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crecim	2006	2009	% crecim
Publicidade	162.686.978	186.893.000	14,88%	9.275.916	3.739.000	-59,69%
	Emprego			N.º axentes		
	2006	2009	% crecim	2006	2009	% crecim
Publicidade	1.348	1.554	15,28%	612	738	20,59%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se vén facendo para outros sectores das ICC, para a estimación do volume de negocio e do emprego da publicidade en Galicia, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2008, pero

<sup>41</sup> No caso dos medios de comunicación, a comezos de 2006, Zeta Gestión de Medios (ZGM), comercializadora multimedia de publicidade do grupo Zeta, pasou a encargarse de comercializar a publicidade nacional da Corporación Voz de Galicia, algo que, ata esa data, realizaba o Grupo Vocento. Deste xeito, ZGM xestiona a publicidade de La Voz de Galicia e Diario de León e das súas áreas da internet, ademais de comercializar a publicidade dos xornais, revistas e publicacións do Grupo Zeta e do Grupo Prensa Ibérica, de diferentes diarios locais e rexionais e tamén da Televisión de Castela-A Mancha. Dentro deste proceso de optimización de recursos por parte dos grandes grupos para afrontar mellor a crise económica, Zeta e Prensa Ibérica, ao que pertence Faro de Vigo, decidiron crear conxuntamente en 2009 Corporación Publicitaria, que se ocupará de comercializar as publicacións dixitais dos dous grupos de comunicación.

aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase de aproximar, mediante estimacións parciais, as principais variables económicas para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>42</sup>.

#### 4.13.1 O volume de negocio da publicidade en Galicia

Despois do período de crecemento entre 2003 e 2007, a facturación publicitaria en España sufriu unha desaceleración progresiva arrastrada pola situación financeira internacional e pola consecuenta diminución da actividade comercial en xeral derivada da crise económica, especialmente en determinados sectores. Estas cifras confirman a tendencia ao crecemento que viña experimentando o mercado desde o ano 2003, despois do preocupante estancamento sufrido especialmente no ano 2000.

A actividade empresarial da publicidade en Galicia xerou en 2009 un volume de negocio total de 186,9 millóns de euros, o que supón unha caída do -11,43 % con respecto ao ano anterior.

Táboa 83. Evolución da facturación das empresas galegas de publicidade. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	162.686.978	196.886.170	211.013.000	186.893.000
Facturación por empregado	120.197,25	80.558,99	138.870,02	120.265,77
Facturación por empresa	549.618,17	621.092,02	689.584,97	582.221,18

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se recolle na táboa que se achega, o volume de ingresos da publicidade en Galicia medrou ata alcanzar un máximo de 211 millóns de euros en 2008, para caer posteriormente no ano 2009.

Por contextualizar estas cifras no mercado español, cómpre dicir que o estudo sobre investimento publicitario en España i2p<sup>43</sup>, elaborado pola compañía de control publicitario Arce Media e a consultora Media HotLine, revela que no primeiro semestre de 2011 alcanzou 2511,2 millóns de euros, un 6,5 % menos con respecto ao mesmo semestre do ano anterior<sup>44</sup>.

Pero o mercado, ademais do crecemento que se alcanza neste período nos aspectos máis cuantitativos, tamén se fixo máis dinámico e complexo, coa aparición de formulacións innovadoras en medios tradicionais, como a prensa gratuíta (actualmente moi reducida pola crise) ou a consolidación de novas posibilidades tecnolóxicas que multiplicaron a oferta mediática, nomeadamente coa aparición da Televisión Dixital Terrestre (TDT), como afirma Alberto Pena en *O capital da cultura*.


#### Gráfico 112. Evolución da facturación das Gráfico 113. Evolución da facturación media

<sup>42</sup> Para levar a cabo a análise económica e financeira das empresas TIC en Galicia estimáronse os datos de facturación e emprego de 89 empresas para 2009.


<sup>43</sup> Índice de Investimento Publicitario.

<sup>44</sup> O único soporte que crece é internet (un **11,1 %**, polo que alcanza un investimento total de **171,3 millóns de euros**), mentres que o cine (-12,4 %), a prensa (-10,7 %) e a televisión (-7,9 %) son os soportes publicitarios que rexistran as caídas máis importantes. A televisión, pola contra, segue a acumular cerca da metade do total do investimento publicitario: 1198,8 do total, un **47,7 %**. O descenso do investimento publicitario no segundo trimestre (-11,5 %) é moito máis acusado que nos primeiros tres meses do ano, cando se registrou unha lixeira caída do 0,4 %.

empresas galegas de publicidade. 2006-2009



por empresa e por empregado para as empresas galegas de publicidade. 2006-2009



Trátase dun sector no que as axencias publicitarias, como principais actores, están a desenvolver unha actividade que presenta a priori unhas cifras de negocio interesantes, pero, ao mesmo tempo, aparecen inmersas nun proceso de adaptación tecnolóxica e de reciclaxe de coñecementos. Obrigadas a responder ás demandas dos anunciantes que piden un servizo inmediato, creativo e innovador, estanse enfrontando a un continuo proceso de concentración empresarial que dificulta a posta en marcha de novos proxectos e, incluso, o mantemento das axencias que se caracterizaban por ter un perfil marcadamente independente. En opinión de Alberto Pena, a crise económica que afecta seriamente ao mercado a partir do segundo semestre de 2008 pode ter, segundo algúns profesionais, un efecto positivo na reinvenición e reformulación das estratexias de comunicación, tanto para os anunciantes como para os creadores das campañas publicitarias.

No tocante á facturación media por empresa, esta incrementábase no período analizado ata o ano 2008, no que alcanza un valor de 690 mil euros, para descender o ano seguinte ata 582 mil euros, dado que a taxa de creación de empresas é superior ao crecemento dos ingresos. A facturación por empregado, que dá unha idea da produtividade dos traballadores desta rama de actividade, segue unha liña errática nos últimos anos, ao pasar de case 121 mil euros en 2006 a 81 mil en 2007, volver subir ata 139 mil en 2008 e caer novamente a 120 mil en 2009.

#### 4.13.2 O resultado de explotación da publicidade galega

O resultado global antes de impostos das empresas galegas de TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas foi no exercicio 2009 de 3,7 millóns de euros, o que representa unha caída do -33,83 % con respecto ao ano anterior e confirma o cambio de tendencia en canto aos resultados contables para estas actividades que se iniciou en 2008 tras o máximo do ano anterior de 13,4 millóns de euros.

Estas cifras de beneficio agregado dan como media un resultado de 16 500 euros por empresa, que neste caso resulta inferior aos correspondentes aos anos previos, como se recolle na táboa, e estaría relacionado coa actual conxuntura económica, que retrae en certa medida as empresas en canto á súa política de publicidade e comunicación, obrigándoas a manter máis proxectos para facturar o mesmo volume e cunha marxe comercial menor que provoca unha contracción dos resultados. De feito, o resultado medio por empresa de 2009 é case a metade do de 2006.

Táboa 84. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de publicidade. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	9.275.916	13.360.789	5.651.000	3.739.000
Resultado por empregado	6.958,93	5.466,77	3.718,99	2.406,05
Resultado por empresa	32.208,04	42.960,74	18.711,92	16.471,37

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O resultado por empregado nos servizos publicitarios evidencia nos catro últimos anos unha certa deterioración, ao pasar de case 7000 euros por traballador en 2006 a case 2500 euros en 2009. Novamente a caída nos valores desta variable está claramente relacionada coa diminución no resultado total antes de impostos e co menor descenso e coa posterior estabilización do número de empregados desta rama.

De novo faise necesario mencionar a complicada situación económica actual que afecta a todas as empresas, que supón unha contención dos gastos xerais destas e contrae o seu investimento en publicidade e comunicación nos medios tradicionais, que son os aquí recollidos. Por outra banda, a redución dos orzamentos das Administracións públicas trae consigo un descenso da demanda de servizos dalgunhas destas compañías, que moitas veces se convierten no seus principais clientes.

Gráfico 114. Evolución do resultado das empresas galegas de publicidade. 2006-2009





Gráfico 115. Evolución do resultado por empresa e por empregado para as compañías galegas de publicidade. 2006-2009



No tocante ás principais variables financeiras destas empresas, como poden ser o activo total, os fondos propios ou a rendibilidade económica, recollidas na táboa que se achega<sup>45</sup>, parece apreciarse, por unha parte, un incremento do activo total destas compañías no intervalo 2006-2009, ao pasar de 187 800 a 226 700 euros. Por outra parte, os fondos propios alcanzan o máximo do período no ano 2007, con 416 000 euros, e inician a continuación unha traxectoria descendente que se sitúa en 2009 en 356 000 euros.

A pesar da tendencia crecente do activo total medio das empresas de publicidade en Galicia para estes anos, e dada a progresiva deterioración dos resultados antes de impostos destas compañías, a rendibilidade económica vén marcada por unha

<sup>45</sup> E considerando que en 2009 non se conta con tantos datos para estas variables como nos anos anteriores, o que fai menos representativas estas cifras medias.

traxectoria máis ben decrecente, aínda que o máximo destes catro anos se dá en 2007, o único ano con valor positivo. En 2009 a rendibilidade das empresas galegas de publicidade sitúase no -2,75 %.

Táboa 85. Evolución das variables financeiras do sector da publicidade en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	187.767	193.960	196.342	226.664
Fondos propios medios	411.983	416.493	381.342	356.118
Resultado por empresa	6.958,93	5.466,77	3.718,99	2.406,05
Rendibilidade media	-0,13%	2,70%	-0,93%	-2,75%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O capital social destas empresas no ano 2009 (último dispoñible) é de 59 600 euros, un valor non demasiado elevado por tratarse dunha actividade intensiva en capital humano e en creatividade, aspectos que non se ven reflectidos nos balances destas empresas e que fan referencia a aspectos intanxibles sobre os que a contabilidade convencional non proporciona información.

#### 4.13.3 O emprego galego relacionado coa publicidade

As actividades publicitarias xeraron en Galicia no ano 2009 arredor de 1550 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un crecemento do 2,27 % sobre o ano anterior.

Táboa 86. Evolución do emprego das empresas galegas de publicidade. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	1.354	2.444	1.520	1.554
Cadro medio	5,99	9,89	6,15	5,93

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas actividades publicitarias é crecente no intervalo 2006-2007, pois pasa de 1354 traballadores ao inicio do período a 2444 en 2008, o que supón unha taxa de variación do 80,57 %. Estes datos demostran unha maior fortaleza na xeración de postos de traballo para estas actividades que no tocante ao volume de ingresos. Pero, o ano seguinte, o número de empregados descende ao pasar a 1520, cunha variación do -37,83 %, e mantén unha certa estabilidade un ano despois.

Gráfico 116. Evolución do cadro medio das empresas galegas de publicidade. 2006-2009




Gráfico 117. Evolución do emprego das empresas de publicidade en Galicia. 2006-2009



Da man desta variación do emprego antes relatado prodúcese un movemento do cadro medio das empresas no mesmo sentido, que pasa de seis empregados en 2006 a 10 en 2007 e volve caer a seis en 2008 e 2009.

A táboa seguinte mostra as principais magnitudes dos servizos publicitarios entre os anos 2006 e 2009. Seguidamente recóllense as principais magnitudes da publicidade en Galicia para o ano 2009. Neste caso, ofrécese unha visión estática destes servizos para o último ano dispoñible.



Táboa 87. Principais magnitudes das empresas galegas de publicidade. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Publicidade	186.893.000,00	3.739.000,00	1.554,00	738	582.221,18	120.265,77	16.471,37	2.406,05	5,93

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 88. Principais magnitudes das empresas galegas de publicidade. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	162.686.978	196.886.170	211.013.000	186.893.000
Resultado total	9.275.916	13.360.789	5.651.000	3.739.000
Emprego total	1.354	2.444	1.520	1.554
Fondos propios medios	187.767	193.960	196.342	226.664
Activo total medio	411.983	416.493	381.342	356.118
Rendibilidade económica media	-0,13%	2,70%	-0,93%	-2,75%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 4.14 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE RADIO

Como explica Xosé Ramón Pousa no capítulo “A radio en Galicia” do estudo *O capital da Cultura. Unha achega ás industrias culturais en Galicia*, o sistema radiofónico galego pechouse, provisoriamente, nos primeiros anos do século XXI debido ao esgotamento das bandas das frecuencias analóxicas (AM e FM) e á desaceleración da posta en marcha do DAB, que puxo de novo nas mans da Administración autonómica a concesión de emisoras comerciais e públicas de coberturas no ámbito galego e local.

En todo caso, as competencias en materia de creación de emisoras, exercidas polos distintos gobernos galegos nos últimos 25 anos, serviron para facilitar a implantación en Galicia das grandes cadeas e para consolidar un sistema de distribución de contidos radiofónicos fortemente centralizados fóra de Galicia e non favoreceron a creación dun espazo radiofónico propio, dotado de programación realizadas en Galicia e para os galegos. Gran parte desta responsabilidade recae na debilidade do sector en Galicia que, en moitas ocasións, optou pola venda ou cesión das frecuencias concedidas aos grandes operadores españois.

Continuando cos comentarios recollidos por X. R. Pousa no informe *O capital da cultura*, o medio radiofónico medrou de forma espectacular en Galicia nas últimas décadas. Desde o remate da transición política española ata hoxe, o número de emisoras multiplicouse por seis. Na actualidade emiten en Galicia un total de 352 emisoras, das cales só 242 regularizaron as súas frecuencias, de xeito que existe un total de 110 emisoras (o 33 %), que podemos considerar legais. Na actualidade, o sector radiofónico vive inmerso no cambiante escenario da transición dixital, momento no que, aínda que sexa por pouco tempo, conviven proveitosamente a tecnoloxía analóxica e a dixital.

Gráfico 118. Distribución dos axentes galegos de radio segundo a data de constitución





Gráfico 119. Distribución provincial dos axentes galegos de radio, 2009



Nos apartados seguintes, dedicados á radio como parte integrante das ICC galegas, recóllese a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada

para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal<sup>46</sup>. O código seleccionado foi o 6010 correspondente a Actividades de radiodifusión, que se enmarca dentro do círculo de actividades culturais e na fase de difusión.

Como vén recollido na táboa que se achega ao final deste apartado, Galicia contaba en 2009 cun mínimo de 40 axentes dedicados a tarefas de radiodifusión, o que supón dez máis que no ano 2006. Isto revela unha continuidade na constitución de empresas radiofónicas galegas, aínda que non obsta para que a data media de constitución dos axentes seleccionados na mostra sexa o ano 1996. A taxa de variación do número de empresas para o intervalo 2006-2009 é do 33,33 %.

A provincia da Coruña dá acollida ao 51 % dos axentes integrantes da mostra, e Pontevedra, ao 35 %. Lugo e Ourense, con presenzas menos significativas, supoñen o 10 % (5,26 % para o bienio 2008-2009).

No tocante á localización Vigo e A Coruña son as localizacións con maior peso relativo e contan con 11 e 14 axentes cada unha delas. Santiago de Compostela e Pontevedra teñen catro cada unha delas e Lugo e Ourense teñen tres e dúas, respectivamente. É verdade que moitos dos concellos galegos contan con radios municipais e que son máis as emisoras existentes (e con maior dispersión xeográfica), pero o certo é que na maioría das veces estas non contan con personalidade xurídica propia (dependen dos concellos ou das institucións que as promoveron) ou corresponden aos grandes grupos de comunicación estatal, de xeito que o seu domicilio social estaría fóra da comunidade galega.

A continuación expónse máis polo miúdo a situación das actividades radiofónicas en Galicia desde o punto de vista económico. Como se recolle nos datos ofrecidos na táboa, a radio move en Galicia máis de 18 millóns de euros anuais, dos que uns tres millóns corresponderían a fondos públicos, fundamentalmente os correspondentes aos presupostos da Radio Galega e á publicidade estatal e autonómica xerada polo mercado. Isto pon de relevo, por unha parte, o peso que as contribucións públicas teñen neste sector e, por outra, a progresiva deterioración en termos económicos desta actividade. En definitiva, a radio, tamén en Galicia, é un medio economicamente máis débil ca a prensa ou a televisión.

Táboa 89. Principais magnitudes das empresas galegas de deseño. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Radio	20.771.029	18.242.009	-12,18%	-5.764.934	1.244.995	-121,60%
	Empregados			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Radio	355	364	-100,00%	30	40	33,33%

De acordo coa metodoloxía do traballo, tal e como se vén facendo para outros sectores das ICC galegas, e co obxecto de non ter que rexeitar os axentes dos que, aínda tendo datos para 2008, aínda non os teñan dispoñibles en 2009, optouse por

<sup>46</sup> Ese censo de empresas desenvolveuse a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade e para as actividades principais, aínda que foi posteriormente completada con algunhas entradas alleas a estas epígrafes que enriqueceron esta listaxe inicial.

asignar o mesmo valor para a facturación e o emprego que no ano anterior, considerando que o crecemento destas variables é nulo<sup>47</sup>.

#### 4.14.1 O volume de negocio das empresas de radio en Galicia

As actividades de radio xeraron en Galicia en 2009 un volume de negocio total de 18,2 millóns de euros. Como se aprecia na táboa que se achega, a tendencia global da facturación das actividades de radio en Galicia no período 2006-2009 é decrecente, pois pasa de 20,8 millóns de euros en 2006 a 23,5 en 2007 e 18,2 en 2009. A taxa de variación da facturación elévase ao -22,3 % no intervalo 2007-2009, cun valor de -9,35 % en 2008-2009. En xeral todas as empresas mostran unha caída do seu volume de negocio neste último ano e unha tendencia en maior ou menor medida descendente nos catro anos estudados.

Táboa 90. Evolución da facturación das empresas de radio en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	20.771.029	23.478.047	20.123.031	18.242.009
Facturación por empregado	58.509,94	64.147,67	52.816,35	50.115,41
Facturación por empresa	903.088,22	978.251,96	1.006.151,55	912.100,45

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

E, como vén acontecendo coa facturación total, a facturación por empresa e por empregado tamén segue unha evolución claramente decrecente. A facturación media por empresa mostra un decrecemento máis pronunciado no intervalo 2007-2008 que o que experimenta a facturación por empregado, e de feito esta última incrementábase en 2008 para volver caer en 2009, como reflicte a ilustración anexa.

Gráfico 120. Evolución da facturación das empresas de radio en Galicia. 2006-2009





Gráfico 121. Evolución da facturación por empregado e por empresa das compañías de radio en Galicia. 2006-2009



<sup>47</sup> Finalmente estimáronse os ingresos, o resultado, os fondos propios, o activo total e o emprego dunha empresa para o exercicio 2009 a partir dos datos do ano anterior.

#### 4.14.2 O resultado de explotación das empresas galegas de radio

O resultado antes de impostos das empresas galegas dedicadas á radiodifusión foi no exercicio 2008 de -8,65 millóns de euros, a falta de datos definitivos de 2009 por non estar dispoñibles aínda os da Radio Galega, que teñen peso de abondo no sector como para dar unha viraxe ás cifras. De feito, se o resultado antes de impostos desta compañía fose similar ao do ano 2008, as perdas globais das actividades de radio en Galicia serían de -9 millóns de euros.

Táboa 91. Evolución do resultado antes de impostos da radio en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	-5.764.934	-8.590.683	-8.648.010	-9.007.005
Resultado por empregado	-16.239,25	-23.471,81	-22.698,19	-24.744,52
Resultado por empresa	-240.205,59	-343.627,31	-345.920,40	-375.291,88

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras de resultado agregado ofrecen unhas perdas medias por empresa de -0,375 millóns de euros, en liña co valor obtido para 2008, aínda que inferior. Idéntica conclusión se podería extraer do valor do beneficio por empregado, que ascendeu en 2009 a -0,25 millóns de euros e caeu de novo fronte ao exercicio anterior.

Gráfico 122. Evolución do resultado antes de impostos da radio en Galicia. 2006-2009





Gráfico 123. Evolución do resultado por empresa e por empregado da radio en Galicia. 2006-2009



De acordo cos datos recollidos na táboa seguinte, tanto os fondos propios como o activo total, a rendibilidade ou o resultado por empresa presentan evolucións un tanto dispares entre elas, por mostrar os puntos de inflexión dentro do intervalo 2006-2009 en distintos momentos.

Así, o resultado por empresa segue unha tendencia decrecente entre 2006 e 2009, como xa se comentou anteriormente. Pola contra, o activo total medio marcou o seu mínimo en 2008 e mostra unha leve recuperación en 2009; os fondos propios experimentan este mínimo no ano 2007, ao igual que a rendibilidade económica media.

Táboa 92. Evolución das principais variables financeiras da radio en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	779.940	654.995	701.801	706.084
Activo total medio	1.372.813	1.135.347	1.039.762	1.064.377
Resultado por empresa	-240.205,59	-343.627,31	-345.920,40	-375.291,88
Rendibilidade económica	-2,14%	-29,87%	-12,47%	-3,00%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O capital social no momento da constitución destas empresas e o que presentan en 2009 amosa unha variación de carácter negativo, dado que pasa de 379 546 euros ao inicio a 331 468 en 2009. Isto débese ao peche de actividades dunha das empresas, que progresivamente foi diminuindo o capital social e movendo as cifras totais tamén nese sentido.

#### 4.14.3 O emprego das empresas galegas de radio

As empresas galegas de radiodifusión xeraron en 2009 arredor de 365 empregos en equivalente a tempo completo, o que supón unha caída do -4,46 % sobre o ano anterior e volver practicamente ao nivel de 2007.

Debaixo da falsa imaxe que transmiten as estrelas da radio española, con contratos millonarios, tamén están o paro, a precariedade, a intrusión, as baixas retribucións e o emprego de estudantes bolseiros en tarefas desaxeitadas. Unha parte dos xornalistas radiofónicos vive unha precariedade laboral que non se corresponde en absoluto coa imaxe que o medio proxecta sobre a sociedade. O gran número de xornalistas en paro e a falta de regulación en canto ás vías de acceso pon a disposición das empresas un amplo equipo de xornalistas, polo xeral ben formados, dispostos a asinar contratos temporais en condicións moi precarias.

Táboa 93. Evolución do volume de emprego das actividades de radio en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	355	366	381	364
Cadro medio	27,31	26,14	23,81	27,31

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se ve nos datos recollidos nesta táboa, a tendencia do emprego nas actividades relacionadas coa radio en Galicia é basicamente estable cunha certa tendencia a medrar nos últimos catro anos, xa que pasa de 355 traballadores no ano 2006 a 381 en 2008 e 364 en 2009. Isto supón unha taxa de crecemento do 2,5 % nese intervalo.

Como xa se comentou, a precariedade laboral neste sector é bastante habitual, e a temporalidade viría da man da tipoloxía de contrato empregada e non tanto da estacionalidade das contratacións, aínda que os períodos estivais tenden a xerar movementos para cubrir as vacacións dos traballadores.

O cadro medio das compañías galegas de radio, que rolda os 27 traballadores en tres dos catro anos abordados no estudo, sofre en 2008 unha caída e pasa a 24 empregados, como vén recollido na táboa superior ou na ilustración que se achega.

Gráfico 124. Evolución do emprego nas empresas de radio en Galicia. 2006-2009





Gráfico 125. Evolución do cadro medio na radio en Galicia. 2006-2009



A continuación ofrécense dúas táboas coas principais magnitudes das empresas que desenvolven actividades relacionadas coa radio en Galicia. Nunha delas trátase dunha foto fixa do sector para o ano 2009 e na outra móstrase a evolución das principais variables entre 2006 e 2009.

Táboa 94. Principais magnitudes das actividades de radio en Galicia. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	18.242.009	-9.007.005	364	40	912.100,45	50.115,41	-375.291,88	-24.744,52	22,75
Radio	18.242.009	-9.007.005	364	40	912.100,45	50.115,41	-375.291,88	-24.744,52	22,75

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 95. Principais magnitudes das actividades relacionadas coa radio en Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	20.771.029,00	23.478.047,00	20.123.031,00	18.242.009,00
Resultado total	-5.764.934,22	-8.590.682,76	-8.648.010,00	-9.007.005,00
Emprego total	355,00	366,00	381,00	364,00
Fondos propios medios	1.372.812,51	1.135.347,33	1.039.762,24	1.064.377,00
Activo total medio	779.940,26	654.995,22	701.801,28	706.084,46
Rendibilidade económica media	-2,14%	-29,87%	-12,47%	-3,00%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe



## 4.15 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DE TIC

De acordo co informe *Estado da Sociedade da Información de Galicia. Informe preliminar marzo 2011*, elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, o número de empresas galegas do sector TIC no ano 2010 situábase en 1767. Estes datos sitúan a Galicia como a sétima comunidade autónoma con maior número de empresas do sector TIC e confirman que este sector se está a converter nunha das áreas produtivas clave no desenvolvemento económico e social de Galicia pola súa condición de acelerador da mudanza tecnolóxica e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

Esta variable do número de empresas do sector TIC mostra unha tendencia positiva e pasa de 41 730 empresas do sector TIC no ano 2009 a 46 511 no ano 2010. A distribución das empresas galegas do sector TIC segundo a actividade CNAE 2009 mostra que o maior número se concentra no subsector da Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática. A continuación, sitúanse as actividades relacionadas coa Reparación de ordenadores e equipos de comunicación e o Proceso de datos, *hosting* e actividades relacionadas; portais web.

Nos parágrafos que seguen coméntase a situación das TIC máis relacionadas coas industrias culturais e creativas en Galicia, e como tal inclúense as actividades de deseño de portais e páxinas web, xeración de contidos para novas plataformas (teléfonos móbiles, iPads, *tablets* etc.), edición e desenvolvemento de videoxogos, lecer interactivo, desenvolvemento de software educativo, produción multimedia, desenvolvemento de contidos para internet e, en xeral, outros servizos para as TIC pero sempre desde a óptica das ICC.

A información facilitada procede da análise das contas das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade e para as actividades principais, aínda que foi posteriormente completada con entradas alleas a estas epígrafes que enriqueceron esta listaxe inicial.

Gráfico 126. Distribución das empresas de TIC en Galicia segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 127. Distribución provincial das empresas galegas de TIC. 2009



Para o desenvolvemento da análise exposta neste apartado as actividades seleccionadas responden fundamentalmente aos códigos de actividade 58.21 de Edición de videoxogos e parcialmente o 58.29 Edición doutros programas informáticos, 63.11 de Proceso de datos, *hosting* e actividades relacionadas e 63.12 de Portais web. Nestes casos foron desestimadas as empresas dedicadas á programación de software de xestión, consultoría informática, proceso de datos, aloxamento etc. ou nas que a compoñente cultural ou creativa fose residual ou nula.

A partir da información extraída da explotación estatística desta base de datos, resulta que na comunidade galega había, no ano 2009, 118 axentes no eido das TIC dedicadas á oferta de produtos e servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións relacionados coas ICC. A provincia da Coruña é a localización escollida polo 53 % das empresas dedicadas ás TIC, mentres que Pontevedra acolle o 35 %. Lugo e Ourense teñen o 8 e o 4 %, respectivamente.

En canto á actividade desenvolvida polas empresas integrantes da base de datos, o grupo máis numeroso é o das dedicadas a outros servizos TIC, categoría que vén sendo unha especie de caixón de xastre onde se dá cabida ás empresas que non son clasificables por ningunha das outras categorías pero que se considera que deben ser tidas en conta no estudo, e que alcanza un peso do 39 %. Moi próximo en canto a axentes estaría o etiquetado como Portais web, cun 36 %. Despois estarían as empresas dedicadas a xerar contidos para novas plataformas, cun 13 %, e as de edición e desenvolvemento de videoxogos, cun 4 %.

Táboa 96. Principais magnitudes das empresas galegas de TIC en Galicia. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	21.679.184	30.466.049	40,53%	1.150.689	197.002	-82,88%
Asociacións e institucións	-	-	-	-	-	-
Edición e desenv. de videoxogos	229.778	160.000	-30,37%	-5.878	-	-
Ensino	9.583.457	13.121.000	36,91%	278.910	-	-
Outros serv. para as TIC	7.900.464	10.673.165	35,10%	532.503	145.000	-72,77%
Portais web	3.042.428	4.326.000	42,19%	350.656	-53.998	-
Xeración de contidos para novas plataformas	923.058	2.185.884	136,81%	-5.502	106.000	-
	Emprego			N.º axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	306	503	64,59%	85	118	38,82%
Asociacións e institucións	-	-	-	3	8	166,67%
Edición e desenv. de videoxogos	4	2	-50,00%	5	5	0,00%
Ensino	100	217	117,00%	1	1	0,00%
Outros serv. para as TIC	116	160	38,50%	38	46	21,05%
Portais web	63	89	41,27%	28	43	53,57%
Xeración de contidos para novas plataformas	23	35	51,65%	10	15	50,00%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Na táboa anterior recóllense as principais magnitudes das empresas das tecnoloxías da información e as comunicacións en Galicia, en canto á súa vertente máis relacionada coas ICC.

A data media de creación destas empresas sitúase no ano 2004. Case o 70 % das empresas da mostra é posterior ao ano 2000 e, en particular, o 33 % foi constituída con posterioridade a 2005. Isto revela unha elevada xuventude do tecido empresarial do sector. De feito, entre os anos 2006 e 2009 o número de empresas do sector TIC relacionadas co eido da ICC en Galicia creceu nun 39,72 %.

A sociedade da información e da comunicación está producindo un conxunto de mutacións no campo cultural en diversos sentidos:

- Os cambios tecnolóxicos multiplican a dispoñibilidade de plataformas e recursos para a produción e distribución cultural; ao tempo, os consumidores asumen un papel máis activo na recepción e difusión, ou mesmo se converten, eventualmente, en produtores e distribuidores culturais.
- Modifícanse as pautas de consumo, que se fan máis particularizadas; os novos formatos converten a cultura en máis accesible para o consumo individual. Prodúcese unha interconexión de formatos hipermedia con certa preeminencia da linguaxe audiovisual canalizada neses soportes: televisión, computador, teléfono. Os novos formatos acentúan a disolución de fronteiras entre xéneros, a fusión de diferentes linguaxes e a emerxencia doutras novas.
- Establécense novas dinámicas de relación social baseadas na conversa, que introducen non só lóxicas de consumo cultural interactivo, senón dinámicas colaborativas de produción de coñecemento, de contidos culturais ou de acción conxunta.

De acordo coa proposta recollida no documento *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega*, do Consello da Cultura Galega, debería vincularse o impulso da produción cultural galega coa expansión da sociedade do coñecemento, conectando ambas as estratexias e atendendo á potencialidade das TIC para a inclusión social.

Como se vén facendo para outros sectores das ICC, para a estimación do volume de negocio e do emprego das actividades relacionadas coas TIC nas ICC en Galicia, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese conservadora e de mínimos, que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>48</sup>.

#### **4.15.1 O volume de negocio das TIC relacionadas coas ICC en Galicia**

A actividade empresarial das tecnoloxías da información e as comunicacións relacionadas coas ICC xerou en 2009 un volume de negocio total de 30,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 2,65 % sobre o ano anterior.

<sup>48</sup> Para levar a cabo a análise económica e financeira das empresas TIC en Galicia estimáronse os datos de facturación e emprego de 22 empresas para 2009.

Táboa 97. Evolución da facturación das empresas galegas de TIC. 2005-2009


	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	15.918.642	21.812.475	28.084.744	30.106.049	30.905.049
Facturación empregado por	114.811,70	70.680,89	105.186,31	62.331,37	60.598,14
Facturación por empresa	255.708,48	451.649,66	501.631,72	548.963,88	499.443,43

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A pesar de que os datos das empresas que conforman a mostra anteriores a 2006 non son tan completos coma nos seguintes anos, xa se advirte unha tendencia crecente no volume de ingresos destas actividades, unha tónica común á do resto das TIC en España en xeral e en Galicia en particular.

Gráfico 128. Evolución da facturación das empresas galegas de TIC. 2005-2009



De feito, a Asociación Multisectorial de Empresas da Electrónica, Tecnoloxías da Información e a Comunicación, Telecomunicacións e Contidos Dixitais (AMETIC) presentou recentemente o estudo As Tecnoloxías da Información en España 2010, no que pon de manifesto que en 2010 as TIC en España volveron recuperar a súa senda alcista<sup>49</sup> cun crecemento do 3,6 % respecto a 2009, exercicio que sufriu unha importante redución dos seus ingresos (-8 %)<sup>50</sup>. O estudo argumenta que este escenario favorable foi froito da combinación dos bos resultados asociados á venda de equipos no mercado interior, o que permitiu unha mellora para o agregado nacional dun 3 %, e dos correspondentes ás exportacións que, como vén sendo habitual nos últimos cinco anos, obtiveron taxas de evolución positivas (11,2 %). As cifras alcanzadas para o mercado interior deben o seu saldo final ao excelente resultado na venda de equipos, a un avance moderado na comercialización de programas e ao comportamento plano dos servizos TI que practicamente repetiron as cifras do ano precedente; a consultoría e o desenvolvemento de aplicacións son os segmentos máis prexudicados neste exercicio.

A distribución por actividade principal dos ingresos totais das empresas TIC que operan en ramas relacionadas coas ICC segue un comportamento un tanto distinto do

<sup>49</sup> Ata alcanzar unha facturación de 18 097 millóns de euros.

<sup>50</sup> Esta taxa de crecemento foi lixeiramente superior á da Unión Europea (2,7 %) e de igual maneira o avance do sector TIC foi superior tamén ao rexistrado pola economía española no seu conxunto. De feito, esta actividade achegou, en termos de produto interior bruto, un 1,56 %, o que supón unha mellora en tres puntos básicos do valor de 2009.

que mostra o tecido empresarial. De feito, o maior peso relativo corresponde ás actividades de ensino relacionado coas TIC, que representa o 43 % do total da facturación, aínda que este valor está moi influído polos datos de Femxa Formación. A seguinte categoría con maior participación é a de Outros servizos para as TIC, co 35 %. Xa cun peso menor figuran o desenvolvemento de portais web, que supón o 14 %, e a xeración de contidos para novas plataformas, co 7 % (categoría que entre 2006 e 2009 incrementou a súa importancia nun 137 %).

Gráfico 129. Distribución dos ingresos das empresas TIC segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 130. Evolución da facturación media por empresa para as empresas TIC. 2005-2009



No tocante á facturación media por empresa, esta incrementábase no período analizado ata o ano 2008, no que alcanza un valor de 549 mil euros, para descender ao ano seguinte ata 0,5 millóns de euros, dado que a taxa de creación de empresas é superior ao crecemento dos ingresos. A facturación media máis elevada corresponde ás actividades de ensino relacionado coas TIC, polo peso que ten unha soa empresa no total dos ingresos desta rama.

A facturación por empregado, que dá unha idea da produtividade dos traballadores desta rama de actividade, segue unha tendencia decrecente nos cinco últimos anos, ao pasar de case 0,14 millóns de euros en 2006 a 0,061 millóns en 2009. Esta evolución dos valores ten a súa orixe nun menor crecemento do volume de ingresos que do emprego xerado.

#### 4.15.2 O resultado de explotación das empresas das TIC galegas do eido das ICC

O resultado global antes de impostos das empresas galegas de TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas foi no exercicio 2009 de 0,203 millóns de euros, o que representa unha caída do -85 % con respecto ao ano anterior e confirma o cambio de tendencia en canto aos resultados contables para estas actividades que se iniciou en 2008 tras o máximo do ano anterior de 2,2 millóns de euros.

Táboa 98. Evolución do resultado antes de impostos das empresas galegas de TIC. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	1.936.827	1.169.004	2.224.187	1.358.000	203.002
Resultado por empregado	13.969,18	3.788,03	8.330,29	2.811,59	398,04
Resultado por empresa	31.801,98	23.972,68	39.281,25	27.714,29	4.925,05

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade


Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Deste resultado global antes de impostos é a rama correspondente á prestación doutros servizos para as TIC a que dá unha cifra maior, seguida de cerca pola xeración de contidos para novas plataformas. O certo é que non se dispón de demasiados datos de resultado contable para o exercicio 2009, polo que se considera que non resultan convenientes máis conclusións referentes á distribución do ingreso.

Estas cifras de beneficio agregado dan como media un resultado de 4925 euros por empresa, que neste caso resulta manifestamente inferior aos correspondentes aos anos previos, como se recolle na táboa, e estaría relacionado coa actual conxuntura económica, que retrae en certa medida as empresas en canto ao lanzamento de novos produtos e servizos e obriga a unha contención da marxe comercial.

O resultado por empregado nas TIC evidencia nos catro últimos anos unha importante deterioración, ao pasar de case 14 000 euros por traballador en 2006 a case 400 euros en 2009. De novo, a caída nos valores desta variable está claramente relacionada co descenso no resultado total antes de impostos e co incremento no número de traballadores nestas actividades.

Gráfico 131. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de TIC en Galicia. 2005-2009



Ademais, é conveniente facer unha lectura destes datos considerando a complicada situación económica actual que afecta a todas as empresas, circunstancia da que non están exentas as que desenvolven a súa actividade no eido das TIC. O descenso da renda dispoñible das familias supón unha contracción do gasto destas en lecer, factor arredor do que xiran moitas das actividades levadas a cabo por estas empresas. Por outra banda, a menor actividade económica das empresas e a redución dos orzamentos das Administracións públicas traen consigo un descenso da demanda de servizos dalgunhas destas compañías.

En canto ás variables financeiras como activo total, fondos propios ou rendibilidade económica que veñen recollidas na táboa que se achega, e partindo do feito de que en 2009 non se conta con tantos datos para estas variables como nos anos anteriores, o que fai pouco representativas estas cifras medias, non se aprecia unha tendencia clara en canto á súa variabilidade. De feito, a rendibilidade económica máis elevada para este sector sería a obtida no ano 2007 (cun 4,20 %), mentres que o activo total medio alcanza o máximo neste período no ano 2006 (con 0,66 millóns de euros). O que si parece apreciarse é un empeoramento na rendibilidade media, fundamentalmente pola deterioración nos resultados.

Táboa 99. Evolución das variables financeiras do sector das TIC en Galicia. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	411.955	659.592	322.207	407.750	246.488
Fondos propios medios	177.728	113.066	105.796	152.173	108.463
Resultado por empresa	31.801,98	23.972,68	39.281,25	27.714,29	4.925,05
Rendibilidade media	2,77%	1,06%	4,20%	-2,02%	-9,55%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O capital social destas empresas no momento da constitución é, en termos medios, de 26 500 euros, pero increméntase ata os 127 750 da actualidade nun proceso de capitalización para estas compañías, que nalgúns das ramas precisan de importantes equipamentos para o desenvolvemento das súas actividades.

#### 4.15.3 O emprego galego nas TIC

As actividades TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas xeraron en Galicia no ano 2009 arredor de 500 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un crecemento do 5,5 % sobre o ano anterior.

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas actividades TIC relacionadas coas ICC é crecente no intervalo 2005-2009, posto que pasa de 139 traballadores ao inicio do período a 503 en 2009, o que supón unha taxa de variación do 268 %. Estes datos demostran unha maior fortaleza na xeración de postos de traballo para estas actividades que no tocante ao volume de ingresos.

Táboa 100. Evolución do emprego das empresas galegas de TIC. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Emprego total	139	309	267	483	503
Cadro medio	4,38	7,11	5,98	11,90	10,93

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Ademais, a distribución do emprego nas TIC segundo a actividade principal desenvolvida pola empresa revela unha distribución similar á da facturación, cun peso relativo maioritario para o ensino relacionado coas TIC (43 %) e para os outros servizos para as TIC, cun 35 %. Non se conta con datos de emprego para a industria



do videoxogo e a xeración de contidos para as novas plataformas, aínda que supoñen p 7 % do emprego, percíbese como unha actividade claramente emerxente. Da man deste importante crecemento do emprego antes relatado prodúcese un incremento nestes anos do cadro medio das empresas, que pasa de catro empregados en 2005 a 11 en 2009. A pesar de que neste último ano se rexistrou unha sensible deterioración desta variable (ao pasar de 12 en 2008 a 11 en 2009), queda patente a tendencia crecente deste índice no período estudado.

Gráfico 132. Distribución do emprego das empresas TIC segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 133. Evolución do emprego das empresas de TIC en Galicia. 2005-2009



A táboa seguinte mostra as principais magnitudes das TIC relacionadas coas ICC entre os anos 2005 e 2009. Nela apréciase a tendencia crecente do resultado antes de impostos ata 2007, onde se dá un punto de inflexión e unha progresiva caída do seu valor (este mesmo punto de inflexión advírtese tamén na rendibilidade económica). Pola contra, no caso do emprego ou da facturación os datos amosan unha tendencia crecente.

Seguidamente preséntanse as principais magnitudes das TIC en Galicia para o ano 2009. Neste caso, ofrécese unha visión estática destas actividades para o último ano dispoñible.



Táboa 101. Principais magnitudes das empresas galegas de TIC relacionadas coa industria cultural e creativa. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	31.364.049	204.002	484	115	497.842,05	64.801,75	4.857,19	421,49	10,65
Asociacións e institucións	-	-	-	3	-	-	-	-	-
Edición e desenvolvemento de videoxogos	160.000	n.d.	2	5	80.000,00	80.000,00	n.d.	n.d.	2,00
Ensino	13.121.000	n.d.	217	1	13.121.000,00	60.465,44	n.d.	n.d.	217,00
Outros servizos para as TIC	11.112.165	151.000	158	46	396.863	70.330,16	7.947,37	955,70	7,95
Portais web	4.326.000	-53.998	77	44	180.250	56.181,82	-2.999,89	-701,27	4,94

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 102. Principais magnitudes das empresas galegas de TIC relacionadas coa industria cultural e creativa. 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
Facturación total	15.918.642,07	21.812.474,65	28.084.744,49	30.245.049,38	31.364.049,00
Resultado total	1.936.827,48	1.169.003,54	2.224.187,31	1.309.000,00	204.002,00
Emprego total	138,65	308,61	267,00	484,00	511,00
Fondos propios medios	405.415,70	2.496.326,89	317.617,51	404.320,75	249.357,14
Activo total medio	174.907,34	113.066,01	104.023,97	148.660,38	105.047,62
Rendibilidade económica media	2,77%	1,06%	4,13%	-2,41%	-9,31%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5 A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS NO NORTE DE PORTUGAL

A continuación ofrécese unha análise das empresas que desenvolven a súa actividade dentro das industrias culturais, tanto a partir dos datos do Instituto Nacional de Estatística portugués, como dos que se poidan extraer das distintas bases de datos creadas dentro deste proxecto, a partir da información do Rexistro Comercial portugués.

### 5.1 O TECIDO EMPRESARIAL DAS ICC NO NORTE DE PORTUGAL

**A implantación territorial do sector das ICC en Portugal reflicte de xeito importante a forza dos elementos de mercado, en especial nas industrias culturais, cunha importante masa crítica vinculada ás cidades.**

A territorialización do sector das ICC depende, por un lado, de factores como a poboación, a urbanización ou o poder de compra, pero tamén dun elemento histórico e xeográfico de distribución desigual, en gran parte independente dos factores anteriores, e que está asociado á localización do patrimonio natural e monumental.

De acordo co Instituto Nacional de Estatística, en 2009 existían 342 044 empresas na NUT II Norte. Este valor representa unha variación de signo negativo do 4,12 % e 3,92 % en relación cos anos 2007 e 2008, respectivamente.

Para a elaboración deste traballo, a partir do devandito universo, procedeuse a unha identificación das empresas cuxas actividades están comprendidas no sector das industrias culturais e creativas, atendendo aos códigos CAE Rev.3 (2007) de dous ou tres díxitos que se corresponden coas divisións e grupos que abaixo se enumeran:

- 181 Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión
- 182 Reprodución de soportes gravados
- 322 Fabricación de instrumentos musicais
- 476 Comercio polo miúdo de bens culturais e recreativos, en establecementos especializados
- 581 Edición de libros, de xornais e doutras publicacións
- 582 Edición de programas informáticos
- 591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de produción de programas de televisión
- 592 Actividades de gravación de son e de edición de música
- 601 Actividades de radio
- 602 Actividades de televisión
- 631 Actividades de procesamento de datos, domiciliación de información e actividades relacionadas; portais web
- 711 Actividades de arquitectura, de enxeñería e técnicas afíns
- 731 Publicidade
- 741 Actividades de deseño
- 742 Actividades fotográficas
- 90 Actividades de teatro, de música, de danza e outras actividades artísticas e literarias
- 91 Actividades das bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais

De acordo con esta clasificación, resulta que **en 2009 o número de empresas no Norte de Portugal que desenvolvía as súas actividades dentro das industrias culturais e creativas ascendía a 20 703, o que representa un 3,66 % menos que no ano 2008, e o 4,45 % menos que en 2007.** Isto supón unha tendencia que acompaña o total do tecido empresarial do Norte de Portugal, que, como xa se comentou, experimenta neste intervalo unha caída.

Táboa 103. Evolución das empresas das industrias culturais e creativas do Norte de Portugal segundo o código de actividade principal. 2007-2009

	2007	2008	2009
Total grupos CAE Rev.3 (2007)	356.739	355.991	342.044
Total das industrias culturais e creativas	21.668	21.490	20.703
181 Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión	1.065	1.025	990
182 Reprodución de soportes gravados	14	11	10
322 Fabricación de instrumentos musicais	19	17	14
476 Comercio polo miúdo de bens culturais e recreativos, en establecementos especializados	3.427	3.307	3.081
581 Edición de libros, de xornais e doutras publicacións	334	350	351
582 Edición de programas informáticos	123	117	112
591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de produción de programas de televisión	350	349	331
592 Actividades de gravación de son e de edición de música	383	312	223
601 Actividades de radio	66	68	65
602 Actividades de televisión	5	8	9
631 Actividades de procesamento de datos, domiciliación de información e actividades relacionadas; portais web	95	89	101
711 Actividades de arquitectura, de enxeñería e técnicas afíns	9.351	9.199	8.778
731 Publicidade	1.006	1.022	1.019
741 Actividades de deseño	479	624	690
742 Actividades fotográficas	779	760	760
90 Actividades de teatro, de música, de danza e outras actividades artísticas e literarias	4.034	4.071	3.994
91 Actividades das bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	138	161	175

Fonte: Sistema de Contas Integrado das Empresas 2011. INE - Instituto Nacional de Estatística

Nota: o período de referencia considerado para a análise da evolución das empresas das ICC no Norte de Portugal limitouse aos anos de 2007 a 2009, debido a que a información sobre empresas proporcionada polo INE se encontra dispoñible na CAE Rev. 2.1 para os anos de 2004 a 2007 e na CAE Rev. 3 para os anos de 2007 a 2009, o que dificulta a comparación.

Por outra banda, **o peso relativo destas empresas no total do tecido empresarial do Norte de Portugal ascende no ano 2009 ao 6,05 %**, que novamente segue unha tendencia decrecente (en 2007 supoñía o 6,07 % do total de empresas que operaba neste territorio).

En canto á repartición segundo a súa actividade principal, resulta que **o grupo máis numeroso dentro do tecido empresarial deste macrosector é o que corresponde aos servizos de arquitectura e enxeñería, co 42,40 % do total das empresas culturais e creativas** (aínda que, como xa se dixo, desta epígrafe considéranse só, dentro das ICC, os servizos de arquitectura, deixando fóra a enxeñería, a arquitectura técnica, a promoción inmobiliaria ou a construción, a topografía etc.). **O seguinte**

grupo sería o correspondente ás actividades de creación, artísticas e de espectáculos, no que están recollidos os intérpretes e os creadores (músicos, actores, dobradores, bailaríns, magos, guionistas, escritores etc.) e que supoñen o 19,29 %.

Gráfico 134. Evolución das empresas das industrias culturais e creativas e do total do tecido empresarial do Norte de Portugal. 2007-2009






Gráfico 135. Distribución do tecido empresarial de acordo co círculo no que opera. 2009



O terceiro grupo en importancia é o das empresas dedicadas aos labores de Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados (venta de libros, discos e CD, artigos culturais e xornais e outras publicacións), que representa o 14,88 % do total. Trátase dunha categoría que non xera contidos nin proporciona actividade creativa, pero que, pola contra, presta un importante servizo de asesoramento e prescrición, ademais de aproximación ao público dos produtos culturais previamente desenvolvidos por outros axentes da cadea de valor. Segue o segmento de Publicidade, cun 4,93 % e, moi próximo, as empresas de Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión co 4,78 %.

Gráfico 136. Taxa de variación no número de empresas segundo o código de actividade no que operan. 2009/07



De acordo coa clasificación de cada unha das actividades do modelo dos tres círculos, é o correspondente ás actividades creativas o que ten un peso maior, co 46,22 % das empresas incluídas nas ICC do Norte de Portugal (segundo os datos recollidos no INE). As industrias culturais representan o 34,70 % e as Core Arts o 19,70 % restante.

Táboa 104. Distribución das empresas das industrias culturais e creativas do Norte de Portugal segundo o número de traballadores. 2009

	Total	Menos de 10 persoas	10 - 49 persoas	50 - 249 persoas	250 e máis persoas
Total de grupos CAE	342.044	324.079	15.526	2.202	237
Total das industrias culturais e creativas	20.703	20.232	421	42	8
181 Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión	990	819	156	14	1
182 Reprodución de soportes gravados	10	9	1	0	0
322 Fabricación de instrumentos musicais	14	10	4	0	0
476 Comercio polo miúdo de bens culturais e recreativos, en establecementos especializados	3.081	3.053	24	3	1
581 Edición de libros, de xornais e doutras publicacións	351	326	19	4	2
582 Edición de programas informáticos	112	95	13	3	1
591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de produción de programas de televisión	331	324	6	1	0
592 Actividades de gravación de son e de edición de música	223	223	0	0	0
601 Actividades de radio	65	56	9	0	0
602 Actividades de televisión	9	8	1	0	0
631 Actividades de procesamento de datos, domiciliación de información e actividades relacionadas; portais web	101	96	4	1	0
711 Actividades de arquitectura, de enxeñería e técnicas afíns	8.778	8.637	125	13	3
731 Publicidade	1.019	977	40	2	0
741 Actividades de deseño	690	681	9	0	0
742 Actividades fotográficas	760	754	5	1	0
90 Actividades de teatro, de música, de danza e outras actividades artísticas e literarias	3.994	3.991	3	0	0
91 Actividades das bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	175	173	2	0	0

Fonte: Sistema de Contas Integrado das Empresas 2011. INE - Instituto Nacional de Estatística


Por outra banda, a **variabilidade do número de empresas en cada un dos códigos de actividade considerados para o intervalo 2007-2009 é bastante dispar**. O grupo que máis crece é o 602 de Actividades de televisión, que pasa de 5 a 9 empresas nestes anos, o que supón un incremento do 80 %. Outro que medra de xeito significativo é o 741 de Actividades de deseño, ao pasar de 479 a 690 empresas (44,05 % de variación). Deseguido estaría a 91 de Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, que pasa de 138 a 175, o que representa unha suba do 26,81 %. Con todo, no caso contrario tamén existen ramas de actividade nas que o número de axentes que prestan servizo nelas diminuíu, como

é o caso do código 592 de Actividades de gravación de son e de edición de música, que pasou de 383 a 223 empresas (-41,78 %), ou o 182 de Reprodución de soportes gravados, que descendeu de 14 a 10 (-28,57 %).

**A maior parte destas empresas pertencentes ás industrias culturais posúen menos de dez traballadores**, o que significa que estamos perante un sector esencialmente constituído por microempresas, no que respecta ao número de efectivos ao seu servizo. As empresas das ICC do norte portugués que teñen entre un e nove empregados representan o 97,72 % do total, mentres que no total das empresas galegas ascende ao 94,75 %. Polo tanto, a porcentaxe de pequenas empresas de ambos os dous colectivos empresariais é bastante similar. Por outra parte, só o 0,24 % dos axentes empresariais conta cun cadro de persoal de máis de 50 empregados.

É de sinalar que existe unha actividade en que todas as empresas teñen menos de dez traballadores, que é o caso da gravación de son e edición de música. Por outro lado, existen tres empresas de Actividades de arquitectura, de enxeñería e técnicas afíns con máis de 250 traballadores, dúas de Edición de libros, xornais e outras publicacións, unha de Comercio polo miúdo de bens culturais e recreativos, en establecementos especializados, e unha de Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión.

Gráfico 137. Distribución das empresas das industrias culturais e creativas no Norte de Portugal de acordo co número de traballadores. 2009



Por tanto, é posible inferir que **a industria cultural do Norte de Portugal está, ao igual que acontecía no caso galego, bastante atomizada**, sobre unha base de microempresas que constitúen cerca do 6 % do tecido empresarial da rexión. Isto ten como consecuencia, por unha parte, un maior nivel de flexibilidade e adaptación ás circunstancias do mercado por parte destas empresas, pero, por outra, estas tamén teñen os problemas típicos das firmas deste tamaño, que implican deseconomías de escala, menor poder negociador, nomeadamente no que se refire ao acceso a algunhas fontes de financiamento, perda de competitividade e menor capacidade de saír a comercializar fóra de rexión.

## 5.2 AS MAGNITUDES ECONÓMICAS DAS ICC NO NORTE DE PORTUGAL

Tal e como xa se fixo no caso galego, preséntase agora unha análise conxunta do censo de todas as industrias culturais e creativas portuguesas a partir das bases de datos xeradas dentro do proxecto a partir dos datos procedentes do Rexistro Mercantil portugués.

Deste traballo de análise é posible extraer datos que permiten levar a cabo unha comparación dos doce eidos de actividade abordados no estudo (a saber, arquitectura, artes escénicas, artes plásticas, audiovisual, bibliotecas, museos, arquivos e xestión do patrimonio, deseño, fotografía, música, produto gráfico, publicidade, radio e TIC) e cuantificar de xeito global todas as ICC no Norte de Portugal co obxecto de establecer ademais posibles similitudes ou diferenzas con eses mesmos sectores no lado galego, evidenciando así a importancia que estas ramas de actividade están a alcanzar na economía lusa nestes últimos anos e a súa crecente capacidade para xerar recursos e emprego.

Gráfico 138. Distribución das empresas das ICC na rexión Norte segundo a actividade.





Gráfico 139. Taxas de variación no censo de empresas das ICC na rexión Norte por actividade. 2006-2009



Como arranque deste labor de agregación dos doce sectores das ICC na rexión Norte, pódense extraer algunhas conclusións relacionadas co número de empresas da mostra coa que se conta. De feito, **en 2009 operaban na rexión Norte un mínimo de 3596 empresas nos sectores incluídos dentro das industrias culturais e creativas**. Delas, o 37,21 % dedicábase a actividades relacionadas coas artes gráficas e a edición (impresión e edición de xornais e revistas, preimpresión, impresión, distribución, edición de libros, acabados etc.); outro 19,35% á publicidade, o 11,95% á arquitectura e o 10,37% ao deseño (tanto gráfico coma industrial e, neste caso, moi centrado no deseño de xoias). Chama a atención o **reducido peso relativo da industria audiovisual no que se refire ao tecido empresarial**, que ten a súa explicación na inexistencia de canle rexional (con todo o que para os efectos de demanda na xeración de contidos e na prestación de servizos auxiliares leva parello) e no centralismo nos servizos das nacionais en Lisboa<sup>51</sup>.

<sup>51</sup> Este mesmo razoamento podería ser válido para o caso da radio.



Tamén resulta baixa a porcentaxe de empresas de fotografía sobre o total (6,17 %), o que podería obedecer a unha forma de distribución distinta deste tipo de servizos, pero aínda máis rechamante resulta a **escasa importancia da industria musical no número de empresas** (que inclúe a interpretación, organización de actos, representación de artistas ou *management*, distribución, edición discográfica, venda de discos ou instrumentos ou actividades de apoio) co 2,47 %, que podería ter parte da súa explicación na elección de formas xurídicas de carácter non mercantil para o desenvolvemento das súas actividades<sup>52</sup>. Outros sectores como artes escénicas, TIC relacionadas coas industrias culturais, radio ou actividades de bibliotecas, arquivos, museos ou patrimonio teñen porcentaxes inferiores ao 3 % dentro do total das empresas das ICC da rexión Norte de Portugal.

Táboa 105. Empresas que operan nas ICC no Norte de Portugal e sector no que desenvolven actividade. 2009

Variable	Empres. 2009	% sobre total de ICC	Variac. 2006/09	Ano de constit.	Capital social 2009	Círculo
Arquitectura	673	18,72%	26,50%	2001	13.693	Act. creativas
Artes escénicas	96	2,67%	41,18%	2001	64.587	Core Arts
Artes plásticas	33	0,92%	50,00%	2003	82.634	Core Arts
Audiovisual	193	5,37%	32,41%	1997	35.673	Ind. culturais
Biblio, museos, arq. e patrim.	8	0,22%	60,00%	2002	1.960.020	Core Arts
Deseño	373	10,37%	10,68%	1996	63.335	Act. creativas
Fotografía	222	6,17%	19,35%	1998	25.300	Core Arts
Música	89	2,47%	32,84%	1999	98.464	Ind. culturais
Produto gráfico	1.338	37,21%	15,54%	1994	62.742	Ind. culturais
Publicidade	445	12,37%	34,85%	2002	21.148	Act. creativas
Radio	37	1,03%	2,78%	1991	121.086	Ind. culturais
TIC	89	2,47%	85,42%	2004	22.420	Ind. culturais
Total de ICC	3.596	100,00%	23,75%	1997	49.652	Total de ICC

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

**A taxa media de variación no número de empresas para o conxunto das ICC do Norte de Portugal é, no intervalo 2006-2009, de 23,75 %.** Os sectores que demostran un crecemento superior á media global das ICC en Portugal no seu censo de empresas son as TIC relacionadas coa cultura e a creatividade, cun 85,42 %, demostrando así un forte dinamismo no que se refire ao seu tecido empresarial. Seguen, en orden de importancia, as actividades relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio, cun 60 %, e as artes plásticas cun 50 %, eidos bastante relacionados entre si, por ter empresas que ben poderían estar nunha ou noutra categoría (como é o caso das compañías dedicadas á restauración e á conservación), ademais das artes escénicas cun 41,18 %. Nun segundo estadio intermedio estarían sectores como a publicidade (34,85 %), a música (32,84 %), o audiovisual (32,41 %) e a arquitectura (26,5 %). Cómpre poñer o acento sobre o feito de que estes índices de crecemento superiores á media coinciden con algúns dos que

<sup>52</sup> Como tamén adoita pasar coas artes escénicas e incluso coas artes plásticas.



tiñan un peso relativo menor no total das ICC. Para rematar, hai outras categorías cunhas taxas de crecemento inferiores á media, como fotografía (19,35 %), produto gráfico (15,54 %), deseño (10,68 %) ou radio (2,78 %)⁵³.

No caso portugués, cando a análise das taxas de variación se limita ao período 2008-2009, os datos non resultan demasiado completos, por non dispoñer de moitas das constituicións do último ano estudado ao non estar dispoñibles as súas contas.

A data media de constituición das empresas que desenvolven actividades dentro das industrias culturais e creativas portuguesas é 1997, e é na radio (1991), no produto gráfico (1994) e no deseño (1996) nas que o ano de creación da sociedade é anterior. As categorías cunha media na data de constituición máis recente son as TIC (2004) e as artes plásticas (2003).

Gráfico 140. Distribución das empresas das ICC no Norte segundo o círculo co que se corresponden. 2009





Gráfico 141. Rendibilidade económica de cada un dos sectores de actividade comprendidos nas ICC no Norte. 2009




Da análise do capital medio no último ano dispoñible resulta que a media das ICC da rexión Norte de Portugal sería de 149 652 euros. As categorías que contan cun valor superior son as relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (1 960 020 euros), cunha cifra certamente elevada que se ve desvirtuada polos datos da Fundación Serralves. Outras das de media máis alta son a radio (121 086), as artes plásticas (82 634) e a música (98 464), neste caso polo efecto da Casa da Música.

Na ilustración que se achega, que recolle os crecementsos dos ingresos e do emprego en 2006-2009 na rexión Norte e pondera o tamaño das esferas de acordo co número de empresas que operan en cada sector nese ámbito xeográfico, apréciase como as actividades incluídas na categoría do produto gráfico contan co tecido empresarial máis amplo, seguidas da arquitectura, a publicidade ou a fotografía. Pero **os crecementsos da facturación e do emprego sitúan as TIC relacionadas coas ICC como o sector con máis proxección**, xunto coas artes plásticas, a música e as artes escénicas. No cuadrante contrario estaría a radio, con crecementsos tanto en emprego como en volume de ingresos inferiores á media das ICC do Norte luso e, en menor medida, o produto gráfico e a publicidade.

⁵³ Nestes casos, chama a atención a baixa taxa de variación no número de empresas dedicadas ao deseño, que só tería explicación na inclusión nesta categoría de moitas empresas de deseño e fabricación de xoias (nas que a delimitación dunhas ou outras actividades é difícil).

Gráfico 142. Crecemento da facturación e do emprego no período 2006-2009 e número de empresas en 2009 segundo o sector de actividade na rexión Norte de Portugal



Ademais a **rendibilidade económica media das ICC da rexión Norte no ano 2009 ascende ao -7,52 %**. Todas as categorías sectoriais consideradas alcanzan taxas negativas, excepto os sectores de radio (5,39 %) e artes plásticas (9,22 %). Os valores máis reducidos son os que se corresponden con categorías como o audiovisual (-50,68 %), bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (-24,1 %) e bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (-18,86 %), fotografía (-11,65 %) e TIC relacionadas coas ICC (-10,59 %).

Gráfico 143. Distribución da facturación das ICC por actividade. 2009





Gráfico 144. Facturación por empresa dos sectores de actividade comprendidos nas ICC na rexión Norte. 2009



Atendendo á agregación do volume de negocio destes doce sectores de actividade, **os ingresos totais das industrias culturais na rexión Norte no ano 2009 eleváronse a 1189 millóns de euros, o que supón unha variación do 0,88 % fronte ao exercicio anterior e do 17,44 % sobre o ano 2006**.

Desta contía, o 61,35 % corresponde ás empresas gráficas (impresión e artes gráficas, rotulación, preimpresión, edición de libros, xornais e revistas, comercialización de produtos culturais etc.), seguidas a moita distancia polo deseño (9,36 %), a publicidade (8,91 %) e a arquitectura (7,51 %).

Isto permitiría concluír inicialmente que **o conxunto de actividades relacionadas coa produción gráfica (impresión, edición e publicidade, fundamentalmente) xeraría practicamente o 70% do volume de negocio das ICC na rexión Norte**. O audiovisual (cine, TV, vídeo e animación, exhibición, distribución e emisión de contidos) factura o 4,14 % do total, que co 0,45 % da radio e o 1,45 % das TIC (que corresponde fundamentalmente á xeración de contidos para novas plataformas, desenvolvemento de videoxogos e produción multimedia) dá como resultado **un peso agregado de aproximadamente un 6 % para o audiovisual**. Por outra banda, a industria musical é responsable do 2,38 % do volume de negocio, polo que, xunto co 0,47 % das chamadas artes escénicas, é posible concluír que **as artes escénicas nun sentido amplo xeran o 3 % do volume de ingresos das ICC na rexión Norte de Portugal**.

Táboa 106. Variables relacionadas coa facturación das empresas das ICC na rexión Norte de Portugal segundo o sector de actividade no que operan. 2009

Variables	Facturación	% no total ICC	Variación 2008/09	Variación 2006/09	Fact. por empreg.	Fact. por empresa	Círculo
Arquitectura	89.303.640	7,51%	5,26%	37,44%	58.713,77	141.751,8	Activ. creativas
Artes escénicas	16.159.998	1,36%	8,95%	68,13%	39.901,23	194.698,8	Core Arts
Artes plásticas	5.582.331	0,47%	10,83%	80,21%	60.025,1	192.494,2	Core Arts
Audiovisual	49.189.631	4,14%	6,77%	-4,01%	82.671,6	307.435,2	Ind. culturais
Bibliot, museos, arquiv. e patrim.	11.331.986	0,95%	-2,62%	24,84%	85.848,4	1.416.498,2	Core Arts
Deseño	111.364.957	9,36%	5,78%	0,49%	69.213,8	313.704,1	Activ. creativas
Fotografía	19.809.218	1,67%	-3,04%	18,28%	31.847,6	95.696,7	Core Arts
Música	28.332.948	2,38%	-0,20%	72,15%	50.325,0	345.523,8	Ind. culturais
Produto gráfico	729.691.332	61,35%	-4,16%	3,47%	82.863,0	610.620,4	Ind. culturais
Publicidade	105.963.818	8,91%	-1,01%	12,31%	64.809,7	278.120,3	Activ. creativas
Radio	5.370.994	0,45%	4,77%	-53,18%	35.806,6	162.757,4	Ind. culturais
TIC	17.299.837	1,45%	16,81%	113,35%	48.458,9	205.950,4	Ind. culturais
Total de ICC	1.189.400.690	100%	0,88%	17,44%	68.043,0	368.532,4	Total de ICC

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

Por outra banda, na comparación das taxas de variación da facturación resulta que **o crecemento da facturación máis elevado no intervalo 2006-2009 se corresponde coas TIC do eido das ICC co 113,35 %**, seguido polas artes plásticas (80,21 %), a música (72,15 %) e as artes escénicas (68,13 %). **Sobre unha media global de crecemento dos ingresos das ICC na rexión Norte do 17,44 %**, son varias as categorías que aínda tendo taxas de variación da facturación positivas, estas son menores que a media, coma no caso da publicidade (12,31 %), o produto gráfico (3,47 %) ou o deseño (0,49 %). Tanto o audiovisual como a radio teñen taxas de variación negativas, co -4,01 e -53,18 % respectivamente.

Cando o intervalo observado se limita ao bienio 2008-2009, e **partindo dunha taxa media global do 0,88 %**, o crecemento redúcese de xeito importante, salvo nas TIC e as artes plásticas, que experimentan unha variación do 16,81 % e o 10,83 % respectivamente. O caso é que agás estas dúas antes mencionadas, e artes escénicas (8,95 %), audiovisual (6,77 %), deseño (5,78 %), arquitectura (5,26 %) e radio (4,77 %), o resto das categorías experimenta caídas no seu volume de ingresos.

En canto ás produtividades dos traballadores das ICC da rexión Norte (entendidas como a capacidade de xerar ingresos de cada empregado), estas difiren dos pesos relativos de cada categoría, de xeito que **a facturación por empregado máis elevada corresponde ás actividades de bibliotecas, arquivos, museos e patrimónios, con 85 848 euros, seguida doutras como produto gráfico (82 863), audiovisual (82 672) ou deseño (69 214), que se sitúan por riba da media das ICC do Norte luso (68 043 euros)**. Pola contra, as facturacións por traballador máis baixas correspóndense cos sectores de fotografía (31 848), radio (35 807), artes escénicas (39 901) e TIC (48 459).

E da relación entre ingresos e empresas de cada categoría resulta a produtividade por empresa. Neste caso, **a media global de ingresos por compañía das industrias culturais da rexión Norte é de 368 532,4 euros**. As empresas de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio logran en 2009 unha media de facturación por cada unha de 1 416 498 euros. A continuación virían as de produto gráfico (610 620,4). Fronte a estas categorías, fotografía (95 697), arquitectura (141 752), radio (162 757) e TIC (205 950) alcanzan os valores máis reducidos.

Gráfico 145. Distribución da facturación das ICC na rexión Norte polo círculo que corresponde. 2009






Gráfico 146. Taxas de variación da facturación das ICC do Norte por sector. 2006-2009



Para rematar cos aspectos relacionados cos ingresos, cómpre comentar o peso que cada un dos círculos do modelo metodolóxico adoptado no presente traballo ten en canto ao volume de ingresos. **As industrias culturais son responsables do 69,77 % da facturación das ICC na rexión Norte, cun 25,78 % para as actividades creativas e o 4,45 % restante para as Core Arts.**

Gráfico 147. Crecemento do número de empresas e do emprego no período 2006-2009 e a facturación no 2009 segundo o sector de actividade no Norte de Portugal



Na ilustración que se achega están representadas as taxas de variación do tecido de empresas e do volume de emprego para o intervalo 2006-2009, e o diámetro das burbullas pondera o volume de facturación de cada un dos sectores de actividade das ICC da rexión Norte de Portugal.

Nela queda patente a **importancia dos ingresos do sector gráfico e editorial, a moita distancia do resto das categorías**, como xa se comentou nas análises previas, pero son as TIC, a música, as artes plásticas e as actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio as que demostran un maior crecemento no número de traballadores e de empresas. No extremo contrario, a radio, ademais de contar cunha facturación reducida en termos absolutos e relativos, presenta os índices de crecemento no tecido empresarial e no emprego máis reducidos das ICC no norte de Portugal. Nesta liña, aínda que sen apartarse tanto da media sectorial, estarían tamén a fotografía e o produto gráfico.

**O resultado agregado antes de impostos para as industrias culturais e creativas do norte luso é de 41,9 millóns de euros**, un 11,62 % máis que no exercicio anterior e un 25,6 % por riba dos de 2006.

Cando este resultado se analiza desde o punto de vista do sector de actividade, apréciase como **as actividades de artes gráficas e edición** (impresión e edición de xornais, impresión, preimpresión, acabados, edición de libros e revistas, distribución ou comercialización) **son as que maiores beneficios xeran, con 31 millóns de euros antes de impostos**, e, xunto coa arquitectura (6 millóns), a publicidade (3,6) e o deseño (1,8), son quen de alcanzar os maiores beneficios no exercicio 2009 para as ICC da rexión Norte. Pola contra, as perdas proveñen da fotografía (-1,2 millóns de euros), as TIC relacionadas coas ICC (-0,8) e as artes escénicas (-0,2).

Táboa 107. Variables relacionadas co resultado das empresas das ICC na rexión Norte segundo o sector de actividade no que operan. 2009

	Resultado	Variación 2008/09	Variación 2006/09	Result. por empreg.	Result. por empresa	Círculo
Arquitectura	5.946.655	-43,68%	-11,75%	3.909,70	10.062,02	Activ. creativas
Artes escénicas	-234.102	96,41%	-156,75%	-578,03	-2.926,28	Core Arts
Artes plásticas	91.656	-	70,05%	985,5	3.160,6	Core Arts
Audiovisual	823.907	-	-34,68%	1.384,7	5.281,5	Ind. culturais
Bibliot, museos, arquiv. e patrim.	26.504	-20,02%	-	200,8	3.313,0	Core Arts
Deseño	1.802.858	-	-9,70%	1.120,5	5.479,8	Activ. creativas
Fotografía	-1.168.268	-111,66%	-92,69%	-1.878,2	-6.084,7	Core Arts
Música	703.552	81,71%	-5,93%	1.249,6	9.257,3	Ind. culturais
Produto gráfico	30.912.600	61,87%	95,47%	3.510,4	27.356,3	Ind. culturais
Publicidade	3.578.025	-12,50%	27,53%	2.188,4	10.431,6	Activ. creativas
Radio	179.676	64,09%	-69,23%	1.197,8	6.910,6	Ind. culturais
TIC	-803.101	-201,28%	-	-2.249,6	-9.914,8	Ind. culturais
Total de ICC	41.859.962	6,63%	23,74%	2.364,9	13.842,1	Total de ICC

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

No referido ás taxas de variación do resultado para o período 2006-2009, e partindo dunha media das ICC do Norte de Portugal do 25,60 %, obsérvase o **importante crecemento do beneficio nas actividades de produto gráfico** (95,47 %), sobre todo considerando a actual conxuntura económica na que está inmersa o país luso ou, en menor medida, nas artes plásticas (70,05 %). Na maior parte das restantes industrias das ICC do lado portugués, as variacións para este intervalo son de signo negativo, e oscilan entre o -156,75 % das artes escénicas ou o -92,69 % da fotografía e o -9,70 % do deseño ou o -5,93 % da música.

Pero cando as variacións se refiren ao bienio 2008 e 2009, redúcese o número de taxas analizadas, por non contar con valores para artes plásticas, audiovisual nin deseño, xa que muda de signo o resultado destas actividades, polo que non é posible o cálculo da variación. Polo demais, os maiores crecementos veñen da man das artes escénicas (96,41 %), a música (81,71 %), a radio (64,09 %) e o produto gráfico (61,87 %). Pero, a pesar destes valores, a media vese moi desmellorada polo efecto dos valores das TIC do eido das ICC (-201,28 %) ou da fotografía (-111,66 %).

**Os resultados globais medios por empresa e por traballador ascenden nas ICC do Norte de Portugal a 13 842 e 2365 euros respectivamente.** Na análise por categorías de actividade é posible comprobar novamente a importancia do produto gráfico, a arquitectura, a publicidade e a música. De feito, os beneficios por traballador máis elevados corresponden aos sectores de arquitectura (3910 euros), produto gráfico (3510) e publicidade (2188), e os beneficios por compañía conceden os primeiros postos ao produto gráfico (27,356), a publicidade (10 432), a arquitectura (10 062) e a música (9 257). No que se refire ás perdas por traballador, resulta que as máis avultadas corresponden ás TIC relacionadas co eido das ICC, con -2250 euros, que se converten en -9915 por empresa.



Gráfico 148. Taxas de variación do resultado das ICC por actividade no Norte portugués. 2006-2009





Gráfico 149. Resultado dos sectores comprendidos nas ICC en no Norte de Portugal. 2009



Para rematar coas variables relacionadas co resultado, é necesario comentar como tanto no círculo correspondente ás industrias culturais<sup>54</sup> como no das actividades creativas<sup>55</sup> as cifras de resultado antes de impostos son de signo positivo, con valores de 31,8 e 11,3 millóns de euros. Pola contra, as Core Arts<sup>56</sup> suman unhas perdas totais de -1,3 millóns de euros.

Gráfico 150. Resultado por empregado das ICC no Norte portugués. 2009





Gráfico 151. Resultado por empresa das ICC no Norte portugués. 2009



En 2009 o emprego xerado polas industrias culturais e creativas da rexión Norte equivale a case 16 500 postos de traballo (equivalentes a tempo completo), o que supón unha caída do -25,8 % con respecto ao exercicio anterior e un crecemento do 23,58 % sobre os valores de 2006. Polo tanto, e tal e como acontecía no caso galego, é posible concluír que as industrias culturais e creativas contan cun importante potencial na creación de emprego no Norte portugués.

Pero as taxas de variación por categorías ofrecen valores bastante dispares, de maneira que no intervalo 2006-2009 son as actividades de música (146,93 %) e de TIC (101,69 %) as que presentan un maior incremento do emprego en termos

<sup>54</sup> Industrias musicais e audiovisual, produto gráfico, radio e TIC.

<sup>55</sup> Arquitectura, publicidade e deseño.

<sup>56</sup> Artes plásticas e escénicas, fotografía e actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio.

**relativos**, seguidas das artes plásticas (75,47 %) e as artes escénicas (70,47 %). Outras actividades ofrecen crecementos relativamente menores, como é o caso do produto gráfico (1,92 %), a radio (2,74 %) ou a publicidade (2,74 %).

Táboa 108. Variables relacionadas co emprego das empresas das ICC no Norte de Portugal segundo o sector de actividade no que operan. 2009

Variables	Volume de emprego	% sobre o total de ICC	Variación 2008/09	Variación 2006/09	Cadro medio	Círculo
Arquitectura	1.521	9,22%	5,26%	40,06%	2,63	Activ. creativas
Artes escénicas	405	2,46%	7,71%	70,89%	5,26	Core Arts
Artes plásticas	93	0,56%	13,41%	75,47%	3,32	Core Arts
Audiovisual	595	3,61%	13,77%	30,20%	4,02	Ind. culturais
Bibliot,museos, arquiv. e patrimonio	132	0,80%	10,92%	41,94%	22,00	Core Arts
Deseño	1.609	9,76%	-257,40%	27,77%	4,85	Activ. creativas
Fotografía	622	3,77%	-1,27%	16,04%	3,00	Core Arts
Música	563	3,41%	6,63%	146,93%	7,22	Ind. culturais
Produto gráfico	8.806	53,41%	-0,14%	1,92%	7,59	Ind. culturais
Publicidade	1.635	9,92%	-13,40%	8,21%	4,48	Activ. creativas
Radio	150	0,91%	6,38%	2,74%	5,17	Ind. culturais
TIC	357	2,17%	15,91%	101,69%	4,02	Ind. culturais
Total de ICC	16.488	100,00%	-25,79%	23,58%	5,33	Total de ICC

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

Se estas variacións do volume de emprego se limitan ao último ano dispoñible, resulta que aparecen xa valores de signo negativo, como é o caso do deseño (-257,4 %), a publicidade (13,40 %), a fotografía (-1,27 %) ou o produto gráfico (-0,14 %). De entre os valores positivos, hai actividades como as artes escénicas, a música, a radio ou a arquitectura que varían entre o 7,71 % da primeira e o 5,26 % da última, e un segundo grupo como as TIC, o audiovisual, as artes plásticas ou as bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio, que van do 15,91 % ao 10,92 %.

Por outra banda, **a distribución sectorial do emprego responde a unha repartición moi próxima á doutras variables**, de xeito que o 53,41 % dos traballadores se corresponde coas actividades recollidas na categoría de produto gráfico, o 9,76 % co deseño (tanto gráfico coma industrial), o 9,92 % coa publicidade, e o 9,22 coa arquitectura. Deste xeito, as actividades gráficas e de edición (que aglutinan a produto gráfico e publicidade) ocupan o 63 % dos traballadores por conta allea, as artes escénicas en sentido amplo (incluíndo as artes escénicas e a música) o 6 %, e o audiovisual (que aglutinaría ao audiovisual, a radio e as TIC) o 8 %.

Relacionando o número de empresas coas que se conta con datos e o emprego que xeran, resulta que **o cadro medio dos axentes das ICC no Norte de Portugal en 2009 é de 5,33 traballadores**. Sobre esta media, nas actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio é onde se dá o cadro medio por empresa máis elevado, con 22 traballadores, seguido polo produto gráfico (con 7,59), a música (7,22) e as artes escénicas (5,26). Fronte a estes, os cadros medios menores son os das categorías orientadas aos servizos técnicos de arquitectura (2,63) e fotografía (3).



Gráfico 152. Distribución do emprego das ICC da rexión Norte por actividade. 2009





Gráfico 153. Taxas de variación do emprego das ICC na rexión Norte. 2006-2009



Novamente, o feito de **non dispoñer de datos para os axentes que adoptan a forma de empresarios individuais e sociedades non mercantís**, tan frecuentes nalgunhas das ramas de actividade abordadas, resta valor a este dato, aínda que permite unha mínima comparación entre os cadros de persoal das sociedades mercantís destes sectores.

Gráfico 154. Cadro medio dos sectores das ICC no Norte de Portugal. 2009






Gráfico 155. Distribución do emprego das ICC no Norte de Portugal segundo o círculo co que se corresponden. 2009



Por outra banda, faise necesario tamén considerar a conxuntura económica global xeral e portuguesa en particular, e as elevadas taxas de desemprego actuais. Polo tanto, e a vulgar polos datos de emprego ata agora comentados, é posible concluír que **as industrias culturais e creativas na rexión Norte de Portugal mostran unha importante capacidade xeradora de emprego**.

Cómpre apuntar tamén o feito de que de novo **as industrias culturais son as que dan emprego a máis traballadores, co 63,51 % do total**, seguido das actividades creativas (28,9 %) e das Core Arts (7,59 %).

Gráfico 156. Crecemento da facturación e do número de empresas no período 2006-2009 e volume de emprego no 2009 segundo o sector de actividade no Norte de Portugal



A ilustración que se achega representa as taxas de variación da facturación e o número de empresas no período 2006-2009 nos eixes vertical e horizontal e o volume de emprego en 2009 no diámetro das esferas. A teor dos datos, resulta que as categorías de bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio, TIC e artes escénicas crecen por riba da media das ICC desta rexión, tanto nos ingresos como no número de empresas. No extremo contrario, radio e fotografía estarían para ambas as variables por debaixo da media. Ademais, e como xa se comentou nos parágrafos anteriores, produto gráfico, publicidade e arquitectura son as categorías con maior peso no emprego das ICC do Norte portugués.

A continuación achégase unha táboa coas principais variables para todos os sectores de actividade considerados neste estudo das industrias culturais e creativas na rexión Norte portuguesa.

Táboa 109. Principais magnitudes dos distintos sectores das industrias culturais e creativas na rexión Norte de Portugal. 2009

	Arquitectura	Artes escénicas	Artes plásticas	Audiovisual	Bibl., museo archiv. e patrimonio	Deseño	Fotografía	Música	Produto gráfico	Publicidade	Radio	TIC	Total de ICC
Número de empresas	673	96	33	193	8	373	222	89	1.338	445	37	89	3.596
% empresa/total ICC	18,72%	2,67%	0,92%	5,37%	0,22%	10,37%	6,17%	2,47%	37,21%	12,37%	1,03%	2,47%	100,00%
Variación 2008/2009	0,00%	0,00%	0,00%	0,52%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,03%
Variación 2006/2009	26,50%	41,18%	50,00%	32,41%	60,00%	10,68%	19,35%	32,84%	15,54%	34,85%	2,78%	85,42%	23,75%
Empresas con datos	673	96	33	193	8	373	222	89	1336	445	37	89	3.594
Ano de constitución	2001	2001	2003	1997	2002	1996	1998	1999	1994	2002	1991	2004	1997
Capital social 2009	13.693	64.587	82.634	35.673	1.960.020	63.335	25.300	98.464	62.742	21.148	121.086	22.420	49.652
Rendib. media 2009	-9,02%	-7,65%	9,22%	-50,68%	-18,86%	-2,32%	-11,65%	-3,98%	-2,66%	-5,63%	5,39%	-10,59%	-7,52%
Facturación	89.303.640	16.159.998	5.582.331	49.189.631	11.331.986	111.364.957	19.809.218	28.332.948	729.691.332	105.963.818	5.370.994	17.299.837	1.189.400.690
% fact./total ICC	7,51%	1,36%	0,47%	4,14%	0,95%	9,36%	1,67%	2,38%	61,35%	8,91%	0,45%	1,45%	100,00%
Variación 2008/2009	5,26%	8,95%	10,83%	6,77%	-2,62%	5,78%	-3,04%	-0,20%	-4,16%	-1,01%	4,77%	16,81%	0,88%
Variación 2006/2009	37,44%	68,13%	80,21%	-4,01%	24,84%	0,49%	18,28%	72,15%	3,47%	12,31%	-53,18%	113,35%	17,44%
Fact. por empregado	58.713,77	39.901,23	60.025,1	82.671,6	85.848,4	69.213,8	31.847,6	50.325,0	82.863,0	64.809,7	35.806,6	48.458,9	68.043,0
Fact. por empresa	141.751,81	194.698,77	192.494,2	307.435,2	1.416.498,2	313.704,1	95.696,7	345.523,8	610.620,4	278.120,3	162.757,4	205.950,4	368.532,4
Resultado	5.946.655	-234.102	91.656	823.907	26.504	1.802.858	-1.168.268	703.552,00	30.912.600	3.578.025,00	179.676,00	-803.101	41.859.962
Variación 2008/2009	-43,68%	96,41%	-	-	-20,02%	-	-111,66%	81,71%	61,87%	-12,50%	64,09%	-201,28%	6,63%
Variación 2006/2009	-11,75%	-156,75%	70,05%	-34,68%	-	-9,70%	-92,69%	-5,93%	95,47%	27,53%	-69,23%	-	23,74%
Result. por empregado	3.909,70	-578,03	985,5	1.384,7	200,8	1.120,5	-1.878,2	1.249,6	3.510,4	2.188,4	1.197,8	-2.249,6	2.364,9
Result. por empresa	10.062,02	-2.926,28	3.160,6	5.281,5	3.313,0	5.479,8	-6.084,7	9.257,3	27.356,3	10.431,6	6.910,6	-9.914,8	13.842,1
Volume de emprego	1.521	405	93	595	132	1.609	622	563	8.806	1.635	150	357	16.488
% emp./total ICC	9,22%	2,46%	0,56%	3,61%	0,80%	9,76%	3,77%	3,41%	53,41%	9,92%	0,91%	2,17%	100,00%
Variación 2008/2009	5,26%	7,71%	13,41%	13,77%	10,92%	-257,40%	-1,27%	6,63%	-0,14%	-13,40%	6,38%	15,91%	-25,79%
Variación 2006/2009	40,06%	70,89%	75,47%	30,20%	41,94%	27,77%	16,04%	146,93%	1,92%	8,21%	2,74%	101,69%	23,58%
Cadro medio	2,63	5,26	3,32	4,02	22,00	4,85	3,00	7,22	7,59	4,48	5,17	4,02	5,33

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

### 5.3 O EMPREGO NAS ICC NO NORTE DE PORTUGAL

Para a análise dos datos de emprego das ICC no Norte de Portugal solicitouse ao Instituto da Seguridade Social, I.P. a información sobre empresas e traballadores (dependentes e independentes) inscritos na Seguridade Social nos anos de 2007 a 2011 para os códigos de actividade (de acordo coa CAE Rev.3-2007) que se consideran máis directamente relacionados coas industrias culturais e creativas e que abaixo se relacionan:

- 18110 Impresión de xornais
- 18120 Outra impresión
- 18130 Actividades de preparación da impresión e de produtos media
- 18140 Encadernación e actividades relacionadas
- 18200 Reprodución de soportes gravados
- 32200 Fabricación de instrumentos musicais
- 47610 Comercio polo miúdo de libros, en establecementos especializados
- 47630 Comercio polo miúdo de discos, CD, DVD, cassetes e similares, en establecementos especializados
- 58110 Edición de libros
- 58130 Edición de xornais
- 58140 Edición de revistas e doutras publicacións periódicas
- 58190 Outras actividades de edición
- 58210 Edición de xogos de computador
- 59110 Produción de filmes, de vídeos e de programas de televisión
- 59120 Actividades técnicas de posproducción para filmes, vídeos e programas de televisión
- 59130 Distribución de filmes, de vídeos e de programas de televisión
- 59140 Proxección de filmes e de vídeos
- 59200 Actividades de gravación de son e edición de música
- 60100 Actividades de radio
- 60200 Actividades de televisión
- 63120 Portais web
- 71110 Actividades de arquitectura
- 73110 Axencias de publicidade
- 74100 Actividades de deseño
- 74200 Actividades fotográficas
- 85520 Ensino de actividades culturais
- 90010 Actividades das artes dos espectáculos
- 90020 Actividades de apoio ás artes do espectáculo
- 90030 Creación artística e literaria
- 90040 Explotación de salas de espectáculos e actividades conexas
- 91011 Actividades das bibliotecas
- 91012 Actividades dos arquivos
- 91020 Actividades dos museos
- 91030 Actividades dos sitios e monumentos históricos
- 94991 Asociacións culturais e recreativas

Ademais destes datos dos sectores de actividade, de acordo cos códigos da Clasificación das Actividades Económicas (Rev. 3) seleccionados, tamén foron

solicitados ao Instituto da Seguridade Social, I.P. datos sobre traballadores independentes cuxa actividade se relaciona coas ICC, de acordo coa táboa de actividades do art. 151.º do CIRS (DR, I Serie B, n.º 193 – 21 de agosto 2001) e que deseguido se detallan:

- 1001 Arquitectos
- 1002 Deseñadores
- 1322 Decoradores
- 1327 Xornalistas e reporteiros
- 1332 Programadores informáticos
- 1333 Publicitarios
- 2010 Artistas de teatro, baile, cinema, radio e televisión
- 2011 Artistas de circo
- 2012 Escultores
- 2013 Músicos
- 2014 Pintores
- 2015 Outros artistas
- 2019 Cantantes

Pero os datos dispoñibles achegados pola referida entidade non permiten extraer conclusións ou información relevantes para este estudo, ou comparables entre os territorios de referencia, toda vez que:

- Estes datos están agregados polos códigos CAE a dous díxitos, o que dá como resultado valores moi inflacionados que inclúen actividades en nada relacionadas co universo do presente estudo.
- Os datos sobre inscricións na Seguridade Social de traballadores independentes non se encontran organizados de acordo coa táboa de actividades do artigo 151.º do CIRS, e só existen valores globais sobre o número de traballadores independentes inscritos na S.S. por distrito.

Polo tanto, óptase para a análise por usar os datos dispoñibles no Instituto Nacional de Estatística (Sistema de Contas Integrado das Empresas).

Gráfico 157. Evolución do persoal ao servizo do tecido empresarial no Norte de Portugal nas empresas das ICC. 2007-2009





Gráfico 158. Taxas de variación do persoal ao servizo das empresas das ICC no norte de Portugal segundo a actividade principal. 2009/2007



Ao igual que acontece co tecido empresarial en xeral, tamén o emprego está a diminuír na NUT II Norte de Portugal: no intervalo 2007-2009 o persoal ao servizo das empresas con sede nesta rexión<sup>57</sup> rexistrou unha caída do 4,36 %.

Táboa 110. Evolución do persoal ao servizo das industrias culturais e creativas do Norte de Portugal segundo o código de actividade principal. 2007-2009

	2007	2008	2009
Total de grupos CAE	1.278.614	1.274.318	1.222.869
Total das industrias culturais e creativas	42.641	39.803	43.355
181 Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión	6.840	6.557	6393
182 Reprodución de soportes gravados	34	28	28
322 Fabricación de instrumentos musicais	95	97	116
476 Comercio polo miúdo de bens culturais e recreativos, en establecementos especializados	6.554	6.697	6.494
581 Edición de libros, de xornais e doutras publicacións	3.253	...	2.552
582 Edición de programas informáticos	825	...	1298
591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de produción de programas de televisión	627	677	718
592 Actividades de gravación de son e de edición de música	432	350	245
601 Actividades de radio	...	325	308
602 Actividades de televisión	...	68	
631 Actividades de procesamento de datos, domiciliación de información e actividades relacionadas; portais web	172	217	522
711 Actividades de arquitectura, de enxeñería e técnicas afíns	14.586	15053	15332
731 Publicidade	2620	2803	2538
741 Actividades de deseño	732	899	1.072
742 Actividades fotográficas	1.332	1.355	1.240
90 Actividades de teatro, de música, de danza e outras actividades artísticas e literarias	4.353	4.468	4255
91 Actividades das bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	186	209	244

Fonte: Sistema de Contas Integrado das Empresas 2011. INE - Instituto Nacional de Estatística


Pero o panorama das ICC resulta contrario a esta tendencia global, pois rexistra un incremento do 1,67 % no referido período, o que na actual conxuntura económica merece unha especial atención. Así, e de acordo cos datos recollidos, **en 2009 un total de 43 355 persoas traballaban no sector das industrias culturais e creativas no Norte de Portugal, o que se traduce nun peso do 3,55 % sobre o persoal ao servizo na rexión**<sup>58</sup>.

<sup>57</sup> De acordo coa terminoloxía do INE, persoas que, no período de referencia, participaron na actividade da empresa/institución, calquera que teña sido a duración desa participación, nas seguintes condicións: a) persoal ligado á empresa/institución por un contrato de traballo, recibindo en contrapartida unha remuneración; b) persoal ligado á empresa/institución que, por non estar vinculado por un contrato de traballo, non recibe unha remuneración regular polo tempo traballado ou traballo ofrecido (p. ex.: propietarios-xerentes, familiares non remunerados, membros activos de cooperativas); c) persoal con vínculo a outras empresas/institucións que traballaran na empresa/institución, sendo por esta directamente remunerados; d) persoas nas condicións das liñas anteriores, temporalmente ausentes por un período igual ou inferior a un mes por vacacións, conflitos de traballo, formación profesional, así como por doenza e accidente de traballo.

<sup>58</sup> Persoal ao servizo son as persoas que, no período de referencia, participaron na actividade da empresa/institución, calquera que teña sido a duración desa participación, nas seguintes condicións: a) persoal ligado á empresa/institución por un contrato de traballo, que recibe en contrapartida unha remuneración; b) persoal ligado á empresa/institución

No comentado respecto á distribución do persoal ao servizo das ICC no Norte de Portugal, o maior peso corresponde ás Actividades de arquitectura, de enxeñería e técnicas afíns, co 35,31 %, seguidas do Comercio polo miúdo de bens culturais e recreativos, en establecementos especializados (14,96 %) e, con valores moi próximos, da Impresión e actividades dos servizos relacionados coa impresión (14,72 %). A Reprodución de soportes gravados e as Actividades de televisión son, segundo os datos recollidos, as actividades de menor peso no que respecta ao persoal ao seu servizo, con 0,06 % e 0,16 % respectivamente.

Gráfico 159. Distribución do persoal ao servizo das ICC do Norte de Portugal segundo a actividade principal. 2009



A variación do persoal ao servizo en cada un dos códigos de actividade para o período 2007-2009 é bastante dispar. O grupo que máis crece é o das Actividades de procesamento de datos, domiciliación de información e actividades relacionadas; portais web, que pasa de 172 a 522, o que supón un incremento do 203,49 %. Outra das actividades que revela un crecemento significativo é a Edición de programas informáticos, cuxo aumento vai de 825 a 1298 (57,33 % de variación). A continuación están as Actividades de deseño que crecen de 732 a 1072, o que representa unha subida de 46,45 %. A pesar da evolución favorable deste sector, que, como se viu, discorre contraria á tendencia global na rexión, obsérvase que existen, en sentido oposto, actividades cuxo número de persoal ao seu servizo diminuíu, como é o caso das Actividades de gravación de son e de edición de música, que pasaron de 432 a 245 (-43,29 %), e a Edición de libros, de xornais e doutras publicacións, cunha caída de 3253 a 2552 (-21,55 %).

Desde outra óptica, e **de acordo coa clasificación de cada unha das actividades segundo o modelo dos tres círculos, é o correspondente ás industrias culturais o que ten un maior número de persoal ao seu servizo, con cerca de 46,86 % traballadores das ICC do Norte de Portugal.** As actividades creativas representan

---

que, por non estar vinculado por un contrato de traballo, non recibe unha remuneración regular polo tempo traballado ou traballo ofrecido (p. ex.: propietarios-xerentes, familiares non remunerados, membros activos de cooperativas); c) persoal con vínculo a outras empresas/institucións que traballara na empresa/institución, e que fore directamente remunerado por esta; d) persoas nas condicións das liñas anteriores, temporalmente ausentes por un período igual ou inferior a un mes por vacacións, conflito de traballo, formación profesional, así como por doenza e accidente de traballo. Non son consideradas como persoal ao servizo as persoas que: i) se encontran nas condicións descritas nas liñas a), b), e c) e estean temporalmente ausentes por un período superior a un mes; ii) os traballadores con vínculo coa empresa/institución deslocalizados para outras empresas/institucións, e directamente remunerados nesas; iii) os traballadores da empresa/institución cuxa remuneración é soportada por outras empresas/institucións (p. ex.: traballadores temporais); iv) os traballadores independentes (p. ex.: prestadores de servizos, tamén designados 'recibos verdes').

aproximadamente o 38,98 % e as Core Arts o restante 14,16 %, no que respecta a este indicador.



## 5.4 OS DATOS ECONÓMICOS DA ARQUITECTURA NO NORTE DE PORTUGAL

No apartado que segue, dedicado á arquitectura como parte integrante das industrias culturais e creativas do Norte de Portugal, está recollida a información a partir da clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo de acordo á súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CAE na base de datos BvD SABI e para as actividades principais, posteriormente depurada para eliminar os axentes máis vinculados a servizos de arquitectura técnica, a promoción e xestión inmobiliaria ou a construción, a topografía ou a medición ou aquelas outras actividades exentas de compoñentes creativos ou non relacionadas coa arquitectura.

Para o desenvolvemento da análise exposta a continuación, as actividades seleccionadas responden ao código 71.11 de Actividades de arquitectura, que se enmarcarían no círculo correspondente a actividades creativas e na fase de creación.

Gráfico 160. Distribución por NUT II das empresas de servizos de arquitectura no Norte de Portugal. 2009





Gráfico 161. Distribución das empresas de arquitectura do Norte de Portugal segundo o ano de constitución



Así pois, a partir dos datos extraídos da explotación estatística desta base de datos, resulta que no Norte de Portugal hai no ano 2009 un total de 673 axentes relacionados coa prestación de servizos técnicos de arquitectura. Considerando que en 2006 había 532 empresas, isto supón un crecemento do tecido empresarial nesta rama de actividade do 26,5 % para o período 2006-2009.

A NUT III de Grande Porto resulta ser a localización escollida polo 65 % das empresas dedicadas á arquitectura no Norte de Portugal. Para o resto da rexión o tecido está bastante disperso, e só cabe mencionar o 9 % de Ave, o 8 % de Cávado ou o 5 % de Támega, co resto das demarcacións con pesos relativos iguais ou inferiores ao 4 %.

En canto á data media de constitución destas empresas, o 2001 é o ano medio de inicio de actividade. O 60 % do tecido empresarial dedicado á arquitectura no Norte de Portugal xorde con posterioridade ao ano 2000, e só o 1,34 % das empresas son anteriores a 1980. Afondando nestes datos, cómpre comentar que entre 2006 e 2009 o incremento no número de empresas de arquitectura no Norte de Portugal é do 26,5 %.

Como introdución á análise desenvolvida a continuación, ofrécese un avance das principais magnitudes das actividades de arquitectura no Norte de Portugal para os anos 2006 e 2009. Apréciase nela un crecemento no volume de ingresos e de emprego próximo ao 40 %, un incremento no número de axentes que desenvolven actividade nesta rama e unha contracción nos resultados antes de impostos que, en calquera caso, seguen a ser positivos.

Táboa 111. Principais magnitudes das empresas de arquitectura no Norte de Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Arquitectura	64.977.653	89.303.640	37,44%	6.738.594	5.946.655	-11,75%
	Emprego			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Arquitectura	1.086	1.521	40,06%	532	673	26,50%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se vén facendo para outros sectores das ICC, para a estimación do volume de negocio e do emprego dos servizos técnicos de arquitectura en Portugal, e partindo dos datos do Rexistro Comercial recompilados pola empresa Bureau Van Dijk (BvD SABI), considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo, co obxecto de permitir establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>59</sup>.

#### 5.4.1 O volume de negocio dos servizos de arquitectura no Norte de Portugal

As actividades de arquitectura no Norte de Portugal foron quen de xerar en 2009 un volume de negocio total de 89,3 millóns de euros, o que representa unha caída do - 3,53 % en relación co ano anterior.

Táboa 112. Evolución da facturación das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	64.977.653	76.873.233	92.572.540	89.303.640
Facturación por empregado	96.549,26	114.224,71	137.552,07	132.694,86
Facturación por empresa	133.424,34	138.012,99	152.508,30	141.751,81

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Aínda que non se dispón de datos anteriores a 2006, é posible comprobar como os servizos de arquitectura viñan experimentando un forte crecemento nestes últimos

<sup>59</sup> Finalmente foron estimados datos de facturación e emprego para 57 empresas, partindo dos datos do exercicio 2008.

anos da man da burbulla inmobiliaria, alcanzando o seu punto de inflexión en 2008 con 92,6 millóns de euros, e inician a partir dese punto unha tendencia decrecente.

No que se refire á facturación media por empresa, cómpre sinalar que, ao igual que pasa co volume total de negocio, esta se incrementa no período estudado ata o ano 2008, no que alcanza un valor de 0,153 millóns de euros. A partir dese ano prodúcese un cambio de tendencia e pasa a mostrar taxas de crecemento negativas, ao situarse en 0,142 millóns de euros en 2009.

Gráfico 162. Evolución da facturación das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 163. Evolución da facturación por empresa e por empregado das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009



A facturación por empregado destas actividades segue unha tendencia similar á do resto das variables relacionadas cos ingresos de explotación para estes catro últimos anos, ao pasar de case 0,096 millóns de euros en 2006 a 0,137 millóns en 2008 e posteriormente 0,133 en 2009. Esta evolución dos valores está relacionada co descenso (aínda que leve) no volume de facturación das empresas e o crecemento no volume de emprego xerado, como se verá a continuación.

#### 5.4.2 O resultado de explotación dos servizos técnicos de arquitectura no Norte de Portugal

O resultado global antes de impostos das empresas portuguesas do Norte de servizos técnicos de arquitectura foi no exercicio 2009 de 5,9 millóns de euros, o que representa unha caída do -43,68 % con respecto ao ano anterior e confirma o cambio de tendencia nas variables económicas que xa se comentou no apartado anterior. De feito, o máximo no resultado global destas empresas ten lugar no ano 2008 con 10,6 millóns de euros de ganancias.

Táboa 113. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de arquitectura da rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	6.738.594	8.931.181	10.559.587	5.946.655
Resultado por empregado	6.204,97	6.934,15	7.307,67	3.909,70
Resultado por empresa	13.291,11	15.505,52	16.708,21	10.062,02

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras de beneficio agregado dan como media en 2009 un resultado de 0,010 millóns de euros por empresa, que neste caso resulta manifestamente inferior aos correspondentes aos anos 2008 e 2007 e incluso 2006, como se recolle na táboa que se achega.

O resultado por empregado nos servizos técnicos de arquitectura evidencia nos catro últimos anos un crecemento ata 2008 (segundo unha traxectoria do mesmo signo que para o resultado global) e descende bruscamente en 2009. Novamente a caída nos valores desta variable está claramente relacionada co descenso no resultado total antes de impostos e co incremento no número de traballadores para estas actividades. O dato de beneficio antes de impostos por empregado para 2009 ascende a case 4000 euros. Pero a lectura destes datos non debe obviar a complicada situación económica pola que están a pasar todas as empresas que desenvolven actividade ao redor do sector da construción, como é o caso que nos ocupa, pola forte caída na promoción, venda e construción de vivendas e polo importante descenso na contratación por parte da Administración.

Gráfico 164. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 165. Evolución do resultado por empresa e a resultado por empregado das empresas de arquitectura. 2006-2009



Como se advirte nos datos recollidos na táboa que se achega coas variables financeiras, a rendibilidade económica das empresas dedicadas aos servizos técnicos de arquitectura experimenta unha importante deterioración no período 2006-2009, ao pasar de -1,92 % en 2006 a -9,02 % en 2009, valores que reforzan os comentarios anteriores sobre a mala situación de todas as actividades vinculadas co sector da construción.

Táboa 114. Evolución das variables financeiras da arquitectura no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	70.452	71.637	74.892	77.251
Activo total medio	185.105	193.218	197.800	201.434
Resultado por empresa	13.291,11	15.505,52	16.708,21	10.062,02
Rendibilidade económica media	-1,92%	-1,70%	-294,35%	-9,02%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

De feito, aínda que tanto o activo total medio como os fondos propios medios manteñen valores crecentes ao longo de todo o período, o resultado medio si experimenta un franco retroceso, deteriorando de xeito importante os valores da rendibilidade (que resulta do cociente entre o resultado antes de impostos e o activo total).

Para rematar, cómpre realizar un último comentario sobre o capital social medio destas compañías, que no momento da súa constitución ascende a 9100 euros por empresa, e que se eleva a 13 700 en 2009.

### 5.4.3 O emprego na arquitectura no Norte de Portugal

Os servizos técnicos de arquitectura xeraron no Norte de Portugal no ano 2009 arredor de 1500 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un incremento do 5,26 % sobre o ano anterior.

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nos servizos técnicos de arquitectura no norte luso é crecente de 2006 a 2009, e pasa de 1086 traballadores no ano 2006 a 1521 en 2009.

En 2009, último ano dispoñible en canto a estes datos, aínda que o volume global de emprego é superior ao do ano anterior (1521 traballadores de acordo coas estimacións levadas a cabo), a taxa de crecemento desta variable redúcese, minorando o ritmo de crecemento.

Táboa 115. Evolución do emprego das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	1.086	1.288	1.445	1.521
Cadro medio	2,52	2,51	2,59	2,63

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Isto supón xa de por si unha tendencia en termos de emprego distinta á que demostran o volume de negocio ou o resultado contable, que teñen en 2008 o punto de inflexión. A partir dese ano inician o descenso, o que parece indicar que o emprego leva, polo menos, un ano de atraso en canto á caída da actividade<sup>60</sup>.

Ademais, o cadro medio destas empresas experimenta unha moi leve variación negativa en 2007, pero mantén, en xeral, unha tendencia crecente, propiciada polas taxas positivas de variación do volume de emprego e por ser esta superior á da creación de novas empresas neste eido.

A táboa seguinte mostra as principais magnitudes dos servizos técnicos de arquitectura entre os anos 2006 e 2009. Nela apréciase a tendencia crecente de moitas das variables ata 2008, onde se produce un punto de inflexión e unha leve caída dos valores.

<sup>60</sup> Cabe mencionar que, aínda que non fose posible recoller información cuantitativa que o demostre, o sector da arquitectura presenta un elevado número de empresarios individuais e traballadores independentes cuxo impacto económico non é posible calcular a través das bases de datos consultadas.

Gráfico 166. Evolución do emprego equivalente a tempo completo nas empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 167. Evolución do cadro medio das empresas de arquitectura no Norte de Portugal. 2006-2009



Seguidamente, recóllese as principais magnitudes dos servizos técnicos de arquitectura no Norte de Portugal para o ano 2009. Neste caso, ofrécese unha visión estática dos servizos técnicos de arquitectura para o último ano dispoñible. Deseguido, inclúese unha táboa coa evolución das principais variables económicas e financeiras para estas empresas no intervalo 2006-2009.

Táboa 116. Principais magnitudes das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Arquitectura	89.303.640,00	5.946.655,00	1.521	673	141.751,81	58.713,77	10.062,02	3.909,70	2,63
Total	89.303.640,00	5.946.655,00	1.521	673	141.751,81	58.713,77	10.062,02	3.909,70	2,63

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 117. Principais magnitudes das empresas de arquitectura do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	64.977.653	76.873.233	92.572.540	89.303.640
Resultado total	6.738.594	8.931.181	10.559.587	5.946.655
Emprego total	1.086	1.288	1.445	1.521
Fondos propios medios	70.452	71.637	74.892	77.251
Activo total medio	185.105	193.218	197.800	201.434
Rendibilidade económica media	-1,92%	-1,70%	-294,35%	-9,02%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.5 OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES ESCÉNICAS NO NORTE DE PORTUGAL

Para o estudo da situación económica e financeira das empresas de artes escénicas no Norte de Portugal, e seguindo a metodoloxía empregada xa noutros sectores e na parte galega, creouse unha completa base de datos de axentes do sector, tanto empresas como institucións, que recolle a información do Rexistro Comercial (Depósito da Prestación de Contas e IES-Información Empresarial Simplificada), a través da información da DvD SABI.

Os códigos CAE considerados foron o 90010 de Artes escénicas e 90020 de Actividades auxiliares das artes escénicas, o 90030 de Creación artística e literaria na súa vertente interpretativa e de escritura de pezas teatrais, e a 90040 de Explotación de salas de espectáculos e actividades conexas. Todas elas inclúense dentro do círculo de Core Arts, e corresponden ás fases de creación, salvo a última delas, que sería de comercialización.

A partir da explotación estatística da base de datos, no Norte de Portugal hai no ano 2009 un número aproximado de 96 axentes que desenvolven actividade nas artes escénicas. Destas, case tres cuartos (70 %) dedícanse ás actividades de apoio, o 14 % ao ensino relacionado coas artes escénicas, o 6 % á danza, o 4 % á xestión de salas e espazos de exhibición e só o 1 % ao circo.

Gráfico 168. Distribución dos axentes das artes escénicas no Norte de Portugal segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 169. Distribución por NUT III dos axentes das artes escénicas do Norte de Portugal. 2009



A elevada presenza de empresas que prestan servizos auxiliares neste sector pode indicar problemas na clasificación destas a partir do seu código de actividade, xa que este inclúe empresas prestadoras de servizos de produción de actos diversos non exclusivamente ligados ás artes escénicas. Por outra banda, resulta rechamante a escaseza de axentes dedicados á representación teatral, e non se conta na mostra con empresa ningunha que opere no eido da maxia, dos monicreques ou do circo. Isto é debido a que a gran maioría dos axentes que desenvolven actividade neste eido o



fan baixo a forma de asociacións e outras formas de sociedades non mercantís, polo que non se dispón de datos deles<sup>61</sup>.

Como xa vén sendo habitual nas ICC do Norte de Portugal, a NUT III correspondente a Grande Porto acolle o 68 % dos axentes da mostra, e xa afastados estarían Cávado (8 %), Entre Douro e Vouga (6 %) e Douro (5 %). O resto das divisións administrativas consideradas no estudo non alcanza en ningún caso o 5 % de peso relativo.

A data media de constitución das empresas de artes escénicas da mostra é 2001 (efecto posiblemente inducido pola realización da Porto 2001: Capital Europea da Cultura) e o 68,75 % destas creouse despois do ano 2000. En 2006 eran 68 as empresas que operaban nestas ramas no Norte portugués.

Deseguido expónse máis polo miúdo a situación das artes escénicas no Norte de Portugal desde o punto de vista económico.

Táboa 118. Principais magnitudes das artes escénicas do Norte de Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	9.611.817	16.159.998	68,13%	-91.180	-234.102	-156,75%
Actividades auxiliares	8.435.533	13.788.860	63,46%	-67.754	386.288	-
Asociacións e institucións	315.570	756.344	139,68%	-152.609	-698.581	-357,76%
Danza	71.708	193.858	170,34%	-4.682	-2.117	54,78%
Ensino relacionado	299.037	605.208	102,39%	12.147	-14.189	-
Espazos de exhibición	489.969	815.728	66,49%	121.718	94.497	22,36%
	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	237	405	70,89%	68	96	41,18%
Actividades auxiliares	76	157	106,58%	48	67	39,58%
Asociacións e institucións	117	89	-23,93%	5	5	0,00%
Danza	4	8	100,00%	3	6	100,00%
Ensino relacionado	12	23	91,67%	8	13	62,50%
Espazos de exhibición	28	128	357,14%	3	5	66,67%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Como se vén facendo para outros sectores das industrias culturais e creativas, para a estimación do volume de negocio e do emprego das artes escénicas no Norte de Portugal, e partindo dos datos do Rexistro Comercial, vía BvD SABI, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2007, pero aínda non para 2008, tanto o volume de negocio como o emprego ía ter un

<sup>61</sup> En Portugal as asociacións, cooperativas, fundacións, entre outros, son entidades non suxeitas a rexistro de prestación de contas. Datos do INE (Estatísticas da Cultura 2009) apuntan, para a NUT II Norte, a existencia de 2958 axentes co CAE 90010 Artes escénicas, 40 co código 90020 Actividades auxiliares das artes escénicas e 18 coa clasificación 90040 de Explotación de salas de espectáculos e actividades conexas. Os axentes co CAE 90030 de Creación artística e literaria ascenden a 1009.

crecemento nulo. Isto permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos<sup>62</sup>.

### 5.5.1 O volume de negocio das artes escénicas

A actividade empresarial vinculada ás artes escénicas xerou en 2009 no Norte de Portugal un volume de negocio total de 16,2 millóns de euros<sup>63</sup>, o que representa unha variación do 8,95 % sobre o ano anterior. Os datos recollidos na táboa, e que corresponden a o intervalo 2006-2009, deixan ver un importante crecemento da facturación nestas actividades, que inclúen o teatro, a danza, o circo ou os monicreques. Ademais, a variación dos ingresos no intervalo 2006-2009 ascende ao 68,13 %.

Táboa 119. Evolución da facturación das empresas de artes escénicas do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	9.611.817	11.324.244	14.832.840	16.159.998
Facturación por empregado	40.556,19	40.588,69	39.449,04	39.901,23
Facturación por empresa	192.236,34	174.219,14	197.771,20	194.698,77

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

En 2009 o incremento do volume de ingresos é máis modesto que no bienio anterior. Esta minoración da taxa de variación do volume de negocio destas empresas podería derivarse da actual conxuntura económica e o consecuente descenso na renda dispoñible da poboación, que repercute nun menor gasto dedicado ao lecer.

Gráfico 170. Evolución da facturación das artes escénicas do Norte de Portugal. 2009




Gráfico 171. Distribución das distintas actividades na facturación das artes escénicas no Norte de Portugal. 2009




A distribución da facturación por actividade principal apunta de novo ás actividades auxiliares e de apoio (montaxe, escenografía, loxística, iluminación, son, organización de actos etc.) como a actividade capaz de xerar máis volume de negocio, co 85 % do importe facturado. Resulta relevante a pouca importancia relativa dos monicreques,

<sup>62</sup> En total son sete as empresas para as que se estimaron os datos de facturación e emprego para o exercicio 2009 partindo dos datos do ano anterior.

<sup>63</sup> O INE (*Estatísticas da Cultura 2009*) apunta un total de ingresos, neste sector e territorio, de 61,7 millóns de euros.

circo, danza ou maxia con respecto á facturación, aínda que cabe salienta a dificultade para dispoñer de datos económicos destas empresas, que moitas veces desenvolven a súa actividade baixo a forma xurídica de empresario autónomo ou de sociedade non mercantil, circunstancia esta que non permite concederlles a importancia que poderían ter realmente. No ano 2006 o peso das actividades auxiliares era aínda superior, cun 88 % do volume total de negocio.

Gráfico 172. Evolución da facturación por empresa e por empregado nas artes escénicas do Norte de Portugal. 2009



Estes diferentes pesos conducen a diferenzas na facturación media das empresas. De feito, a facturación por empresa máis elevada corresponde aos espazos de exhibición, con 0,271 millóns, seguidos polas actividades auxiliares, con 0,238 millóns.

A facturación por empregado pasa de 40 556 euros en 2006 a 39 900 en 2009, o que supón unha estabilidade nesta variable, que rolda nos catro anos estudados os 40 000 euros.

### 5.5.2 O resultado de explotación das empresas de artes escénicas

O beneficio antes de impostos das empresas do Norte de Portugal nas artes escénicas foi no exercicio 2009 de -0,234 millóns de euros, o que representa unha variación do 96,41 % con respecto ao ano anterior e supón unha importante melloría dos resultados antes de impostos que, aínda sendo de signo negativo, reducen a contía das perdas.

Se a taxa de crecemento se calcula para o período 2006-2009, o valor da taxa de variación ascende ao -156,75 %, nun proceso de deterioración progresiva que se ve minorada no último ano do período.

Táboa 120. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de artes escénicas no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	-91.180	-3.069.105	-6.514.176	-234.102
Resultado por empregado	-384,73	-11.000,38	-17.324,94	-578,03
Resultado por empresa	-1.519,67	-44.479,78	-74.024,73	-2.926,28


Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A distribución do beneficio antes de impostos das artes escénicas no Norte de Portugal revela un peso relativo importante para as actividades auxiliares, que logran un resultado de 386 300 euros. A seguinte das ramas sería a correspondente aos espazos de exhibición e salas de espectáculos, con 94 500 euros. O maior volume de perdas corresponde ás asociacións e institucións relacionadas co sector, con case -700 000 euros.

Estas cifras de resultado agregado dan como media unhas perdas de -3000 euros por empresa, que neste caso resultan menos avultadas que as do ano 2008, cando ascendían a -74 000 euros. A melloría para este cociente tería a súa orixe nunha mellora no resultado de maior magnitude que a taxa de creación de empresas para ese mesmo período.

Gráfico 173. Evolución do resultado antes de impostos dentro das artes escénicas no Norte de Portugal. 2006-2009



Novamente é conveniente facer a lectura destes datos considerando a complicada situación económica pola que están a pasar as empresas no país luso nos últimos anos, a contracción do gasto público dedicado á cultura e o menor gasto das familias en actividades de lecer. É importante tamén apuntar que, da mostra estudada, as asociacións e institucións relacionadas co sector están constituídas, na súa maioría, por empresas públicas e municipais. Por este motivo, o volume de perda mencionado pode ser xustificado polo feito de que estas non contan con ingresos que cubran os seus custos operacionais e dependen case en exclusiva do financiamento público, que está a sufrir recortes orzamentarios nos últimos anos do período obxecto de análise.

Deseguido coméntanse os índices financeiros das empresas de artes escénicas no Norte de Portugal no intervalo 2006-2009.

Táboa 121. Evolución das variables financeiras das empresas de artes escénicas no Norte de Portugal. 2005-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios	497.251	309.226	240.309	239.937
Activo total	63.216	65.102	2.993	7.915
Resultado por empresa	-1.519,67	-44.479,78	-74.024,73	-2.926,28
Rendibilidade económica	-14,39%	-8,53%	-14,54%	-7,65%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Os fondos propios medios destas empresas descenderon entre 2006 e 2009, pasando de 497 251 euros en 2006 a 239 937 en 2009. Nesta mesma liña estaría a tendencia do activo total, que crece de 2006 a 2007, para caer seguidamente en 2008 e subir de novo en 2009. O resultado por empresa descende entre 2006 e 2008 de xeito importante para despois reducir o volume das perdas en 2009 e alcanzar o valor de -3000 euros.

Pola contra, a rendibilidade adopta valores negativos en todo o período 2006-2009, aínda que mostra unha variabilidade entre exercicios importante, alternando melloras e caídas. Finalmente en 2009 a rendibilidade económica das empresas de artes escénicas é do -7,65 %.

O capital social en 2009 é de 64 600 euros en termos medios.

### 5.5.3 O emprego das artes escénicas

As artes escénicas xeraron en 2009 no Norte de Portugal arredor de 405 postos de traballo en equivalente a tempo completo<sup>64</sup>, o que representa un crecemento do 7,71 % sobre o ano anterior e achega datos sobre a capacidade desta rama de actividade na xeración de emprego, como o resto das ICC no Norte de Portugal.

Táboa 122. Evolución do volume de emprego das empresas de artes escénicas no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	237	279	376	405
Cadro medio	4,84	4,81	5,61	5,26

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas artes escénicas no norte luso é claramente crecente nos últimos catro anos, e pasa de 237 traballadores no ano 2006 a 405 en 2009, o que ofrece unha taxa de crecemento do 70,89 % nese intervalo.

Tal e como acontece noutras actividades incluídas dentro das ICC, trátase dun sector no que o índice de temporalidade no emprego é elevado, pois está moi vinculado ás producións ou á celebración de actos ou as tempadas e as xiras, aínda que é importante comentar que o movemento de contratacións laborais deste sector é elevado, por ser unha actividade intensiva en persoal na parte interpretativa e de produción.

En canto á distribución por actividade do peso relativo no emprego total das artes escénicas, en 2008 a rama que alcanza unha maior participación no total é a de actividades auxiliares e de apoio, co 39 % dos empregos xerados nese ano (32 % en 2006), seguida pola xestión de espazos de exhibición e de salas, co 31 % (no 2006 só representaba o 12 %) e as asociacións e institucións relacionadas co sector co 22 % (49 % en 2006).

<sup>64</sup>Datos do INE (Estatísticas da Cultura 2009) estiman en 4353 as persoas ao servizo destas actividades na NUT II Norte.

Gráfico 174. Evolución do emprego nas artes escénicas no Norte de Portugal. 2005-2009





Gráfico 175. Distribución das distintas actividades dentro da emprego das artes escénicas no Norte de Portugal. 2009



O cadro medio destas empresas pasa de 4,84 empregados en 2006 a 5,26 en 2009, o que supón unha variación moi leve en termos absolutos. Ademais constitúe un cadro medio reducido, en comparación coa maior parte dos sectores comprendidos nas ICC en Galicia, posiblemente vinculado á reducida profesionalización destas actividades e o elevado nivel de temporalidade destas.

Táboa 123. Principais magnitudes das empresas de artes escénicas do Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	16.159.998,00	-234.102,00	405	96	194.698,77	39.901,23	-2.926,28	-578,03	5,26
Actividades auxiliares	13.788.860,00	386.288,00	157	67	237.738,97	87.827,13	7.023,42	2.460,43	2,91
Asociacións e institucións	756.344,00	-698.581,00	89	5	189.086,00	8.498,25	-139.716,20	-7.849,22	22,25
Danza	193.858,00	-2.117,00	8	6	32.309,67	24.232,25	-352,83	-264,63	1,60
Ensino relacionado	605.208,00	-14.189,00	23	13	50.434,00	26.313,39	-1.182,42	-616,91	2,30
Espazos de exhibición	815.728,00	94.497,00	128	5	271.909,33	6.372,88	47.248,50	738,26	32,00

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 124. Principais magnitudes das empresas de artes escénicas do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	9.611.817	11.324.244	14.832.840	16.159.998
Resultado total	-91.180	-3.069.105	-6.514.176	-234.102
Emprego total	237	279	376	405
Fondos propios medios	63.216	65.102	2.993	7.915
Activo total medio	497.251	309.226	240.309	239.937
Rendibilidade económica media	-14,39%	-8,53%	-14,54%	-7,65%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.6 OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES PLÁSTICAS NO NORTE DE PORTUGAL

Para o desenvolvemento desta parte do traballo correspondente ás artes plásticas no Norte de Portugal, a epígrafe considerada do CAE é a 9003 de Creación artística e literaria, onde estarían os creadores de artes plásticas como a pintura ou a escultura. A maiores inclúense datos sobre galerías de arte e entidades dedicadas á intermediación na venda de arte que se localizaron operando noutros códigos, pero das que se dispoñía de información. En calquera dos casos, estas actividades corresponden á fase de creación e ao círculo de Core Arts.

No caso portugués, e a diferenza da análise desenvolvida para o lado galego, están incluídas na base de datos que conforma a mostra do estudo algunhas empresas dedicadas a tarefas de conservación e restauración de obras de arte, que en Galicia foron consideradas como parte do sector de museos, arquivos, bibliotecas e xestión do patrimonio histórico. Isto explicaría en parte as diferenzas en canto ao volume de ingresos e de emprego deste sector e ao peso relativo dentro das ICC aos dous lados do Miño.

Para a análise da base de datos, as categorías de actividade empregadas son as de galerías de arte, pintura, escultura, ensino relacionado coas artes plásticas, actividades auxiliares e asociacións e institucións relacionadas co sector.

En total son 33 os axentes localizados a partir das fontes de información empregadas neste estudo que operan no eido das artes plásticas no Norte de Portugal, dos cales 22 xa o facían en 2006. O 33,3 % das empresas estaban operativas xa no ano 2000. Afondando nestes datos, o ano de constitución destas é, en termos medios, o 2003, e o incremento entre 2006 e 2009 do tecido empresarial deste sector foi do 50 %.

Gráfico 176. Distribución das empresas das artes plásticas no Norte de Portugal segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 177. Distribución por NUTS III das empresas do Norte de Portugal de Artes Plásticas. 2009



Para este sector é a NUT III de Grande Porto a que conta con maior presenza de empresas nas artes plásticas (co 52 % do total), e Cávado é sede doutro 18 %. Na análise por cidade, Porto acolle doce destas compañías, Braga cinco e Viana do Castelo tres.

Por outra parte, as actividades auxiliares, referidas ás de restauración e conservación de obras de arte, loxística etc. representan o 70 % das empresas, seguidas das



galerías de arte, dedicadas á comercialización e intermediación entre artistas e compradores, que supoñen o 15 % dos axentes que operan no sector.

A pesar, pois, das carencias da mostra empregada para o estudo no caso deste sector de actividade e das peculiaridades desta, expónse seguidamente a situación das artes plásticas no Norte de Portugal desde o punto de vista económico. Como xa se comentou, hai actividades que, aínda que foron clasificadas baixo a categoría de artes plásticas por estar relacionadas coa restauración e conservación de obras de arte, ben puideran ter cabida na que se verá máis adiante de bibliotecas, museos, arquivos e xestión do patrimonio. Por outro lado, a mostra identificada de galerías de arte é bastante inferior ao verificado na realidade<sup>65</sup> o que, unha vez máis, evidencia problemas na clasificación das empresas a partir do seu código de actividade.

Cómpre comentar que a recesión económica mundial afecta ao mercado das artes tamén en Portugal, aínda que moitos dos datos ofrecidos correspondan a momentos e anos de maior normalidade e estabilidade económica.

Táboa 125. Principais magnitudes de artes plásticas do Norte de Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	3.097.633	5.582.331	80,21%	53.898	91.656	70,05%
Actividades auxiliares	2.722.281	4.238.729	55,71%	70.886	158.775	123,99%
Asociacións e institucións	n.d.	8.584,00	n.d.	n.d.	-18.241	n.d.
Escultura	560,00	12.879,00	2199,82%	-7.686,00	-9.587,00	-24,73%
Galerías de arte	47.839,00	224.269,00	368,80%	12.937	84.038	549,59%
Pintura	326.953,00	1.097.870,00	235,79%	-22.239	-123.329	-454,56%
	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	53	93	75,47%	22	33	50,00%
Actividades auxiliares	44	82	86,36%	15	23	53,33%
Asociacións e institucións	n.d.	1	n.d.	n.d.	1	n.d.
Escultura	2	2	0,00%	1	2	100,00%
Galerías de arte	2	3	50,00%	2	2	0,00%
Pintura	5	5	0,00%	4	5	25,00%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Neste, como noutros casos, para a estimación do volume de negocio e do emprego das artes plásticas no Norte de Portugal pártese dos datos do Rexistro Comercial (Depósito da Prestación de Contas e Información Empresarial Simplificada) adquiridos a través da base de datos DvD SABI. Para os casos en que houbera dispoñibilidade de información para 2008, pero aínda non para 2009, e co obxecto de poder dar un avance dos datos deste último exercicio, considerouse que tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo, e adxudicouse o valor destas variables

<sup>65</sup> Datos do INE (*Estatísticas da Cultura - 2009*) apuntan cara a existencia, en 2009, de 350 galerías de arte e outros espazos similares, baixo a forma xurídica de persoa singular ou colectiva con fin lucrativo, na NUT II Norte. A mesma publicación indica, neste capítulo e rexión, a existencia de 17 galerías comerciais e outros 22 espazos de exposición con fins lucrativos.

no ano anterior, o que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos<sup>66</sup>.

### 5.6.1 O volume de negocio nas artes plásticas no Norte de Portugal

A actividade empresarial vinculada ás artes plásticas xerou en 2009 no Norte de Portugal un volume de negocio total de 5,6 millóns de euros, datos que revelan un incremento do 11 % sobre o exercicio anterior.

A pesar de que a escaseza de datos nesta rama de actividade e a curta serie temporal non permiten extraer demasiadas conclusións, e considerando que unha soa empresa é responsable de case a metade do volume de negocio xerado, é posible apreciar unha suave tendencia ascendente na importancia económica que as artes plásticas alcanzan nestes últimos anos, cun crecemento do 11 % no bienio.

Táboa 126. Evolución da facturación das empresas de artes plásticas do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	3.097.633	5.035.498	5.037.012	5.582.331
Facturación por empregado	58.446	76.295	61.427	60.025
Facturación por empresa	163.033	239.786	193.731	192.494

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

No que se refire á repartición dos pesos relativos de cada actividade no total dos ingresos deste sector, a maior porcentaxe deles corresponden ás actividades auxiliares, que inclúen restauración, conservación, mantemento, talleres de arte etc., co 76 % da facturación. Cun peso menor estarían as actividades de intermediación na adquisición da arte, recollidas baixo a categoría de galerías de arte, co 20 %. Cun valor xa menor atoparíase a escultura, co 4 %.

Gráfico 178. Evolución da facturación das artes plásticas no Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 179. Distribución do peso das actividades na facturación das artes plásticas no Norte de Portugal 2009



Pero estes pesos relativos mudaron nestes catro anos, coa progresiva perda de importancia das actividades de restauración e conservación a favor das de intermediación e de tipo comercial.

<sup>66</sup> Finalmente foron estimados os datos de facturación e emprego para o exercicio 2009 dunha empresa.

A facturación por empregado presenta unha traxectoria decrecente, ao pasar de 58 500 euros en 2006 a 76 300 en 2007 e caer despois hasta 60 000 en 2009. En canto á facturación por empresa, segue unha tendencia similar á da anterior variable, subindo en 2007 e caendo nos dous anos seguintes, para presentar un valor de 192 500 euros en 2009. A facturación por empresa máis elevada dáse na rama de galerías de arte, cun valor de case o triplo da media sectorial.

### 5.6.2 O resultado antes de impostos nas artes plásticas no Norte de Portugal

O beneficio contable antes de impostos das empresas de artes plásticas no Norte de Portugal foi no exercicio 2009 de 91 700 euros, o que supón un cambio de signo no resultado con respecto ao ano 2008 e constitúe un novo punto de inflexión na evolución de pendente negativa iniciada xa en 2007. Se a taxa de variación se calcula para o período 2006-2009, o valor ascende ao 70 % de crecemento.

Táboa 127. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de artes plásticas no Norte de Portugal. 2006-2009


	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	53.898	-73.076	-8.969	91.656
Resultado por empregado	1.017	-1.107	-109	986
Resultado por empresa	2.695	-3.045	-299	3.161

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

As denominadas como actividades auxiliares foron capaces de xerar beneficio ao longo destes catro anos, incrementando exercicio a exercicio o seu valor absoluto, ao igual que a escultura na súa vertente creadora, que aumenta de xeito importante en 2009 as súas ganancias. Pola contra, as galerías de arte incorreron en perdas nos catro últimos anos dispoñibles, e de acordo a unha traxectoria claramente ascendente.

Gráfico 180. Evolución do resultado antes de impostos das artes plásticas no Norte de Portugal. 2006-2009



As variables de resultado por empregado e por empresa debuxan na súa evolución unha liña de tendencia practicamente similar á do global. Cómpre comentar que o

resultado por empregado en 2009 é inferior ao de 2006, aínda que moi próximo en valor.

### 5.6.3 O emprego nas artes plásticas no Norte de Portugal

A pesar de que apenas se dispón de datos ao respecto que permitan facer afirmacións categóricas, as artes plásticas xeran no Norte de Portugal, ao igual que xa pasara en Galicia, pouco emprego por conta allea en equivalente a tempo completo, aínda que o colectivo de autónomos ou afeccionados que se achega a estas disciplinas sexa moito máis amplo.

De acordo coa datos anteriores, a tendencia do emprego nas artes plásticas no Norte de Portugal é crecente, ao pasar de 53 traballadores en 2006 a 93 en 2009. Isto supón un incremento do 13,5 % con respecto ao ano 2008, e confirma o bo momento das artes plásticas no norte luso.

Táboa 128. Evolución do volume de emprego das empresas de artes plásticas do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	53	66	82	93
Cadro medio	2,79	2,87	3,04	3,32

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Novamente é oportuno falar do amplo colectivo de artistas e creadores afeccionados, ou para os que este tipo de actividades non constitúe o seu principal medio de vida. Tamén é certo que con eles conviven outro grupo de creadores consolidados que fan das artes plásticas o seu medio de vida, que desenvolven a súa actividade baixo a forma de empresarios individuais ou traballadores independentes, polo que os seus datos non estarían dispoñibles na fonte utilizada no traballo, o que dificulta a súa cuantificación.

Gráfico 181. Evolución do emprego das artes plásticas no Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 182. Distribución do peso das actividades no emprego das artes plásticas no Norte de Portugal. 2009



A continuación preséntanse as principais variables económico-financeiras das artes plásticas na rexión Norte de Portugal no ano 2009 (último dispoñible) e a evolución dalgunhas das máis importantes para o intervalo 2006-2009.

Táboa 129. Principais magnitudes das empresas de artes plásticas no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	5.582.331	91.656	93	33	192.494	60.025	3.161	986	3,32
Actividades auxiliares	4.238.729	158.775	82	23	192.670	51.692	7.561	1.936	3,90
Asociacións e instituc.	8.584	-18.241	1	1	8.584	8.584	-18.241	-18.241	1,00
Ensino	12.879	-9.587	2	2	6.440	6.440	-4.794	-4.794	2,00
Escultura	224.269	84.038	3	2	112.135	74.756	42.019	28.013	1,50
Galerías de arte	1.097.870	-123.329	5	5	548.935	219.574	-41.110	-24.666	1,67

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 130. Principais magnitudes das empresas de artes plásticas no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	3.097.633,00	5.035.498,00	5.037.012,00	5.582.331,00
Resultado total	53.898,00	-73.076,00	-8.969,00	91.656,00
Emprego total	53,00	66,00	82,00	93,00
Fondos propios medios	42.106,00	112.127,16	89.650,26	91.950,10
Activo total medio	245.339,67	330.849,92	306.150,26	411.094,23
Rendibilidade económica media	-56,17%	-6,53%	-6,46%	9,22%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.7 OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL NO NORTE DE PORTUGAL

Para a análise levada a cabo no marco deste estudo para as ramas de audiovisual, e de acordo coa metodoloxía seguida xa nos apartados anteriores, as epígrafes consideradas son as que corresponden aos códigos 59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV, que inclúen Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de TV (59.120), Actividades de exhibición cinematográfica (59.110), Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo (59.130) e Actividades de produción cinematográfica e de vídeo e de programas de TV (59.110), e Actividades de programación e emisión de TV (60.200), ademais doutros axentes engadidos a maiores por estar a prestar servizo no sector, aínda que operando baixo outros códigos de actividade. Ademais destes códigos foron incorporados algúns axentes que traballan, fundamentalmente, ao redor das actividades auxiliares ou de apoio (sonorización e dobraxe, aluguer de equipos, iluminación, posproducción etc.) e algunhas dedicadas á animación que actúan baixo códigos relacionados coas TIC. Todas elas están enmarcadas no círculo de actividades culturais e corresponden, dependendo de que se trate, ás fases de produción, difusión ou comercialización.

Por outra banda, para a realización do estudo decidiuse excluír as actividades de Aluguer de vídeos e cintas de vídeo e Comercio polo miúdo de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados. En ambos os dous casos a non inclusión destas epígrafes respondería ao escaso peso que a cultura tería no desenvolvemento deste tipo de actividades.

Como nos casos anteriores, a fonte de información empregada é a do Rexistro Comercial luso (Depósito da Prestación de Contas e Información Empresarial Simplificada) a través da empresa BvD SABI por medio da cal se adquiriron estes datos.

Considerando estas actividades, no ano 2009 estaban operando no Norte de Portugal 194 empresas dentro do sector audiovisual, o que supón un incremento do 32,15 % sobre as que había en 2006. Todos os axentes dos que dispón información, e que, polo tanto, conforman a mostra empregada, son empresas baixo a forma de sociedades mercantís.

Gráfico 183. Distribución das empresas do audiovisual do Norte de Portugal por actividade. 2009





Gráfico 184. Distribución das empresas do audiovisual no Norte de Portugal por NUT III. 2009



Atendendo á distribución das empresas de acordo coa actividade principal que desenvolven (entendida como tal a que achega un maior peso no seu volume de ingresos), a categoría que mostra unha cota superior é outros servizos auxiliares (referido ao aluguer de equipos, servizos de iluminación, *casting*, guión, posproducción, montaxe etc.) co 50 % das compañías da mostra, seguido de produción de cine, vídeo

e televisión, cun 35 % do total. Xa con pesos relativos menores figuran grupos como os de exhibición de cine (7 %), distribución de cine e vídeo (6 %), animación (1 %), dobraxe e sonorización (1 %). Bótanse en falta empresas dedicadas á emisión de sinais de TV, pero en Portugal as canles televisivas son xestionadas de xeito centralizado desde Lisboa, e non contan, coma no caso galego, cunha televisión autonómica que actúe de tractora do sector, demandando tanto a xeración de contidos como a prestación de servizos auxiliares.

Desta clasificación por actividades pódese concluír que o 51 % das empresas que opera na industria audiovisual do Norte de Portugal presta servizos auxiliares, peso que non parece corresponderse coa madurez do sector. A xeración de contidos, que viría da man das empresas dedicadas á produción de cine, vídeo, TV ou de animación, representa só o 36 % do tecido empresarial, e faría referencia á verdadeira actividade cultural ou creativa. Finalmente, só o 13 % das empresas se dedica a tarefas de distribución e á exhibición cinematográfica, un peso reducido que podería deberse a que a titularidade de moitas das salas de exhibición está en mans de grupos multinacionais con domicilio social en Lisboa.

No referido á distribución xeográfica das empresas do audiovisual da rexión Norte, Grande Porto acolle seis de cada dez, seguido a distancia de Cávado, co 9 %, e Támega, co 8 %. O resto das NUTS III presenta cotas que non alcanzan o 5 %. Por localidades, Porto é a localización elixida por case o 25 % das empresas censadas, e Vilanova de Gaia, Guimarães e Braga serían, aínda que con pesos moi inferiores, as seguintes cidades con maior presenza destas.

No que refire ao ano de data de constitución dos axentes que operan neste sector, 1997 é a media para as empresas da mostra. Hai empresas traballando neste sector creadas en 1918 ou 1938, aínda que todas elas desenvolvan actividade na rama da exhibición cinematográfica. A partir dos datos das empresas das que se dispón de data de constitución, cabe concluír que na última década foron postas en marcha o 59 % delas, aínda que o 9 % xa operaba baixo esa mesma denominación antes de 1990. Trátase, pois, dun sector dinámico no que están a emerxer novas empresas, fundamentalmente vinculadas ás novas tecnoloxías, aínda que novamente se bota en falta a actividade de arrastre dunha industria de emisión de sinal de TV e unha aposta clara pola contratación de contidos autóctonos.

Coma en todos os casos anteriores, para a estimación do volume de negocio e do emprego da industria audiovisual no norte luso pártese dos datos do Rexistro Comercial adquiridos a través da base de datos BvD SABI. Nos casos en que non hai dispoñibilidade de información para 2009 pero si para 2008, e co obxecto de poder ofrecer un avance dos datos deste último exercicio, considerouse que tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo, e adxudicouse o valor destas variables para o exercicio anterior<sup>67</sup>.

A continuación preséntanse os principais datos da industria audiovisual do Norte de Portugal nos anos 2006 e 2009.

---

<sup>67</sup> As empresas para as que foron estimados os datos de 2009 de facturación e emprego ascenden a 19.



Táboa 131. Grandes magnitudes das empresas da industria do audiovisual do Norte de Portugal. 2006-2009

Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	51.246.902	49.189.631	-4,01%	1.261.403	823.907	-34,68%
Animación	50.313	163.530	225,03%	-8.456	11.752	-238,98%
Distribuidora de cine e/ou vídeo	25.281.518	26.523.115	4,91%	594.355	1.837.617	209,18%
Dobraxa e sonorización	256.498	190.305	-25,81%	17.788	1.658	-90,68%
Exhibidora de cine	1.199.090	2.982.812	148,76%	542.149	-411.374	-175,88%
Outros servizos auxiliares	18.324.018	11.958.917	-34,74%	135.899	276.017	103,10%
Produtora de cine, vídeo e TV	6.135.465	7.370.952	20,14%	-20.332	-891.763	4286,01%
Subsector	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	457	595	30,20%	97	193	98,97%
Animación	1	6	500,00%	51	2	-96,08%
Distribuidora de cine e/ou vídeo	59	63	6,78%	1	12	1100,00%
Dobraxa e sonorización	3	5	66,67%	10	1	-90,00%
Exhibidora de cine	30	81	170,00%	1	14	1300,00%
Outros servizos auxiliares	251	254	1,20%	12	96	700,00%
Produtora de cine, vídeo e TV	113	186	64,60%	22	68	209,09%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

En base a estas condicións, é posible afirmar que no ano 2009 no sector audiovisual do Norte de Portugal operaban case 200 empresas dedicadas á produción de contidos, distribución e exhibición, cunha facturación conxunta de case 50 millóns de euros e un volume de emprego próximo aos de pouco máis de 600 traballadores.

### 5.7.1 A cifra de negocios do sector audiovisual do Norte de Portugal

Como xa se avanzou no apartado anterior, a industria audiovisual do norte luso xerou en 2009 un volume de negocio total de 49,2 millóns de euros, o que representa unha variación do 6,77 % en relación co ano anterior.

Estas cifras permiten comprobar unha certa tendencia ascendente da industria audiovisual no Norte de Portugal para o período 2008-2009, aínda que a facturación de 2009 é inferior á de 2006. Ademais en 2007-2008 tivo lugar unha caída do -18,71 % no volume de ingresos.

Faise conveniente comentar o elevado índice de concentración da facturación, en tanto en canto unha empresa é capaz de xerar a metade dos ingresos da industria

audiovisual do Norte de Portugal (que ademais se dedica á distribución de cine e vídeo, polo que non achegaría actividade creativa ao sector das ICC portuguesas).

Táboa 132. Evolución da facturación das empresas do audiovisual no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	51.246.902	56.669.487	46.068.747	49.189.631
Facturación por empregado	112.138	117.816	88.086	82.672
Facturación por empresa	400.366	416.687	305.091	307.435

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O peso relativo de cada unha das categorías de actividade no total dos ingresos do sector para o ano 2009 revela novamente a importancia dos servizos auxiliares que, agrupando a facturación da dobraxe e a sonorización e doutros servizos auxiliares, representan o 25 % dos ingresos. Pero a rama que xera unha facturación maior en valor absoluto é, sen dúbida, a de distribución de cine e vídeo, cun 54 %. É nesta onde opera a empresa que, como se comentou, é quen de xerar máis da metade do volume de negocio do audiovisual no Norte de Portugal. A produción de cine, vídeo, TV ou animación alcanza unha cota do 16 % nos ingresos globais de 2009.

Gráfico 185. Distribución da facturación no audiovisual do Norte de Portugal por actividade principal. 2009





Gráfico 186. Evolución da facturación das empresas do audiovisual do Norte de Portugal. 2006-2009



Pero estes pesos relativos mudaron entre 2006 e 2009, de xeito que a distribución de cine e vídeo está a gañar cota no total dos ingresos, pasando do 49,33 % en 2006 ao 53,92 % en 2009. Por outra banda, a exhibición cinematográfica medra do 2,34 % ao 6,06 %. Por último, a produción de contidos de cine, vídeo ou TV ascende do 11,97 % ao 14,98 %. Pero, mentres estas actividades gañan terreo e incrementan o seu peso relativo nos ingresos do sector no período 2006-2009, outros servizos auxiliares, como aluguer de equipos, iluminación, posprodución, montaxe, loxística etc., perden cota, e pasan do 35,76 % en 2006 a 24,31 % en 2009. Isto supón unha certa falta de madurez do sector, cuxa capacidade para xerar negocio para as empresas auxiliares vía externalización de actividades diminúe, e podería supoñer unha menor especialización das empresas, visto que a facturación da rama de produción se incrementa. Cabe destacar, así mesmo, o escaso volume de negocio das tarefas de sonorización e dobraxe, que hai que supeditar ao costume portugués de emitir a

ficción estranxeira en formato orixinal subtítulado, salvo nos casos de contidos destinados á infancia.

Como xa se comentou anteriormente para o caso galego, son moitos os cambios no eido do audiovisual que se produciron nestes últimos anos, fundamentalmente da man da dixitalización e do apagamento dixital, aínda que non todas as empresas souberon adaptarse ás novas circunstancias do mercado. Por outra banda, estas reformas que chegaron ao sector audiovisual non están a ser capaces de estimular o sector da produción, que non incrementa o seu volume de negocio en proporción co aumento de ventás para proxectar e difundir os seus contidos.

Segundo os datos apuntados por Obercom no seu estudo *Sociedade en Rede 2008*, o público máis novo dispón de máis recursos para gastalos en contidos audiovisuais de pago, o cal posibilitaría unha maior estrutura de modelos de negocios de contidos televisivos a través de subscrición e pago por visión. A partir disto, espérase que a ficción de orixe portuguesa sexa o xénero que máis se desenvolva, e que as pautas de consumo vaian camiñando cara ás redes electrónicas. No que se refire ao cine, as expectativas non son tan boas, e agárdase que siga baixando o número de espectadores, tamén debido ao aumento do prezo das entradas que non está previsto que logre paliar a caída dos beneficios. Finalmente, espérase un reforzo nos contidos e dispositivos en 3D, tanto en televisión coma en cine.

Polo que respecta á facturación por empregado, esta ben caendo desde 2007, para alcanzar en 2009 un valor de 82 672 euros. A única rama que consegue unha produtividade por traballador superior á media do sector é a de distribución de cine e vídeo, que case quintuplica o valor do sector.

A facturación por empresa está a presentar vaivéns que a fan aumentar e diminuír nestes catro anos, para acabar obtendo un valor de 307 435 euros en 2009. Novamente a distribución logra uns ingresos medios por riba da media, e neste caso acompaña a exhibición cinematográfica.

### 5.7.2 O resultado de explotación do audiovisual no Norte de Portugal

O resultado agregado das empresas que integran o sector audiovisual no Norte de Portugal que forman parte da mostra empregada neste estudo ascendeu en 2009 a 823 907 euros, o que implica unha viraxe da traxectoria negativa iniciada o ano anterior, pero que non é quen de alcanzar o nivel de 2006.

Táboa 133. Evolución do resultado antes de impostos das empresas do audiovisual no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total	1.261.403	1.545.637	-2.347.736	823.907
Resultado por empregado	2.760	3.213	-4.489	1.385
Resultado por empresa	9.275	10.236	-13.892	5.281

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Desta cifra agregada, as empresas dedicadas á distribución de cine e vídeo son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos, con 1,8 millóns de euros, seguidas en termos absolutos por outros servizos auxiliares, con 0,276 millóns, e pola animación, con 0,012 millóns de euros. Mentres, a produción de cine, vídeo ou televisión e a exhibición cinematográfica incorren en perdas contables antes de impostos, con -0,9 e -0,42 millóns de euros.

Gráfico 187. Evolución do resultado antes de impostos das empresas do audiovisual do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 188. Evolución do resultado por empregado e por empresa no audiovisual do Norte de Portugal. 2006-2009



A adversa conxuntura económica que está a vivir Portugal, coa redución da renda dispoñible das familias, que trae consigo un menor consumo de produtos audiovisuais e o conseguinte menor investimento das empresas na xeración de contidos propios, xunto coa proliferación da piratería e a menor asistencia do público ás salas de cine<sup>68</sup>, e, por último, unha menor demanda por parte das empresas e das institucións de vídeos corporativos e institucionais, erosiona o resultado destas empresas e leva a unha diminución do seu beneficio e, polo tanto, do seu atractivo empresarial.

O capital social medio actual destas empresas ascende a case 35 700 euros, unha contía reducida tendo en conta os equipamentos que se lles supoñen. Isto podería estar relacionado coa limitación en canto a asumir proxectos ambiciosos na xeración de contidos.

Táboa 134. Evolución do resultado antes de impostos das empresas do audiovisual do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	503.743	468.027	345.030	397.824
Fondos propios medios	103.865	115.596	67.507	81.141
Resultado por empresa	9.275	10.236	-13.892	5.281
Rendibilidade económica media	-3,03%	-8,13%	-9,93%	-50,68%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

<sup>68</sup> Segundo datos do INE (Anuarios Estatísticos Rexionais de 2006 e 2009), na NUT II Norte os ingresos dos espazos de exhibición de cinema aumentaron de 18 896 millóns de euros en 2006 a 20 633 millóns en 2009. Mentres, o número de espectadores sufriu unha lixeira quebra e baixou de 4 801 488 a 4 629 614. O INE ten como fonte de información, para estes indicadores, o ICA (Instituto do Cinema e Audiovisual), de xeito que os valores presentados non gardan semellanza cos apuntados para efectos deste estudo.

O activo total medio alcanza o máximo do período 2006-2009 en 2006, con 0,5 millóns de euros, para caer logo durante dous anos e retomar novamente a senda ascendente e acumular case 0,4 millóns en 2009. Polo que respecta aos fondos propios medios, o punto de inflexión dáse en 2007, aínda que despois de caer en 2008 volve subir no ano 2009 en que chega aos 81 000 euros, sen alcanzar o nivel de 2007.

Resulta canto menos rechamante a rendibilidade económica en 2009, que ademais de ser de signo negativo (característica común aos catro anos estudados) presenta un valor absoluto elevado, cun -50,68 %.

### 5.7.3 O emprego da industria audiovisual no Norte de Portugal

As actividades desenvolvidas pola industria audiovisual mantiveron en 2009 case 600 empregados contabilizados en equivalente a tempo completo. Ademais, isto supón un incremento do 13,77 % sobre o ano anterior.

Táboa 135. Evolución do emprego das empresas do audiovisual no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	457	481	523	595
Cadro medio	3,94	3,79	3,76	4,02

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como recolle a táboa que se achega, a tendencia do emprego audiovisual no Norte de Portugal é crecente ao longo no período 2006-2009, e pasa de 457 en 2006 a 595 en 2009, o que supón unha variación do 30,2 % desde o inicio do período obxecto de análise. Como xa se comentou no caso galego, trátase dun sector no que o índice de temporalidade no emprego é elevado, dado que está moi vinculado ás producións, que teñen un arranque e un final claramente definidos, aínda que este factor podería non ter tanta influencia no caso do Norte de Portugal polo pouco peso da produción no total do emprego e do volume de negocio.

En 2009 o maior peso relativo en canto ao número de traballadores corresponde aos servizos auxiliares e ás actividades de apoio, co 43 % dos empregados do sector. A xeración de contidos, tanto na súa faceta de cine, vídeo ou TV (co 31 %) como na parte de animación (1 %), sería o segundo grupo de actividades no relativo á porcentaxe sobre o total, cun 32 %. A distribución, pese ao importante papel que desempeña respecto ao volume de negocio ou ao resultado xerado, no que se refire ao emprego representa só o 10 % dos traballadores do audiovisual no Norte de Portugal, o que demostra que non se trata dunha actividade intensiva en recursos humanos, fronte a outras como a produción de contidos. Novamente faise necesario comentar o costume portugués de non dobrar os contidos de orixe anglosaxoa, limitándose a súa intervención á introdución de subtítulos (salvo nos destinados aos máis pequenos).


Pero estes pesos relativos están a mudar nestes catro anos, de xeito que a produción está a gañar peso relativo, ao pasar do 24,73 % do emprego en 2006 ao 31,26 % en 2009. A exhibición cinematográfica tamén eleva a súa participación no sector,

medrando do 6,56 % ao 13,61% no mesmo intervalo. No sentido contrario evolucionan os servizos auxiliares, que pasan do 54,92 % ao 42,69 %.

Gráfico 189. Distribución do emprego no audiovisual segundo a actividade principal no Norte de Portugal. 2009



Gráfico 190. Evolución do volume de emprego das empresas do audiovisual no Norte de Portugal. 2006-2009



Finalmente, cómpre dicir que a variación do cadro medio destas empresas se reduce a décimas, roldando nos catro anos os catro empregados, aínda que cabe comentar de novo o elevado nivel de temporalidade. Pese ás cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, o movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado, sobre todo na xeración de contidos e nos postos de traballo relacionados coa produción, xa sexa directa ou indirectamente.

Seguidamente, ofrécese dúas táboas coas principais variables relacionadas co sector audiovisual no Norte de Portugal, tanto para o intervalo 2006-2009 como nunha visión estática para 2009.

Táboa 136. Grandes magnitudes do sector audiovisual no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	49.189.631	823.907	595	193	307.435	82.672	5.281	1.385	4,02
Animación	163.530	11.752	6	2	81.765	27.255	5.876	1.959	3,00
Distribuidora de cine e/ou vídeo	26.523.115	1.837.617	63	12	3.789.016	421.002	204.180	29.169	12,60
Dobrax e sonorización	190.305	1.658	5	1	190.305	38.061	1.658	332	5,00
Exhibidora de cine	2.982.812	-411.374	81	14	596.562	36.825	-51.422	-5.079	20,25
Outros servizos auxiliares	11.958.917	276.017	254	96	139.057	47.082	3.680	1.087	3,14
Produtora de cine, vídeo e televisión	7.370.952	-891.763	186	68	124.931	39.629	-14.619	-4.794	3,38

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais

Táboa 137. Grandes magnitudes do sector audiovisual no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación	51.246.902,00	56.669.487,00	46.068.747,00	49.189.631,00
Resultado	1.261.403,00	1.545.637,00	-2.347.736,00	823.907,00
Emprego	457,00	481,00	523,00	595,00
Fondos propios	103.864,72	115.596,23	67.507,36	81.140,80
Activo total	503.742,72	468.027,01	345.029,79	397.824,30
Rendibilidade económica	-3,03%	-8,13%	-9,93%	-50,68%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais

## 5.8 OS DATOS ECONÓMICOS DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS BIBLIOTECAS, OS MUSEOS, OS ARQUIVOS E O PATRIMONIO HISTÓRICO E A EDUCACIÓN CULTURAL NO NORTE DE PORTUGAL

Este apartado está dedicado aos datos económicos correspondentes ás actividades relacionadas coas bibliotecas, os arquivos, os museos, a xestión e conservación do patrimonio e a educación cultural na rexión Norte de Portugal. Para a súa elaboración partiuse dos datos extraídos do Rexistro Comercial portugués (Depósito da Prestación de Contas e Información Empresarial Simplificada) para os axentes que desenvolven actividade nas epígrafes do grupo 91 (91.020 Actividades de museos, 91.030 Xestión de lugares e edificios históricos, 91.011 Actividades de bibliotecas e 91.012 Actividades de arquivos) ademais do 85.520 de Ensino de actividades culturais. Todas elas inclúense no círculo de Core Arts e correspóndense coa fase de comercialización dentro da cadea produtiva das ICC.

Tal e como se comentou para a análise destas actividades en Galicia, a dificultade deste grupo radica na xestión de carácter público ou a través de fórmulas non mercantís dos arquivos, museos, bibliotecas ou patrimonio, o que dificulta a dispoñibilidade de datos económicos e financeiros para elas por non ter obriga de depositar as súas contas no Rexistro Comercial, que constitúe a principal fonte de información para este traballo.

As categorías de actividade manexadas no traballo correspóndense cos títulos das epígrafes CNAE deste sector, é dicir, Actividades de museos, Actividades de bibliotecas, Actividades de arquivos, Xestión de lugares e edificios históricos e Educación cultural, ademais da de asociacións e institucións relacionadas co sector.

Gráfico 191. Distribución por actividade principal das empresas relacionadas con museos, bibliotecas, arquivos e xestión do patrimonio no norte portugués. 2009





Gráfico 192. Distribución por NUTS III das empresas relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio no norte portugués. 2009



A partir da explotación estatística da base de datos elaborada ad hoc para o proxecto, na rexión Norte de Portugal hai no ano 2009 un número aproximado de sete empresas que desenvolven actividade nestas ramas (ademais da Fundación Serralves, que, por non ter carácter público, tamén se ten en conta). Cabe explicar que as empresas dedicadas ás tarefas de restauración, mantemento e conservación do patrimonio



artístico localizadas na rexión Norte e identificadas para este traballo xa foron incluídas no apartado de artes plásticas, aínda que poderían ter sido clasificadas perfectamente nestoutro sector das ICC.

En calquera caso, a escaseza da mostra da que se dispón neste apartado condiciona moitas das conclusións extraídas e dificulta alcanzar unha boa aproximación ao sector, se ben xa de por si esta é unha conclusión importante: a rexión Norte conta con moi poucos axentes de carácter privado dedicados á xestión patrimonial, ás actividades de arquivos, bibliotecas e museos e á educación de carácter cultural, o que non significa que non haxa actividade nestes eidos, senón que o seu desenvolvemento non se leva a cabo por entidades de tipo mercantil<sup>69</sup>.

Destes axentes (neste caso a análise desenvolverase incluíndo a Fundación Serralves, que non ten carácter mercantil), o 38 % dedícase a labores relacionados coa educación cultural; o 37 %, á xestión de lugares e edificios históricos e museos (xestión, conservación, adquisición de obras etc.); o 13 % son asociacións e institucións relacionadas (normalmente de carácter cultural ou que ostentan a titularidade dalgúns destes espazos); e o 12 % restante desenvolvería actividades de arquivo (catalogación, dixitalización, documentación etc.).

A continuación expónse máis polo miúdo a situación das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural na rexión Norte de Portugal desde o punto de vista económico.

Táboa 138. Principais magnitudes das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	9.077.496	11.331.986	24,84%	-410.915	26.504	-106,45%
Asociac. e instituc. do sector	8.169.262	9.195.057	12,56%	-395.575	23.336	-
Xestión do patrimonio histór.	345.393	949.727	174,97%	-18.743	39.134	-
Actividades de arquivos	343.326	778.288	126,69%	2.403	21.380	789,72%
Educación cultural	219.515	408.914	86,28%	1.000	-57.346	-
	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	93	132	41,94%	5	8	60,00%
Asociac. e instituc. do sector	72	87	20,83%	1	1	0,00%
Xestión do patrimonio histór.	14	26	85,71%	2	3	50,00%
Actividades de arquivos	3	7	133,33%	1	1	0,00%
Educación cultural	4	12	200,00%	1	3	200,00%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Falar de concentración ou dispersión xeográfica con tan poucas empresas non ten demasiado sentido, pero cabe sinalar como dous destes axentes teñen o seu domicilio social en Porto, e o resto están localizados en Braga, Viana do Castelo, Marco de Canaveses e outras pequenas localidades do norte portugués. En definitiva, o 50 % das empresas e institucións da mostra opera desde Grande Porto.

<sup>69</sup> Os datos do INE (*Estatísticas da Cultura 2009*) apuntan, para a NUT II Norte, a existencia de 138 axentes do grupo 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.

O ano medio de constitución destes axentes é 2002, e o incremento no número destes para o intervalo 2006-2009 foi do 60 %.

### 5.8.1 O volume de negocio das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal

A actividade empresarial vinculada aos museos, os arquivos, as bibliotecas, a xestión e recuperación do patrimonio e a educación cultural xerou en 2009 un volume de negocio total de 11,3 millóns de euros na súa vertente privada (incluíndo como tal tamén a Fundación Serralves), o que representa unha variación do -2,62 % sobre 2008.

Táboa 139. Evolución da facturación das empresas das actividades relacionadas con museos, bibliotecas, arquivos, xestión do patrimonio e educación cultural no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	9.077.496	10.853.771	11.637.459	11.331.986
Facturación por empregado	97.607	110.753	97.794	85.848
Facturación por empresa	1.815.499	1.808.962	1.454.682	1.416.498

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Aínda non contando con información de moitos axentes, parece apreciarse unha certa tendencia crecente nos ingresos destas ramas no período 2006-2008, cunha lixeira caída en 2009, que podería ter como base a contracción das partidas dedicadas a estes fins das distintas Administracións. Polo tanto, o máximo do período corresponde a 2008, con 11,6 millóns de euros facturados.

O certo é que estas actividades, que como se comentou anteriormente están moi vinculadas ás contribucións da Administración, xa sexa de tipo local, rexional ou estatal, poden ser unhas das que máis estean a sufrir as consecuencias dos recortes dos presupostos e a menor asignación de partidas orzamentarias, aínda que as cifras aínda non reflictan un descenso importante.

Gráfico 193. Evolución da facturación das actividades relacionadas con museos, bibliotecas, arquivos e xestión do patrimonio no norte portugués. 2009





Gráfico 194. Distribución do peso das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos e a xestión do patrimonio no norte portugués. 2009



Con relación á distribución dos ingresos globais de acordo coa actividade principal de cada axente, resulta que é a categoría de asociacións e institucións a que agrupa a maior proporción da facturación, cun 81 %, peso que vén en boa media condicionado pola inclusión da Fundación Serralves baixo esta etiqueta. A continuación, e cun peso moito menor, estarían a xestión de edificios e lugares históricos (8 %), as actividades de arquivos (7 %) e a educación cultural (4 %). O feito de que a Fundación Serralves non estea clasificada por actividade senón por tipo de axente desvirtúa esta repartición, xa que, de non ser así, podería figurar como museo, biblioteca ou xestión dun edificio histórico.

A facturación por empregado destas actividades descende no período 2006-2009, ao pasar de 97 607 en 2006 a 85 848 euros en 2009, o que supón unha caída do -12,05 % nestes catro anos, pese a que entre 2006 e 2007 o valor desta variable creceu, pero desde entón está a diminuír. Dun xeito paralelo, a facturación por empresa cae de 1,8 millóns de euros en 2006 a 1,4 en 2009, cun crecemento do -21,97 %, aínda que o máximo do intervalo corresponde a 2007 con 1 808 962 euros.

### **5.8.2 O resultado de explotación das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal**

No caso do resultado antes de impostos deste sector, o valor ascende a 26 500 euros, un 20 % menos que no exercicio anterior, pero que confirma a recuperación á senda dos beneficios. O máximo do intervalo dáse en 2008, con 33 140 euros, e o mínimo sería en 2006, con -410 915 de perdas.

Táboa 140. Evolución do resultado das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	-410.915	-182.414	33.140	26.504
Resultado por empregado	-4.418	-1.861	278	201
Resultado por empresa	-82.183	-30.402	4.143	3.313


Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras de beneficio agregado ofrecen en 2009 un valor medio por empresa de 3313 euros, o que supón unha caída sobre os valores de 2008. Do mesmo xeito, o resultado por empregado ascende a 201 euros en 2009, uns valores reducidos pero que poderían vir de que unha boa parte do emprego o achega a Fundación Serralves, que, por non ter fin de lucro, non consegue grandes cifras de beneficio que poidan dar ao índice un valor superior.

Outra vez é necesario facer unha lectura destes datos sen deixar de lado a complicada situación económica pola que están a pasar as empresas na actualidade, pero, sobre todo, a contracción dos fondos públicos destinados a este tipo de actividades.

Gráfico 195. Evolución do resultado antes de impostos dentro das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2006-2009



O capital social destas empresas no ano 2009 era, en termos medios, 1 960 020 euros, contía elevada polo efecto das cifras da Fundación Serralves.

Como xa vén pasando coas variables anteriores, o feito de non dispoñer de datos de demasiadas empresas e o reducido do tamaño da mostra para este sector non permiten extraer demasiadas conclusións. En calquera caso, parece apreciarse unha erosión dos valores dos fondos propios medios e o activo total medio entre 2006 e 2008, cunha pequena recuperación en 2009.

Táboa 141. Evolución das principais variables financeiras das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	12.101.382	10.681.094	7.915.505	8.151.178
Activo total medio	4.318.083	3.904.858	3.179.287	3.370.769
Resultado por empresa	-82.183	-30.402	4.143	3.313
Rendibilidade económica media	-0,89%	5,25%	-6,72%	-18,86%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O avultado das perdas de dúas empresas da mostra orientadas á educación cultural provoca que a rendibilidade económica media deste sector adopte valores negativos en tres dos catro anos deste período e remate con -18,86 %. En 2007 ascendeu a 5,25 %, o máximo do intervalo.

### 5.8.3 O emprego nas actividades dos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal

As actividades dos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal xeraron en 2009 uns 132 postos de traballo en equivalente a tempo completo, o que representa un crecemento do 10,92 % sobre o ano anterior.

Así pois, e como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nas actividades que xiran en torno á xestión dos museos, arquivos, bibliotecas, patrimonio e educación cultural no Norte de Portugal é crecente nos

últimos catro anos, e pasa de 93 traballadores no ano 2006 a 132 en 2009. Isto supón unha taxa de crecemento do 41,93 % nese intervalo.

Táboa 142. Evolución do volume de emprego das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	93	98	119	132
Cadro medio	23,25	24,50	19,83	22,00

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Ao contrario do que se comentou noutros sectores como o audiovisual, a música ou as artes escénicas, que levan a cabo as súas actividades moi da man do desenvolvemento de proxectos concretos e, polo tanto, recorren máis á contratación temporal, no caso das relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos, patrimonio e educación cultural o emprego gozaría dunha certa estabilidade ao longo do ano, ao non estar tan suxeito á temporalidade nin a execucións determinadas polo prazo.

Polo que respecta á distribución do emprego segundo a actividade principal desenvolvida polos axentes da mostra, en 2009 a rama que alcanza unha maior participación nas cifras globais é a xestión dos edificios e lugares históricos, co 20 % do total. Isto é así por estar clasificada a Fundación Serralves segundo a tipoloxía de axente e non pola súa actividade. Segue en orde de importancia a educación cultural, co 9 % dos traballadores, e o 5 % en actividades de arquivos.

Gráfico 196. Evolución do emprego das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural. 2006-2009




Gráfico 197. Distribución do peso das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural. 2009



O cadro medio destes axentes diminúe de 23,25 empregados en 2006 a 22 en 2009, pero o máximo do período corresponde ao ano 2007, con 24,5 traballadores por axente.

A continuación achéganse as táboas que recollen as principais magnitudes das empresas que desenvolven actividades en torno aos museos, bibliotecas, arquivos, xestión de patrimonio e edificios históricos e educación cultural no norte portugués. A primeira delas ofrece unha foto fixa do sector para o ano 2009, último dispoñible, e a seguinte ilustra sobre a evolución das principais variables económicas e financeiras destes axentes no intervalo 2006-2009..

Táboa 143. Principais magnitudes das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	11.331.986	26.504	132	8	1.416.498	85.848	3.313	201	22,00
Asociacións e institucións do sector	9.195.057	23.336	87	1	9.195.057	105.690	23.336	268	87,00
Xestión de lugares e edificios históricos	949.727	39.134	26	3	316.576	36.528	13.045	1.505	26,00
Actividades de arquivos	778.288	21.380	7	1	778.288	111.184	21.380	3.054	7,00
Educación cultural	408.914	-57.346	12	3	136.305	34.076	-19.115	-4.779	4,00

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 144. Principais magnitudes das actividades relacionadas cos museos, as bibliotecas, os arquivos, a xestión do patrimonio e a educación cultural no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	9.077.495,51	10.853.771,22	11.637.458,66	11.331.985,52
Resultado total	-410.915,05	-182.414,00	33.140,00	26.504,00
Emprego total	93,00	98,00	119,00	132,00
Fondos propios medios	4.318.082,98	3.904.858,00	3.179.287,38	3.370.769,08
Activo total medio	12.101.381,59	10.681.093,83	7.915.505,00	8.151.178,25
Rendibilidade económica media	-0,89%	5,25%	-6,72%	-18,86%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.9 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS DE DESEÑO DO NORTE DE PORTUGAL

Tal e como se comentou xa no caso galego, para a análise dos datos do sector de deseño a selección das epígrafes non resulta doada, por estar integrados estes labores en sectores tan distintos como poden ser o téxtil, o audiovisual, a xoiería, as artes gráficas, as TIC ou a fabricación de produtos. A base de datos que serve de punto de partida para a súa análise na rexión Norte achegada neste informe conta con máis empresas dedicadas ao deseño especializado que no caso galego (máis orientado ao deseño gráfico), menos especializadas ou nas que o peso do deseño pode non ser maioritario no volume de ingresos. En definitiva, o código de actividade seleccionado é o 74.100 de Actividades creativas, que se corresponde co 74.10 de Actividades de deseño especializado en España, e que se enmarca dentro da fase de creación e no círculo de actividades creativas.

As categorías de actividade consideradas para a clasificación dos axentes neste sector serían as de Deseño gráfico e Actividades de deseño especializado.

Gráfico 198. Distribución dos axentes de deseño da rexión Norte segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 199. Distribución por NUTS III dos axentes do eido do deseño no Norte de Portugal. 2009



A rexión Norte de Portugal conta en 2009 cun mínimo de 373 empresas que prestan servizos de deseño ou nas que esta actividade representa a maior parte da súa facturación, o que supón un incremento do 10,68 % sobre o ano 2006.

En canto á distribución por NUTS III destes axentes, Grande Porto acolle o 81 % deles e Ave outro 10 %. O resto das demarcacións teñen pesos pouco relevantes, de entre o 1 e o 3 %. Localidades como Gondomar, Fanzeres, Jovim e, por suposto, Porto son as que contan co maior número de empresas. De feito, en Gondomar hai unha elevada concentración de industrias de xoiería, con 64 compañías, o que confirma a existencia dun importante polo de actividade deste sector neste concello.

Na clasificación dos axentes que operan no sector de deseño de acordo coa actividade principal, advírtese que o peso relativo máis importante é atribuíble ás actividades de deseño especializado, entendendo como tal as orientadas a procesos produtivos no eido da animación, o téxtil, as xoias, a fabricación industrial etc., que



supoñen o 92 % das empresas do sector, co outro 8 % dedicado as tarefas de deseño gráfico.

A data media de constitución destes axentes é o ano 1996. Máis do 42 % creouse con posterioridade ao ano 2000, e o 8,6 % é anterior a 1980.

A continuación preséntase unha táboa resumo coas principais variables do sector do deseño para os anos 2006 e 2009.

Táboa 145. Principais magnitudes das empresas de deseño do Norte de Portugal. 2006 e 2009

Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	110.820.654	111.364.957	0,49%	1.393.915	1.802.858	-29,34%
Activ. de deseño especializado	108.137.154	108.237.333	0,09%	1.508.456	1.686.450	-11,80%
Deseño gráfico	2.683.500	3.127.624	16,55%	-114.541	116.408	-
Subsector	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	1.657	1.609	-2,90%	337	373	10,68%
Activ. de deseño especializado	1.587	1.530	-3,59%	313	345	10,22%
Deseño gráfico	70	79	12,86%	24	28	16,67%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se recolle na metodoloxía do traballo, e tal e como se vén facendo para outros sectores das ICC portuguesas, coa finalidade de non ter que rexeitar os axentes dos que non se dispón de datos para 2009 pero si para 2008, optouse por asignar o mesmo valor para a facturación e o emprego que no ano anterior, considerando que o crecemento destas variables é nulo<sup>70</sup>.

### 5.9.1 O volume de negocio das empresas de deseño no Norte de Portugal

A partir dos datos das empresas da mostra é posible concluír que as que operan no sector do deseño no Norte de Portugal foron quen de ingresar 111,4 millóns de euros, un 5,78 % máis que no ano anterior.

Táboa 146. Evolución da facturación das empresas de deseño na rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	110.820.654	106.696.311	105.282.670	111.364.957
Facturación por empregado	66.880	65.338	64.989	69.214
Facturación por empresa	347.400	326.288	306.054	313.704

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se ve reflectido na táboa que se achega, a tendencia global da facturación para as actividades de deseño na rexión Norte no 2006-2009 é levemente crecente, e pasa de 110,8 millóns de euros en 2006 a 111,4 en 2009, aínda que descende ata 2008.

<sup>70</sup> En definitiva, foron estimados os valores dos ingresos e do emprego de 33 axentes para o exercicio 2009 a partir dos datos do ano anterior.



De feito, a taxa de variación da facturación neste período ascende a 0,49 %, cun valor de 5,78 % en 2008-2009. Se a taxa de variación nestes catro anos se calcula por actividade, resulta que son as de deseño especializado as que lastran o crecemento global, mentres as de deseño gráfico demostran unha maior potencialidade na xeración de ingresos. Isto podería deberse ao peso que o deseño de xoias ten dentro da categoría de deseño especializado, e o efecto que a crise económica actual e a contracción dos gastos das familias teñen no consumo destes bens. Por outra banda, faise necesario chamar a atención sobre a cada vez maior preocupación dos axentes polos temas de deseño, tanto no referente aos seus produtos como na súa imaxe fronte a terceiros.

Gráfico 200. Evolución da facturación das empresas de deseño no norte portugués. 2006-2009





Gráfico 201. Distribución do peso das actividades de deseño no Norte de Portugal. 2009



En canto á distribución da facturación de acordo coa actividade principal desenvolvida por cada axente, resulta que é a de actividades de deseño especializado a que adquire en 2009 un maior peso, cun 97 %, debido fundamentalmente ao peso do deseño de xoiería na zona de Gondomar. Entre 2006 e 2009 apenas hai diferenzas entre a repartición da facturación global segundo a actividade das empresas da mostra.

Os ingresos neste sector están ademais bastante concentrados por actividade (como xa se apreciou), pero tamén por empresa e por localización. De feito, as dez empresas con maior volume de negocio da mostra son capaces de xerar o 35 % dos ingresos, e todas elas operan no campo da xoiería (lémbrese sempre que, por non poder separar a contribución dos labores de deseño ao total do negocio destas empresas, se considera cifra global dos seus ingresos). Ademais, entre Gondomar e Fanzeres achegan o 37 % da facturación global deste sector.

E tal como vén acontecendo coa facturación total, a facturación por empregado tamén segue unha evolución crecente entre 2006 e 2009, e pasa de 66 900 a 69 200 en 2009, cunha caída nos seus valores os tres primeiros anos do período abarcado para finalmente remontar o último ano. A facturación media por empresa segue unha tendencia similar neste intervalo, e decrece os tres primeiros anos para incrementarse lixeiramente o último, aínda que neste caso en 2009 o valor desta variable (313 704 euros) é inferior ao de 2006 ou 2007.

## 5.9.2 O resultado de explotación das empresas de deseño do Norte de Portugal

O valor do resultado antes de impostos das empresas da rexión Norte dedicadas ao deseño ascendeu en 2009 de 1,8 millóns de euros, o que supón superar as perdas de 2008 e deixar atrás a tendencia negativa dos tres anos anteriores. O certo é que este valor implica un crecemento do 29,34 % sobre 2006, e supón unha taxa de variación bastante superior ás de facturación, emprego ou número de empresas para este sector no Norte portugués entre 2006 e 2009.

Tal e como xa se comentou no caso da facturación, os resultados antes de impostos deste sector de actividade están tamén bastante concentrados nuns poucos axentes (e, polo tanto, tamén xeograficamente). En 2008 hai unha empresa que por si soa xera perdas superiores ao resultado global de todo o deseño no Norte portugués.

Táboa 147. Evolución do resultado antes de impostos do deseño no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	1.393.915	636.668	-1.232.461	1.802.858
Resultado por empregado	841	390	-761	1.120
Resultado por empresa	4.289	1.918	-3.482	5.480

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe


Estes valores do resultado global antes de impostos para as empresas de deseño dan unha cifra de 1120 euros por empregado e 5480 por empresa. Ambos conseguen valores superiores en 2009 que en 2006, pero mostran caídas os tres primeiros anos do intervalo analizado.

Paras esta variable o deseño especializado ten un mellor comportamento con respecto ao deseño gráfico no que se refire ao resultado por empresa (5511 euros fronte a 5061) e peor no resultado por empregado (1102 euros fronte a 1474).

Gráfico 202. Evolución do beneficio antes de impostos das empresas de deseño no Norte portugués. 2006-2009



Gráfico 203. Distribución do beneficio das empresas de deseño na rexión Norte segundo a actividade principal. 2009



No que se refire á repartición en 2009 do resultado antes de impostos para as categorías consideradas, as actividades de deseño especializado eran responsables do 94 % do beneficio xerado neste sector, fronte a un 6 % do deseño gráfico. A

diferenza fundamental con respecto a esta repartición no ano 2006 é que, aínda que os beneficios do deseño especializado mostran un valor bastante similar ao de 2009, daquela as actividades de deseño gráfico xeraban perdas.

Táboa 148. Evolución das principais variables financeiras do deseño na rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	490.585,60	506.893,48	465.914,60	500.742,70
Activo total medio	203.023,62	204.974,29	185.591,77	203.585,92
Resultado por empresa	4.288,97	1.917,67	-3.481,53	5.479,81
Rendibilidade económica	-5,78%	-3,48%	-5,74%	-2,32%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O capital social destas empresas en 2009 ascende a 63 335 euros, con valores moi superiores para os axentes dedicados ao deseño especializado (68 477 euros) que os das de deseño gráfico (8590). Esta diferenza podería vir determinada pola vinculación de moitas das empresas da primeira categoría con actividades máis industriais (sobre todo, de fabricación de xoiería, pero tamén doutros produtos) e o conseguinte importe do inmovilizado material destas.

Tanto activo total como fondos propios mostran unha evolución das súas taxas de variación bastante próximas, e crecen en 2007, caen en 2008 e volven subir en 2009. Ambas as dúas variables logran un valor en 2009 superior ao de 2006.

A rendibilidade económica do deseño na rexión Norte de Portugal é negativa nos catro anos analizados, e debuxa unha traxectoria paralela á das anteriores variables, oscilando nun sentido ou noutro. Para 2009 o valor será do -2,32 %, o mellor deste período.

### 5.9.3 O emprego das empresas de deseño do Norte de Portugal

As empresas do Norte portugués dedicadas ao deseño xeraron en 2009 arredor de 1609 empregos en equivalente a tempo completo, o que supón unha taxa de variación negativa tanto sobre o ano anterior (-0,68 %) como sobre 2006 (-2,90 %).

Táboa 149. Evolución do volume de emprego das actividades de deseño na rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	1.657	1.633	1.620	1.609
Cadro medio	5,36	5,17	4,88	4,85


Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe


O cadro medio tamén descende neste período, e pasa de 5,36 traballadores por empresa en 2006 a 4,85 en 2009. Afondando neste dato, resulta que para as empresas de deseño gráfico a media de empregados en 2009 ascende a 3,16, mentres que para o deseño especializado é de 4,98.

Gráfico 204. Evolución do emprego nas Gráfico 205. Distribución do emprego nas

empresas de deseño do Norte portugués. 2006-2009



actividades de deseño no Norte de Portugal. 2009



Respecto á distribución do emprego segundo as categorías de actividades, en 2009 a rama que alcanza unha maior participación no total é, tal e como acontecía coa facturación ou o resultado, a de actividades de deseño especializado, co 95 %, e o 5 % restante para o deseño gráfico. Este peso relativo era no ano 2006 do 96 %, o que indicaría un incremento na importancia do deseño gráfico nestes anos.

Cómpre comentar que por ter na rexión Norte tanto peso neste sector o deseño especializado, e dentro del todo o relacionado coa industria da xoiería, o emprego gozaría dunha certa estabilidade ao longo do ano, ao non estar tan suxeito á estacionalidade nin a execucións determinadas polo prazo (máis aló da entrega do traballo ao cliente).

Deseguido ofrécense dúas táboas coas principais magnitudes das empresas que desenvolven actividades relacionadas co deseño na rexión Norte lusa. Por unha parte, unha visión das principais variables e índices para o ano 2009, último dispoñible, e, por outro, a evolución das principais magnitudes económicas e financeiras no intervalo 2006-2009.

Táboa 150. Principais magnitudes das actividades de deseño na rexión Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	111.364.957	1.802.858	1.609	373	313.704	69.214	5.480	1.120	4,85
Actividades de deseño especializado	108.237.333	1.686.450	1530	345	331.001	70.743	5.511	1.102	4,98
Deseño gráfico	3.127.624	116.408	79	28	111.701	39.590	5.061	1.474	3,16

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 151. Principais magnitudes das actividades relacionadas de deseño na rexión Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	110.820.654	106.696.311	105.282.670	111.364.957
Resultado total	1.393.915	636.668	-1.232.461	1.802.858
Emprego total	1.657	1.633	1.620	1.609
Fondos propios medios	203.024	204.974	185.592	203.586
Activo total medio	490.586	506.893	465.915	500.743
Rendibilidade económica media	-5,78%	-3,48%	-5,74%	-2,32%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.10 OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS DE FOTOGRAFÍA DO NORTE DE PORTUGAL

Deseguido preséntase o apartado correspondente á rama de fotografía como parte integrante das ICC. A información foi extraída da base de datos confeccionada para este estudo a partir dunha busca por códigos CAE no Rexistro Comercial (Depósito da Prestación de Contas e Información Empresarial Simplificada) portugués, vía BvD SABI.

Para o desenvolvemento da análise exposta neste apartado, as actividades seleccionadas responden ao código de actividade 74.200 correspondente á Fotografía, que se enmarcarían no círculo das Core Arts na fase de creación.

En total, son 222 as empresas que integran a base de datos, con 186 axentes en 2006, o que supón un incremento do 19,35 % para o período 2006-2009.

Gráfico 206. Evolución da creación de empresas de fotografía no norte portugués





Gráfico 207. Distribución por NUTS III dos axentes de fotografía no Norte. 2009



A distribución destas empresas por NUTS III semella non estar tan concentrada en Grande Porto como noutros dos sectores estudados para a rexión Norte, pese a que aglutina o 44 % das empresas. As seguintes en orden de importancia serían Ave, co 14 %, e Támega, co 13 %, e no resto das demarcacións, aínda sendo menores que estas, adoptan valores superiores que os dos outros sectores de actividade. Isto demostra unha menor concentración xeográfica para o caso da fotografía que para outros sectores das ICC portuguesas, posiblemente porque o máis frecuente é que en todos os concellos haxa, polo menos, unha tenda de fotografía ou un profesional deste eido.

Referente á data media de constitución destas empresas, 1998 é o ano medio de inicio de creación baixo a denominación social considerada na base de datos. Como se reflicte na ilustración anterior, o 17,5 % das empresas da mostra fundouse antes de 1990, e o 48,2 % é posterior a 2000. De feito, na última década convértese no grupo con máis peso relativo, aínda que pode ser que en moitos casos estas empresas estivesen xa operando no mercado con outra personalidade xurídica, que posiblemente fose de carácter non mercantil.

Ofrécese un avance das principais magnitudes das actividades de fotografía no Norte de Portugal para os anos 2006 e 2009.

Táboa 152. Principais magnitudes das empresas de fotografía no Norte de Portugal en 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Fotografía	16.748.274	19.809.218	18,28%	-606.280	-1.168.268	92,69%
	Emprego			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Fotografía	536	622	16,04%	186	222	19,35%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como xa se veu facendo para outros sectores estudados, co obxecto de estimar os principais datos económicos para as actividades de fotografía no Norte de Portugal, e partindo da información do Rexistro Comercial, a través da base da BvD SABI, considerouse que para cada unha das empresas das que había información dispoñible para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ía ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese que permite establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>71</sup>.

### 5.10.1 O volume de negocio da fotografía na rexión Norte

As actividades relacionadas coa fotografía xeraron en 2009 na rexión Norte de Portugal un volume de negocio total de 19,8 millóns de euros, o que representa unha caída do -3,04 % sobre o ano anterior.

Táboa 153. Evolución da facturación das empresas de fotografía no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	16.748.274	18.970.755	20.430.798	19.809.218
Facturación por empregado	31.247	31.305	32.430	31.848
Facturación por empresa	96.811	101.993	102.154	95.697

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Os datos recollidos na táboa que se achega permiten comprobar como no intervalo 2006-2009 os servizos de fotografía mostran unha tendencia crecente nos ingresos durante os tres primeiros anos, cun punto de inflexión en 2008, unha taxa de crecemento do 22 % para o 2006-2008 e unha cifra de 20,4 millóns de euros. No ano 2009, como xa se comentou nas primeiras liñas deste apartado, os ingresos no sector da fotografía mudaron a tendencia ao reducir a súa contía nun -3,04 % e situarse en 19,8 millóns de euros.

Tanto no caso da facturación media por empresa como a facturación media por empregado veñen ofrecendo unha tendencia similar á comentada nas primeiras liñas deste apartado, incrementándose os primeiros tres anos do intervalo e descendendo no último. Así, a facturación por traballador pasa de 31 250 euros en 2006 a 31 850 en

<sup>71</sup> Os datos estimados para 2009 de facturación e emprego para as empresas das que non se dispoñía de datos ascenden a 19.

2009. Do mesmo xeito, a facturación por empresa vai de 96 800 en 2006 a 95 700 en 2009. Pero é en 2008 cando ambos os dous índices alcanzan o seu valor máximo, debuxando unha tendencia similar á dos ingresos totais.

Gráfico 208. Evolución da facturación das empresas de fotografía no Norte portugués. 2006-2009





Gráfico 209. Evolución da facturación por empresa e por empregado nas empresas de fotografía na rexión Norte. 2006-2009



Esta deterioración, que no caso portugués tivo lugar un pouco máis tarde que en Galicia, pode ser consecuencia da imparable substitución da fotografía en formato tradicional pola dixital, que xa non precisa dos servizos de revelado para a súa visualización. Tampouco hai que esquecer a conxuntura económica actual que contrae o consumo en case todos os mercados de produtos e servizos.

### 5.10.2 O resultado antes de impostos das empresas de fotografía no Norte de Portugal

O resultado global antes de impostos das empresas de fotografía da rexión Norte foi no exercicio 2009 de -1,2 millóns de euros, o que representa unha caída do -111,66 % con respecto ao ano anterior e confirma o mal momento deste sector nestes catro anos que aínda non se percibía con tanta claridade nas cifras de ingresos.

Táboa 154. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de fotografía na rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	-606.280	-152.091	-551.950	-1.168.268
Resultado por empregado	-1.131	-251	-876	-1.878
Resultado por empresa	-3.464	-800	-2.692	-6.085

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como xa se comentou ao falar do volume de negocio, o sector da fotografía no Norte portugués vén vivindo nos últimos anos unha redución da súa actividade, que ve o seu reflexo nunha diminución progresiva dos resultados antes de impostos. De feito, a caída no intervalo 2006-2009 é dun -93 %, o que supón case o dobre ao pasar de -0,6 millóns en 2006 a -1,2 en 2009. Faise necesario comentar como en 2007 parece adiviñarse unha mellora nas perdas, que a partir dese ano volven experimentar unha progresiva deterioración.



En canto ao resultado por empregado e por empresa, e a pesar desta certa mellora das cifras en 2007, a tendencia xeral para o intervalo 2006-2009 é de empeoramento. Así, no caso das perdas por empregado pasan de -1130 euros en 2006 a -1880 en 2009, e as de resultado por empresa van de -3460 euros en 2006 a -6080 en 2009. A taxa de variación neste intervalo para as magnitudes medias do resultado por empregado ou por empresa teñen valores diferentes, superior no caso das perdas medias por compañía, que ascenden ao 76 %, fronte ao 66 % do resultado por empregado. Isto é así porque a variación das empresas nestes anos é tres puntos porcentuais superior á dos empregados.

Gráfico 210. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de fotografía no Norte. 2006-2009





Gráfico 211. Evolución do resultado por empresa e por empregado das empresas de fotografía no Norte portugués. 2006-2009



Como se pode apreciar na táboa que se achega coas variables financeiras, a rendibilidade económica media das empresas dedicadas aos servizos fotográficos rolda nestes anos un valor do -11 %, salvo en 2008 que se dispara hasta o -60 %. Son rendibilidades negativas importantes en calquera dos casos, que veñen a reflectir a complicada situación destes negocios que están a ver como a dixitalización no eido da fotografía e a situación económica actual, coa consecuente diminución da renda dispoñible das familias, están a erosionar as súas cifras económicas e financeiras.

Táboa 155. Evolución das variables financeiras da fotografía na rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	158.861	165.894	164.200	168.639
Fondos propios medios	32.886	34.666	39.289	39.528
Resultado por empresa	-3.464	-800	-2.692	-6.085
Rendibilidade económica media	-10,08%	-11,60%	-59,77%	-11,65%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi


Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Os fondos propios e o resultado medio por empresa seguen unha tendencia un tanto errática, con altos e baixos nos dous casos nestes catro anos. Pola contra, os fondos propios incrementáanse ao longo destes catro anos, cunha taxa de crecemento do 20 % entre 2006 e 2009.

Para rematar con este apartado, cómpre apuntar que o capital social actual destas compañías ascende a 25 300 euros, catro veces máis que o de constitución, que sería de case 5800 euros. As menores necesidades de equipamentos destas empresas

poderían influír no feito de que na actualidade as novas constituicións estanse a levar a cabo cun capital social menor.

Gráfico 212. Evolución do resultado por empregado e por empresa e do resultado medio das empresas de fotografía no Norte. 2006-2009



### 5.10.3 O emprego na fotografía na rexión Norte

Na rexión Norte de Portugal as empresas dedicadas á prestación de servizos fotográficos contaban no ano 2009 con arredor de 620 empregos en equivalente a tempo completo, o que supón un sensible retroceso con respecto ao ano anterior (-3,04 %).

Táboa 156. Evolución do emprego das empresas de fotografía no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	536	606	630	622
Cadro medio	3,19	3,28	3,15	3,00

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A xulgar polos datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego nos servizos fotográficos no Norte de Portugal é crecente entre 2006 e 2008 (e pasa de 536 traballadores en 2006 a 630 en 2008, aumentando nun 17 %) e cae lixeiramente en 2009, como se comentou anteriormente.

Gráfico 213. Evolución do emprego nas empresas de fotografía da rexión Norte. 2006-2009





Gráfico 214. Evolución do cadro medio das empresas de fotografía no norte luso. 2006-2009



Como xa se comentou para o caso galego, habería que ter en conta o elevado peso que os empresarios individuais e traballadores independentes poderían ter neste

sector, tanto pola dificultade para acceder aos seus datos (por non ter a obriga de depositar as contas no Rexistro Comercial, vía Depósito de Prestación de Contas e IES, fonte fundamental de información para este estudo), como pola necesidade de considerar a eses traballadores por conta propia que neste sector constitúen un colectivo de tanto peso.

Respecto ao cadro medio das empresas desta rama, permanece máis ou menos estable, roldando estes catro anos os tres traballadores por conta allea equivalentes a tempo completo por empresa, cifras moi similares ás destas empresas en Galicia.

Finalmente, recóllense en dúas táboas as principais magnitudes dos servizos de fotografía na rexión Norte de Portugal entre os anos 2006 e 2009, na que se aprecian as variacións de tendencia en moitas das variables nestes catro anos. Seguidamente aparecen as principais magnitudes dos servizos de fotografía no Norte portugués para o ano 2009, ofrecendo deste xeito unha visión estática para o último ano dispoñible.

Táboa 157. Principais magnitudes das empresas de fotografía no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	19.809.218	-1.168.268	622	222	95.697	31.848	-6.085	-1.878	3,00
Fotografía	19.809.218	-1.168.268	622	222	95.697	31.848	-6.085	-1.878	3,00

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 158. Principais magnitudes das empresas de fotografía da rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	16.748.274,00	18.970.755,00	20.430.798,00	19.809.218,00
Resultado total	-606.280,00	-152.091,00	-551.950,00	-1.168.268,00
Emprego total	536,00	606,00	630,00	622,00
Fondos propios medios	32.885,88	34.666,17	39.289,26	39.528,38
Activo total medio	158.861,20	165.893,79	164.199,93	168.639,04
Rendibilidade económica media	-10,08%	-11,60%	-59,77%	-11,65%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.11 OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA MUSICAL NO NORTE DE PORTUGAL

A continuación, o sector das ICC que se vai comentar é o da industria musical na rexión Norte de Portugal. Nel recóllense as principais conclusións a partir dos datos das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CAE na base de datos BvD SABI e só para as actividades principais. Os códigos considerados corresponden ás actividades de Reprodución de soportes gravados (18.200) e Actividades de gravación musical (59.200) en canto á creación e distribución de soportes gravados; Fabricación de instrumentos musicais (32.200) na produción; o Comercio polo miúdo de música e vídeo (47.630) e Xestión de salas e espectáculos na comercialización e a organización de actos; e a Creación artística e literaria (90.030) no referido á parte creativa e de interpretación.

Gráfico 215. Distribución dos axentes na industria musical no Norte de Portugal segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 216. Distribución por NUTS III dos axentes da industria musical no Norte de Portugal. 2009



Como xa se aprecia no gráfico que se achega, a categoría con maior presenza no tecido empresarial da industria musical na rexión Norte é o de actividades auxiliares (montaxe, loxística, electricidade, son, aluguer de equipos etc.), co 31 % das empresas, seguido do dedicado á comercialización de soportes gravados ou instrumentos musicais, que supón un 23 %. Con pesos menores estarían os estudos de gravación (12 %), a representación de artistas (8 %), o ensino relacionado coa música e a fabricacións de instrumentos (7 % cada unha delas) e a interpretación musical (6 %).

Como xa se comentou anteriormente para outros sectores, habería que ter en conta o elevado peso que os empresarios individuais e traballadores independentes poderían ter neste sector, tanto pola dificultade para acceder aos seus datos (por non ter a obriga de depositar as contas no Rexistro Comercial, vía Depósito de Prestación de Contas e IES, fonte fundamental de información para este estudo), como pola necesidade de considerar a eses traballadores por conta propia que neste sector constitúen un colectivo de tanto peso. De igual forma, a interpretación musical inclúe, frecuentemente, axentes que desenvolven actividade neste eido e que o fan baixo a

forma de asociacións e outras formas de sociedades non mercantís, polo que non se dispón de datos deles.

E seguindo cos datos extraídos da explotación estatística da base de datos do estudo, é posible analizar a distribución por NUTS III das empresas da industria musical da rexión Norte de Portugal. Grande Porto acolle o 51 % dos axentes da mostra, converténdose na demarcación máis numerosa (como xa vén ocorrendo con outras das ICC nesta rexión). Ave é a seguinte, co 10 %, seguida de Minho-Lima e Alto-Tras-os-Montes, co 9 % cada unha delas, e Cávado, co 8 %. Por cidades, Porto é a localización escollida por 22 empresas da mostra (24,72 %), Vilanova de Gaia por 9 (10,11 %) e Braga e Maia por 5 cada unha delas (5,62 % respectivamente).

A continuación detállanse as principais variables económicas da industria musical no Norte de Portugal para os anos 2006 e 2009.

Táboa 159. Grandes magnitudes das empresas da industria musical do Norte de Portugal. 2006-2009

Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	24.547.262	28.332.948	15,42%	747.899	703.552	-5,93%
Actividades auxiliares	3.924.377	7.088.189	80,62%	550.967	247.889	-55,01%
Aluguer e venda de equipos	n.d.	612.694	-	n.d.	1.841	-
Comercialización	12.170.519	7.436.856	-38,89%	85.542	39.690	-53,60%
Discográfica	92.172	83.547	-9,36%	20.888	5.145	-75,37%
Ensino	40.740	441.180	982,92%	-7.370	-56.507	-666,72%
Estudios de gravación	1.444.980	1.543.692	6,83%	54.524	70.282	28,90%
Fabricación de instrumentos	2.217.580	2.588.209	16,71%	43.706	7.776	-82,21%
Interpretación	230.087	234.264	1,82%	97.035	106.648	9,91%
Organización de actos	312.761	278.321	-11,01%	15.186	32.669	115,13%
Representación de artistas	2.832.412	5.949.480	110,05%	-112.579	234.952	-
Asociacións e institucións	1.281.634	2.076.516	62,02%	n.d.	13.167	-
Subsector	Empregados			N.º de empresas		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	228	563	146,93%	67	89	32,84%
Actividades auxiliares	37	68	83,78%	16	27,00	68,75%
Aluguer e venda de equipos	n.d.	10	-	n.d.	1,00	-
Comercialización	67	64	-4,48%	17	20,00	17,65%
Discográfica	1	1	0,00%	1	1,00	0,00%
Ensino	2	86	4200,00%	4	6,00	50,00%
Estudios de gravación	27	30	11,11%	10	11,00	10,00%
Fabricación de instrumentos	69	82	18,84%	5	6,00	20,00%
Interpretación	9	9	0,00%	4	5,00	25,00%
Organización de actos	3	7	133,33%	3	4,00	33,33%
Representación de artistas	13	15	15,38%	6	7,00	16,67%
Asociacións e institucións	n.d.	191	-	1	1	0,00%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais

A data media de constitución para estas empresas é 1999. En particular, o 58,63 % das da mostra é posterior ao ano 2000, o que evidencia unha elevada xuventude no tecido empresarial da industria da música no norte luso. Só o 5,62 % é anterior a 1980, unha porcentaxe superior á galega, pero que aínda así resulta baixa. Ademais, a taxa de crecemento das empresas do tecido da industria musical galega para o período 2006-2009 foi do 32,84 %.

Para levar a cabo os cálculos da importancia económica deste sector considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles do ano 2008, pero aínda non de 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento cero, polo que o dato incorporado será o do ano anterior, como xa se vén facendo para outros sectores<sup>72</sup>.

### 5.11.1 O volume de negocio da industria musical no Norte de Portugal

A industria musical xerou no Norte portugués no ano 2009 un volume de ingresos de 42,3 millóns de euros, o que representa unha variación do -0,2 % con respecto ao ano anterior e do 72,15 % en relación con 2006.

De acordo cos datos correspondentes a estes anos, queda clara unha tendencia sensiblemente crecente ou de certa estabilidade nos últimos tres anos dispoñibles, dado que entre 2006 e 2009 a taxa de variación foi só dun 2,4 %. Este estancamento parece non responder á tónica xeral das ICC no Norte de Portugal neste intervalo de tempo, e non se corresponde coa evolución do sector en Galicia.

Táboa 160. Evolución da facturación das empresas da industria musical do Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	24.547.262	41.266.038	42.341.646	42.257.602
Facturación por empresa	423.229	417.802	360.237	345.524
Facturación por empregado	107.663	129.361	80.193	75.058

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais

Se esta análise se fai en relación coa actividade principal de cada unha das empresas da mostra, resulta que a que ostenta un maior peso relativo na facturación total é a de comercialización de soportes gravados e instrumentos, co 26 % do total, seguida de cerca polas actividades auxiliares e de apoio, co 25 %, e a representación de artistas, co 21 %. As asociacións e institucións, aínda sendo unha categoría que fai referencia máis ao tipo de axente que á actividade que desenvolve, supoñen o 7 %, que se corresponde cos ingresos da Fundación Casa da Música.

Pero estes pesos mudaron nestes catro anos obxecto de análise, de xeito que en 2006 a comercialización de soportes gravados e instrumentos representaba o 50 % dos ingresos, mentres que as actividades auxiliares e de apoio supoñían só un 16 % e a representación de artistas o 12 %. Como explicación a estes cambios, cabería apuntar a caída das vendas de soportes gravados, xa sexa polo efecto negativo da piratería ou pola actual conxuntura económica que contrae o gasto das familias en

<sup>72</sup> En total son 8 as empresas para as que se estiman os datos de 2009 para facturación e emprego a partir de 2008.

lecer. Por outra banda, a maior importancia relativa actual das actividades de apoio apunta cara a unha maior madurez do sector que tende a externalizar algunhas das súas funcións, como pode ser a parte de loxística, a montaxe, a xestión dos equipamentos, as infraestruturas etc.

Gráfico 217. Evolución da facturación das empresas da industria musical do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 218. Distribución por actividade da facturación da industria musical do Norte de Portugal. 2009



A facturación por empresa na industria musical no Norte de Portugal caeu nestes catro últimos anos, de xeito que pasou de 0,423 millóns de euros en 2006 a 0,345 en 2009, o que supón unha caída do -30,28 % neste intervalo. Isto obedece fundamentalmente a que o ritmo de creación de empresas na industria musical portuguesa é superior á taxa de crecemento do volume de ingresos por unha contracción no consumo das familias e dos presupostos das administracións, como xa se comentou para o caso galego. A maior facturación media, deixando á parte a Fundación Casa da Música pola súa maior dimensión, corresponde á representación de artistas, con 991 580 euros. Por riba da media estarían tamén o aluguer e venda de equipos (612 694 euros), fabricación de instrumentos (431 368 euros) e comercialización de soportes gravados e instrumentos (413 158 euros).

A facturación por empregado, que creceu entre 2006 e 2007, leva desde entón caendo e en 2009 alcanza un valor de 75 058 euros. O máximo do intervalo corresponde ao ano 2007, con 129 361 euros.

### 5.11.2 O resultado de explotación da industria da música no Norte portugués

O resultado global antes de impostos da industria musical na rexión Norte de Portugal ascende no ano 2009 a 0,7 millóns de euros, o que representa un incremento do 81,71 % con respecto ao ano anterior e supón volver case ás cifras de 2006. De feito, nestes catro anos a caída dos beneficios globais ascende ao 5,93 %, e o máximo alcánzase en 2008, con 0,85 millóns de euros de resultado.



Táboa 161. Evolución do resultado antes de impostos das empresas da industria musical do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	747.899,00	849.971,00	387.186,00	703.552,00
Resultado por empresa	12.260,64	13.076,48	4.780,07	9.257,26
Resultado por empregado	3.280,26	2.664,49	733,31	1.249,65

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Desta cifra agregada, só as empresas dedicadas ao ensino relacionado coa música obteñen perdas antes de impostos en 2009, con -56 500 euros. Son as destinadas ás actividades auxiliares e de apoio as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos, con 0,248 millóns de euros. Os seguintes grupos de empresas serían os que prestan servizos de representación de artistas, que alcanzaron un resultado antes de impostos de 0,234 millóns de euros, e o de interpretación musical, con 0,107 millóns.

Na comparación dos valores e a repartición do resultado contable entre as distintas actividades entre 2006 e 2009, resulta que nestes catro anos foron gañando peso nos beneficios globais as actividades relacionadas coa representación e a organización de actos musicais ou os estudos de gravación, mentres que as de apoio, de comercialización e de fabricación de instrumentos caen nos seus valores absolutos e relativos.

Polo que se refire aos resultados medios por empresa, en 2009 ascenden a 9 257,26 euros. A traxectoria desta variable comeza sendo crecente, para caer de xeito importante en 2008 e alcanzar un mínimo de 4780 euros e volver a recuperarse en 2009. O valor medio máis elevado corresponde á representación de artistas, con 39 160 euros, seguido pola interpretación musical, con 26 660 euros. Cómpre comentar que en 2006 o beneficio por empresa de maior valor correspondía ás actividades auxiliares e de apoio.

O resultado por empregado para estes catro anos cae de xeito importante entre 2006 e 2008, aínda que xa en 2009 mostra visos de recuperación, ao lograrse 1250 euros por traballador, a metade que en 2007 e 2,6 veces menos que a de 2006.

Gráfico 219. Evolución do resultado antes de impostos das empresas da industria musical do Norte. 2006-2009





Gráfico 220. Evolución do resultado por empresa e por empregado das empresas da industria musical do Norte. 2006-2009



En calquera caso, hai que sinalar que a conxuntura económica xeral, a caída das vendas da música en soporte físico e o menor gasto das administracións na organización de actos culturais (entre os que se atopa a música), e, polo tanto, a menor demanda tanto destes servizos como dos de apoio estarían detrás desta evolución adversa dos valores relacionados co resultado das empresas.

En canto ás principais variables financeiras das empresas deste sector, e deixando de lado os valores de 2006 nos que faltan datos dalgúns dos axentes máis grandes, o que desvirtúa os valores, apréciase unha caída en 2008 e unha posterior recuperación en 2009, en que fondos propios e activo total logran un valor medio de 1,6 e 1,9 millóns de euros respectivamente.

Táboa 162. Evolución dalgunhas das variables financeiras das empresas da industria musical do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	93.155,13	1.904.331,77	1.519.061,85	1.618.950,99
Activo total medio	305.600,11	2.209.737,09	1.749.542,78	1.899.829,96
Resultado medio	12.260,64	13.076,48	4.780,07	12.260,64
Rendibilidade económica	-2,99%	-13,39%	-7,16%	-3,98%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A rendibilidade económica media é crecente aínda que de signo negativo nos tres últimos anos, e adopta o valor de -3,98 % en 2009, mellorando de xeito importante a de 2007, que foi de -13,39 % e marcou o mínimo do período.

Finalmente, o capital medio actual das empresas da mostra que adoptan a forma mercantil ascende 98 460 euros.

### 5.11.3 O emprego da industria musical no Norte de Portugal

A industria musical na rexión Norte de Portugal foi capaz de xerar en 2009 un volume equivalente a tempo completo de 563 postos de traballo, o que representa unha variación sobre o ano anterior do 6,63 e confirma a importancia que está a cobrar este sector como xerador de emprego en Portugal, considerando o incremento do 65,5 % no número de traballadores en 2007-2008.

Así pois, e a xulgar polos datos recollidos na táboa que se achega, a tendencia do emprego na industria musical da rexión Norte portuguesa é claramente crecente desde 2006, e pasa de 228 traballadores en 2006 a 563 en 2009.

Táboa 163. Evolución do emprego das empresas da industria musical no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego	228	319	528	563
Cadro medio	4,15	5,41	7,23	7,22

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

No caso da música trátase dun sector cun elevado índice de temporalidade no emprego, por estar moi vinculado ás producións ou á celebración de actos concretos (máis frecuentes nos meses de verán, cun prazo moi determinado). Pero faise necesario comentar o alto movemento de contratacións laborais deste sector, sobre todo no que se refire á celebración de macroconcertos e festivais e a organización das festas populares ou verbenas.

Gráfico 221. Evolución do emprego na industria musical do Norte de Portugal. 2006-2009






Gráfico 222. Distribución do emprego por actividade na industria musical do Norte de Portugal. 2009



En 2009 é a categoría de asociacións e institucións a que presenta un maior peso relativo no volume total de emprego, cun 34 % dos traballadores, aínda que esta importancia é consecuencia da cifra de empregados da Fundación Casa da Música. Seguirían, por orde decrecente, a fabricación de instrumentos e o ensino relacionado coa música (co 15 % cada unha delas), as actividades auxiliares (iluminación, son, aluguer de equipos etc.), cun 12 %, e a comercialización de soportes gravados e de instrumentos, co 11 %. Pero no ano 2006 estes pesos relativos eran un tanto distintos, e a categoría con maior presenza no emprego total era a de fabricación de instrumentos, co 30 %, e a comercialización, tanto de soportes gravados como de instrumentos, co 29 %. Estas dúas actividades representaban daquela o 60 % do volume de traballadores nesta industria no Norte luso, concentración que foi diminuindo ao longo destes catro anos. Tamén caeron nas súas porcentaxes de participación no total os estudos de gravación (que en 2006 supoñían o 12 %) e as actividades auxiliares (16 %).

En relación co cadro de persoal destas empresas, nestes catro anos pasa de 4 a 7 empregados por empresa como media. Deixando novamente de lado o caso da Fundación Casa da Música, clasificada dentro da categoría de asociacións e institucións, e que adopta unha dimensión moi superior á do resto do sector, o maior cadro medio nas empresas do sector no ano 2009 corresponde ao ensino relacionado coa música, con 14,33 traballadores. A continuación estaría a fabricación de instrumentos, con 13,67 empregados, e o aluguer e venda de equipos, con 10. Pola contra, as discográficas (un traballador), as de organización de actos musicais (2,33), as de servizos de representación de artistas (2,50), actividades auxiliares (2,96) e estudos de gravación (3) son as de menor dimensión media en canto ao emprego.

Gráfico 223. Comparación dos cadros medios na industria musical no Norte de Portugal. 2009



A continuación preséntanse as táboas co resumo das principais magnitudes das industrias musicais na rexión Norte de Portugal. Na primeira delas ofrécese unha imaxe fixa para o ano 2009 co valor das principais variables económicas segundo a actividade principal desenvolvida e, deseguido, outra coa evolución no intervalo 2006-2009 dalgunhas das principais variables económico-financeiras destes axentes.

Táboa 164. Grandes magnitudes da industria musical na rexión Norte. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio
Total	28.332.948	703.552	563	89	345.523,76	50.324,95	9.257,26	1.249,65	7,22
Actividades auxiliares	7.088.189	247.889	68	27	272.622,65	104.238,07	10.328,71	3.645,43	2,96
Aluguer e venda de equipos	612.694	1.841	10	1	612.694,00	61.269,40	1.841,00	184,10	10,00
Comercialización	7.436.856	39.690	64	20	413.158,67	116.200,88	2.334,71	620,16	3,56
Discográfica	83.547	5.145	1	1	83.547,00	83.547,00	5.145,00	5.145,00	1,00
Ensino	441.180	-56.507	86	6	73.530,00	5.130,00	-11.301,40	-657,06	14,33
Estudios de gravación	1.543.692	70.282	30	11	154.369,20	51.456,40	8.785,25	2.342,73	3,00
Fabricación de instrumentos	2.588.209	7.776	82	6	431.368,17	31.563,52	1.296,00	94,83	13,67
Interpretación	234.264	106.648	9	5	58.566,00	26.029,33	26.662,00	11.849,78	3,00
Organización de actos	278.321	32.669	7	4	92.773,67	39.760,14	10.889,67	4.667,00	2,33
Representación de artistas	5.949.480	234.952	15	7,00	991.580,00	396.632,00	39.158,67	15.663,47	2,50
Asociacións e institucións	2.076.516	13.167	191	1	2.076.516,00	10.871,81	13.167,00	68,94	191,00

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Táboa 165. Grandes magnitudes da industria musical na rexión Norte. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	24.547.262,00	26.321.532,00	28.098.496,00	28.332.948,00
Resultado total	747.899,00	849.971,00	387.186,00	703.552,00
Emprego total	228,00	319,00	528,00	563,00
Fondos propios medios	93.155,13	1.904.331,77	1.519.061,85	1.618.950,99
Activo total medio	305.600,11	2.209.737,09	1.749.542,78	1.899.829,96
Rendibilidade económica	-2,99%	-13,39%	-7,16%	-3,98%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.12 OS DATOS ECONÓMICOS DA INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO NO NORTE DE PORTUGAL

A análise desenvolvida para a extracción das conclusións recollidas neste apartado fai referencia ás empresas que operan baixo os códigos de actividade do grupo 18.1 (Impresión de xornais, Outras actividades de impresión e artes gráficas, Actividades de preimpresión e preparación de soportes e Encadernación e servizos relacionados con ela) ou do 58.1 (Edición de libros, Edición de xornais, Edición de revistas e Outras actividades editoriais), ademais da parte de comercialización recollida no código 47.610 (Comercio polo miúdo de libros) e a creativa do 90.030 (Creación artística e literaria). Estas empresas enmárcanse dentro do círculo de actividades culturais, e corresponden ás fases de produción e distribución, xunto coa parte de comercialización.

En total, operan no sector gráfico e editorial do Norte de Portugal 1338 empresas, que ofrecen servizos de impresión, rotulación, serigrafía, acabados, edición e impresión de xornais, revistas e libros ou comercialización de libros, xornais e revistas. Na táboa que se presenta ao final deste apartado vén recollida a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo, segundo a súa actividade principal.

Como se aprecia no gráfico que se achega, de entre as empresas que forman parte da base de datos manexada para a extracción destes datos, o 41 % dedícase á prestación de servizos de comercialización de libros, xornais e revistas, o que deixa ver que unha boa parte das empresas deste sector no Norte de Portugal non crea contidos senón que participa nas etapas de difusión destes. Os seguintes grupos máis numerosos corresponden á preimpresión (12 %) e a impresión e as artes gráficas (10 %), ademais dos servizos auxiliares que constitúen o segundo grupo máis numeroso (21 %).

Gráfico 224. Distribución das empresas do produto gráfico no Norte de Portugal segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 225. Distribución por NUTTS III das empresas do produto gráfico do Norte de Portugal. 2009



Respecto á distribución destas empresas de acordo coa súa localización, a NUT III de Grande Porto aglutina máis da metade dos axentes incluídos na mostra. Con pesos relativos moito máis baixos estarían Ave e Cávado (10 %), Entre Douro e Vouga (8 %)

e Tábrega (7 %). En relación coas localidades con maior presenza de compañías deste sector, Porto é a que acolle a un maior número de empresas no seu termo municipal, co 20,18 %, seguida de Vila Nova de Gaia, co 8,07 %. Se ben é certo que todas as entidades municipais contan, polo menos, cun quiosco ou unha librería onde se venden os xornais, o que facilita a dispersión xeográfica da mostra, tamén é verdade que os polos industriais atraen outras empresas dedicadas ao deseño e fabricación de embalaxes, a impresión de xornais ou revistas, a distribución ou os acabados.

A continuación detállanse as principais variables económicas da industria gráfica da rexión Norte de Portugal.

Táboa 166. Grandes magnitudes das empresas da industria do produto gráfico do Norte luso. 2006-2009


Subsector	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	705.246.891	729.691.332	3,47%	15.814.755	30.912.600	95,47%
Acabados	503.946	430.967	-14,48%	-80.609	-20.575	74,48%
Comercialización	94.677.835	96.633.579	2,07%	693.024	-203.396	-
Edición de libros	104.277.298	127.238.250	22,02%	14.483.331	24.230.300	67,30%
Edición e impr. de revistas	8.519.258	9.127.847	7,14%	-164.114	182.374	-
Edición e impr. de xornais	180.724.523	150.520.848	-16,71%	-12.215.169	-7.021.474	42,52%
Ensino	324.146	223.103	-31,17%	16.292	4.988	-69,38%
Impr. e artes gráficas	116.236.190	111.982.345	-3,66%	10.018.059	10.293.082	2,75%
Outros servizos auxil.	165.274.152	192.324.602	16,37%	2.687.140	2.954.489	9,95%
Embalaxe	1.773.038	1.416.585	-20,10%	54.978	21.393	-61,09%
Preimpresión	24.774.258	31.187.073	25,88%	406.323	238.741	-41,24%
Rotulación	7.192.269	7.858.726	9,27%	-47.683	130.883	-
Serigrafía	969.978	747.407	-22,95%	-36.817	101.795	-
Subsector	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	8.609	8.806	2,29%	1.183	1.338	13,10%
Acabados	23	24	4,35%	2	3	50,00%
Comercialización	1.092	1.125	3,02%	482	531	10,17%
Edición de libros	487	550	12,94%	50	62	24,00%
Edición e impr. de revistas	172	202	17,44%	48	60	25,00%
Edición e impr. de xornais	1.622	1.533	-5,49%	76	85	11,84%
Ensino	5	5	0,00%	1	1	0,00%
Impr. e artes gráficas	2.019	1.911	-5,35%	128	134	4,69%
Outros servizos auxil.	2.362	2.589	9,61%	231	280	21,21%
Embalaxe	49	42	-14,29%	3	3	0,00%
Preimpresión	642	684	6,54%	144	161	11,81%
Rotulación	136	119	-12,50%	13	13	0,00%
Serigrafía	31	22	-29,03%	5	5	0,00%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O ano de constitución destas empresas é, en termos medios, o 1994, o que denota a madurez deste sector, nomeadamente nas actividades de deseño e fabricación de embalaxes (cunha media na data de creación que se remonta a 1983) e impresión e artes gráficas (1984). O 13,60 % do total do tecido empresarial deste sector púxose en marcha antes de 1980, porcentaxe elevada en relación con outras actividades tanto no lado galego como no luso. Por outra banda, o 44,39 % é de entre 2001 e 2010, o que evidencia que o sector segue a resultar atractivo, porque aínda se constitúen empresas. Finalmente, a taxa de crecemento no número de empresas para o período 2006-2009 foi do 15,54 %.

Gráfico 226. Distribución das empresas de produto gráfico no Norte de Portugal segundo a data de constitución



Para levar a cabo os cálculos da importancia económica destas empresas de artes gráficas e edición na rexión Norte considerouse que para cada unha delas das que había datos dispoñibles para o ano 2008 pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento cero, polo que o dato incorporado será o do ano anterior<sup>73</sup>.

### 5.12.1 O volume de negocio das empresas do produto gráfico do Norte de Portugal

A industria gráfica do Norte de Portugal xerou en 2009 un volume de negocio total de 729,7 millóns de euros, o que representa unha variación negativa do -4,16 % sobre o ano 2008, e un incremento do 3,47 % desde 2006. O máximo do intervalo 2006-2009 dáse en 2008, con 761,4 millóns de euros facturados.

Táboa 167. Evolución da facturación das empresas do produto gráfico no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación	705.246.891	737.839.712	761.350.733	729.691.332
Facturación por empresa	662.826	662.334	658.039	610.620
Facturación por empregado	81.626	83.362	86.341	82.863

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

<sup>73</sup> En total son 89 as empresas para as que se estiman os datos de 2009 para facturación e emprego a partir de 2008.



Dado que en moitas ocasións os clientes das empresas do sector gráfico adoitan ser outras empresas do tecido produtivo (para encargos de cartelería empresarial, envases e embalaxes, identidade corporativa, rotulación, serigrafía ou cartón fino etc.) ou, en menor medida, a Administración (cartelería, publicacións oficiais etc.), a caída na renda das familias e a redución dos presupostos das Administracións están detrás desa caída do volume de negocio deste sector no último ano dispoñible. Tamén se está a dar un descenso no número de lectores de xornais e revistas en formato tradicional (papel) en favor do electrónico, e o libro electrónico asoma timidamente como ameaza a este potente mercado das editoriais.

Son os servizos auxiliares e de apoio os que teñen un peso relativo maior dentro dos ingresos deste sector, co 26 %. Deseguido estarían a impresión e edición de xornais, co 21 %, a edición de libros, co 18 %, e a impresión e as artes gráficas en xeral, co 15%. De feito, a impresión e as AA.GG. e os servizos de apoio xeran case a metade dos ingresos deste sector.

Gráfico 227. Evolución da facturación das empresas do produto gráfico no Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 228. Distribución do peso das distintas actividades dentro da facturación do produto gráfico no Norte. 2009




É necesario comentar como esta repartición dos pesos de cada actividade na facturación total pouco variou nestes catro anos, e só cabe mencionar a perda de peso relativo de todo o relacionado con xornais (que pasan do 26 ao 21 %), e o movemento inverso na edición de libros (vai do 15 ao 18 %) e nos servizos de apoio (do 23 ao 26 %). Estes cambios nos pesos relativos das distintas actividades estarían fundamentados na caída na venda de xornais (e o incremento de lectores destes en formato electrónico), a mellora nos índices de hábitos de lectura da poboación<sup>74</sup>, a aparición do libro electrónico, a cada vez maior presenza da impresión dixital (incluso dentro do tecido produtivo alleo a este sector), a preocupación crecente das empresas pola súa identidade corporativa etc.

Por outra banda, da comparación das facturacións medias por empresa para cada unha das actividades, resulta como primeira conclusión a elevada heteroxeneidade en canto ao tamaño e tipo de empresas que se enmarcan dentro deste sector, no que

<sup>74</sup> O Plan Nacional de Lectura presentado recentemente mostrou datos dun estudo, realizado polo Instituto Superior de Ciencias do Traballo e da Empresa, que revela que nos últimos cinco anos (entre 2006 e 2011) a percepción da importancia da lectura aumentou un 20 % nos mozos e mozas entre os 15 e os 24 anos.

conviven compañías de edición ou impresión de xornais de gran dimensión con empresarios autónomos e pequenas empresas dedicadas á impresión ou ás artes gráficas ou pequenas editoras altamente especializadas.

Gráfico 229. Comparación das facturacións medias por empresa na industria do produto gráfico no Norte de Portugal. 2009



Xa se comentou a dimensión dos axentes cuxas actividades xiran ao redor da edición de libro e dos xornais, como evidencian os 2,4 e 2,2 millóns facturados de media respectivamente. Por riba da media (0,61 millóns de euros) están tamén os axentes de impresión e artes gráficas (0,9), outros servizos auxiliares (0,8) e rotulación (0,7).

En canto á facturación por empregado, o valor desta variable segue unha traxectoria crecente nos tres primeiros anos cun máximo de 86 341 euros en 2008, e varía entre os 81 626 euros de 2006 aos 82 863 de 2009. A media máis alta de facturación por empregado corresponde á rama de edición de libros, con 231 342 euros.

### 5.12.2 O resultado de explotación da industria do produto gráfico no Norte de Portugal

O resultado global antes de impostos das empresas que operan no sector do produto gráfico portugués elevouse a 30,9 millóns de euros no exercicio de 2009, o que supón un incremento do 61,87 % sobre o ano anterior e do 95,47 % desde 2006 e representa unha importante mellora nesta variable.

Táboa 168. Evolución do resultado antes de impostos das empresas do produto gráfico do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	15.814.755,00	29.743.294,00	19.096.741,00	30.912.600,00
Resultado por empresa	14.616,22	26.044,92	16.156,30	27.356,28
Resultado por empregado	1.830,41	3.360,44	2.165,65	3.510,40

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi


Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Contrariamente ao que viña ocorrendo coa facturación deste sector na rexión Norte, que mostra unha certa caída, os resultados increméntanse de xeito importante, o que pode ser debido a un aumento da produtividade dos traballadores, á redución dos custos, ao crecemento das marxes ou á introdución de innovacións e melloras tecnolóxicas que poden significar progresos no desenvolvemento da actividade da empresa.

Dentro desta tendencia xeral de crecemento dos resultados, en 2008 prodúcese un retroceso no valor desta variable, por un forte aumento das perdas antes de impostos das empresas dedicadas á impresión e a edición de xornais e un cambio de signo dos resultados da impresión e edición de revistas e na rotulación. Os datos de 2009 supoñen ademais unha recuperación da senda de crecemento, pero practicamente volver ás cifras de 2007.

Nestas cifras globais positivas, a edición e impresión de xornais, a comercialización de libros, xornais e revistas e as actividades de acabado non son capaces de extraer resultados positivos do desenvolvemento da súa actividade, o que, en calquera caso, non empaña as boas cifras do sector do produto gráfico na rexión Norte portuguesa. Novamente a edición de libros e a impresión e as artes gráficas en xeral teñen o maior peso relativo nos beneficios totais, ao que habería que engadir a contribución dos servizos auxiliares e de apoio. Pero, a pesar deste incremento dos beneficios globais das empresas do sector de edición e gráfico, non se debe deixar de lado, por unha parte, o aumento de lectores da prensa dixital e a caída nas vendas de exemplares de xornais en formato tradicional, e a diminución na actividade económica que trae consigo un descenso da demanda de servizos de artes gráficas e impresión.

Gráfico 230. Evolución do resultado antes de impostos na industria do produto gráfico da rexión Norte. 2006-2009



Tanto o resultado medio por empresa como por empregado seguen unha tendencia bastante similar, crecente o primeiro ano, decrecente o segundo e de recuperación (ou incluso crecemento) en 2009 con respecto ao ano anterior. Neste caso tamén cómpre facer un comentario acerca da heteroxeneidade destas empresas do sector do produto gráfico, circunstancia común ao resto do Estado, onde grandes rotativos de xornais e importantes editoriais conviven con pequenas empresas de artes gráficas.

O caso é que en 2009 os beneficios por empregado para as actividades recollidas baixo a categoría do produto gráfico ascenden a 3510 euros por traballador, e por empresa serían de 27 356 euros por compañía. As perdas por empresa máis

importantes son as das industrias de edición e impresión de xornais (-254 009), e os beneficios de maior volume son os das de edición de libros (393 859).

Táboa 169. Evolución dalgunhas das variables financeiras das empresas do produto gráfico do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Fondos propios medios	291.631,81	296.865,89	291.857,91	338.210,72
Activo total medio	742.523,16	745.176,58	736.188,88	784.896,75
Resultado medio	14.616,22	26.044,92	16.156,30	27.356,28
Rendibilidade económica	-3,52%	-6,14%	-4,83%	-2,66%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

En relación coas principais variables financeiras das empresas deste sector, apréciase unha caída en 2008 e unha posterior recuperación en 2009, en que fondos propios e activo total logran un valor medio de 0,338 e 0,785 millóns de euros respectivamente.

A rendibilidade económica media é crecente desde 2007, aínda que de signo negativo nos catro anos obxecto de análise, e adopta o valor de -2,66 % en 2009, mellorando sensiblemente a de 2007 e 2008 ou incluso de 2006.

Finalmente, o capital medio actual das empresas da mostra que adoptan a forma mercantil ascende 62 742 euros, unha media inferior á galega.

### 5.12.3 O emprego da industria gráfica no Norte de Portugal

O sector do produto gráfico na rexión Norte de Portugal foi quen de xerar en 2009 un volume equivalente a tempo completo de 8806 postos de traballo, o que supón un descenso sobre o ano anterior de apenas o -0,14 % e un incremento do 1,92 % desde o ano 2006.

Táboa 170. Evolución do emprego das empresas do produto gráfico do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	8.640	8.851	8.818	8.806
Cadro medio	8,39	8,23	7,87	7,59

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A xulgar polos datos recollidos na táboa adxunta, a tendencia do emprego no sector do produto gráfico portugués, que viña sendo crecente nos dous primeiros anos de intervalo, parece estabilizarse en torno aos 8800 empregados aproximadamente. O máximo corresponde ao ano 2007 con 8851 traballadores dedicados a estas actividades.

A industria cun maior peso relativo no total do emprego deste sector é a correspondente á categoría de actividades auxiliares e de apoio, cun 29 % dos traballadores equivalentes a tempo completo. O seguinte grupo sería o de impresión e artes gráficas, co 22 %, e despois o de edición e impresión de xornais, co 17 %. As

tarefas de comercialización de libros e xornais ocupan ao 13 % dos empregados do sector. Esta distribución do peso das distintas categorías de actividade empregadas non resulta moi diferente no ano 2006, e só se observan pequenos cambios en edición e impresión de xornais, que cae dous puntos porcentuais, ou impresión e artes gráficas que perde un punto, fronte a outros servizos auxiliares ou de apoio, que gaña dous.

Gráfico 231. Evolución do emprego das empresas do produto gráfico no Norte de Portugal. 2006-2009






Gráfico 232. Distribución das distintas actividades no emprego do produto gráfico no Norte de Portugal. 2009



Tal e como xa se comentara no caso deste sector en Galicia, o cadro de persoal medio das empresas que operan nalgunhas das categorías de actividade no produto gráfico adquire valores elevados para o que vén sendo habitual no resto das ICC na rexión Norte de Portugal, e presenta un valor de 7,6 traballadores de media por empresa para 2009. Pero esta media esconde unha grande heteroxeneidade dependendo da categoría de actividade na que opere a empresa, de xeito que a edición e impresión de xornais presenta un cadro medio de 23,58 traballadores; a impresión e as artes gráficas en xeral, 15,29; o deseño e fabricación de embalaxes, 14; ou a edición de libros, 12,5; mentres a comercialización de xornais e libros ten en termos medios 2,39 traballadores, ou a edición de revistas 4,39.

Gráfico 233. Comparación dos cadros medios na industria do produto gráfico no Norte de Portugal. 2009



Cómpre comentar ademais que este sector é quizais o que dá máis estabilidade ao emprego, por ter un carácter máis industrial nalgunha das categorías de actividade e non depender da temporalidade das producións como outras industrias creativas, tales como a musical, as artes escénicas ou o audiovisual.

Deseguido recóllense dúas táboas coas principais magnitudes do sector do produto gráfico no Norte portugués que ofrecen unha visión do ano 2009 para as principais magnitudes do sector e a evolución para o intervalo 2006-2009 destas.

Táboa 171. Grandes magnitudes da industria do produto gráfico no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	729.691.332	30.912.600	8.806	1.338	610.620,36	82.862,97	27.356,28	3.510,40	7,59
Acabados	430.967	-20.575	24	3	143.655,67	17.956,96	-6.858,33	-857,29	8,00
Comercialización	96.633.579	-203.396	1.125	531	200.901,41	85.896,51	-449,00	-180,80	2,39
Distrib. de libros e revistas	127.238.250	24.230.300	550	62	2.356.263,89	231.342,27	448.709,26	44.055,09	12,50
Edición de libros	9.127.847	182.374	202	60	178.977,39	45.187,36	4.052,76	902,84	4,39
Edición de revistas	150.520.848	-7.021.474	1.533	85	2.181.461,57	98.187,12	-109.710,53	-4.580,22	23,58
Edición e impr. de xornais	223.103	4.988	5	1	223.103,00	44.620,60	4.988,00	997,60	5,00
Ensino relacionado	111.982.345	10.293.082	1.911	134	895.858,76	58.598,82	86.496,49	5.386,23	15,29
Impresión e artes gráficas	192.324.602	2.954.489	2.589	280	763.192,87	74.285,28	12.310,37	1.141,17	10,27
Outras activ. de edición	1.416.585	21.393	42	3	472.195,00	33.728,21	7.131,00	509,36	14,00
Embalaxe	31.187.073	238.741	684	161	224.367,43	45.595,14	1.822,45	349,04	5,07
Preimpresión	7.858.726	130.883	119	13	654.893,83	66.039,71	10.906,92	1.099,86	9,92
Rotulación	747.407	101.795	22	5	149.481,40	33.973,05	20.359,00	4.627,05	5,50

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais

Táboa 172. Grandes magnitudes da industria do produto gráfico no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	705.246.891,00	737.839.712,00	761.350.733,00	729.691.332,00
Resultado total	15.814.755,00	29.743.294,00	19.096.741,00	30.912.600,00
Emprego total	8.640	8.851	8.818	8.806
Fondos propios medios	291.631,81	296.865,89	291.857,91	338.210,72
Activo total medio	742.523,16	745.176,58	736.188,88	784.896,75
Rendibilidade económica	-3,52%	-6,14%	-4,83%	-2,66%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais

## 5.13 OS DATOS ECONÓMICOS DA PUBLICIDADE NO NORTE DE PORTUGAL

Este apartado está dedicado á publicidade na rexión Norte de Portugal, cuxa información foi extraída fundamentalmente da análise das contas das empresas rexistradas na base de datos creada ad hoc para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas desenvolveuse a partir dunha busca por códigos CAE no Rexistro Comercial a través da base de datos BvD SABI e só para as actividades principais sinaladas por estas.

Para o desenvolvemento desta análise as actividades seleccionadas responden fundamentalmente ao código de actividade 73.110 de Axencias de publicidade, do que foron excluídos os axentes carentes de actividade creativa (como as de aluguer de paneis e espazos publicitarios, fabricación de rótulos ou outras de carácter nomeadamente industrial). Por outra banda, e tal e como xa se fixo no caso galego, as empresas orientadas á publicidade en liña recóllense na base de datos de TIC. Co mesmo criterio, as de servizos integrais e comunicación, cunha forte carga de deseño, están integradas na base de datos deste sector. E finalmente, algunha empresa que realiza publicidade en soporte audiovisual estaría na base de datos desta actividade.

Gráfico 234. Distribución das empresas de publicidade no Norte de Portugal segundo a data de constitución





Gráfico 235. Distribución por NUTS III das empresas de publicidade no Norte de Portugal. 2009



A partir dos datos extraídos da explotación estatística desta base de datos, resulta que na rexión Norte hai no ano 2009 un total de 445 empresas que desenvolven actividade en torno á publicidade. Grande Porto é a demarcación escollida polo 65 % das empresas dedicadas aos temas publicitarios, Cávado acolle o 11 % e Ave o 9 %. A cidade de Porto resulta ser domicilio fiscal do 23,8 % das empresas da mostra, a unha distancia respectable do segundo emprazamento máis frecuente, que é Vila Nova de Gaia, co 10,8 %. Despois estarían Matosinhos e Maia, cun 7,6 e 7 % respectivamente, e Braga co 7, 5%.

En canto á data media de creación destas empresas, esta sitúase en 2002, o que coincide co ano medio de constitución para o contorno galego neste mesmo sector. De feito, o 67,19 % dos axentes da mostra creouse despois do ano 2000 e só o 4,45 % se



constituíu antes da década dos noventa. A taxa de variación do número de empresas que operan nesta rama entre 2006 e 2009 foi do 34,85 %.

A continuación recóllense as principais magnitudes das empresas de publicidade na rexión Norte para o ano 2006 e 2009.

Táboa 173. Principais magnitudes das empresas de publicidade en Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Publicidade	94.352.741	105.963.818	12,31%	2.805.572	3.578.025	27,53%
	Emprego			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Publicidade	1.511	1.635	8,21%	330	445	34,85%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se vén facendo no caso doutros sectores das ICC, para a estimación do volume de negocio e de emprego no eido da publicidade na rexión Norte, e partindo dos datos do Rexistro Comercial, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles referidos ao ano 2008, pero aínda non a 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase de chegar a estimar as principais variables económicas para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>75</sup>.

### 5.13.1 O volume de negocio da publicidade na rexión Norte

O volume de negocio total na rexión Norte de Portugal foi no ano 2009 de 106 millóns de euros, o que supón unha caída do -1,01 % en relación co ano anterior e un crecemento do 12,31 % desde 2006.

Táboa 174. Evolución da facturación das empresas portuguesas do Norte dedicadas á publicidade. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	94.352.741	109.947.055	107.043.044	105.963.818
Facturación por empregado	62.444	71.302	56.697	64.810
Facturación por empresa	313.464	341.450	287.750	278.120

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se recolle na táboa que se achega, o volume de ingresos da publicidade no Norte de Portugal medrou ata alcanzar un máximo de 110 millóns de euros en 2007, para caer posteriormente no ano 2008 e 2009.

En canto á facturación media por empresa, esta incrementábase no período analizado ata o ano 2007, no que alcanza un valor de 341 mil euros, para descender en 2008 ata 288 mil euros e continuar a senda decrecente no ano seguinte (que logra unha

<sup>75</sup> Para levar a cabo a análise económica e financeira das empresas TIC en Galicia foron estimados os datos de facturación e emprego de 50 empresas para 2009.

facturación media de 278 mil euros), dado que a taxa de creación de empresas (34,8 %) é superior ao crecemento dos ingresos (12,31 %).

Gráfico 236. Evolución da facturación das empresas de publicidade do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 237. Evolución da facturación por empresa e por empregado para as industrias de publicidade do Norte de Portugal. 2006-2009



A facturación por empregado segue unha liña errática nos últimos anos, ao pasar de case 62,4 mil euros en 2006 a 71,3 mil en 2007, e seguir caendo ata 56,7 mil en 2008 e descender novamente a 64,8 mil en 2009.

### 5.13.2 O resultado de explotación da publicidade no Norte portugués

O resultado global antes de impostos das empresas de publicidade do Norte portugués foi, no exercicio 2009, de 3,5 millóns de euros, o que representa unha caída do -12,5 % con respecto ao ano anterior e confirma o cambio de tendencia en canto aos resultados contables para estas actividades que se iniciou en 2008 tras o máximo conseguido o ano anterior de 5 millóns de euros. Polo tanto, a taxa de variación do beneficio global deste sector na rexión Norte entre 2007 e 2009 foi do -29 %.

Táboa 175. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de Publicidade no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	2.805.572	5.024.118	4.089.374	3.578.025
Resultado por empregado	1.857	3.258	2.166	2.188
Resultado por empresa	9.021	14.777	10.733	10.432

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Este resultado agregado dá de media un beneficio de 10 400 euros por empresa en 2009, que neste caso resulta inferior ao que corresponde aos dous anos previos, como se recolle na táboa, e estaría relacionado coa actual conxuntura económica que retrae en certa medida ás empresas en canto á súa política de publicidade e comunicación. De feito, o máximo para esta variable no intervalo 2006-2009 dáse en 2007, con case 15 000 euros.

O resultado por empregado nos servizos publicitarios segue nestes catro últimos anos unha tendencia un tanto descontinua, ao pasar de case 1900 euros por traballador en 2006 a pouco menos de 3300 euros en 2007, e volver caer en 2008 a 2200 euros para logo manterse en 2009.

Gráfico 238. Evolución do resultado das empresas de publicidade do Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 239. Evolución do resultado por empresa e por empregado para a publicidade no Norte de Portugal. 2006-2009



Como xa se fixera para o caso galego, faise necesario mencionar a complicada situación económica actual que afecta a todas as empresas, que supón unha contención dos seus gastos xerais e a contracción do seu investimento en comunicación. Por outra banda, a redución dos orzamentos das Administracións públicas trae consigo un descenso na demanda de servizos dalgunhas destas compañías, das que ás veces se converten nos seus principais clientes.

Táboa 176. Evolución das variables financeiras do sector da publicidade no Norte de Portugal. 2006-2009


	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	272.292	278.762	251.974	293.470
Fondos propios medios	52.122	61.849	62.430	70.335
Resultado por empresa	9.021	14.777	10.733	10.432
Rendibilidade media	-7,94%	-12,07%	-10,65%	-5,63%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Polo que se refire ás principais variables financeiras das empresas deste sector na rexión Norte, parece apreciarse, por unha parte, un incremento do activo total destas compañías no intervalo 2006-2009 (cunha certa caída en 2008 que se supera claramente en 2009), ao pasar de 272 300 euros en 2006 a 293 500 en 2009. Pola contra, os fondos propios seguen unha liña regular de crecemento, e alcanzan o máximo do período no ano 2009, con 70 340 euros.

Gráfico 240. Evolución do resultado por empregado e por empresa e do resultado medio das empresas de publicidade no Norte de Portugal. 2006-2009



Pero, a pesar da tendencia crecente do activo total medio destas empresas no intervalo 2006-2009, e dado o mantemento dos resultados antes de impostos destas compañías, a rendibilidade económica vén marcada por unha traxectoria decrecente, de maneira que, aínda que negativa, vai diminuindo o seu valor absoluto nos últimos tres anos. Así, en 2009 a rendibilidade das empresas de publicidade da rexión Norte sitúase no -5,63 %.

O capital social das empresas da mostra no ano 2009 ascende a 21 148 euros, case o triplo do que tiñan no momento da súa constitución.

### 5.13.3 O emprego relacionado coa publicidade no Norte de Portugal

As actividades publicitarias xeraron en 2009 na rexión Norte lusa arredor de 1630 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa unha caída do -13,4 % con respecto ao ano anterior.

Como se aprecia na táboa anterior, a tendencia do emprego nas actividades publicitarias foi en aumento de 2006 a 2008, e pasa de 1511 traballadores ao inicio do período a 1888 en 2008, o que supón unha taxa de crecemento do 25 %. Estes datos, tal e como xa pasara no caso galego, demostran unha maior fortaleza na creación de emprego para estas actividades que para os ingresos. Pero ao ano seguinte o número de empregados descende ao pasar a 1635, cunha variación do -13,4 %.

Táboa 177. Evolución do emprego das empresas de publicidade no Norte luso. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	1.511	1.542	1.888	1.635
Cadro medio	5,40	4,88	5,38	4,48

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Pola contra, o cadro medio das empresas deste sector marca unha traxectoria de carácter decrecente, aínda que en 2008 hai un certo incremento con relación ao ano anterior. Para todo o intervalo os valores oscilan entre 5,4 traballadores por empresa en 2006 e 4,48 en 2009.

Gráfico 241. Evolución do emprego das empresas de publicidade no Norte portugués. 2006-2009




Gráfico 242. Evolución do cadro medio das empresas de publicidade no Norte portugués. 2006-2009



A táboa seguinte mostra as principais magnitudes dos servizos publicitarios da rexión Norte de Portugal no intervalo 2006 e 2009. Seguidamente, recóllense as principais magnitudes da publicidade neste territorio para o ano 2009. Neste caso, ofrécese unha visión estática destes servizos para o último ano dispoñible.

Táboa 178. Principais magnitudes das empresas de publicidade no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	105.963.818	3.578.025	1.635	445	278.120	64.810	10.432	2.188	4,48
Publicidade	105.963.818	3.578.025	1.635	445	278.120	64.810	10.432	2.188	4,48

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 179. Principais magnitudes das empresas de publicidade no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	94.352.741,00	109.947.055,00	107.043.044,00	105.963.818,00
Resultado total	2.805.572,00	5.024.118,00	4.089.374,00	3.578.025,00
Emprego total	1.511,00	1.542,00	1.888,00	1.635,00
Fondos propios medios	52.122,42	61.849,15	62.430,33	70.334,80
Activo total medio	272.291,86	278.761,80	251.974,45	293.470,31
Rendibilidade económica media	-3,99%	-2,66%	-2,13%	5,39%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.14 OS DATOS ECONÓMICOS DA RADIO NO NORTE DE PORTUGAL

Nos apartados seguintes, dedicados á radio como parte integrante das ICC portuguesas, coméntanse os resultados da explotación da base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CAE na base de datos BvD SABI e só para as actividades principais sinaladas por elas. O código seleccionado foi o 60.100 correspondente a Actividades de radiodifusión, que pertence ao círculo de actividades culturais e á fase de difusión.

Gráfico 243. Distribución dos axentes de radio do Norte de Portugal segundo a data de constitución





Gráfico 244. Distribución por NUT III dos axentes de radio no Norte luso. 2009



De acordo coa táboa que se achega ao final deste apartado, a rexión Norte de Portugal conta en 2009 con 37 axentes dedicados á radiodifusión<sup>76</sup>, o que supón un máis que no ano 2006. Isto podería interpretarse como unha importante minoración na creación de empresas neste eido. De feito, o 60% delas é anterior a 1990, o que revela a súa madurez.

En canto á localización das empresas da mostra, a demarcación de Grande Porto é o domicilio social do 41 % delas, seguida en orde de importancia por Minho-Lima (14 %), Entre Douro e Vouga (13 %) e Alto Tras os Montes, Douro e Cávado, co 8% cada unha delas. Maia, Vila Nova de Gaia e, como non, Porto son as localidades con maior número de empresas, aínda que a mostra semella bastante dispersa neste aspecto.

Táboa 180. Principais magnitudes das empresas de deseño do Norte de Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Radio	11.472.687	5.370.994	-53,18%	584.014	179.676	-69,23%
	Empregados			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Radio	146	150	2,74%	36	37	2,78%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD SABI

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

<sup>76</sup> Os datos do INE (*Estatísticas da Cultura 2009*) revelan que na rexión Norte existen 203 estacións de radiodifusión sonora licenciadas. Pero isto non quere dicir que estas correspondan a axentes con forma xurídica mercantil, que son as incluídas como censo do estudo que se expón ou rexistro comercial no territorio de referencia.

Como se recolle nos datos que se achegan na táboa, a radio move no Norte de Portugal 5 millóns de euros en 2009, o que revela, tal e como acontecía no caso galego, que é un medio de comunicación economicamente máis débil que a prensa ou a televisión, a pesar de gozar cunha audiencia importante.

Atendendo á metodoloxía do traballo, e tal e como se vén facendo para outros sectores das ICC tanto para o caso galego como para o portugués, e co obxecto de evitar o rexeitamento dos axentes que, aínda tendo datos para 2008, non os teñan dispoñibles en 2009, optouse por asignar o mesmo valor para a facturación e o emprego que no ano anterior<sup>77</sup>.

### 5.14.1 O volume de negocio das empresas de radio no Norte de Portugal

As actividades de radio xeraron en 2009 na rexión Norte de Portugal un volume de negocio total de 5,3 millóns de euros, un 4,77 % máis que o ano anterior.

Táboa 181. Evolución da facturación das empresas de radio no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	11.472.687	5.358.930	5.126.451	5.370.994
Facturación por empregado	78.580	39.116	36.358	35.807
Facturación por empresa	395.610	184.791	165.369	162.757

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se advirte na táboa onde se recollen as variables relacionadas coa facturación, a tendencia global desta nas actividades de radio en Portugal no período 2007-2009 é dunha certa estabilidade, movéndose arredor dos 5,3 millóns de euros, aínda que, con respecto ás cifras de 2006, mostra un forte retroceso (-53,18 %). De feito, entre 2006 e 2007 a caída do volume de negocio das actividades radiofónicas no Norte de Portugal é dun -53,27 %.

Gráfico 245. Evolución da facturación das empresas de radio no Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 246. Evolución da facturación por empregado e por empresa das compañías de radio na rexión Norte. 2006-2009



Como consecuencia da estabilidade na composición do tecido empresarial deste sector e a reducida variación do emprego, tanto a facturación por empresa como por

<sup>77</sup> Finalmente foron estimados os ingresos, o resultado, os fondos propios, o activo total e o emprego de sete empresas para o exercicio 2009 a partir dos datos do ano anterior.



empregado debuxan unha tendencia moi similar á da facturación global, tal e como se pode comprobar nas gráficas achegadas.

### 5.14.2 O resultado de explotación das empresas de radio no Norte de Portugal

O resultado antes de impostos das empresas de radiodifusión da rexión Norte de Portugal foi no exercicio 2009 de 180 000 euros, un 64 % máis que o ano anterior. Isto converte a este sector nun dos poucos capaces de lograr resultados antes de impostos de signo positivo en todos os anos do intervalo 2006-2009.

Táboa 182. Evolución do resultado antes de impostos da radio no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado total antes de impostos	584.014	61.637	109.499	179.676
Resultado por empregado	4.000	450	777	1.198
Resultado por empresa	18.839	1.988	3.422	6.911

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras de beneficio agregado dan unha ganancia por empresa de 7000 euros en 2009, co que se duplica o valor conseguido no ano anterior, aínda que inferior á metade do logrado en 2006. Idéntica tendencia debuxa o beneficio por empregado, que ascende en 2009 a 1200 euros, bastante inferior ao valor de 2006.

Gráfico 247. Evolución do resultado antes de impostos para a radio no Norte de Portugal. 2006-2009





Gráfico 248. Evolución do resultado por empresa e por empregado da radio na rexión Norte. 2006-2009



De acordo cos datos recollidos na táboa seguinte, os fondos propios das empresas de actividade radiofónica do Norte de Portugal caen por debaixo da metade entre 2006 e 2007, para volver ao ano seguinte á senda crecente, mostrando en 2009 un valor de 352 500 euros. O resultado medio, como xa se comentou anteriormente, evoluciona de xeito paralelo. Pola contra, os activos totais teñen o punto de inflexión no ano 2008, de xeito que caen entre 2006 e 2008 e volven crecer en 2009.

Para rematar, a rendibilidade media, entendida como o produto entre a marxe comercial e a rotación, ofrece valores negativos entre 2006 e 2008, oscilando entre o -3,99 % e o 2,13 %. Pero en 2009 obtén mellores resultados, e consegue un 5,39 % de rendibilidade económica.

Un último apuntamento sobre o capital social actual é que este ascende a pouco máis de 121 000 euros en 2009, último ano dispoñible. Esta contía, un tanto superior á media das ICC en Portugal, viría determinada polas necesidades de investimento e de equipamentos destas empresas.

Táboa 183. Evolución das principais variables financeiras do radio no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	873.319	334.756	311.736	352.454
Fondos propios medios	427.515	155.457	168.473	204.875
Resultado por empresa	18.839	1.988	3.422	6.911
Rendibilidade económica	-3,99%	-2,66%	-2,13%	5,39%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

### 5.14.3 O emprego das empresas de radio no Norte portugués

As empresas de radiodifusión da rexión Norte de Portugal xeraron en 2009 arredor de 150 empregos en equivalente a tempo completo, o que supón un incremento do 6,38 % en relación co ano anterior e a volta practicamente ao nivel de 2006, en que o número de traballadores ascendeu a 146.

Táboa 184. Evolución do volume de emprego das actividades de radio no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	146	137	141	150
Cadro medio	5,41	5,27	5,04	5,17

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Como se ve nos datos recollidos nesta táboa, e tal e como xa viña pasando no mesmo sector en Galicia, a tendencia do emprego nas actividades relacionadas coa radio na rexión Norte é basicamente estable, cunha certa tendencia a medrar nos últimos tres anos, en que pasa de 146 traballadores no ano 2006 a 150 en 2009. Isto supón unha taxa de crecemento do 2,74 % nese intervalo.

Gráfico 249. Evolución do emprego nas empresas de radio na rexión Norte. 2005-2009





Gráfico 250. Evolución do cadro medio na radio na rexión Norte. 2006-2009



O cadro medio das compañías de radio na rexión Norte de Portugal é bastante inferior ao galego, e sitúase arredor dos cinco traballadores nos catro anos abordados no estudo, como se recolle na táboa superior ou na ilustración que se achega.

A continuación inclúense dúas táboas coas principais magnitudes das empresas que desenvolven actividades relacionadas coa radio na rexión Norte de Portugal. Unha delas constitúe unha foto fixa do sector para o ano 2009 e outra a evolución das principais variables entre 2006 e 2009.

Táboa 185. Principais magnitudes das actividades de radio no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	5.370.994	179.676	150	37	162.757	35.807	6.911	1.198	5,17
Radio	5.370.994	179.676	150	37	162.757	35.807	6.911	1.198	5,17

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 186. Principais magnitudes das actividades relacionadas coa radio no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	11.472.687,00	5.358.930,00	5.126.451,00	5.370.994,00
Resultado total	584.014,00	61.637,00	109.499,00	179.676,00
Emprego total	146,00	137,00	141,00	150,00
Fondos propios medios	427.515,16	155.456,55	168.472,50	204.874,68
Activo total medio	873.319,19	334.756,13	311.736,44	352.454,29
Rendibilidade económica media	-3,99%	-2,66%	-2,13%	5,39%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 5.15 OS DATOS ECONÓMICOS DAS TIC NO NORTE DE PORTUGAL

En Portugal, e de acordo cos datos do estudo *Videoxogos na Sociedade en Rede* publicado por Obercom en agosto de 2009, un 12 % da poboación maior de quince anos é consumidora habitual de videoxogos. O prototipo de consumidor correspóndese co doutros países: sexo masculino, adolescente e adulto novo, con formación media ou superior. Porén, o gasto medio en videoxogos é bastante baixo. Seguindo a tendencia mundial, o uso do móbil como soporte audiovisual é xa unha revolución en curso. Se na actualidade determinados servizos, como o visionado de televisión a través deste dispositivo, é aínda pouco frecuente (debido tanto ao custo como á calidade dos contidos ou dificultades tecnolóxicas), a tendencia vai pola vía do desenvolvemento de plataformas que permitan o uso do móbil como soporte audiovisual de xeito tan xeneralizado como o seu emprego para as chamadas. Faise preciso mencionar o cambio que se está a producir no tipo de consumo, sobre todo por parte dos máis novos, que se converten nos usuarios máis críticos cos contidos e desprazan o tempo de consumo televisivo cara a outras plataformas. Segundo un estudo de Deloitte, os contidos multimedia e específicos para teléfonos móbiles de terceira xeración continuarán en alza.

A continuación coméntase a situación das TIC máis relacionadas coas industrias culturais e creativas no Norte de Portugal. Como tal considéranse as actividades de deseño de portais e páxinas web, a xeración de contidos para novas plataformas, a edición e desenvolvemento de videoxogos, o lecer interactivo, o desenvolvemento de software educativo, a produción multimedia, o desenvolvemento de contidos para internet ou, dun xeito máis xeral, as recollidas baixo a etiqueta doutros servizos para as TIC pero sempre desde a óptica das ICC.

Gráfico 251. Distribución das empresas de TIC no Norte de Portugal segundo a actividade que desenvolven. 2009





Gráfico 252. Distribución por NUTS III das empresas de TIC do Norte de Portugal. 2009



A información achegada procede da análise das contas das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal e o seu enderezo fiscal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CAE na base de datos BvD SABI atendendo ás actividades principais, cun filtrado máis exhaustivo posterior para eliminar as empresas que, aínda operando nos

códigos seleccionados, non mostren orientación ás ICC ou non posúan unha orientación cultural ou unha carga creativa<sup>78</sup>.

Atendendo a estes criterios, as actividades seleccionadas responden fundamentalmente aos códigos de actividade 58.210 de Edición de videoxogos, 63.120 de Portais web e 18.200 de Reprodución de soportes gravados, ademais de parcialmente o 58.29 Edición doutros programas informáticos, 63.11 de Proceso de datos, *hosting* e actividades relacionadas e 63.12 de Portais web.

Partindo da explotación estatística desta base de datos, resulta que no Norte portugués operan no ano 2009 no eido das TIC relacionadas coas ICC un total de 89 empresas, un 85,4 % máis que no ano 2006. Isto revela unha elevada taxa de creación de empresas nestas actividades nos últimos anos e unha alta xuventude no tecido empresarial das TIC na rexión Norte. De feito, a data media de constitución destas é 2004, e só o 12 % do tecido produtivo deste sector é anterior ao ano 2000.

Grande Porto é a NUT III que dá acubillo á maior parte das empresas que operan nestas ramas, co 57 %, seguido de Cávado que acolle outro 24 % dos axentes da mostra. O resto das demarcacións teñen pesos relativos menores, que oscilan entre o 6 % de Entre Douro e Vouga e Ave e o 1 % de Douro. En canto ás localidades onde teñen o domicilio social estas empresas, só Porto e Braga contan con presenza significativas, co 22,5 e o 18 % respectivamente. O resto das empresas mostra unha elevada dispersión neste aspecto, e só estas cidades posúen máis de cinco empresas empadroadas.

No que se refire á actividade desenvolvida polas empresas integrantes da mostra do estudo, o colectivo máis numeroso é o das dedicadas a outros servizos para as TIC, categoría contedor onde se dá cabida ás que non son clasificables en ningunha das outras categorías, pero que se considera que deberían ser consideradas no estudo, e que alcanza un peso do 42 % do total do tecido. Con pesos menores figuran as categorías de portais web, cun 26 %, e desenvolvemento de contidos para novas plataformas, cun 25 %. O resto mostra presenza pouco significativas.

A continuación recóllense as principais magnitudes das empresas de tecnoloxías da información e das comunicacións no Norte de Portugal, en canto á súa vertente máis relacionada coas ICC, para os anos 2006 e 2009, último dispoñible.

Como se fixo no caso dos sectores anteriormente tratados, tanto en Galicia como no Norte portugués, para a estimación do volume de negocio e do emprego dos servizos técnicos de TIC no Norte de Portugal, e partindo dos datos do Rexistro Comercial, considerouse que para cada unha das empresas das que había información dispoñible para o ano 2008, pero aínda non para 2009, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, de permitir establecer estimacións para o exercicio 2009 e non ter que rexeitar os axentes para os que aínda non están dispoñibles os datos<sup>79</sup>.

---

<sup>78</sup> Nestes casos foron desestimadas as empresas dedicadas á programación de software de xestión, consultoría informática, proceso de datos, *hosting* etc. ou nas que a compoñente cultural ou creativa fora residual ou nula.

<sup>79</sup> Para levar a cabo a análise económica e financeira das empresas TIC en Portugal foron estimados os datos de facturación e emprego de oito empresas para 2009.

Táboa 187. Principais magnitudes das empresas de TIC no Norte de Portugal. 2006 e 2009

	Facturación			Resultado		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	8.108.548	17.299.837	113,35%	236.355	-803.101	-439,79%
Videoxogos	n.d.	176.490	n.d.	-9.286	62.511	-773,17%
Ensino	20.759	48.399	133,15%	-21.105	2.075	-109,83%
Outros servizos para as TIC	5.393.764	8.411.306	55,95%	107.423	375.161	249,24%
Portais web	918.313	3.746.470	307,97%	-57.971	-607.250	947,51%
Produtora multimedia	69.897	342.083	389,41%	3.455	19.447	462,87%
Novas plataformas	1.705.815	4.575.089	168,21%	213.839,00	-655.045,00	-406,33%
	Emprego			N.º de axentes		
	2006	2009	% crec	2006	2009	% crec
Total	177	357	101,69%	48	89	85,42%
Videoxogos	4	6	50,00%	1	2	100,00%
Ensino	1	2	100,00%	1	1	0,00%
Outros servizos para as TIC	106	167	57,55%	24	37	54,17%
Portais web	30	66	120,00%	11	23	109,09%
Produtora multimedia	3	6	100,00%	2	4	100,00%
Novas plataformas	33	110	233,33%	9	22	144,44%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

### 5.15.1 O volume de negocio das TIC no Norte de Portugal

As distintas actividades empresariais recollidas baixo o sector das tecnoloxías da información e as comunicacións relacionadas coas ICC xerou no norte luso en 2009 un volume de negocio total de 17,3 millóns de euros, o que supón un incremento do 16,81 % con relación ao ano anterior.

Táboa 188. Evolución da facturación das empresas de TIC do Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	8.108.548	11.078.261	14.810.457	17.299.837
Facturación por empregado	45.811	46.159	48.086	48.459
Facturación por empresa	184.285	197.826	185.131	205.950

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Aínda que se trata dunha serie curta que non permite extraer demasiadas conclusións no que se refire ás tendencias, si permite apreciar como no intervalo 2006-2009 os ingresos globais destas empresas pasan de 8,1 millóns en 2006 a 17,3 en 2009, o que supón unha variación do 113,35 %, é dicir, en catro anos a xeración de ingresos nestas ramas de actividade ascende máis do dobre, polo que se revelan como emerxentes.

A distribución por actividade principal dos ingresos totais das empresas TIC que operan no Norte de Portugal en ramas relacionadas coas ICC segue un

comportamento bastante paralelo ao que segue o tecido empresarial. De feito, o maior peso relativo sería o das actividades doutros servizos para as TIC, que representa o 49 % do total da facturación do sector. A seguinte categoría con maior participación sería a de desenvolvemento de contidos destinados ás novas plataformas, tales como iPod, *tablets*, móbiles etc., co 26 %, e desenvolvemento de portais web, que supón o 22 %. Os cambios respecto aos pesos relativos das distintas categorías de actividade na facturación global das TIC no Norte de Portugal afectan fundamentalmente ao desenvolvemento de portais web, que pasa do 11,33 ao 21,66 %, e a outros servizos para as TIC que, pola contra, pasan do 66,52 ao 48,62 %. O desenvolvemento de contidos para novas plataformas ou videoxogos, que apenas supoñía o 21 % en 2006, representa xa en 2009 case o 30 % dos ingresos.

Gráfico 253. Distribución dos ingresos das empresas TIC segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 254. Evolución da facturación das empresas TIC do Norte portugués. 2006-2009



No relativo á facturación media por empresa, esta incrementábase no período 2006-2009, ao pasar de 184 285 a 205 950 euros, cunha caída entre 2007 e 2008. A facturación media máis elevada corresponde a outras actividades para as TIC, con 240 323 euros.

A facturación por empregado sobe ano tras ano no período analizado, e pasa de 45 811 euros a 48 459. Isto debe interpretarse como que, aínda que o número de traballadores deste sector se incrementa nestes catro anos, a súa capacidade de xerar ingresos é superior.

### 5.15.2 O resultado de explotación das TIC do Norte portugués

O resultado global antes de impostos das empresas de TIC do Norte de Portugal relacionadas coas industrias culturais e creativas foi no exercicio 2009 de -0,8 millóns de euros, o que representa unha caída do -201,28 % con respecto ao ano anterior e confirma o cambio de tendencia en canto aos resultados contables para estas actividades que se iniciou en 2008, tras o máximo do ano anterior de 0,95 millóns de euros, tal e como xa pasara no caso galego.

Destes resultados globais é a rama correspondente á xeración de contidos para novas plataformas a que achega unhas perdas máis avultadas, con -0,65 millóns de euros, seguida de cerca polo desenvolvemento de portais web, con -0,6. Pola contra, son



outros servizos para as TIC e o desenvolvemento de videoxogos os que conseguen valores positivos maiores, con 62 500 e 19 500 euros respectivamente.

Táboa 189. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de TIC no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Resultado antes de impostos	236.355	949.778	-266.562	-803.101
Resultado por empregado	1.335	3.957	-865	-2.250
Resultado por empresa	5.029	15.076	-3.136	-9.915


Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras de beneficio agregado dan como media un resultado de -9915 euros por empresa, que neste caso resulta manifestamente inferior aos correspondentes aos anos previos, ademais de ser de signo contrario, tal e como se recolle na táboa que se achega, e estaría influenciado pola conxuntura económica actual.

O resultado por empregado nas TIC mostra unha certa deterioración nestes catro últimos anos, ao pasar de case 1300 euros por traballador en 2006 a menos de 2200. Outra vez a traxectoria descendente dos resultados globais provoca esta tendencia decrecente da variable.

Gráfico 255. Evolución do resultado antes de impostos das empresas de TIC no Norte de Portugal. 2006-2009



En calquera caso, cómpre non esquecer a complicada situación económica actual que afecta a todas as empresas: a caída da renda dispoñible das familias supón unha contracción do seu gasto en lecer, o que provoca unha menor demanda dalgunhas das actividades levadas a cabo por estas empresas. Por outra banda, o descenso da actividade económica das empresas e a redución dos orzamentos das Administracións públicas traen consigo unha caída na demanda de servizos dalgunhas destas compañías.

A táboa que se achega recolle algunhas das principais variables financeiras, como activo total, fondos propios, resultado por empresa ou rendibilidade económica, todos eles en termos medios. O activo total medio segue unha tendencia crecente, aínda que en 2007 experimenta un certo descenso que recupera ao ano seguinte, para situarse finalmente en 252 000 euros en 2009. Os fondos propios medios pasan de 24 000 euros en 2006 a 70 000 en 2009, aumentando en todos os anos. O resultado medio cae desde 2007 para alcanzar nos dous últimos anos perdas. Finalmente, a

rendibilidade económica máis elevada para este sector sería a obtida no ano 2009 (cun -10,6 %, o que a converte na menos mala do período).

Táboa 190. Evolución das variables financeiras nas TIC no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Activo total medio	202.999	171.462	207.784	252.053
Fondos propios medios	24.097	33.773	57.461	69.532
Resultado por empresa	5.029	15.076	-3.136	-9.915
Rendibilidade media	-24,93%	-79,28%	-61,61%	-10,59%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

O capital social destas empresas é en 2009 de 22 420 euros, aproximadamente o dobre do momento da súa constitución, no que ascendía a 11 264 euros. Este movemento podería enmarcarse dentro dunha política empresarial de capitalización, que nalgúns das ramas precisan de importantes equipamentos para o desenvolvemento das súas actividades.

### 5.15.3 O emprego nas TIC no Norte de Portugal

As actividades de TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas xeraron no Norte de Portugal no ano 2009 arredor de 360 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un crecemento do 15,91 % se se compara co ano anterior.

Táboa 191. Evolución do emprego das empresas de TIC no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Emprego total	177	240	308	357
Cadro medio	3,93	4,07	3,95	4,25

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A teor dos datos recollidos na táboa anterior, a tendencia do emprego no norte luso para as actividades de TIC relacionadas coas ICC é claramente crecente entre 2006 e 2009, e pasa de 177 traballadores ao inicio do período a 357 en 2009, o que supón unha taxa de variación do 101,69 %. Ao contrario do que se vía no caso galego, estes datos demostran unha menor fortaleza na xeración de postos de traballo para estas actividades que no referido ao volume de ingresos.

Por outra banda, a distribución do emprego nas TIC do Norte portugués, de acordo coa actividade principal desenvolvida pola empresa, revela unha distribución bastante próxima á da facturación, cun peso relativo maioritario noutros servizos para as TIC, co 47 %, na xeración de contidos para novas plataformas, cun 31 %, e no desenvolvemento de portais web, co 18 %. Videoxogos e produción multimedia teñen aínda pesos relativos baixos, que roldan o 2 %, aínda que cabe comentar que en moitos casos a clasificación das empresas nunha ou outra categoría de actividade se fai difícil e acaba sendo bastante subxectiva. Un apuntamento que se pode engadir sobre a evolución nos pesos relativos entre 2006 e 2009 é que nestes catro anos,

aínda que a categoría con maior peso relativo é a doutros servizos para as TIC, se aprecia un descenso da súa cota, ao pasar do 60 ao 47 %, mentres que a xeración de contidos para novas plataformas pasa dun 19 a un 31 %.

Gráfico 256. Distribución do emprego das empresas de TIC segundo a actividade principal. 2009





Gráfico 257. Evolución do emprego das empresas de TIC no Norte de Portugal. 2006-2009



Como consecuencia deste crecemento do emprego prodúcese un leve incremento do cadro medio das empresas nestes anos, que pasa de 3,93 empregados en 2006 a 4,25 en 2009. A escasa variación deste índice, a pesar do aumento do emprego, obedece a que o número de empresas medra tamén nestes anos, polo rápido ritmo de creación que xa se comentou, o que permitiría falar dunha certa estabilidade no seu cadro medio nestes catro anos.

Seguidamente, recóllense as principais magnitudes das TIC no Norte de Portugal para o ano 2009. Neste caso, ofrécese unha visión estática destes servizos para o último ano dispoñible. Deseguido aparece tamén a evolución das principais variables no intervalo 2006-2009.

Táboa 192. Principais magnitudes das empresas de TIC relacionadas coa industria cultural e creativa no Norte de Portugal. 2009

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	17.299.837	-803.101	357	89	205.950	48.459	-9.915	-2.250	4,03
Edición e desenvolvemento de videoxogos	176.490	62.511	6	2	88.245	29.415	31.256	10.419	3,00
Ensino relacionado coas TIC	48.399	2.075	2	1	48.399	24.200	2.075	1.038	2,00
Outros servizos para as TIC	8.411.306	375.161	167	37	240.323	50.367	10.719	2.246	4,91
Portais web	3.746.470	-607.250	66	23	170.294	56.765	-28.917	-9.201	3,00
Produtora multimedia	342.083	19.447	6	4	85.521	57.014	4.862	3.241	1,50
Xeración de contidos para novas plataformas	4.575.089	-655.045	110	22	228.754	41.592	-36.391	-5.955	5,24

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Táboa 193. Principais magnitudes das empresas de TIC relacionadas coa industria cultural e creativa no Norte de Portugal. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Facturación total	8.108.548,00	11.078.261,00	14.810.457,00	17.299.837,00
Resultado total	236.355,00	949.778,00	-266.562,00	-803.101,00
Emprego total	177,00	240,00	308,00	357,00
Fondos propios medios	24.096,51	33.773,16	57.460,57	69.531,69
Activo total medio	202.998,87	171.461,72	207.783,69	252.052,86
Rendibilidade económica media	-24,93%	-79,28%	-61,61%	-10,59%

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

## 6 A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Por último, cómpre proceder ao comentario da dimensión das industrias culturais e creativas na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, a partir da agregación dos datos parciais de cada un dos sectores en cadansúa rexión<sup>80</sup>, e partindo dunha metodoloxía conxunta en canto ás fontes de información, a clasificación dos sectores e o tratamento dos datos.

Todo isto garante,

- ✓ por unha parte, a bondade e a fiabilidade destes datos, de procedencia oficial (fundamentalmente dos rexistros mercantís de cada país),
- ✓ e, por outra, a homoxeneidade de ambas as dúas análises parciais levadas a cabo, por empregar criterios de selección e clasificación de axentes idénticos e similares fontes, o que permite establecer comparacións entre os dous lados do Miño para o total das ICC e para cada un dos doce sectores, e extraer así conclusións globais de toda a eurorrexión.

Ademais, para a confección da táboa que soporta as conclusións expostas neste capítulo, procedeuse nalgúns casos á suma dos valores en cada unha das rexións estudadas (nos casos en que se refire a datos globais dalgunha das variables analizadas, como a facturación, o resultado, o emprego ou o número de empresas totais); noutros, á ponderación de cada unha das variables que mostran valores medios de acordo co peso que as empresas desa categoría teñen en cada un das rexións analizadas (como acontece coas taxas de crecemento, o ano medio de constitución, a facturación por empregado ou por empresa, o resultado por empregado ou por empresa e os cadros medios); e, finalmente, hai casos nos que, por tratarse de porcentaxes de participación sobre o total da variable, son calculadas como simples cocientes fronte ao total.

Táboa 194. Principais magnitudes relacionadas co tecido empresarial das ICC na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. 2006-2009

	Total de ICC	Galicia	Norte
Número de empresas censadas en 2009	7.410	3.814	3.596
Variación 2008/2009	2,53%	4,88%	0,03%
Variación 2006/2009	26,43%	28,97%	23,75%
Empresas con datos	5.718	2124	3594
Ano medio de constitución	1999	2001	1997
Capital social medio en 2009	90.017,87	128.076,97	49.651,51

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi e de Informa

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

<sup>80</sup> Polo tanto, os datos ofrecidos na táboa incluída ao final deste apartado e sobre a que se fundamentan os comentarios aquí ofrecidos, atenden a un proceso aditivo, inicialmente para cada unha das dos zonas obxecto de análise e, posteriormente, de ambas as dúas rexións.

De acordo coa información arriba recollida, **na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal hai no ano 2009 algo máis de 7400 empresas**, que adoptan a forma de sociedades mercantís na maioría dos casos. Delas, o 51 % ten o seu domicilio social en Galicia e o 49 % restante no Norte portugués. Destas 7400 empresas, para o estudo cóntase con datos de 2009 de 5700 compañías, o que daría unha taxa media de cobertura da mostra con respecto ao censo do 77 % (que chega ao 88 % nalgunha categoría de actividade).

Este universo de empresas (7400) experimentou un **crecemento do 26,43 % desde o ano 2006, e do 2,53 % en relación co exercicio anterior**.

Cando a taxa se refire ao intervalo 2006-2009, **o crecemento do tecido empresarial é en Galicia cinco puntos superior que no lado portugués** (se, pola contra, se toman 2008 e 2009, no Norte non se conta coa mesma cobertura de datos que en Galicia, polo que non é posible o cálculo desta variación).

Os maiores crecementos no número de empresas totais no intervalo 2006-2009 déronse nos sectores de TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas (60,16 %), artes escénicas (40,28 %), artes plásticas (38,44 %), arquitectura (34,66 %) e publicidade (33,37 %).

Gráfico 258. Taxas de variación do tecido de empresas nas ICC da eurorrexión segundo a actividade principal. 2006-2009





Gráfico 259. Taxas de variación do tecido de empresas nas ICC da eurorrexión segundo a actividade principal. 2008-2009




Pola contra, o crecemento máis baixo corresponde ao deseño (13,07 %). **Cando o incremento se limita aos anos 2008-2009, as taxas máis elevadas corresponden ás TIC (6,68 %) e ás artes escénicas (6,45 %)**, e as máis reducidas son as de artes plásticas (0 %), fotografía (1,33 %), produto gráfico (1,52 %) e bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (1,75 %).

No caso galego, eran as actividades de arquitectura, artes escénicas e TIC relacionadas coas ICC as categorías con maiores taxas de crecemento no período 2006-2009. Pero, en relación coa rexión Norte portuguesa, son as TIC, as actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio, e artes plásticas as que logran incrementos maiores.

Ademais, os maiores diferenciais entre as taxas de ambos os dous territorios para cada un dos sectores corresponden ás categorías de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (con 11,63 % en Galicia e 60 % en Portugal), TIC relacionadas coas ICC (39,73 % e 85,42 % respectivamente), artes plásticas (9,09 % e 50 %) e radio (37,93 % e 2,78 %).

Na ilustración que se achega, que recolle nos eixes as variacións no volume de negocio e no emprego e na que o diámetro das esferas representa o número de empresas de cada actividade para as ICC da eurorrexión, reflíctese como as TIC relacionadas coas ICC mostran taxas de crecemento do emprego e da facturación bastante superiores á media da eurorrexión, pero aínda contan cun tecido empresarial feble en 2009. Un caso bastante similar é o das artes escénicas, que ten taxas superiores á media tanto para o emprego como para o volume de negocio, pero conta cun tecido empresarial non demasiado amplo, aínda que maior ao das TIC. No cuadrante oposto estarían as actividades radiofónicas ou de fotografía, con taxas por debaixo da media nos dous casos, pero cunha presenza máis modesta para a radio en canto ás empresas. E, por último, as categorías cun tecido empresarial máis amplo (produto gráfico e publicidade) teñen algunha das dúas taxas de variación por debaixo da media das ICC. Só no caso da arquitectura de entre as categorías con maior presenza na estrutura de empresas das ICC da eurorrexión as taxas son sensiblemente superiores á media.

Gráfico 260. Variación da facturación e do emprego no período 2006-2009 e número de empresas no ano 2009 por sector de actividade na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal



En calquera caso, estes datos deixan ver un **forte dinamismo nas ICC da eurorrexión no referido ao seu tecido empresarial, que ata 2009 non está a perder empresas en termos absolutos en ningunha das categorías de actividade consideradas**, antes ben está a medrar de xeito importante no número de axentes que operan nalgúns destes sectores. Este feito resulta especialmente importante na conxuntura actual de peche de empresas e de redución do negocio na economía da

eurorrección en xeral, e sitúa as ICC como un macrosector dinámico que aínda ten cabida para novas compañías.

Gráfico 261. Distribución dos pesos relativos de cada círculo das ICC no tecido





Gráfico 262. Taxas de variación do tecido de empresas nas ICC da eurorrección segundo a actividade principal. 2008-2009




O sector de actividade cun maior peso no tecido empresarial das ICC da eurorrección, tal e como xa ocorrería para cada unha das zonas estudadas, é o produto gráfico, cun 30,13 % (un 23,47 % en Galicia e un 37,21 % no Norte). A seguinte categoría sectorial sería a relacionada coa publicidade, que representa o 15,96 % das empresas (un 19,35 % en Galicia e 12,37 % no Norte). Moi próxima estaría a de servizos técnicos de arquitectura, cun 15,25% (11,98 % en Galicia e 18,72 % no norte luso). Algunhas das categorías nas que hai máis diferenza entre os pesos nunha e noutra rexión son o audiovisual (9,52 en Galicia e 5,37% no Norte), a música (10,46 e 2,47% respectivamente) e a fotografía (12,72 e 6,17 % respectivamente).

Sobre a antigüidade das empresas, cómpre indicar que o ano medio de creación destas para toda a eurorrección é 1999, aínda que hai diferenzas a un lado e a outro do Miño, de xeito que na rexión Norte o ano medio de constitución é 1997, mentres que en Galicia é 2001. Sectores como radio, deseño ou produto gráfico -nos que os medios de comunicación tradicional teñen unha maior presenza que noutras categorías- contan con axentes máis consolidados no mercado e cunha maior antigüidade, polo que condiciona a media cara abaixo. Polo tanto, un maior peso relativo destes sectores conduciría a priori a unha menor media de idade das empresas, que é o que está a pasar no caso da rexión Norte de Portugal.



Gráfico 263. Participación de cada categoría no total do tecido empresarial das ICC para o conxunto da eurorrexión, para Galicia e para o Norte de Portugal. 2009



E como xa se fixo nas análises levadas a cabo para os datos galegos ou da rexión Norte nos seus apartados respectivos, procédese agora a comentar o peso de cada un dos círculos no tecido empresarial que opera dentro das categorías consideradas nas ICC para a eurorrexión. Deses datos resulta que **o 70 % das empresas desenvolve a súa actividade dentro das chamadas industrias culturais, cun 25 % nas actividades creativas e o 5 % restante nas Core Arts**. Aínda que referente ao peso que as industrias culturais teñen sobre o total das ICC non hai importantes diferenzas entre ambos os dous lados do Miño, si se observan **diverxencias na porcentaxe correspondente ás empresas que operan nas consideradas Core Arts**, que é do 18,98 % en Galicia e do 9,98 % no Norte.

Táboa 195. Principais magnitudes relacionadas coa facturación das ICC na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. 2006-2009

	Total de ICC	Galicia	Norte
Facturación	2.323.931.118	1.134.530.429	1.189.400.690
Variación 2008/2009	-1,50%	-3,75%	0,88%
Variación 2006/2009	13,80%	10,37%	17,44%
Facturación por empregado	80.900,7	93.023,5	68.043,0
Facturación por empresa	447.957,4	522.842,7	368.532,4

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi e de Informa

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

Pasando á análise dos datos relacionados coa facturación das ICC da eurorrexión, as cifras deixan ver, por un lado, a **importancia destas en canto á súa capacidade para xerar ingresos** e, por outra, a **distribución case equitativa entre o facturado a un lado e a outro do Miño**.

O volume de negocio das empresas das ICC da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no ano 2009 ascendeu a 2,3 millóns de euros. Desta contía, o 51 % é xerado polos axentes portugueses e o 49 % restante polos localizados en Galicia, distribución similar á do tecido empresarial.

Aínda que estas cifras revelan unha caída global do -1,50 % sobre o ano 2008 para a eurorrexión (-3,75 % en Galicia e 0,88 % na rexión Norte respectivamente), tamén é certo que desde 2006 os ingresos globais se incrementaron nun 13,80 %. Polo tanto, **o crecemento da facturación é maior no lado portugués, tanto se o período considerado é o 2006-2009 como se só se circunscribe ao 2008-2009**.

Gráfico 264. Distribución dos pesos relativos de cada círculo das ICC na facturación da eurorrexión. 2006-2009





Gráfico 265. Taxas de variación da facturación nas ICC segundo a actividade principal para Galicia, o Norte de Portugal e a eurorrexión. 2006-2009




Incidindo de novo neste dato, resulta que a taxa media de variación dos ingresos destas actividades na eurorrexión no intervalo 2006-2009 foi dun 13,80 % (un 10,37 % en Galicia e un 17,44 % na rexión Norte). Os índices de variación máis elevados corresponden ás categorías das TIC relacionadas coas industrias culturais e creativas (73,74 %), as artes escénicas (60,21 %) e as actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (58,21 %). No extremo contrario estarían a radio (-31,88 %), a fotografía (-27,6 %) e o audiovisual (-4,66 %), todas elas con valores negativos.

Na repartición da facturación por categoría de actividade, é **o produto gráfico a que logra en 2009 un peso relativo superior en canto á facturación das ICC na eurorrexión**, co 52,12 % (42,44 % en Galicia e 61,35 % en Portugal). Os seguintes grupos serían os de publicidade, co 12,6 % (16,47 % en Galicia e 8,91 % en Portugal); o audiovisual, co 8,97 % (14,05 % e 4,14 % respectivamente); o deseño, co 6,57 % (3,64 % e 9,36 % en cada unha das rexións); a arquitectura, co 6,10 % (4,62 % e 7,51 % respectivamente); e a música, co 5,6 % (8,96 % e 2,38 % en cada caso).

Os maiores diferenciais entre ambos os dous territorios, no que se refire á participación no volume de negocio total de cada categoría na rexión, corresponden aos sectores de produto gráfico (case dezanove puntos máis de peso no Norte luso), audiovisual (case 10 puntos máis no lado galego), publicidade (7,5 puntos superior en Galicia) e deseño (cerca de seis puntos a favor de Portugal).

Gráfico 266. Participación de cada categoría no total do volume de negocio das ICC para o total da eurorrexión, para Galicia e para o Norte de Portugal. 2009



A facturación media por empregado para as ICC da eurorrexión foi en 2009 de **80 900 euros** (68 043 na rexión Norte e 93 023,5 en Galicia). Tendo en conta a distribución practicamente equitativa no peso dos ingresos en ambas as dúas rexións (sensiblemente superior no lado luso), e o diferencial de máis de trece puntos no volume de emprego (novamente a favor de Portugal), é lóxico este menor valor no país luso, con case un 25 % menos de facturación por traballador. Ademais, **as categorías con maiores valores medios son as relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio, con 193 454 euros, a industria musical con 113 249 e a publicidade con 99 405.** As medias máis baixas serían as das actividades radiofónicas (43 240) e as fotográficas (53 324), ambas xa maduras e correspondentes a sectores en declive. Paradoxalmente, tamén as TIC relacionadas coas ICC están neste grupo con menores ingresos por traballador, con 55 153 euros.

No que á facturación media por empresa para as ICC da eurorrexión se refire, en 2009 esta foi de **447 957 euros por compañía** (522 843 en Galicia e 368 532 no

Norte de Portugal). Neste caso, os índices máis elevados son os das compañías que desenvolven actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio, con 1 327 826 euros, valor moi influído polas cifras da Fundación Serralves en Portugal. Detrás virían sectores como o de produto gráfico, radio ou audiovisual, coa presenza dos grandes grupos de comunicación (as radios locais, as cabeceiras de prensa, a Televisión de Galicia e a Radio Galega...) e dos grandes grupos editoriais, fundamentalmente en Portugal. As medias máis modestas serían as correspondentes ás actividades fotográficas, ás artes escénicas e plásticas e aos servizos técnicos de arquitectura, todas elas por debaixo dos 160 000 euros.

Gráfico 267. Comparación da facturación media por empresa segundo a actividade das ICC da eurorrexión. 2009






Gráfico 268. Comparación da facturación media por traballador segundo a actividade das ICC da eurorrexión. 2009



Analizando este índice para cada unha das rexións, resulta que no lado galego as categorías con maiores ingresos medios por empresa serían as de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio, con 1 308 653,8 euros; radio, con 912 100,45 euros; produto gráfico, con 818 887,8 euros; e deseño, con 724 789,5 euros. Na rexión Norte son os sectores de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio, con 1 416 498,19 euros; produto gráfico, con 610 620,36 euros; música, con 345 523,8 euros; deseño, con 313 704,1 euros; e audiovisual, con 307 435,2 euros.

A ilustración que se achega reflexa, por un lado, o volume de ingresos de categorías como produto gráfico e, en menor medida, as actividades publicitarias, a industria audiovisual, o deseño, a música e a arquitectura. Pero, por outro, pon de relevo as potencialidades de categorías como as TIC, as artes escénicas ou as artes plásticas, con crecementos no número de empresas e no volume de traballadores por riba da media das ICC da eurorrexión, ou a madurez dos sectores gráfico, de radio ou, en menor medida, o de fotografía, con taxas de variación inferiores á media nas dúas variables consideradas.

Gráfico 269. Variación do número de empresas e do emprego no período 2006-2009 e facturación no ano 2009 por sector de actividade na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal



Para completar esta análise dos datos relacionados coa facturación, cómpre engadir un apuntamento sobre o peso de cada un dos círculos do modelo metodolóxico empregado neste estudo, segundo o cal **as industrias culturais suporían o 70 % dos ingresos xerados en 2009 nas ICC da eurorrexión**, cun 25 % nas actividades creativas e un 5 % nas Core Arts. Estes pesos relativos son moi similares aos obtidos en ambas as dúas partes da eurorrexión.

Táboa 196. Principais magnitudes relacionadas co resultado das ICC na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. 2006-2009

	Total de ICC	Galicia	Norte
Resultado antes de impostos	-39.643.276	-81.503.238	41.859.962
Resultado sen valores atípicos	33.017.724	-8.842.238	41.859.962
Variación 2008/2009	38,04%	67,65%	6,63%
Variación 2006/2009	149,50%	268,07%	23,74%
Resultado por empregado	351,0	-1.547,8	2.364,9
Resultado por empresa	-8.611,8	-29.782,2	13.842,1

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD e de Informa

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

A continuación, inclúese a análise das variables relacionadas co resultado. Como se recolle na táboa que se achega, **as industrias culturais e creativas da eurorrexión xeraron no ano 2009 unhas perdas globais de -39,6 millóns de euros**. Este resultado negativo está influído polos resultados do lado galego, con fortes perdas da Televisión de Galicia, as cales condicionan as posibles ganancias das ICC na comunidade galega e, polo tanto, a consecuencia da súa elevada contía, os

resultados globais das ICC. Dada, pois, esta diferenza de signo a un lado e outro do Miño, non é posible calcular o peso de cada unha das rexións nas cifras globais.

Polo tanto, **sen tomar en consideración as perdas da TVG e o avultado beneficio da empresa de deseño do grupo Inditex**, con valores atípicos na mostra das súas categorías respectivas que desvirtúan as cifras globais, **o resultado ascende a - 8 842 238 euros en Galicia**, o que **supón un total de 33 017 724 euros de beneficio para a eurorrexión**. Este cambio nos datos é consecuencia da forte dependencia das cifras dalgunhas das categorías respecto dunhas poucas empresas.

**As categorías con maior volume global de beneficios na eurorrexión son as de produto gráfico (27,1 millóns de euros), deseño (25,8)<sup>81</sup>, arquitectura (7,4) e publicidade (7,3).** En canto ás perdas, **é a industria audiovisual, moi condicionada polos malos resultados da Televisión de Galicia, a que mostra un resultado negativo maior (-96,3 millóns de euros, pero -856 236 sen considerar as cifras da canle autonómica), seguida pola radio (-8,8 millóns, no que a parte institucional tamén lastra as cifras finais), fotografía (-1,8) e as actividades relacionadas coas bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio (-1,4).**

Gráfico 270. Resultado segundo a actividade das ICC da eurorrexión. 2009





Gráfico 271. Taxas de variación do resultado segundo a actividade na eurorrexión. 2009




Polo que respecta ás taxas de variación do resultado de cada categoría de actividade no período 2006-2009, e partindo do feito de que nalgúns casos non hai valor para esta variable por darse un cambio de signo no valor da variable entre os extremos do intervalo, resulta que **os índices de crecemento de maior importancia son os que se corresponden coas actividades de deseño (2397 %, consecuencia do forte crecemento no resultado destas en Galicia pola entrada no mercado dunha empresa do grupo Inditex), as artes escénicas (167,52 %) e as artes plásticas (47,65 %).** Pero tamén hai que poñer o acento sobre aquelas outras actividades que experimentan unha deterioración nos seus resultados entre 2006 e 2009, como son música (-63,76 %), radio (-62,48 %), arquitectura (-44,13 %) ou fotografía (-42,15 %). Como xa se comentou nos apartados respectivos, as categorías con maiores variacións

<sup>81</sup> E considerando os resultados da empresa de deseño do grupo Inditex, etiquetada como valor atípico.


positivas no lado galego son audiovisual (cun 12,18 % de diminución das perdas) e no portugués artes escénicas (96,41 %), música (81,71 %), radio (64,09 %) e produto gráfico (61,87 %).

**En 2009 o resultado medio por empresa na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ascende a -8612 euros** (-29 782,2 euros en Galicia e 13 842,1 en Portugal). As categorías con maiores perdas antes de impostos, desestimando os datos do sector audiovisual (-320 146 euros) polos valores extremos das empresas antes comentadas, serían as actividades radiofónicas (con -191 636,13 euros) e as relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e o patrimonio (con -60 515,1 euros). Polo lado dos beneficios, tampouco se consideran os valores da categoría de audiovisual (-96 330 329) e de deseño (168 258 euros) pola mesma razón antes comentada, polo que os maiores valores corresponden á publicidade (14 199,4 euros), o produto gráfico (13 300 euros) e a arquitectura (8189 euros). En canto aos maiores beneficios en cada unha das rexións obxecto de análise, serían 858 214,3 euros das empresas de deseño e 16 471,4 euros das de publicidade en Galicia, e 27 356,3 euros de produto gráfico ou 10 431,6 euros de publicidade en Portugal. Referente ás perdas, -493 168,7 euros de audiovisual e -375 291,9 euros de radio son as maiores contías en Galicia (ambas a consecuencia das empresas da CRTVG) e -9914,8 euros de TIC relacionadas coas ICC e -6084,7 euros de fotografía en Portugal.

**Gráfico 272. Comparación do resultado medio por empresa segundo a actividade das ICC da eurorrexión. 2009**



**Gráfico 273. Comparación do resultado medio por traballador segundo a actividade das ICC da eurorrexión. 2009**



**O resultado medio por traballador na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal foi en 2009 de 351 euros** (-1547,8 euros en Galicia e 2364,9 en Portugal). Os sectores con capacidade para xerar maiores beneficios por traballador son deseño, con 18 482 euros (polo efecto dos datos atípicos deste sector en Galicia), e, en menor medida, arquitectura (3208) e publicidade (2324). Pola contra, as maiores perdas corresponden ás actividades de audiovisual (-24 726), radio (-12 279) e bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (-7359), todas elas influenciadas polo carácter de servizos públicos na mostra coa que se traballa. No lado galego os maiores valores para os beneficios son atribuíbles a artes escénicas (2921,6), publicidade (2406) e arquitectura (2175,84), ademais de deseño (92 069), e as perdas máis avultadas corresponden a audiovisual (-38 608,3), radio (-24 744,5) e artes plásticas (-23 250). Na rexión Norte os valores presentan menos desviacións, e no que se refire aos beneficios, as cifras



máis altas de resultado por traballador serían as das categorías de arquitectura (3909,70), produto gráfico (3510,4) e publicidade (2188,4).

En canto á distribución do resultado por círculos de acordo á metodoloxía do estudo, pese a que tanto en número de empresas como en volume de ingresos as industrias culturais representaban o grupo de máis importancia, **no referido aos resultados son as actividades creativas as que achegan os beneficios das ICC na eurorrexión**. Mentres, tanto as industrias culturais como o Core Arts xeran perdas. No caso portugués, as industrias culturais son capaces de xerar resultados positivos xunto coas creativas, pero no galego, polo efecto da TVG, non só son de signo negativo senón que son moito máis cuantiosas que os beneficios das actividades creativas.

A continuación analizaranse as variables relacionadas co emprego das ICC da eurorrexión, que veñen recollidas na táboa que se achega. Nela apréciase como **as industrias culturais e creativas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal manteñen ocupados a 29 000 traballadores en equivalente a tempo completo**, aínda que o número de efectivos mobilizados para o desempeño das tarefas relacionadas con estas ramas de actividade é aínda maior. **Deste volume de emprego, o 43,29 % corresponde á parte galega, e o 56,61 % restante ao Norte portugués**.

Táboa 197. Principais magnitudes relacionadas co emprego nas ICC da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. 2006-2009

	Total de ICC	Galicia	Norte
Emprego total	29.075	12.587	16.488
Variación 2008/2009	-11,13%	2,70%	-25,79%
Variación 2006/2009	24,18%	24,75%	23,58%
Cadro medio	6,23	7,07	5,33

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD e de Informa

Nota: datos de 2009 provisionais ao peche deste informe

As taxas de variación do número de traballadores destas categorías de actividade, considerando só os empregados asalariados e por conta allea (non se dispón de datos do número de autónomos), revelan **un crecemento do emprego do 24,18 % no período 2006-2009, incremento que se ve truncado no último ano en que xa experimenta unha importante caída do -11,13 %**. Estes valores son case parellos entre Galicia e a rexión Norte en canto ao intervalo 2006-2009, pero diverxen de xeito importante no 2008-2009, por ter no lado galego un leve crecemento do 2,7 %, pero experimentar na rexión Norte unha caída do emprego do -25,79 %.

**As variacións do emprego de maior importancia na eurorrexión danse nas categorías de TIC relacionadas coas ICC (81,55 %), música (59,53 %), artes plásticas (54,14 %) e artes escénicas (53,77 %)**. Convén lembrar como en Galicia os maiores crecementos corresponden a deseño (110,48 %), bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (15,94 %) e artes escénicas (7,85 %), e na rexión Norte a música (146,93 %), TIC relacionadas coas ICC (101,69 %), artes plásticas (75,47 %) e artes escénicas (70,89 %). Se ben tanto no total da eurorrexión como no Norte de Portugal todas as categorías de actividade mostran evolucións positivas, no caso




galego as artes plásticas experimentan unha lixeira diminución do volume de emprego entre 2006 e 2009 do -20 %.

Como xa vén sendo habitual, **é o produto gráfico a categoría con maior peso relativo no colectivo de traballadores das ICC da eurorrexión, co 48,66 %**. A outra metade dos empregados está ocupada en axentes que desenvolven actividade nas ramas de publicidade (10,97 %), audiovisual (10,7 %), arquitectura (9,22 %) e deseño (6,43 %) fundamentalmente.

Cabe destacar algunhas das diferenzas entre Galicia e a rexión Norte, como son o maior peso que na primeira teñen categorías como música (6,35 % fronte a 3,41 %) ou audiovisual (19,99 % contra 3,61 %) ou, no caso contrario, sectores con maior presenza no emprego en Portugal que en Galicia, como poderían ser produto gráfico (53,41 % fronte a 42,45 %) ou deseño (9,76 % contra 2,07 %). O sector do produto gráfico é pois o de maior peso relativo nas dúas rexións, e a publicidade ocupa o segundo posto no Norte e o terceiro en Galicia. Por outra banda, nos dous ámbitos xeográficos analizados as artes plásticas e as actividades relacionadas coas bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio son as que supoñen un menor volume de emprego nas ICC.


Gráfico 274. Participación de cada categoría no total do volume de emprego das ICC para o total da eurorrexión, para Galicia e para o Norte de Portugal. 2009



**C na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ascende no ano 2009 a 6,23 traballadores por empresa, 1,5 empregados menos**

que no caso galego. Este valor alcanza o seu máximo en categorías de actividade como radio (14,3), bibliotecas, arquivos, museos e patrimonio (10,7) ou audiovisual (10,28). Fronte a estas, os cadros medios máis reducidos corresponden ás actividades de artes plásticas (2,96), arquitectura (2,71) e fotografía (2,81). En Galicia os cadros medios máis altos atópanse nas categorías de radio (22,75), audiovisual (13,6), TIC relacionadas coas ICC (10,93) e produto gráfico (10,64). No Norte son as categorías de bibliotecas, museos, arquivos e patrimonio (22), produto gráfico (7,59) e música (7,22) as de contías máis elevadas.

Gráfico 275. Comparación dos cadros medios das empresas da eurorrexión que operan nas ICC. 2009



A importancia que os distintos círculos teñen no volume total de emprego reflicte un **importante peso dos traballadores das industrias culturais no total das ICC da eurorrexión, co 68,77 %**, para un 24,88 % das actividades creativas e un 6,35 % das Core Arts. No caso galego as industrias culturais teñen un peso maior (75,67 %) a costa das actividades creativas (19,61 %) e das Core Arts (4,71 %). En Portugal son tamén as industrias creativas as de maior peso relativo, aínda que só supoñen un 63,51 %, cun 28,9 % en actividades creativas e 7,59 % en Core Arts.

Gráfico 276. Distribución dos pesos relativos de cada círculo das ICC no emprego da eurorrexión. 2006-2009






Gráfico 277. Taxas de variación do emprego nas ICC da eurorrexión segundo a actividade principal. 2006-2009



Na seguinte ilustración, onde os eixes representan as taxas de variación da facturación e o tecido de empresas, e o tamaño das esferas o volume de emprego de cada categoría, ponse de manifesto o peso no emprego de sectores como produto gráfico, publicidade, audiovisual e arquitectura, ademais do potencial de crecemento nestes anos das TIC relacionadas coas ICC (sobre todo en termos de empresas) e as artes escénicas (maiormente na facturación) e, en menor medida, a publicidade.

Gráfico 278. Variación da facturación e do número de empresas no período 2006-2009 e volume de emprego no ano 2009 por sector de actividade na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal



No extremo contrario estarían a fotografía e a radio, con variacións inferiores á media nos dous sectores. En calquera caso, e como xa se comentou, en termos de eurorrexión non hai categoría ningunha con taxas de variación do número de empresas de carácter negativo, e só descende o volume de facturación en radio, fotografía, arquitectura, artes plásticas e audiovisual.

Táboa 198. Principais magnitudes dos distintos sectores das industrias culturais e creativas na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. 2009

	Arquitectura	Artes escénicas	Artes plásticas	Audiovisual	Bibl., museos, arquiv. e patrimonio	Deseño	Fotografía	Música	Produto gráfico	Publicidade	Radio	TIC	Total de ICC
Número de empresas	1130	285	46	556	45	461	707	488	2.233	1.183	77	199	7.410
% empresa/total ICC	15,25%	3,85%	0,62%	7,50%	0,61%	6,22%	9,54%	6,59%	30,13%	15,96%	1,04%	2,69%	100,00%
Variación 2008/2009	3,07%	6,45%	0,00%	3,25%	1,75%	0,94%	1,33%	3,65%	1,52%	2,92%	2,73%	6,68%	2,53%
Variación 2006/2009	34,66%	40,28%	38,44%	26,73%	20,23%	13,07%	25,60%	26,09%	16,92%	33,37%	21,04%	60,16%	26,43%
Empresas con datos	981	175	43	429	40	434	336	300	1.979	779	67	155	5.718
Ano de constitución	2002	2002	2002	1999	2000	1997	2000	2001	1996	2002	1994	2004	1999
Capital social en 2009	77.798	27.619	85.422	402.697	451.006	54.664	23.304	36.226	79.069	45.159	230.375	80.642	90.018
Rendib. media en 2009	-8,06%	1,22%	-0,20%	-20,39%	-20,27%	-0,95%	-11,12%	-7,86%	-5,98%	-3,83%	1,03%	-10,01%	-7,15%
Facturación	141.727.640	30.170.970	6.272.331	208.538.647	45.356.986	152.677.957	33.703.218	130.033.331	1.211.214.332	292.856.818	23.613.003	47.765.886	2.323.931.118
% fact./total ICC	6,10%	1,30%	0,27%	8,97%	1,95%	6,57%	1,45%	5,60%	52,12%	12,60%	1,02%	2,06%	100,00%
Variación 2008/2009	-8,71%	3,70%	-7,85%	-5,83%	18,49%	46,16%	-6,40%	1,55%	-4,39%	-7,51%	-2,56%	8,98%	-1,50%
Variación 2006/2009	14,18%	60,21%	42,41%	-4,66%	58,21%	49,93%	-27,60%	37,62%	7,41%	13,91%	-31,88%	73,74%	13,80%
Fact. por empregado	67.387	58.987	59.311	70.040	193.454	86.217	53.324	113.249	85.771	99.405	43.240	55.153	80.901
Fact. por empresa	153.937	186.251	159.760	547.546	1.327.826	392.176	130.378	468.638	694.095	467.830	552.027	368.183	447.957
Resultado	7.369.655	361.898	-187.344	-96.330.329	-1.385.496	25.832.858	-1.854.268	1.533.552	27.132.601	7.317.025	-8.827.329	-606.099	-39.643.276
Variación 2008/2009	-61,15%	14,30%			-43,80%		-106,94%	-29,61%		-25,81%	28,64%	-137,03%	38,04%
Variación 2006/2009	-44,13%	167,52%	47,65%	-33,08%		2397,43%	-42,15%	-63,76%		-27,26%	-62,48%		149,50%
Result. por empregado	3.208	1.743	-5.864	-24.726	-7.359	18.482	-2.729	1.077	1.820	2.324	-12.279	-790	351
Result. por empresa	8.189	6.615	-10.874	-320.146	-60.515	168.258	-8.185	6.336	13.300	14.199	-191.636	-1.712	-8.612
Volume de emprego	2.175	609	105	3.111	289	1.870	842	1.362	14.149	3.189	514	860	29.075
% emp./total ICC	7,48%	2,09%	0,36%	10,70%	0,99%	6,43%	2,90%	4,68%	48,66%	10,97%	1,77%	2,96%	100,00%
Variación 2008/2009	1,36%	7,81%	3,97%	5,91%	15,05%	-187,17%	-0,40%	0,48%	-0,81%	-3,62%	0,75%	10,21%	-11,13%
Variación 2006/2009	39,57%	53,77%	54,14%	14,01%	33,07%	40,69%	12,66%	59,53%	8,77%	12,33%	2,63%	81,55%	24,18%
Cadro medio	2,71	3,99	2,95	10,28	10,71	4,96	2,81	5,35	8,81	5,39	14,30	7,84	6,23

Fonte: elaboración propia, a partir da base de datos BvD Sabi e Informa

## 7 PRINCIPAIS REFLEXIÓNS EXTRAÍDAS DO ESTUDO E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

Para rematar, e como colofón deste estudo, apúntanse as principais conclusións extraídas do traballo e propóñense algunhas medidas para incorporar nas políticas relacionadas coas industrias culturais e creativas da eurorrexión.

Algunhas destas conclusións sobre as industrias culturais e creativas na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal serían:

- Ao longo do presente documento descríbese un sector dinámico, con capacidade para xerar emprego aínda en contextos de crise, cunha grande atomización e con empresas de referencia a nivel internacional.
- No proceso de transformación que o modelo produtivo de Galicia precisa, a innovación desempeña un importante papel, pero non debe ser menos relevante o da creatividade.
- Perfílanse as ICC como arrastre doutros sectores do tecido empresarial da eurorrexión, nomeadamente no campo das tecnoloxías da información e das comunicacións, e da innovación.
- Por iso, as industrias culturais e creativas desempeñan un importante papel como impulsoras de cambio tecnolóxico e adaptación á globalización da economía en xeral.
- Na maior parte das ramas incluídas nas categorías estudadas neste traballo, o desenvolvemento da actividade non depende de ningún recurso limitado, senón que está fortemente ligado ao capital intelectual e á creatividade.
- As industrias culturais e creativas son un dos sectores con máis potencial de creación de emprego, pero as demandas de persoal van estar ligadas a novas competencias profesionais e novos perfís ocupacionais.
- Estase a asistir a un proceso de mercantilización da actividade dos axentes das ICC, fundamentalmente na parte galega, de xeito que se está a transformar progresivamente o tecido asociativo en sociedades mercantís.
- Trátase dun sector bastante equilibrado a nivel de eurorrexión, aínda que se observan importantes diferenzas no peso a cada lado do Miño nalgunhas das categorías de actividade.
- En definitiva, as industrias culturais e creativas supoñen unha oportunidade na creación de emprego, no incremento da actividade económica e no fortalecemento da competitividade empresarial da eurorrexión.

A partir da situación esbozada nos datos analizados ao longo deste documento, cómpre sinalar algunhas propostas de actuación susceptibles de ser levadas a cabo polos distintos axentes rexionais ou mesmo pola AECT da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

### Propostas a nivel xeral para Galicia:

